Os traballos e os días do Profesor Pensado Tomé. *In Memoriam*

Xosé Luís Axeitos
I.E.S. Rafael Dieste

"...antes de volver á eternidade non quero deixar de lembrarvos que as miñas virtudes fundamentais –agora poido decilo– foron: espírito de traballo e modestia. Imitádeme, non me celebredes. Porque nese voso mundo, que hai tempo tamén foi meu, sempre gustou máis a festa que o traballo".

Estas palabras que o profesor Pensado atribúe a Sarmiento nunha apócrifa autobiografía do monxe bieito ben poderían ser o testamento común destes dous homes singulares.

Nós, respectuosos coa vontade do profesor Pensado, tantas veces expresada, de manifestarse somente a través do seu propio traballo, limitarémonos a comentar brevemente a súa obra, conscientes de que a vida dos homes é coma as chimeneas: canto peor é o combustible, máis fume. D. Xosé Luís Pensado, chama sen fume, pasou silenciosamente alumeando os séculos escuros.

En primeiro lugar, notamos que a obra no seu conxunto constitúe un sólido corpus concebido con rigor académico e científico. Non se escapan destas coordenadas nin sequera os dous libros que recollen as súas colaboracións xornalísticas –*El Gallego, Galicia y los Gallegos a través de los Tiempos* (1985) e *Galicia en su Lengua y sus Gentes* (1991)– en que se conxugan harmoniosamente erudición e curiosidade.

Na bibliografía do profesor Pensado hai un fío conductor inequívoco: Galicia, a súa lingua e as súas xentes. Se Galicia é a súa preocupación, o Padre Sarmiento é a súa referencia.

Nunca deixou de ser o monxe bieito unha referencia cultural para este país, pero sempre estivo afastado, en segundo plano, arredado pola mitoloxía. Os nosos sarmentistas históricos, empezando por Murguía e rematando en Filgueira

Valverde, non souberon romper con dedicación e traballo as barreiras do mito. A obra de Fr. Martín Sarmiento publicada por Pensado achéganos non somente ao traballo rigoroso do monxe senón que nos fai coñecer a orixe do espírito reivindicativo do noso provincialismo decimonónico.

O currículo de Pensado, cualitativamente copioso, aparenta ser minguado en premios e honras. Pero coidamos, con sobrados argumentos, que o seu traballo recibiu unha altísima consideración cando o gran monumento da lexicografía hispánica, o *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico* do profesor Corominas, lle reserva un posto de honra e lle dá tratamento canónico.

Sen pretendelo, Pensado e Sarmiento pasean polo mundo da filoloxía románica coma os auténticos pais do idioma galego. Afortunadamente seguen sen recibir honras públicas nin mediáticas. Pura chama sen fume.

A *Revista Galega de Filoloxía* da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña quere honrar a memoria do profesor Pensado, membro do seu Comité Científico, recollendo os seus máis preciados méritos: a súa bibliografía completa. Agradecemos a dona Enriqueta Ruiz, viúva de Pensado, que nos facilitase as referencias bibliográficas que figuran a continuación e que foran elaboradas, poucos días antes do seu falecemento, polo propio profesor Pensado.

Curriculum vitae de J. L. Pensado Tomé

Nacemento

6 de marzo de 1924 en Negreira (A Coruña).

Estudios

Bacharelato no Instituto de Ensino Medio de Santiago.

Estudios Universitarios: Comúns na Facultade de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela; especialidade de Filoloxía Románica na Universidade de Madrid (1943-1948).

Licenciado en Filoloxía Románica con Sobresaliente e Premio Extraordinario na Universidade de Madrid (2-VII-1948).

Doutor en Filoloxía Románica con Sobresaliente e Premio Extraordinario na Universidade de Madrid (15-I-1954).

Actividade profesional

Profesor Axudante de clases prácticas de Crítica Literaria. Facultade de Filosofía e Letras, Universidade de Madrid, 1948-1949.

Profesor Adxunto Interino de Lingüística Románica e Filoloxía Galaico-Portuguesa. Universidade de Madrid, 1949-1950.

Profesor Adxunto por Oposición de Lingüística Románica e Filoloxía Galaico-Portuguesa. Universidade de Madrid, 1951-1957.

Catedrático de Filoloxía Románica e Filoloxía Galaico-Portuguesa. Universidade de Oviedo, 1957-1962.

Visiting Professor. The University of Texas (Austin), 1962-1963.

Catedrático de Filoloxía Románica e Filoloxía Galaico-Portuguesa. Universidade de Salamanca, 1963-1965

Visiting Professor en The University of Wisconsin (Madison) 1965-1966.

Catedrático de Filoloxía Románica e Filoloxía Galaico-Portuguesa. Universidade de Salamanca,1966-....

Honras

Director do Departamento de Filoloxía Románica ata a súa xubilación.

Membro Correspondente da Real Academia Galega. 29-XI-1967.

Membro Correspondente da Real Academia Española. 17-III-1972.

Membre du Comité de Patronage des *Cahiers de Linguistique Hispanique Mediévale* de Paris. 20-XII-1979.

Membro do Instituto 'Padre Sarmiento' de Estudios Gallegos. 18-XII-1979.

Membro da Comisión de Lingüística e Toponimia da Xunta de Galicia.

Presidente da Sección de Lingua e Literatura do Instituto 'Padre Sarmiento' de Estudios Gallegos. 28-X-1980 a 2-XI-1983.

Membro de Honra da Academia de la Llingua Asturiana. 22-I-1982.

Premio "Fernández Latorre". 24-VII-1984

Académico de Honra da Real Academia Galega. 10-IV-1987.

Pedrón de Honra de 1989.

Publicacións

1958

Miragres de Santiago [edición e estudio crítico por J.L. Pensado], *Revista de Filología Española*. Anexo LXVIII, CSIC, Madrid [CLX + 362 pp.].

"Un Vocabulario Gallego del Siglo XIX", en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Galaxia. Vigo, pp. 275-286.

"Lo Savi o Libre de Seneca", *Archivum,* VIII, Oviedo, pp. 215-322.

"Temas de España en la Literatura Medieval Francesa", *Archivum*, VIII, Oviedo, pp. 127-172.

1960

Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas, Universidad de Oviedo, Cuadernos de la Cátedra Feijóo nº 8, 1960 [137 pp.].

"Estudios de Lexicografía Asturiana I", *Archivum*, X, Oviedo, pp. 53-120.

"Los 'Signa Iudicii' en Berceo", *Archivum*, , Oviedo, pp. 229-270.

"Abrocage. Fintera, Yerra", *Vox Romanica*, XVII, Bern, pp. 366-378.

1961

"Un germanismo olvidado: gallego 'escá', medida para granos", en *Homenaje a Dámaso Alonso*, II, Madrid, Gredos, pp. 577-589.

"Aspectos lingüísticos de la Compostela Medieval", *Vox Romanica*, XI, Bern, pp. 319-340.

"Una Calle Ovetense, 'La Broteria'", *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, 43, Oviedo, pp. 337-344.

1962

"Estudios de lexicografía Asturiana (IIª serie)", *Archivum,* XI, Oviedo, pp. 16-64.

Fragmento de un 'Livro de Tristán' galaico-portugués [Edición e estudio por J.L. Pensado]. Santiago de Compostela, CSIC. Cuadernos de Estudios Gallegos, Anejo XIV [87 pp.].

"Notas Lexicográficas a la *Colección Diplomática de San Salvador de Oña*", *Vox Romanica*, XX, Bern, pp. 307-326.

"Algunas Observaciones Lingüísticas sobre el doctor Jerónimo Sariano", *Archivo de Filología Aragonesa*, XII-XIII, Zaragoza, pp. 265-269

1963

"Notas Lingüísticas a las Ordenanzas de Bello", *Archivum*, XII, Oviedo, pp. 342-376.

"Anotaciones al Léxico Asturiano", *Archivum*, XIII, Oviedo, pp. 67-68.

1964

"Ordinales desconocidos del Galaico-portugués", *Zeitschrift für romanische Philologie*, Band 80, Tübingen, pp. 351-355.

"Huellas de 'Nemus' en el Asturiano", *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, 51, Oviedo, pp. 3-10.

1965

"Leyendas Piadosas del Medievo Bracarense en Santiago de Compostela", en *Actas del Congreso Histórico de Portugal Medievo*, Tomo III (*Bracara Augusta*, XVIII-XIX), Braga, pp. 326-327.

Estudios Etimológicos Galaico-Portugueses, Salamanca, Acta Salmanticensia, Filosofía y Letras 51 [94 pp.].

"Hidrotopónimo de Origen Lustral: 'Lavacolla'", *Archiv für das Studium der neueren Sprachen und Literaturen*, Band 202, Braunschweig, pp. 182-186.

1966

"Los 'alqueidons' de Fray Martín Sarmiento", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXI, Madrid, pp. 249-252.

"¿Paralelo hispánico del italiano 'Vieto'?", en *Studi in Onore di Italo Siciliano*, II, Firenze, L. S. Olschki, pp. 975-983.

1967

"El Elemento Galaico en la Lengua Medieval Asturiana", en *Symposium sobre Cultura Asturiana de la Alta Edad Media*, Oviedo, pp. 355-364.

"Anotaciones románicas a un pasaje del doctor Lobera de Ávila", en *Homenaje al Profesor Emilio Alarcos García*, II, Valladolid, pp. 73-79.

1968

"Niso y Nisal", *Revista del Instituto 'José Cornide' de Estudios Coruñeses*, 4, A Coruña, pp. 155-165.

1969

"Noticias de Sarmiento sobre una Jácara de Quevedo", *Cuadernos de Estudios Gallegos,* XXIV, Madrid, pp. 259-274.

1970

Fr. Martín Sarmiento, *Colección de Voces y Frases Gallegas* [Edición e estudio de J.L. Pensado], Universidad de Salamanca, Acta Salmanticensia 61 [575 pp.].

"Comentario Lingüístico a algunos documentos del Monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives", *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXX, A Coruña, pp. 163-177.

1972

"Interferencias Estructurales Castellano-Gallegas: el problema de la Geada y sus Causas", *Revista de Filología Española*, LIII, CSIC, Madrid, pp. 27-44.

Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo [Discurso de apertura do Curso Académico 1972-1973], Universidade de Salamanca [84 pp.] [2ª edición, Xunta de Galicia, 1996].

Fr. Martín Sarmiento, *Discurso Apologético por el Arte de Rastrear las más Oportunas Etimologías de las Voces Vulgares* [Edición e estudio crítico por J.L. Pensado], A Coruña [95 pp.].

"Los Estudios Gallegos de Sarmiento: su Estructura", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVII, Madrid, pp. 149-162.

1973

Fr. Martín Sarmiento, *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega* [Edición e estudio crítico por J.L. Pensado], Universidad de Salamanca, Acta Salmanticensia 72 [620 pp.].

"Emigración e Promoción Económica de Galicia no Século XVIII", *Grial*, 42, Vigo, pp. 417-429.

"Un Villancico Gallego Inédito", *Grial*, 42, Vigo, pp. 485-487.

1974

"Sobre la Vida de San Ildefonso y otras Noticias Literarias Dieciochescas", en *Studia Hispanica in Honorem R. Lapesa*, II, Madrid, Gredos, pp. 445-467.

"En torno a una Cantiga de Escarnio del Rey Sabio", *Verba. Anuario Gallego de Filología,* 1, Santiago de Compostela, pp. 41-45.

Opúsculos Lingüísticos Gallegos del Siglo XVIII [Fr. M. Sarmiento, *Sobre el Origen de la Lengua Gallega*. Fr. J. Sobreira, *Idea de un Diccionario de la Lengua Gallega; Ensayo para la Historia General Botánica de Galicia*] [Edición e estudio de J.L. Pensado], Vigo, Fundación Penzol / Galaxia [267 pp.].

"Sobre el Monasterio de San Pedro de Rocas y su Colección Diplomática de E. Duro Peña", *Grial*, 43, Vigo, pp. 106-108.

"Sobre el Catálogo de Documentos Privados en Pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888-1554) de E. Duro Peña", *Grial*, 43, Vigo, pp. 113-114.

1975

Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia* [Edición e estudio por J. L. Pensado], Universidade de Salamanca [220 pp.].

"Lexicografía Dieciochesca Española: Las Encuestas Lingüísticas de Fr. Martín Sarmiento", en *Actes du XIII*ème *Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, I, Les Presses de l'Université Laval, Québec, pp. 717-734.

"Papeletas de Nombres de Peces del P. Fr. J. Sobreira", *Verba. Anuario Gallego de Filología*, 2, Universidad de Santiago de Compostela, pp. 157-180.

"Tres Fragmentos Jurídicos Galaico- Portugueses", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XIX, Madrid, pp. 102-129.

1976

Contribución a la Crítica de la Lexicografía Gallega. I. *El Diccionario Gallego Castellano de F. J. Rodríguez y su Repercusión en la Lexicografía Gallega*, Salamanca, Acta Salmanticencia 98, Salamanca [411 pp.].

"Notas Etimológicas Galaico-portuguesas", *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, XXXII (*Homenaje a D. Vicente García de Diego*), Madrid, pp. 425-440.

1977

"Sobre el Origen y Vicisitudes de la 'Ceiba' 'alga'", *Verba. Anuario Gallego de Filología*, 4, Universidad de Santiago de Compostela, pp. 45-52.

1978

"Feijoo e Sarmiento: Dúas Vidas sin Paralelo", *Grial*, 60, Vigo, pp. 129-154.

"Contribución al Estudio del Léxico Asturiano Dieciochesco", en *Estudios Ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach*, II, Universidad de Oviedo, pp. 167-194.

"Perfiles Románicos del Léxico Gallego", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 5, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 63-91.

1979

Fr. Juan Sobreira, *Papeletas de un Diccionario Gallego* [Edición e estudio crítico por J.L. Pensado], Ourense, Instituto de Estudios Orensanos 'Padre Feijoo' [517 pp.].

"Sobre Tres Pasajes Extraños de las Cantigas de Santa María", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 6, Universidade de Santiago de Compostela 1979. pp. 35-41.

"A Lingua Galega ó Castelán no seu Cumpreanos" [en nome da Real Academia Galega. Castilla], en Pérez Burgos, F. (ed.): *Libro del Milenario de la Lengua*, Burgos, pp. 122-126.

1980

"Sobre el 'Lexicon Etimologicum'. Suplemento ai Dizionari Etimologici Romanzi di G. Alessio", *Cultura neolatina*, XXXVII, Roma, pp. 269-277.

"Aportaciones a la Historia de 'Ceibar' y 'Ceibe' en Gallego y Portugués", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 7, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 41-49.

"Sobre el 'Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico' por J. Corominas con la colaboración de J. A. Pascual", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 7, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 301-342.

"Sobre el 'Lexicon Etymologicum' de G. Alessio. Nueva Edición, purgada de las erratas de la precedente italiana", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 7, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 343-353.

1981

"Notas Filológicas gallegas: I. Sobre la Glosa "Entenna 'insecta'". II. Historia del Gallego "Semida 'abedul'" III. Rojas Villandrando un mal Plagiario en 'El Buen Repúblico', *Cuadernos de Estudios Gallegos,* XXXI (*Homenaje a Ramón Otero Pedrayo*), Santiago de Compostela, pp. 329-344.

"O 'Rey Charlo' de Vilanova de Lourenzá", *Grial*, 74, Vigo, pp. 405-411.

"Aportaciones a la Historia de 'Charro'", *Boletín de la Real Academia Española,* LXI, Madrid, pp. 283-295.

"Dos notas Lexicográficas Zamoranas", *Studia Zamorensia*, II, Salamanca, pp. 9-16.

"Gallego 'Manichalda' y Portugués 'Nemichalda'", *Revista Lusitana*. Nova Série, Instituto Nacional de Investigação Científica, Lisboa, pp. 109-113.

1982

"Evaluación del Asturiano entre las Lenguas Hispánicas", *Lletres Asturianes*, I, Academia de la Llingua Asturiana, Oviedo, pp. 28-40.

"Sobre una versión de las 'Vaccinia nigra' virgilianas", *Helmantica. Revista de Filología Clásica y Hebrea*, XXXIII, Universidad Pontificia de Salamanca, pp. 531-537.

"Lista de Nombres de 'Pescados del Océano desde Gibraltar hasta Ayamonte' incluida entre las obras de Fr. M. Sarmiento", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares,* XXXVII, Madrid, pp. 199-212.

Una Crisis en la Lengua del Imperio, Universidad de Salamanca, Serie Nueva (Cursos Internacionales) 11 [95 pp.].

"La Lexicografía Gallega en el Siglo XVIII", en *Tradición, Actualidade e Futuro do Galego. Actas do Coloquio de Tréveris,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia / Consellería de Cultura, pp. 85-98.

1983

Cartas del Padre Sobreira a Gómez de Ortega y Cornide [en colaboración con X.L. Axeitos], A Coruña, Ediciós do Castro [161 pp.].

"Gueada" y "Geada" Gallegas [en colaboración con C. Pensado Ruiz], *Verba.* Anexo 21, Universidade de Santiago, 1983 [130 pp.].

"La Caza del 'Rey Charlo' en Villanueva de Lorenzana", en *Literatura y Folklore. Problemas de Intertextualidad. II Symposio Internacional del Departamento de Español de la Universidad de Groningen*, Universidad de Salamanca, pp. 75-82.

"Escritos Menores de Fray Martín Sarmiento: I. 'Mostajo' en Castilla; en León, Asturias y Bierzo 'Mostayo'; en Liébana 'Mostazo'", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII, Santiago de Compostela, pp. 449-478.

"Sobre el 'Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico' por J. Corominas con la colaboración de J. A. Pascual. Tomo I (continuación)", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 9, Santiago de Compostela, pp. 291-318

"El Léxico Hispánico Occidental en el 'Tumbo Viejo' de San Pedro de Montes", *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 10, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 43-77.

"Para la Historia del Posesivo Gallego y Portugués. Formas extravagantes", *Revista de Filología Románica*, 1, Universidad Complutense, Madrid, pp. 185-189.

"Contribución al estudio del Léxico Leonés", en *Philologica Hspaniensia in Honorem Manuel Alvar*, I (*Dialectología*), Madrid, Gredos, pp. 523-529.

"Datos para la Historia de 'Espanhol' en Portugués", *Boletim de Filologia*, XXVIII (*Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*), Lisboa, pp. 195-206.

1984

Fr. Martín Sarmiento, *La Educación de la Juventud* [Edición e estudio crítico], Xunta de Galicia, Textos Autógrafos de Fr. Martín Sarmiento I [171 pp.].

"Sobre la 'Cabaza' 'gabán' de Hernán Núñez" en *Miscel.lània Sanchis Guarner*, II, Universitat de València, *Quaderns de Filologia*, pp. 229-231.

"Forma desconocida galaico-leonesa del posesivo femenino", *Zeitschrift für romanische Philologie*, Band 100, Tübingen, pp. 384-386.

1985

El Gallego. Galicia y los Gallegos a través de los Tiempos (Ensayos), A Coruña Biblioteca Gallega, 1985 [370 pp.].

"Notas Marginales a una Cantiga de García Esgaravunha", en *Estudios Románicos dedicados al Prof. Andrés Soria Ortega,* I, Granada, pp. 478-494.

"El 'Tratado de Comfisom'. Notas Lexicográficas", *Caminiana, Revista de Cultura Histórica, Literária...,*VII, nº 11, Caminha, pp. 11-18.

"De la 'Gangorra' a la 'Gorra'", *Revista Lusitana* (Nova Série), 5, Lisboa, pp. 135-156.

"Aportaciones al Diccionario Etimológico Gallego y Portugués", en *Symbolae Ludovico Mitxelena Septuagenario Oblatae*, I, Victoriaco Vasconum, pp. 701-707.

"Una Nota para la Historia de las "Burgas", *El Museo de Pontevedra*, XXXVII (*In Memoriam de Alfredo García Alén*), Pontevedra, pp. 401-404.

1986

Fr. Martín Sarmiento, *Catálogo de Voces Vulgares y en Especial de Voces Gallegas de Diferentes Vegetables* [Edición e estudio de J.L. Pensado], Universidad de Salamanca, Acta Salmanticensia, Obras Lingüísticas del P. Sarmiento III [588 pp.].

"'Escolares' y 'Seculares' Salmantinos en Baçal", *Brigantia, Revista de Cultura*, V, nº 2-4, Bragança, pp. 569-577.

"Una Versión Manuscrita del 'Monólogo de Segismundo' con otras Noticias y Textos de la 'Cytara de Minerva' del P. Azagra", en *Homenaje a Pedro Sainz Rodríguez*, II (*Estudios de Lengua y Literatura*), Madrid, Fundación Universitaria Española, pp. 491-506.

"El Gallego a la Luz de la Norma Portuguesa Dieciochesca", en *Actas del II Colóquio Galaico-Minhoto*, II, Santiago de Compostela, pp. 83-107.

"Textos Asturianos Dieciochescos I", *Lletres Asturianes*, 21, Uvieu, pp. 83-107.

"Rosalía e a Lingua Galega do seu Entorno", en *Actas do Congreso Internacional de Estudios Sobre Rosalía de Castro e o seu Tempo*, III, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 43-50.

1987

"Textos Asturianos Dieciochescos II", *Lletres Asturianes*, 22, Uvieu, pp. 83-88.

Fr. Martín Sarmiento, *Noticia de la Verdadera Patria (Alcalá) de el Miguel de Cervantes* [Edición e estudio crítico], Xunta de Galicia, Textos Autógrafos de Fr. Martín Sarmiento II [208 pp.].

"Portugués y Gallego en los Villancicos de Juan Bautista Comes", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXX, 100, 1984-1985, Santiago de Compostela, pp. 659-675.

"El 'Foucelegón' de Martin Soarez", *Revista da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Série 2, I, 1, Lisboa, pp. 23-29.

"Fragmento de un 'Gozo' Medieval", en *Homenaje a Alvaro Galmés de Fuentes*, III, Oviedo, pp. 525-534.

"Riqueza Lingüística del 'Theatro Universal de Proverbios' de Sebastián de Horozco", *Ínsula*, 488-489, p. 6.

"Los Villancicos Gallegos de la Catedral de Segorbe", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXVII, Santiago de Compostela, pp. 281-307.

1988

"La Lexicografía Gallega Decimonónica", en *Coloquio de Lexicografía, Verba.* Anexo 29, Universidade de Santiago, pp. 49-56.

"El Asturiano en el Siglo XVIII: los Villancicos", *Lletres Asturianes*, 30, Uvieu, pp. 173-190.

"Contribuciones al Diccionario Etimológico Hispánico" en *Homenagem a Joseph M. Piel, por ocasião do seu 85º aniversário*, Tübingen, Max Niemayer Verlag, pp. 399-414.

"El 'Sansón' ovetense y el 'Sansão' de Coimbra", *Revista Lusitana.* Nova Série, Instituto Nacional de Investigação Científica, Lisboa, pp. 161-164.

"La 'Falacha' de Entre Douro e Minho, datos para su Historia", *Brigantia. Revista de Cultura*,VIII, Bragança, pp. 47-52.

"El Castellano de la 'Fastigimia'", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares,* XLIII, CSIC, Madrid, pp. 457-465.

1989

"Vista Tarsica e benigna", en *España, Teatro y Mujeres. Estudios dedicados a Henk Oostendorp*, Amsterdam, pp. 203-206.

"Portugués y castellano en la 'Puerta de las Lenguas Abierta'", en *Philologica I. Homenaje a D. Antonio Llorente*, Salamanca, pp. 307-336.

"O Galego no Século da Ilustración", *Grial*, 102, Vigo, pp. 183-198.

"Anotaciones Críticas al Léxico del *Cancioneiro Geral*", en *Congreso Internacional "Bartolomeu Dias e a sua Epoca". Actas*, IV, Universidade do Porto, pp. 451-460.

1990

"Un Olvido Injusto: La Obra Portuguesa en la Lexicografía Española", *Voces*, 1, Université de Caen / Universidad de Salamanca, pp. 89-97.

"Galician Lexicography", en *Ein Internationales Nandbuch zur Lexicographie.* Zweiter Teilband, Berlin, Walter de Gruyter, pp. 1.736-1.738.

"Peregrinos y Marginados en el Camino de Santiago", *Voz y Letra. Revista de Filología,* I, 1, Madrid, pp. 33-45.

"Concordancias Léxicas entre el Gallego y el Rumano", *Revue Roumaine de Linguistique*, XXXV (*Le Roumain, Idiome roman*), Editura Academiei Romane, Bucuresti, pp. 353-356.

"Peras en Pontevedra", *El Museo de Pontevedra*, XLIV, Pontevedra, pp. 787-796.

1991

Galicia en su Lengua y sus gentes (Ensayos), A Coruña, Biblioteca Gallega. Serie Nova [611 pp. + 32 de índices].

"La 'Fademaja' de Juan Ruiz y otras Voces de la Familia", en *Estudios Humanísticos en Homenaje a Luís Cortés*, Universidad de Salamanca, Acta Salmanticensia 246, pp. 619-626.

"Sobre el Léxico de Camilo" en *Actas de las Jornadas Internacionales sobre Camilo*, Universidad de Salamanca, pp. 141-151.

"A Dios paredes", *Celestinesca*, 15, nº 2, pp. 63-66.

1992

Fr. Martín Sarmiento, *Escritos sobre "El Meco" y la "Cruz de Ferro"* [Edición e estudio crítico por J.L. Pensado], Universidad de Salamanca [130 pp.].

"El Portugués 'balça' y 'abras ese blaço' del Arcipreste de Hita", *Revista Lusitana* (Nova Série), 10 (1989), Lisboa, pp. 19-23.

Fr. Martín Sarmiento, *De los Atunes y de sus Transmigraciones y Sobre el Modo de Aliviar la Miseria de los Pueblos* [Edición e estudio por J.L. Pensado], Universidad de Salamanca, Textos Autógrafos de Fray Martín Sarmiento III [166 pp.].

"Notas Filológicas: I. A Dios Paredes. II. Qutildequé", *Voces*, 3, Université de Caen / Universidad de Salamanca, pp. 149-156.

"Español y Portugués en los 'Discursos Medicinales' de Juan Méndez Nieto", *Brigantia. Revista de Cultura*, XII, Bragança, pp. 21-30.

"Notas Etimológicas. I. Paje y Paja. II. Fistor y Fistol", en *Estudios Filológicos en Homenaje a Eugenio de Bustos Tovar*, Universidad de Salamanca, 1992, pp. 727-732.

"Anotaciones Marginales a 'Salamanca en la Documentación Medieval de la Casa de Alba'", *Studia Historica. Historia Medieval*, Universidad de Salamanca, X (1992), pp. 187-200.

1995

Traducción de Algunas Voces Frases y Locuciones Gallegas, Especialmente de Agricultura al Castellano (1840-1858) [Edición e estudio de X.L. Pensado], *Cadernos de Lingua*. Anexo 2, Real Academia Galega [98 pp.].

1996

Escritos Geográficos de Fray Martín Sarmiento. I. Problema Chorográfico para Describir a Galicia con un nuevo Método. II. Plano para formar una Descripción Geográfica de España [Edición e estudio preliminar por J.L. Pensado], Xunta de Galicia, Santiago [167 pp.].

"Galicismos en Galicia", en *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*, II, Universidade da Coruña, pp. 579-588.

"Las Cortes de León y del Águila y el Búho Gallego", *Brigantia. Revista de Cultura*, XVII Bragança, pp. 41-58.

1997

"O Padre Sarmiento e o Seu Tempo", en *Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Consello da Cultura galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 35-43.

"Lingua e Identidade en Frei Martín Sarmiento", en *As Linguas e as Identidades. Ensaios de Etnografía e de Interpretación Antropolóxica*, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 177-197.

1998

"Notas Etimológicas: I. El origen de las 'Fuentes' de nuestras Mesas. II. En un Periquete. III. Tajamoco", *Boletín de la Real Academia Española*, LXXVIII, Madrid, pp. 121-130.

1999

Fr. Martín Sarmiento, *Elementos Etimológicos según el Método de Euclides* [Edición e estudio por J.L. Pensado], A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza [446 pp.].

Fr. Martín Sarmiento, *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega* [Edición e estudio por J. L. Pensado], I (*Estudio*), II (*Texto)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza [529 pp.] + [343 pp.].

"Anotaciones al Léxico de J. M. Pintos", *Museo de Pontevedra*, LII (*Homenaxe a Xosé Filgueira Valverde*), pp. 299-313.

Estudios Asturianos [Ed. de Susana Villa Basalo], Uvieu. Academia de la Llingua Asturiana, 1999 [415 pp.].

2000

"Las Cortes del León y del Águila y el Búho Gallego" en Rodríguez, José Luís (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, II, pp. 927-948.

No prelo

Tratado de Albeitaría, Santiago de Compostela, Centro 'Ramón Piñeiro' para a Investigación en Humanidades.

Introdución ás Bibliotecas Dixitais

Nieves R. Brisaboa / Carme Fernández Pérez-Sanjulián
brisaboa@udc.es / carme@udc.es
Universidade da Coruña

1. Introdución

Se revisarmos o panorama das tecnoloxías da información e das telecomunicacións durante os últimos anos, resulta evidente que a velocidade do desenvolvemento destas disciplinas ten medrado exponencialmente ao tempo que os prezos do material asociado a tales tecnoloxías (*chips*) se rebaixaban na mesma medida. Este feito, a sorprendente suba de prestacións e calidade ligada ao espectacular descenso de prezos, non ten precedentes na historia tecnolóxica da humanidade e, aínda que para todo o mundo se ten feito evidente a entrada masiva dos computadores na vida ordinaria, probabelmente só os expertos se decatan de até que punto este proceso é abraiante. A modo de exemplo, pódese lembrar que o computador que levou a primeira persoa á lúa tiña 8 kilobytes de memoria (non interesa detérmonos aquí a precisar que ou canto é un kilobyte de memoria, abonda dicir que o computador con que se está a escribir este traballo ten 256.000 kilobytes, 32.000 veces máis), mais, ao mesmo tempo, eses 8 kilobytes tiveron un custo de millóns de dólares, mentres que, hoxe, con 40.000 pesetas, pódense comprar os 256.000 kilobytes deste computador. Se a tecnoloxía do automóbel tivese experimentado esa mesma progresión, agora conduciriamos vehículos capaces de desenvolveren unha velocidade de 1.600.000 Km/hora e o prezo do coche sería inferior ao dun refresco.

Semella pouco ortodoxo comezar un artigo científico cuns exemplos deste tipo, mais é difícil explicar doutro xeito a persoas alleas ao mundo da informática até que punto o desenvolvemento destas tecnoloxías é un feito verdadeiramente sorprendente e inusitado.

O abaratamento dos prezos e o incremento en potencia dos computadores na década dos 80 fixo deles unha ferramenta que, pola súa versatilidade, se converteu en imprescindíbel para todo tipo de empresas e profesionais, mais a aparición e xeneralización da Internet na década dos 90 ofreceu todo un mundo de novas posibilidades ao pór a traballar conxuntamente as tecnoloxías informáticas coas das telecomunicacións. Deste xeito, comezouse a utilizar o termo TIC (Tecnoloxías da

Información e das Comunicacións) para denominar a conxunción destas dúas tecnoloxías.

Internet proporcionou unhas posibilidades de publicación de contidos de todo tipo (desde documentos a música, imaxes ou vídeos) a un público ilimitado por un prezo ridículo. Aínda hoxe as posibilidades da Internet están a ser apenas albiscadas, mais, con certeza, Internet vai producir cambios radicais no noso modo de acceder a todo tipo de informacións e, xa que logo, no xeito de nos relacionar, traballar, estudar, divertir, consumir, etc. A acumulación de tantas mudanzas vaise traducir nunha modificación dos hábitos que rexen tanto a nosa vida como os da sociedade en que vivimos, con influencia só comparábel á que tiveron no seu día a introdución da radio, primeiro, e da televisión, despois, ou a popularización do automóbel.

É esa capacidade que proporciona a Internet de publicar contidos a que abriu a porta ao xurdimento e proliferación das Bibliotecas Dixitais. Mercé á Internet é posíbel que obras valiosas e antigas se fagan accesíbeis para o público en xeral, permitindo dar ao rico patrimonio documental unha difusión até agora impensábel. Do mesmo modo, Internet pode facer posíbel que no último recanto da nosa xeografía, simplemente con ter luz e teléfono, se teña acceso a todos os catálogos bibliográficos do mundo que estean dixitalizados e conectados á Rede e, mesmo, ao contido das obras das Bibliotecas Dixitais. Tamén, grazas á tecnoloxía das Bibliotecas Dixitais, é hoxe posíbel ler a última edición de calquera xornal, de *A Nosa Terra* por exemplo, desde calquera lugar do planeta.

Resulta evidente que a hipótese de publicar obras de literatura, obras científicas, xornais, edicións facsimilares de documentos antigos (fotografados dixitalmente páxina a páxina), etc. abre un mundo de posibilidades para a divulgación de tales documentos e informacións; porén, a pesar dos esforzos que se teñen feito por parte de institucións públicas e privadas, moitas destas accións pasan desapercibidas por non contaren co asesoramento tecnolóxico axeitado. Do mesmo xeito, iniciativas ben fundamentadas tecnoloxicamente tampouco resultan satisfactorias por seren levadas adiante con pouco coñecemento das necesidades, intereses e competencia dos investigadores ou do público a que ían dirixidas. Estamos perante un campo en que cómpre que as equipas de traballo sexan multidisciplinares, contando con especialistas procedentes tanto das áreas tecnolóxicas como das Humanidades.

Con este traballo téntase, de entrada, expor os conceptos chave sobre Bibliotecas Dixitais e, despois, describir algunhas das ferramentas informáticas que subxacen nesta tecnoloxía. Esbózanse, así mesmo, algúns dos retos de investigación en que se están a realizar esforzos.

2. Bibliotecas Dixitais

2.1. Algúns conceptos previos

É importante diferenciar os conceptos de Bibliotecas automatizadas ou informatizadas, Bibliotecas Dixitais e Bibliotecas Virtuais.

O primeiro concepto, o de Bibliotecas automatizadas ou informatizadas, refírese a bibliotecas tradicionais onde as tarefas de catalogación, elaboración de fichas, control de empréstimos etc. se realizan co apoio dun programa informático. Nestes casos a informática é unicamente unha ferramenta que facilita as tarefas habituais do persoal da biblioteca. Alén diso, se existir un catálogo informático, este ha facilitar a procura de obras ou documentos e se, ademais, ese catálogo fose accesíbel vía Internet, unha persoa podería desde a súa casa ver se unha obra en concreto está na biblioteca, se está emprestada ou disponíbel, etc. A Biblioteca da Universidade da Coruña, como a de moitas outras universidades actuais, ten as facilidades antes citadas, mais isto non é suficiente para afirmar que se trata dunha Biblioteca Dixital .

Unha Biblioteca Dixital é aquela en que os seus fondos están dixitalizados (no apartado 4.1.1 aclárase este termo). Os seus fondos están, por tanto, armacenados en soportes informáticos.

Por suposto, é perfectamente posíbel pensar en bibliotecas bimodais, isto é, bibliotecas en que os fondos físicos (en formatos tradicionais: libros, xornais, revistas...) vaian sendo paulatinamente dixitalizados para garantir, dunha banda, un máis doado acceso e, doutra, a súa conservación.

En todo caso, unha Biblioteca Dixital debe ofrecer aos seus usuarios algún meio informático de acceso aos seus fondos, ben sexa para a súa lectura en pantalla ou ben para obter unha copia dos mesmos baixándoos vía Internet. Obsérvese que o concepto de Biblioteca Dixital non implica de ningún modo que o acceso aos seus fondos sexa vía Internet: de feito, é perfectamente pensábel que só se poida acceder aos mesmos desde computadores situados na propia biblioteca e que a base de dados que conteña os fondos dixitalizados non sexa accesíbel desde ningún outro lado. Agora ben, calquera Biblioteca Dixital pode ter unha interface de acceso vía web.

Unha Biblioteca Virtual é aquela Biblioteca Dixital que ofrece, como meio de acceso aos seus fondos dixitais, unha interface de usuario sofisticada que simula unha biblioteca real no seu aspecto e funcionamento. Así, ao acceder a unha Biblioteca Virtual vese representada unha biblioteca cos seus caixóns de arquivo, que se poden abrir para facer procuras, os seus andeis cos libros, que se poden coller, ou taboleiros onde é posíbel ler e escribir anuncios e noticias

(http://rosalia.dc.fi.udc.es/cicyt/). Ademais, tales bibliotecas ofertan servizos que, en xeral, teñen a ver coa explotación do ciberespazo e das posibilidades que fornece Internet (*chats*, *e-mail*, servizos de noticias, etc.).

Actualmente a rede física que soporta a Internet ten moitos tramos que, por estaren soportados no vello cableado da telefonía, non permiten grandes velocidades de transmisión de dados (cando menos, desde os domicilios particulares até o provedor da Internet). Como consecuencia da baixa velocidade da Rede, interfaces tan sofisticadas como as requeridas en contornos de realidade virtual son pouco axeitadas para a Internet debido a que tales interfaces requiren grande cantidade de información gráfica, e mesmo sonora, que tarda en viaxar pola Rede. Polo tanto, á parte do custo de programar as complexas interfaces de realidade virtual necesarias para unha Biblioteca Virtual, as limitacións da Internet desaconsellan tamén ese tipo de interfaces, de aí que a maior parte das bibliotecas accesíbeis vía Internet sexan Bibliotecas Dixitais e non Bibliotecas Virtuais propiamente ditas.

En todo caso, a diferenza entre unha Biblioteca Dixital e unha Biblioteca Virtual radica en que a súa interface de acceso ao público utilice máis ou menos meios propios de realidade virtual (isto é, que tente, en maior ou menor medida, recrear un contorno virtual de biblioteca). Como é evidente que este parámetro é moi subxectivo, na literatura técnica véñense usando con frecuencia os termos de Biblioteca Dixital e Biblioteca Virtual como sinónimos. Con estas definicións a *Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes* (http:// www.cervantesvirtual.com) tería sido, nas súas orixes, máis unha Biblioteca Dixital con acceso vía Internet que unha Biblioteca Virtual; porén, os últimos servizos implementados para usuarios (taboleiros de anuncios, foros de debate, etc), case a aproximarían á definición de Biblioteca Virtual.

Ao longo dese traballo referirémonos ás Bibliotecas Dixitais como termo xenérico, pois o feito de posuíren unha interface de usuario vía web que reconstrúa, con máis ou menos suceso, o aspecto e funcionamento dunha biblioteca real a modo da realidade virtual non cría ningunha diferenza nos aspectos tratados neste traballo. Doutra banda non hai un acordo explícito na literatura técnica sobre as definicións aquí propostas sendo, de feito, moi frecuente que os termos de Biblioteca Dixital e Biblioteca Virtual sexan usados de xeito indistinto.

Entre as Bibliotecas Dixitais operativas entre nós poderíase sinalar a existente no web do Centro Superior Bibliográfico de Galicia (CSBG) que permite consultar e ver en liña tanto a colección de prensa antiga como a cartografía de Galiza (http://biblioteca.cesga.es). No que atinxe á literatura galega ou en galego, cómpre citar os esforzos desenvolvidos, desde o grupo galego.21.org polo Proxecto Tomiño (http://www.galego.21.org/tominho/) que tenta trasladar, de xeito gratuíto, os textos da literatura galega en formato dixital á Rede e tamén os traballos realizados pola Asociación Galega de Traductores desde a súa Biblioteca Virtual (http://www.BiVir.com).

2.2. Consideracións sociolóxicas

As bibliotecas teñen sido tradicionalmente gardadoras, depositarias e conservadoras dos documentos dunha determinada comunidade. No cumprimento desta función, as bibliotecas serviron aos intereses económicos, ideolóxicos e políticos das comunidades en que naceron, que as financiaron e que, por tanto, tamén as controlaron. Só unha visión inxenua do papel das bibliotecas podería situalas fóra das forzas e intereses socio-económicos das sociedades que as promoveron.

No caso de bibliotecas privadas, por exemplo bibliotecas de empresas ou de corporacións, é a política das propias sociedades a que decide que documentos preservar e a quen darlle acceso aos mesmos. No caso de bibliotecas públicas, as políticas de investimentos (que fondos mercar e cantos exemplares de cada obra), de empréstimos (a quen emprestar e por canto tempo), de horarios de apertura, etc. teñen condicionado o impacto dos diferentes documentos gardados nas bibliotecas, mediatizando ou desenvolvendo, segundo o caso, o seu papel como depositarias, promotoras e divulgadoras de cultura. En resumo, tanto as bibliotecas públicas como as nacidas en ámbitos completamente privados e fechados, estiveron sempre suxeitas a intereses, motivacións, crenzas e prexuízos, elementos todos eles que teñen dirixido os seus investimentos e políticas de acceso.

Evidentemente, as Bibliotecas Dixitais están xa e estarán no futuro baixo o dominio das entidades que as promovan, do mesmo xeito que sempre o estiveron as bibliotecas tradicionais. Con todo, nas Bibliotecas Dixitais os mecanismos de control terán de ser outros, ou o que é o mesmo, as Bibliotecas Dixitais abren novos retos e posibilidades de influencia neste marco socio-político que cómpre non esquecer.

En primeiro lugar, serán os poderes públicos, no caso de Bibliotecas Dixitais públicas, os que determinen quen poderá acceder aos fondos, que coleccións se deberán dixitalizar e de onde van saír os recursos que financien tal dixitalización. As decisións sobre que dixitalizar poden ser tan transcendentes para un futuro non moi distante, como o foron no seu momento as opcións tomadas a respecto de que obras mercar e cales non, ou que documentos catalogar e facer accesíbeis ao público e cales abandonar á súa sorte nos armacéns.

Por outro lado, as bibliotecas sempre serviron a un ou máis grupos sociais aglutinados (necesariamente) arredor do emprazamento físico da biblioteca, con referentes culturais e intereses relativamente comúns. A limitación imposta pola distancia xeográfica resulta evidente se observarmos a localización das Bibliotecas Nacionais, sempre situadas na capital ou en lugares hipoteticamente centrais, de cara a favorecer, na teoría, o acceso ás persoas usuarias. Para alén disto, a cantidade e calidade dos fondos dunha biblioteca estaban tamén limitados polo tamaño, importancia, riqueza e intereses da comunidade á cal servían. Estas limitacións vense radicalmente modificadas polas Bibliotecas Dixitais.

As Bibliotecas Dixitais, ao posibilitaren o acceso aos seus fondos vía Internet, poden servir a comunidades moito máis amplas. Ábrese a posibilidade de que comunidades con intereses especiais, mais con membros distantes xeograficamente, poidan ter Bibliotecas Dixitais que sirvan aos seus intereses (por exemplo, unha ampla Biblioteca Dixital de textos lidos para invidentes será factíbel grazas a que todas as persoas cegas da mesma comunidade lingüística poden ser usuarios potenciais desa Biblioteca Dixital e facer, por tanto, economicamente interesante a súa criación). Doutra banda, bibliotecas con fondos xerais para unha ampla comunidade de lectores (pensemos nunha biblioteca pública dunha grande cidade) poden repensar a súa política de investimentos, mercando menos exemplares das obras e utilizando os fondos así resgatados en dixitalización, co fin de serviren a comunidades máis amplas de potenciais usuarios web.

Con todo, os condicionantes sociopolíticos do desenvolvemento das Bibliotecas Dixitais non só se van manifestar nas políticas que implementen as persoas encargadas de tales bibliotecas ou os poderes públicos en xeral, senón que tamén van ser exercidas a través do propio desenvolvemento tecnolóxico. Actualmente están a xurdir diferentes solucións tecnolóxicas para a criación, alimentación, xestión e mantemento de bases de dados documentais e interfaces de acceso ás mesmas. É probábel que, co tempo, certas solucións gañen forza ou mesmo se estandaricen, mentres que outras vaian ficando esquecidas.

De todos xeitos, ao mesmo tempo que existe unha tendencia centrípeta nos procesos de desenvolvemento tecnolóxico de cara a lograr a estandarización, tamén é certo que nestes mesmos procesos se producen tendencias centrífugas que abren portas a variadas solucións e manifestacións adaptadas a diferentes culturas e necesidades. Aínda é demasiado cedo neste campo tecnolóxico para saber se, a longo prazo, as Bibliotecas Dixitais han permitir que diferentes culturas (e entidades) achen solucións adaptadas ás súas propias necesidades ou se, pola contra, estes novos espazos dixitais servirán para promover unha uniformización cultural que utilice como escusa necesidades de estandarización tecnolóxica. Neste sentido, é moi interesante o informe realizado no taller sobre Aspectos Sociais das Bibliotecas Dixitais accesíbel en (http://www.gslis.ucla.edu/DL/).

En calquera caso, é de esperar que as Bibliotecas Dixitais non só vaian estar influenciadas no seu desenvolvemento polos factores socio-políticos e económicos antes citados, senón que tamén cheguen elas propias a determinaren, en certa medida, os devanditos factores, cumprindo un papel de transmisoras de cultura e servindo á difusión dun amplo abano de ideoloxías, opinións, linguas, etc. Dito doutro xeito, é posíbel que as Bibliotecas Dixitais axuden a conformar a sociedade futura e esperemos, ademais, que esa sociedade estea caracterizada por unha maior equidade no acceso ao coñecemento e á información. Tal e como a imprenta fixo no seu día, esta tecnoloxía abre a posibilidade de lograr, cun prezo mínimo, un

nivel de difusión de todo tipo de culturas e informacións (textuais e multimedia) nunca acadado na historia da humanidade.

De calquera maneira, a simple aparición da tecnoloxía dixital para o armacenamento e divulgación de documentos fai xurdir algunhas interesantes cuestións: como van influenciar as Bibliotecas Dixitais a industria da información?, cal vai ser o negocio da prensa ou como vai funcionar o negocio editorial?, que mudanzas se van producir nas políticas de dereitos de autor para permitir a divulgación dixital de textos?...

3. Precedentes de Bibliotecas Dixitais

3.1. Evolución histórica das bibliotecas

A partir do momento en que na historia da Humanidade se desenvolve a escrita e xorden os primeiros documentos, aparece, con eles, o interese por conservalos e, xa que logo, as primeiras grandes bibliotecas.

Sucesivos avances tecnolóxicos foron modificando a forma de producir e editar textos e, así, tal e como se pode apreciar no gráfico, aumentou extraordinariamente o número de documentos disponíbeis ao igual que as técnicas para a súa catalogación e arquivo nas bibliotecas.



Fig. 1: Evolución das Bibliotecas

A aparición da Informática propiciou a utilización de computadores nos procesos de catalogación, consulta, control de empréstimos, fondos, etc. dando lugar ás bibliotecas automatizadas, xa definidas. Posteriormente, e ligado ao rapidísimo proceso de abaratamento dos dispositivos de armacenamento (discos, disquetes, CD-ROM...) que fixo asequíbel a dixitalización dos propios documentos, xorden as Bibliotecas Dixitais, que, coa aparición da Internet, se fixeron accesíbeis a un público máis amplo.

É de esperar que a progresiva mellora da Internet e o incremento do ancho de banda (velocidade da Rede) faga posíbel que as Bibliotecas Dixitais pasen a ser Bibliotecas Virtuais propiamente ditas. Así mesmo, a maior velocidade da Rede tamén fará posíbel a visualización no navegador web (*Netscape* ou *Internet Explorer,* por exemplo) de vídeo ou a audición de son, o que hoxe é tecnoloxicamente factíbel, mais pouco eficiente por mor das limitacións do soporte físico da Rede (escaso ancho de banda) e, tamén, pola reducida velocidade dos *modems* caseiros que, en xeral, non superan os 56.000 *bytes* por segundo.

3.2. Estado actual da tecnoloxía de Bibliotecas dixitais

Desde a xeneralización do uso da Internet fíxose evidente o importante papel que as Bibliotecas Dixitais poderían xogar na difusión de todo tipo de contidos ao facerse posíbel o acceso aos mesmos para a comunidade internacional de usuarios. A partir de entón a investigación para o desenvolvemento de tecnoloxías de soporte das Bibliotecas Dixitais ten crecido de xeito exponencial.

As Bibliotecas Dixitais apresentan problemas non resoltos aínda e que urxe enfrontar de cara a unha plena utilización das posibilidades teóricas das mesmas. Nos últimos tempos, numerosos proxectos de investigación centráronse en diferentes aspectos sen acadaren solucións definitivas. Entre estes aspectos cómpre sinalar: o deseño e desenvolvemento de interfaces de usuario que faciliten ao público a expresión das características dos documentos que están a procurar, o desenvolvemento de técnicas de localización de documentos segundo a súa temática (*Text Retrieval*), a Federación de Bibliotecas Dixitais dispersas xeograficamente baixo unha única interface de usuario nun único enderezo web, técnicas de clasificación e indexación automática, técnicas de procesamento de documentos non textuais (como mapas e contidos multimedia), servizos ao público e un longo etcétera.

A Universidade Urbana-Champaign (Illinois) está a coordenar seis importantes proxectos de Bibliotecas Dixitais (http://dli.grainger.uiuc.edu/national.htm), cada un deles desenvolvido por unha universidade estado-unidense diferente (como se pode ver, das máis prestixiosas a nivel internacional no campo da tecnoloxía). Estes

proxectos, de seu, resultan moi ilustrativos e permiten exemplificar os retos prioritarios na investigación no campo das Bibliotecas Dixitais. A seguir apresentamos unha breve descrición de cada un deles, pois serven perfectamente para expor as liñas de traballo máis urxentes nesta área tecnolóxica :

- Universidade de Berkeley (California): *Sistemas de Planificación Medioambiental e Información xeográfica*. Este proxecto pretende desenvolver servizos de introdución de documentos e dados, indexación automática dos mesmos e recuperación e procura intelixente de documentos segundo a súa temática. Con todo, o interese deste proxecto radica en que considera que a Biblioteca Dixital está formada por un conxunto de bases de dados documentais dispersas xeograficamente (isto é, trátase dunha Biblioteca Dixital Distribuída). http://elib.cs.berkeley.edu

- Universidade de Santa Bárbara (California): *Proxecto Alexandria*. Este proxecto desenvolverá servizos para Bibliotecas Dixitais Distribuídas onde os documentos representan mapas e outros tipos de información xeorreferenciada. http://alexandria.sdc.ucsb.edu

- Universidade Carnegie Mellon: *Biblioteca Dixital de Vídeo e Multimedia*. Este proxecto céntrase no desenvolvemento de tecnoloxía para realizar procuras e recuperacións de informacións non textuais senón multimedia (especificamente vídeos). http://www.informedía.cs.cmu.edu

- Universidade Urbana-Champaign (Illinois): *Federación de Bases de Dados Documentais de Literatura Científica*. O obxectivo deste proxecto é a criación dunha Biblioteca Dixital de inmensas proporcións, capaz de atender a millares de usuarios simultáneos. http://dli.grainger.uiuc.edu/defaut.htm

- Universidade de Michigan: *Axentes Intelixentes para a Procura de Información*. Este proxecto, baseado en tecnoloxía de axentes (pequenos programas autónomos e intelixentes que interactúan entre si), pretende achar solucións aos problemas de realización de procuras de documentos sobre bases de dados documentais distribuídas, ao tempo que se facilita o traballo dos usuarios no que se refire á expresión das súas consultas. http://www.si.umich.edu/UMDL

- Universidade de Stanford: *Mecanismos de Interoperación para Servizos Heteroxéneos*. Este proxecto traballa no tema de Federación de Bibliotecas Dixitais (aspecto este que, pola súa especial relevancia, se desenvolve na última parte deste artigo). http://walrus.stanford.edu/diglib

Unha visión de conxunto interesante sobre este tema é a proporcionada por Lesk (1997), así como os artigos de alta calidade que se poden achar nos libros de actas das Conferencias sobre Bibliotecas Dixitais da ACM. Pódese consultar información *on-line* sobre estes temas en *D-Lib Magazine* (Friedlander 1998) e nas publicacións da *National Science Foundation* (NSF) (http://www.nsf.gov) e da *National Aeronautics and Space Administration* (NASA) (http://technology.nasa.gov). Por outra banda, resulta inescusábel citar o excelente traballo que, ao longo dos últimos anos, vén realizando Edward A. Fox e a súa equipa (Fox 1999).

4. Contidos e Servizos

As Bibliotecas Dixitais son consideradas por moitos a lóxica evolución das bibliotecas tradicionais para se adaptaren á sociedade da información. Desde esta óptica, a peza chave das Bibliotecas Dixitais serían os contidos (textuais e/ou multimedia), xa que estes foron e son o elemento crucial das bibliotecas tradicionais. Esta focaxe esquece que a tecnoloxía dixital ofrece a posiblidade de mudar radicalmente cando, como, para que e quen pode usar as bibliotecas.

Nos primeiros tempos todos os esforzos de criación de Bibliotecas Dixitais estiveron orientados á selección, manexo e explotación de contidos, aínda que, conforme as experiencias de Bibliotecas Dixitais foron madurando, foise concedendo máis e máis atención aos servizos ofertados aos usuarios. Estes servizos están a ser máis demandados que os contidos en si.

Cómpre lembrar que o aspecto máis popular da Internet é a súa capacidade para conectar persoas, ben vía correo electrónico ou ben vía servizos de novas e intercambio de opinións, asíncronos, como os *news*, ou síncronos, como os *chats*. Parece evidente que o suceso da Internet vén da man de que a xente quere comunicarse, colaborar ou intercambiar ideas e opinións sobre temas diversos.

As Bibliotecas Dixitais deben tirar partido das capacidades propias da Internet, así como do xa aprendido a través da observación do comportamento do público na Rede; deben, ademais, ofertar servizos para facilitar a comunicación e o intercambio de opinións entre usuarios no rico contorno, desde o punto de vista informativo, que é unha Biblioteca Dixital. Así, servizos de procura de información para clarexar calquera punto a debate nun *chat*, ou servizos de lectura colaborativa serán máis determinantes do suceso dunha Biblioteca Dixital do que os seus contidos.

Nas próximas seccións detállanse algúns aspectos relevantes sobre os contidos das Bibliotecas Dixitais e posteriormente descríbense os servizos xerais máis salientábeis.

4.1. Contidos

Aínda que o termo Biblioteca Dixital nos leva automaticamente a pensar en texto dixitalizado, e a maior parte das Bibliotecas Dixitais hoxe en día aínda contan cos textos como contidos básicos, é preciso termos en conta que moito do interese das Bibliotecas Dixitais radica na súa capacidade de armacenaren e proporcionaren de xeito directo outro tipo de contidos. Entre eses contidos de natureza non textual están, por suposto, os multimedia (imaxes, audio e vídeo), mais, probabelmente, non van ser estes contidos os máis demandados nos próximos anos. É moi posíbel que os contidos estrela das Bibliotecas Dixitais sexan aqueles que proporcionen interactividade.

As Bibliotecas Dixitais ofrecen un contorno en que obxectos dinámicos e eventos dixitais atopan o seu lugar natural, non parecendo haber límite para os froitos da criatividade humana neste espazo animado de expresión dixital. Así, novos contidos que non serían posíbeis en bibliotecas convencionais comezan a ser producidos masivamente: textos animados, corpus hipertexto e hipermedia, vídeo baixo demanda, simuladores e mundos virtuais máis ou menos sofisticados...

Os contidos multimedia interactivos van cada día máis lonxe, combinando meios diferentes para proporcionaren aos usuarios mecanismos de control e poderen así elixir entre múltiplas opcións, quer dicir, para proporcionar cada vez unha máis variada interactividade.

Outra das fontes de interactividade para un usuario a que recorren as Bibliotecas Dixitais son os demais usuarios. Xorden, deste xeito, todo tipo de escenarios colaborativos para o traballo ou o lecer, lugares de encontro para o debate (*Chats*) ou de lectura colaborativa, así como servizos demandados ás Bibliotecas Dixitais; mais disto falaremos na sección consagrada aos servizos das Bibliotecas Dixitais.

Todo o que contén unha Biblioteca Dixital son "obxectos dixitais". En principio todo pode dixitalizarse, desde un texto a un vídeo pasando por música ou imaxes fotográficas, mais cómpre explicar que se entende por dixitalización para comprender como poden ser armacenados contidos tan diferentes todos eles na mesma Biblioteca Dixital.

4.1.1. Conceitos básicos sobre dixitalización

A dixitalización significa que o texto, son, imaxe ou vídeo de que se tratar vai ser representado integramente utilizando tan só dous signos, o ***0*** e o ***1***, que son os denominados *bits*. Para a dixitalización de texto utilízase un formato de codificación coñecido como código ASCII. Con este código cada carácter (letra maiúscula, minúscula, número do 0 ao 9, signo de puntuación, letra acentuada, etc.) é representada por unha serie de 8 *bits* consecutivos. Cada sucesión de 8 *bits* recebe o nome de *byte*. Con 8 *bits* tan só se poden codificar 256 caracteres diferentes (2^8 = 256), o que resulta insuficiente para representar, mesmo, todos os caracteres existentes nos idiomas europeos (onde existen gran variedade de caracteres acentuados con distintos tiles e varios alfabetos). Unha primeira solución a esta limitación é que o código ASCII teña variantes axeitadas aos diferentes idiomas, aínda que unha solución máis global e recente é a proporcionada por UNICODE, onde o número de *bits* usados para codificar cada carácter é de 16. Dado que con 16 bits poden facerse 32.000 combinacións diferentes (2^{16} = 32.000), UNICODE proporciona un sistema de codificación único para todos os alfabetos existentes e aínda garda combinacións (códigos de 16 bits) non usadas para que se poida estender no futuro o conxunto de caracteres representados.

Do mesmo xeito, á hora de dixitalizar unha imaxe, esta divídese nunha sucesión de puntos de moi pequeno tamaño (*pixels*) e a cor de cada un deses puntos codifícase cunha sucesión dun número determinado de *bits* que varía segundo o formato de dixitalización da imaxe. Os formatos máis habituais de dixitalización de imaxes son GIF, TIFF e JPEG.

O son dixital utiliza a mesma estratexia: a onda espectral do son descomponse no conxunto de sinais que corresponde aos seus compoñentes acústicos (descomposta de Fourier) e cada un divídese en mostras de curtísima duración para, despois, codificar mediante series de *bits* o ton, timbre e intensidade de cada unha destas. Formatos de son serían AU, WAV AIFF.

O vídeo segue un proceso semellante: cada fotograma codifícase como unha fotografía estática e o son é codificado dentro do mesmo formato. Formatos comúns de vídeo dixitalizado son Quick Time, AVI, MPEG, Shockwave, etc.

Centrándonos nos textos, obviamente aqueles producidos nun computador son xa textos dixitais, pero se do que se trata é de dixitalizar un texto impreso o proceso a seguir obriga a obter unha imaxe dixital da páxina en cuestión, ou o que é o mesmo, pasar esa páxina por un aparello de escáner. Con este proceso obtense unha representación dixital da páxina como se de unha fotografía se tratar, isto é, non se

teñen letras senón *pixels*. Para converter a imaxe dixital da páxina nun texto dixitalizado é preciso utilizar despois un OCR (*Optical Chararter Recongition*). O OCR é un *software* que é capaz de recoñecer na imaxe dixital da páxina as manchas en forma de caracteres que forman as letras do texto. Como resultado da utilización do OCR obtense o texto dixitalizado.

Como é obvio, os OCR só poden recoñecer formas de caracteres predeterminados, de tal xeito que non existen hoxe OCR capaces, xa non de interpretaren letra manuscrita, senón nin sequera caracteres de imprenta do século pasado.

Normalmente os OCR recoñecen ben unha serie de caracteres, mais, en xeral, é necesaria a supervisión humana para garantir que o texto obtido sexa correcto. Loxicamente, canto máis antigos ou estraños foren os caracteres do texto orixinal ou máis deteriorado estea o documento orixinal pasado polo escáner (con manchas ou liñas que entorpezan o labor do OCR), máis traballo humano será necesario para corrixir o texto dixitalizado obtido automaticamente polo OCR.

4.1.2. Linguaxes de Marcado

Os textos dixitalizados poden ser simplemente cadeas de caracteres (un carácter tras outro, do primeiro ao derradeiro, entendendo que os signos de puntuación, os espazos en branco que separan palabras e as marcas de punto e á parte son tamén caracteres), mais resulta evidente que se os textos están armacenados, por así dicilo, como chorros de caracteres, vai ser difícil a súa representación axeitada na pantalla do ordenador. Non haberá xeito de distinguir, por exemplo, que un conxunto continuado de caracteres dentro do documento (palabras seguidas) é un título de capítulo, que outro é unha nota a rodapé ou que outro diferente é un poema que está insertado no meio do texto en prosa. Fica claro que a representación dos textos como simples cadeas de caracteres faría imposíbel a súa representación (edición) axeitada. Así, calquera procesador de textos garda información sobre a fonte e tamaño dos caracteres, o aspecto dos mesmos (negra, cursiva, etc), sobre o sangrado, as marxes, etc.

Cando xurdiu a Internet fíxose necesario adoptar un xeito de indicar as características que permitisen representar os textos adecuadamente. Era preciso que todos os navegadores da Internet (para PC, Mac, LINUX, UNIX, etc) fosen capaces de entenderen e representaren as páxinas web. Xorde así HTML, que é un conxunto de etiquetas que permiten especificar nun texto as fontes, aspecto e tamaño dos caracteres, formato de marxes, táboas, etc. Todas as etiquetas sitúanse entre os signos <> (por exemplo, <TABLE> indica comezo dunha táboa, <B>

indica comezo de texto en negra, etc); calquera característica do texto debe ir situada entre súas etiquetas emparelladas, a primeira indicando o inicio da característica e a segunda indicando o fin. As etiquetas de finalización comezan sempre polo signo /. Así, </TABLE> indica o fin dunha táboa e </B> indica o fin da letra negra.

Alén disto, HTML (*HyperText Markup Language*) permite sinalar a presenza de enlaces entre partes do texto, pois xurdiu xa orientado ao hipertexto propio das páxinas web. Na figura apreséntase un texto marcado en HTML e o aspecto que tería ese mesmo texto ao ser lido cun navegador web como *Netscape* ou *Internet Explorer*.

Obsérvese a correspondencia entre as marcas na figura 2 co aspecto do texto da figura 3.

```
<HTML>
<HEAD>
<META HTTP-EQUIV="Content-Type" CONTENT="text/html; charset=windows-1252">
<META NAME="Generator" CONTENT="Microsoft Word 97">
<TITLE>ESTOU ESCRIBINDO O ENCABEZAMENTO</TITLE>
</HEAD>
<BODY>

<FONT SIZE=5><P ALIGN="CENTER">ESTOU ESCRIBINDO O ENÇABEZAMENTO</P>
<P ALIGN="CENTER"></P>
</FONT><FONT SIZE=2><P ALIGN="JUSTIFY">Agora estou escribindo un texto normal
pero intercalo algunhas palabras en <B>negra </B>e en<B> </B><I>cursiva</I><B>. </P>
</B><P ALIGN="JUSTIFY"></P>
<P ALIGN="JUSTIFY">Ademais introduzo algunha palabra de
 </FONT><FONT SIZE=5>maior</FONT><FONT SIZE=2> tama&ntilde;o.</P>
<P ALIGN="JUSTIFY"></P>
<P ALIGN="JUSTIFY"> </P>
<P ALIGN="JUSTIFY">Agora vou representar un cadro:</P>
<P ALIGN="JUSTIFY"></P></FONT>
<P ALIGN="CENTER"><CENTER><TABLE BORDER CELLSPACING=1 CELLPADDING=4 WIDTH=378>
<TR><TD WIDTH="47%" VALIGN="TOP">
<FONT SIZE=2><P ALIGN="CENTER"><B>Columna 1</B></FONT></TD>
<TD WIDTH="53%" VALIGN="TOP">
<B><FONT SIZE=2><P ALIGN="CENTER">Columna 2</B></FONT></TD>
</TR>
<TR><TD WIDTH="47%" VALIGN="TOP">
<FONT SIZE=2><P ALIGN="JUSTIFY">Contido11111111111111</FONT></TD>
<TD WIDTH="53%" VALIGN="TOP">
<FONT SIZE=2><P ALIGN="JUSTIFY">Contido22222222222222222</FONT></TD>
</TR>
</TABLE>
</CENTER></P>

<FONT SIZE=2><P ALIGN="JUSTIFY"></P>
<P> </P></FONT></BODY>
</HTML>
```

Fig. 2: Texto en HTML



Fig. 3: Imaxe do texto lido usando *Netscape*

Así pois, o contido dunha páxina web é un texto con marcas HTML que indican o formato que o texto debe ter. Porén, o que os usuarios ven, ao se conectaren mediante o seu navegador á páxina web en cuestión, é o texto xa axeitadamente formatado, sen visualizaren as marcas de formato. Isto quer dicir que todo navegador da Intenet le, entende e interpreta as marcas HTML e formata os textos segundo o indicado nas mesmas.

HTML permite incluír imaxes, animación, enlaces con outros textos ou con outras partes do texto, etc. Actualmente hai no mercado moitas ferramentas que permiten a criación de páxinas web ou, dito doutro xeito, que facilitan a colocación das marcas nun texto. O propio e coñecido *MicrosoftWord* dá a opción de gardar os documentos con formato HTML. Un documento escrito en *Word* e gardado como HTML será visto como texto con marcas HTML se é aberto co Block de Notas de *Windows* (que só interpreta caracteres ASCII e que, polo tanto, non interpreta as marcas HTML como tales marcas indicadoras dun certo formato senón que as representa como unha sucesión de caracteres). Porén, se ese mesmo ficheiro for lido con *Internet Explorer* aparecerá en pantalla xa formatado e non se verán as marcas HTML.

Se os documentos que se queren gardar na Biblioteca Dixital son simples cadeas de caracteres, non se poderán representar axeitadamente para que os usuarios os vexan. Neste caso, HTML podería ser unha alternativa, pois o documento seleccionado polo usuario conectado á biblioteca, ao serlle enviado en HTML, sería automaticamente formatado polo seu navegador web e a súa representación visual sería perfecta.

Porén, HTML ten serias limitacións para o seu uso como formato de armacenado dos documentos nunha Biblioteca Dixital. As limitacións veñen de que HTML está demasiado orientado ao formato final de apresentación. Así, dentro dun documento HTML tampouco é posíbel distinguir o título dun capítulo de outro texto que teña o mesmo tipo e tamaño de letra. Isto débese a que as marcas de HTML indican tan só o aspecto con que os caracteres entre pares de marcas deben ser representados.

Para responder a este problema xorde XML (*eXtensibel Markup Language*). XML non é un conxunto de marcas, como HTML, que poden ser inseridas no meio do texto; pola contra, XML é unha metalinguaxe, xa que pode ser usada para criar novas linguaxes de marcado adaptadas a unhas necesidades concretas. Con XML é posíbel definir o conxunto de marcas que se van usar.

Imos imaxinar, por exemplo, que se propón unha Biblioteca Dixital en que se pretende gardar poemas ademais doutros tipos de documentos. Supoñamos que temos interese non só en gardar dados sobre o autor do poema e a data de criación, senón tamén en diferenciarmos os versos e as estrofes, alén de indicarmos cada vez que apareza un nome propio dentro dos poemas.

Para podermos sinalar nos poemas todos eses elementos definimos (fig. 4) un DTD (*Document Type Definition*) onde especificamos as marcas que imos usar cos poemas e, de paso, a estrutura que estas marcas deben ter (o seu aniñamento, é dicir, que pares de marcas deben ir dentro doutros pares de marcas).

```
<¡ELEMENT poema        (título, autor, corpo, data) >
<!ELEMENT título       (#PCDATA)>
<!ELEMENT autor        (#PCDATA)>
<!ELEMENT corpo        (cuadra|terno)+>
<!ELEMENT cuadra       (verso, verso, verso, verso)>
<!ELEMENT terno        (verso, verso, verso)>
<!ELEMENT verso        (#PCDATA|nome)*>
<!ELEMENT nome         (#PCDATA)>
<!ELEMENT data         (#PCDATA)>
```

Fig. 4: Exemplo de DTD

Un DTD especifica as marcas disponíbeis para anotar cada un dos elementos relevantes para nós dun poema, especificando ademais para cada elemento os subelementos que pode ou debe ter. Así, neste DTD estamos a dicir que todo poema debe ter un *título*, seguido dun *autor*, seguido do *corpo* do poema e que, ao final, deberá ir a *data*. Dicimos, tamén, que o *título* é un texto libre (#PCDATA) e que o *corpo* deberá estar composto por un número indeterminado de *cuadras* e *ternos,* aínda que, polo menos, ha ter un deles, isto é, o *corpo* ten de ter un ou máis *cuadras* ou *ternos* (sinálao o + ao final da declaración). Especifícase, tamén, que unha *cuadra* debe ter exactamente 4 versos e que unha *terna* non pode ter máis que 3. O *verso* é un texto libre (#PCDATA) que, ademais, pode ter 0 ou máis *nomes* (especifícao o *). A respecto do seu aniñamento, estase a indicar, por exemplo, que unha marca </termo> non pode aparecer se fica aberta algunha marca de verso, isto é, non sería posíbel o seguinte ordenamento de marcas:

...<verso>...</termo>....</verso>.....

Apreséntase a seguir (fig. 5) un poema anotado segundo as marcas definidas no DTD da figura 4.

```
<?xml versión="1 O"?>
 <poema>
     <título>"Soneto Já Antigo</título>
     <autor>(Álvaro de Campos)</autor>
     <corpo>
<cuadra>
                        <verso>Olha, <nome>Daisy</nome>: quando eu morrer tu hás-de</verso>
                        <verso>dizer aos meus amigos aí de <nome>Londres</nome>,</verso>
                        <verso>embora não o sintas, que tu escondes</verso>
                        <verso>a grande dor da minha morte. Irás de</verso>
        </cuadra>
        <cuadra>
                <verso><nome>Londres</nome> p'ra <nome>Iorque</nome>, onde
                                                                nasceste (dizes</verso>
                <verso>que eu nada que tu digas acredito),</verso>
         <verso>contar áquele pobre rapazito</verso>
                        <verso>que me deu horas tão felizes,</verso>
        </cuadra>
        <terno>
                        <verso>em bora não o saibas, que morri...</verso>
            <verso>Mesmo ele, a quem eu tanto julguei amar,</verso>
                        <verso>nada se importará... Depois vai dar </verso>
        </terno>
        <terno>
            <verso>a notícia a essa estranha <nome>Cecily</nome></verso>
                        <verso>que acreditava que eu seria grande... </verso>
            <verso>Raios partam a vida e quem lá ande!</verso>
 </terno>
    </corpo>
    <data> (1922) </data>
 </poema>
```

Fig. 5: Exemplo de texto en HML

Todo documento XML ten tres partes diferentes (Bradley, 1998):

- **Declaración:** Todo documento XML ten de comezar, obrigadamente, por unha declaración onde se informe da versión de XML que se está a usar, da táboa de caracteres (variante de ASCII como *iso-latin1* o *iso-greek-3,* por exemplo). Así a primeira liña dun documento XML debe comezar por algo como:

  <?xml version="1 O" encoding=..... ?>.

- **DTD (Document Type Declaration):** Como xa se explicou, o DTD é o conxunto de declaracións que especifican como debe ser un tipo de documento. Esta parte é opcional no documento XML. Ás veces o que hai é unha referencia ao ficheiro no que está o DTD.

- **Contido:** É o texto marcado propiamente dito. Contén, por tanto, o texto e as marcas de inicio e cerramento de cada parte significativa do documento segundo o estipulado no DTD.

Se temos os textos da biblioteca marcados en XML segundo unha (ou varias) DTD definidas *ad hoc*, poderemos facer automaticamente análises máis finas dos documentos, procedemento que non sería posíbel co texto sen marcar nin con marcas HTML. Por exemplo, poderanse procurar poemas de máis de 7 versos, ou que tiveren dous cuartetos, ou aqueles en que aparecer algún nome propio, etc.

Evidentemente, un documento XML non aporta ningunha información a respecto de como formatalo para a súa apresentación, mais isto é outra das súas avantaxes. Para dar formato de apresentación a un documento XML cómpre usar unha *folla de estilo*.

Nas *follas de estilo* especifícase para cada parte do texto (entendendo por parte do texto a que fica entre a apertura e o cerramento dunha etiqueta das definidas no DTD) como se quere representar. Deste xeito podemos ter moitas "follas de estilo" e utilizar en cada momento aquela que o usuario xulgar máis axeitada. Así, cunha folla de estilo pódese pedir que o nome do autor apareza baixo o poema en letra *courier* 12 e aliñado á esquerda, que os nomes propios aparezan en cursiva e negra ou que entre unha estrofa e a seguinte haxa unha liña en branco. Con outra folla de estilo pódese indicar que os poemas aparezan con letra pequena e en dúas columnas, e así sucesivamente.

Outra das funcionalidades de XML é que pode ser usado para representar, de xeito integrado e uniforme, nun único documento XML acorde a un determinado DTD, o texto transcrito e os dados bibliográficos asociados ao mesmo. Ese texto e os seus dados bibliográficos, de estaren gardados nunha base de dados, estaríano de xeito

disgregado. Así, en ocasións tíranse dados e textos de bases de dados e represéntanse de forma integrada nun único documento XML para os transmitir de xeito conxunto. Tamén á inversa, documentos XML construídos conforme a un DTD son susceptíbeis de seren lidos por un programa que vaia metendo cada elemento do documento no seu sitio correspondente na base de dados.

4.2. Servizos

Aínda que as Bibliotecas Dixitais nacen centradas nos documentos dixitais que teñen que conter é cada vez máis claro o xiro que se está a a producir no sentido de considerar as persoas que usan a biblioteca como entidades centrais das Bibliotecas Dixitais.

Serán as políticas que se implementen nas Bibliotecas Dixitais as que determinen quen pode acceder, a que contidos e a que servizos, así como a cantidade, calidade e clase dos servizos implementados. Neste apartado vanse presentar algúns dos servizos máis comúns nas Bibliotecas Dixitais actuais.

4.2.1. Servizos de Procura

Calquera Biblioteca Dixital debe ofertar na súa interface de usuario (sexa esta vía web ou non) a posibilidade de acceso aos fondos dixitais que contén, aínda que talvez aconteza que o acceso estea graduado segundo o nivel de permisos dos usuarios, de xeito que non todos os fondos sexan accesíbeis a todo o mundo.

A procura dos documentos pode estar implementada ao modo das bibliotecas tradicionais, onde, en xeral, só se ofrece busca por autor/a (o primeiro ou todos), título e tema. Porén, as Bibliotecas Dixitais poden apresentar posibilidades máis interesantes, entre as que destacan as seguintes:

- **Procura por todos os campos:** Trátase de que todos os campos sobre os que hai información poidan ser usados para a realización de buscas. Deste xeito sería posíbel realizar procuras como esta: "obras de autores/-as nados/-as en certo país que tivesen publicado un romance de máis de 250 páxinas nunha editorial X entre 1980 e 1985".

- **Procura por contido:** A procura por contido é, sen dúbida, un dos campos de investigación máis activo desde a aparición da Internet. Na terminoloxía técnica internacional chámase *Text Retrieval* (recuperación de textos) e abrangue un amplo abano de métodos e técnicas orientados a permitir que se recuperen da base de dados (isto é, que se achen como resultado de procuras) textos que teñan no seu contido certos temas. Unha Biblioteca Dixital que tivese implementadas técnicas eficientes de *Text Retrieval*

> podería permitir que os usuarios realizasen procuras como: "Novelas do século XX en que se describa algún instrumento musical" ou "Textos en que se describa algunha receita de bruxaría" ou "Novelas do XIX en que se describa unha batalla".

O interese de ter a posibilidade de realizarmos este tipo de procuras é evidente: sen ir máis lonxe, pódense imaxinar as enormes posibilidades deste servizo en Bibliotecas Dixitais con fondos antigos ao serviren de base para traballos de investigación de antropólogos, historiadores, etc.

Moitas Bibliotecas Dixitais actuais teñen implementados servizos básicos de procura por contido que, en xeral, non van máis lonxe da busca de documentos que conteñan certa(s) palabra(s) ou cadea(s) de caracteres (raíz dunha palabra). As técnicas de *Text Retrieval* están en diferente nivel de desenvolvemento segundo a lingua de que se tratar. O inglés é, sen dúbida, a lingua que conta con máis ferramentas básicas (dicionarios, *Thesaurus* de sinónimos e antónimos, redes de asociación semántica de palabras, lematizadores, etc.) entre aquelas necesarias para implementar técnicas de *Text Retrieval*. Os idiomas portugués e español teñen aínda un longo camiño por andar, embora xa conten con dicionarios electrónicos e ferramentas de lematización. No que atinxe ao galego está todo por facer.

4.2.2. Servizos de intercomunicación de usuarios

Estes son, sen ningún tipo de dúbida, despois dos servizos de procura por múltiplos campos, os máis implementados nas Bibliotecas Dixitais actuais. Vendo o suceso da Internet á hora de atraer usuarios grazas ás posiblidades de intercomunicación que brindaba, as Bibliotecas Dixitais decidiron ofrecer este tipo de servizos decontado. Entre estes servizos destacan os xa moi coñecidos de *mail, chat* e grupos de noticias (os taboleiros de anuncios non se inclúen aquí, pois son máis ben un servizo de espallamento de información).

A calidade destes servizos e a importancia que as diferentes Bibliotecas Dixitais lles dan varía amplamente, así como o aspecto das interfaces de usuario que se proporcionan para acceder aos mesmos.

4.2.3. Servizos de espallamento de información

Entre estes pódense citar, avisos aos usuarios de novos fondos, criación de servizos ou a aparición de grupos de interese xurdidos no seo da Biblioteca Dixital. Poden, tamén, existir servizos de espallamento de información proporcionada por outros usuarios, polos administradores da biblioteca ou por empresas asociadas (publicidade). O esparexemento da información pode ser xeral (a todos os usuarios que se conecten) ou específica (a grupos de usuarios segundo criterios de agrupamento elixidos por eles

propios, por exemplo, grupos de interese xurdidos libremente na biblioteca) ou segundo perfís de usuario predefinidos como se detalla no apartado seguinte.

Un interesante servizo deste tipo podería ser ofrecer a valoración que sobre certa obra dan os usuarios que a foron lendo, ou estatísticas sobre os libros a que máis xente ten accedido ou que foran mellor valorados (pola totalidade dos usuarios/-as ou por aqueles ou aquelas cun certo perfil).

Evidentemente nesta categoría de servizos cabería o feito de proporcionar enlaces a páxinas web doutros subministradores de información ou Bibliotecas Dixitais (enderezos de prensa, etc.)

4.2.4. Servizos asociados a perfís de usuario

A idea de base é que diferentes usuarios teñen diferentes intereses, gostos, etc. e que estas preferencias son, até certo punto, constantes. Trátase, polo tanto, de que a biblioteca sexa capaz de identificar a persoa que se está a conectar e actúe en consecuencia oferecéndolle:

- **a interface de usuario** co aspecto axeitado (a que a persoa usuaria deseñou ou elixiu na última visita á biblioteca).
- **as noticias** sobre novos fondos do interese dese usuario/-a específico/-a (pénsese, por exemplo, en usuarios infantís a quen a biblioteca apresenta interfaces de funcionamento máis sinxelo, cunha apresentación máis atractiva e colorida e que, ademais, avisa de novos fondos axeitados á súa idade).
- **Os enlaces a páxinas web, servizos de noticias e *chats*** polos que o/a usuario/-a amosou interese en pasadas visitas á biblioteca.
- **A lista de obras xa buscadas** en pasadas visitas para que quen entrar de novo na biblioteca poida proseguir a súa lectura sen ter que voltar a realizar a procura.

Parece claro que para que un servizo deste tipo sexa posíbel cómpre que os usuarios se identifiquen ao accederen á biblioteca ou, cando menos, que opten entre ser usuarios anónimos, con interface de usuario xenérica, ou usuarios rexistrados na biblioteca, gozando, xa que logo, dos beneficios de contaren cun perfil específico. Evidentemente estas consideracións son tamén relevantes para os servizos de espallamento selectiva de información.

O perfil de usuario pode establecerse a partir de dados subministrados pola/o propia/o utente, aínda que tamén (ou ademais) a través do comportamento desta persoa a última vez que visitou a biblioteca (que consultas realizou, en que foros de debate ou noticias participou, que enlaces a prensa realizou, etc.).

4.2.5. Servizos de valor acrecentado

Baixo este nome inclúense unha serie de servizos que teñen pouco en común entre eles, excepto axudar á/ao usuaria/o a utilizar os fondos da biblioteca. Englóbanse aquí servizos de tradución automática, de preparación de bibliografías, etc.

Algunhas bibliotecas inclúen entre estes servizos procura de opinións ou críticas a certas obras enviadas por outros usuarios. Por exemplo, para unha persoa que ten dúbidas sobre cal vai ser o seguinte romance que quere ler, pódelle interesar saber cales foron ben avaliados por usuarias/os que cualificaron anteriores lecturas comúns de maneira semellante á súa, ou cal foi a avaliación feita por personalidades coñecidas ou por usuarios/as concretos.

5. Federación de Bibliotecas Dixitais

Nos últimos anos as Bibliotecas Dixitais proliferaron por todo o mundo ao tempo que se tornaba evidente a necesidade de aglutinar esforzos para, dunha banda, non repetir traballo xa feito (de catalogación e dixitalizacion das mesmas obras nas diferentes bibliotecas) e, doutra, facilitarlle ás/aos posíbeis usuarias/os a obtención dos documentos que estivesen a procurar.

A Federación de Bases de Dados é un motivo clásico na investigación en Informática e os seus resultados pódense aplicar case directamente ás Bibliotecas Dixitais. A arquitectura básica dunha Federación de Bases de Dados é a que aparece na figura 6.



Fig. 6: Arquitectura básica dunha Federación de Bases de Dados

Obsérvese que o sistema federado facilita ao público un único enderezo web de conexión. Neste enderezo ofrécese unha interface de usuario para acceder ás Bases de Dados Documentais que soportan as bibliotecas dixitais. Esta interface de acceso permite que, de xeito máis ou menos sinxelo, unha persoa poida expresar as súas restricións de consulta, isto é, as características dos documentos que está a procurar. Só os documentos que satisfixeren as restricións exprimidas polo usuario serán recuperados polo sistema.

As restricións de consulta expostas polo usuario na interface web de consulta son recibidas polo Sistema Integrador Superposto e redirixidas a cada unha das Bases de dados das Bibliotecas Dixitais federadas. Como tales Bases de Dados poden estar soportadas por sistemas de xestión de bases de dados diferentes (e que falen distintas linguaxes) e o conxunto de dados que cada unha pode conter pode ser tamén moi variado, o Sistema Integrador Superposto deberá adaptar a consulta expresada polo usuario a cada unha das Bases de Dados. Ademais cada Base de Dados ten que ter un sistema interrogador adaptado ás características da mesma. Polo tanto, un sistema de federación de bibliotecas dixitais ten que contar coas 4 capas superpostas que se amosan na figura 6.

5.1. Precedentes de Federacións de Bibliotecas Dixitais

Unha das primeiras Federacións de Bibliotecas Dixitais foi a NCSTRL (*Networked Computer Science Technical Report Library)* (cf. Davis 1995 e Davis/Lagoze 1996), que é un sistema de busca de informes técnicos realizados en universidades (norte-)americanas. O sistema proporciona unha única interface de usuario, pero a procura realízase nas bases de dados de informes técnicos de todas as universidades. Un sistema similar é *Harvest* (Bowman 1994), que segue a mesma filosofía de procura distribuída. Pódese citar tamén o sistema AQUARELLE (http://aqua.inria.fr/Aquarelle) que proporciona o acceso federado ás bases de dados catalográficas dun conxunto de museos europeos, e a Biblioteca Dixital ERCIM (http://www.iei.pi.cnr.it/DELOS//) que federa Bibliotecas Dixitais europeas sobre Informática e Matemáticas.

Máis complexo é o proxecto *Gütenberg* (http://www.promo.net) que asocia moitas Bases de Dados bibliográficas. Este é un proxecto que trata de promover a criación de Bases de Dados documentais de acceso gratuíto e facilitar a elaboración e o acceso ás mesmas. Os usuarios poden utilizar dados bibliográficos (autor, título, etc.) como campos de procura, mais tamén poden buscar documentos sobre un tema determinado.

O proxecto *PhiloBiblon* (http://sunsite.Berkeley.EDU/PhiloBiblon/phhm.html) está concibido para a busca en tres bases de dados diferentes: manuscritos antigos galegos-portugueses, manuscritos antigos cataláns e manuscritos antigos españois.

Estas tres bases de dados non conteñen textos transcritos senón unicamente un xogo de palabras-chave que describen cada documento. A procura pódese realizar sobre todas as bases de dados ou só sobre unha delas.

A Federación de Bibliotecas Dixitais é unha área de investigación moi activa, pois as Bibliotecas Dixitais apresentan problemas novos que a Federación de Bases de Dados non levantaban. Por un lado, é necesario que se poidan explotar as capacidades de recuperación de textos das Bibliotecas Dixitais federadas (Brisaboa 2001a, 2001b) e, por outro, cómpre desenvolver tecnoloxía que permita federar Bibliotecas Dixitais cuxos fondos estean en linguas diferentes (Brisaboa 2001c).

6. Conclusións

Aínda que no momento presente as posibilidades da Internet están a ser só albiscadas, xa está a producir mudanzas no noso xeito de acceder a todo tipo de información. Cabe supor que este proceso vai continuar de xeito imparábel e que vai provocar radicais mudanzas nos hábitos sociais.

Un exemplo concreto de influencia da Internet na sociedade son as Bibliotecas Dixitais. De termos en conta que esta tecnoloxía, como xa se dixo, permite obter, cun prezo mínimo, un nivel de difusión de todo tipo de culturas e informacións (textuais e multimedia) nunca acadado na historia de humanidade, cómpre desenvolver todas aquelas liñas de traballo que posibiliten a introdución de todo tipo de materiais nas Bibliotecas Dixitais.

Os condicionantes sociopolíticos do desenvolvemento das Bibliotecas Dixitais non só se van manifestar nas políticas que implementen os encargados de tales bibliotecas ou os poderes públicos en xeral senón que tamén van ser exercidas polo propio desenvolvemento tecnolóxico. Neste campo cómpre que as equipas de traballo, para seren efectivas, sexan multidisciplinares, integradas por especialistas procedentes do campo da Tecnoloxía e mais das Humanidades.

É posíbel que as Bibliotecas Dixitais axuden a conformar a sociedade futura e, se así for, moi probabelmente esa sociedade debería estar caracterizada por unha maior equidade no acceso ao coñecemento e á información, mais isto só vai ser unha realidade se a sociedade, todos nós, utentes e científicos, orientamos o desenvolvemento destas Tecnoloxías nun sentido aberto e non excluínte de ningún colectivo cultural, lingüístico ou social.

Referencias bibliográficas

Bowman, C. / Danzing, P. / Hardy, D. / Manber, U. / Schwartz, M. (1994): "Harvest: A Scalable, customizable discovery and access system", http://www.cs.colorado.edu/harvest/ .

Bradley, N . (1998): *XML Companion* (Reading, MA, USA: Adison Wesley).

Brisaboa, N. R. / Durán, M. J. / Penabad, M. R. / Places, A. S. (2000): "A Collaborative Framework for a Digital Library" en *Sixth International Workshop on Groupware CRIWG'2000*: 104-111 (Los Alamitos, CA, USA: IEEE Computer Society Press).

Brisaboa, N. R. / Places, A. S. / Rodríguez, F. J. (2001a): "Arquitectura para Federación de Bases de Datos Documentales basada en Ontologías" en Torres Rojas, F. / Araya Monge, J. E. / Sandoval Sánchez, Y. (ed.): *4º Workshop Iberoamericano de Ingenharia de Requisitos e Ambientes de Software (IDEAS'2001)*: 252-262. (Cartago, Costa Rica: Instituto Tecnológico de Costa Rica).

Brisaboa, N. R. / Penabad, M. R. / Places, A. S. / Rodríguez, F. J. (2001b): "Using ontologies for federation of Web accessible databases" en *13th international conference on software engineering & knowledge engineering (SEKE'2001)*: 87-94 (Skokie, IL,USA: Knowledge Systems Institute).

Brisaboa, N. R. / Places, A. S. / Pérez-Sanjulián, C. F. / Rodríguez, F. J. (2001c): "An Arquitectural Proposal for a Cross-Language System to Federate Multilingual Digital Libraries", en Russian Academy of Sciences (org): *Digital Libraries: Advanced Methods and Technologies, Digital Collections* (Petrozavodsk: Institute of Applied Mathematical Research).

Davis, J. (1995): "Creating a Networked Computer Science Technical Report Library", *D-Lib Magazine*, http://www.dlib.org/.

Davis, J. / Lagoze, C. (1996): "The Networked Computer Science Technical Report Library", *D-Lib Magazine*, http://www.dlib.org/.

Fox, E. A. / Sornil, O. (1999): "Digital Libraries" en Baeza-Yates, R. / Ribeiro-Neto, B.(1999): *Modern Information Retrieval* (New York: Adison Wesley/ACM Press).

Friedlander, A. (1998): "D-Lib Magazine: Research in Digital Libraries", *D-Lib Magazine*, http://www.dlib.org/.

Lesk, M. (1997): *Practical Digital Libraries; Books, Bytes and Bucks*. (San Francisco, CA, USA: Morgan Kaufmann).

Romero, D. / Vaquero, I. (2001): *Da periferia á rede. Internet en Galicia. Lingua e contidos* (Vigo: Xerais).

A emerxencia de *Vario(s)**

Xavier Varela Barreiro
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

Reclamación dun espacio para *Vario(s)* entre as voces eruditas

A recuperación de información referente á forma *Vario(s)* non debería de pasar por alto –e mesmo debería empezar por– a consulta dos estudios de carácter lexicolóxico ocupados nas voces eruditas. O seu interese neste plano é dobre, pois convive coa forma patrimonial *Veiro* 'de varias cores' 'arteiro, raposeiro' (Carballeira 2000, *s.v.*). Con ela forma unha parella de formas diverxentes ou alotrópicas derivadas ambas da base latina VARIUM 'variado, matizado, distinto' 'mudable, inconstante, indeciso' e non moi distintas na súa relación histórica de *chavella / clavícula, foz / fauce, insua / ínsula, leigo / laico, selo / sixilo, xeral / xeneral...* (Ferreiro 1997: 25-6). Inmotivadamente non se atopan incluídas estas formas nos estudios en que se atende ó cultismo (Ferreiro 1997, por exemplo) e non se me ocorre outra razón que a exclusión sistemática de unidades que non teñan carácter eminentemente léxico. A *Vario(s)* atribúeselle unha categoría gramatical –pronome– e por iso o interese que suscita é menor.

Xustifica-lo carácter erudito de *Vario(s)* non é empresa difícil. A súa propia expresión é elocuente e o contraste co seu par diverxente amosa a deriva que debería seguir se tivese carácter patrimonial. Como forma introducida tardiamente non se viu afectada polas mudanzas fonéticas regulares, pois estas xa venceran. Nesa altura xa non tiña vixencia a prístina metátese de iode que converteu o -ARIUM latino no *-eiro* romance (Ferreiro 1995: §110-113, especialmente §113b) e tamén xa pasara o momento en que o arrequentamento mediante vocábulos latinos con este sufixo se resolveu na súa acomodación coa aplicación da metátese mais non co paso *-ai-* > *-ei-*, como nas formas medievais da mesma familia *desvairo* (LP - Estevan da Guarda) e *desvayrada* (LP - Johan Mendiz de Briteiros), ou outras doutras familias, como *calandairo* (LP - Estevan da Guarda), *contrairo* (LP - Estevan da Guarda, Rodrigu' Eanes de Vasconcelos), *contrayro* (AT),

* Este traballo realizouse no marco dos proxectos de investigación *Gramática Histórica da Lingua Galega* e *A oración en galego medieval*, que dirixo no Instituto da Lingua Galega. Agradézolle a Manuel Ferreiro as súas asisadas observacións, coas que o traballo mellorou notablemente.

cossairo (CSM), *cusairos* (MS), *fossayro* (TC), *leitoairo* (CSM), *ueiayros* (TC), *vigayros* (TC) (Ferreiro 1995: §25b). Tampouco non coñeceu a aparición da inevitable variación diatópica que presentan aínda hoxe as voces patrimoniais desta mesma estructura de expresión. Se fose así convivirían as formas [*'bejɾo] ~ [*'bɛjɾo] nunha distribución xeográfica similar á dos resultados do lt. -ARIUM, -AM[1]. Hoxe este pronome presenta unha única expresión ['bajɾo(s)] en todo o territorio, insensible á aparición de diferencias de ton rexional ou local como consecuencia do que non pode ser outra cousa que a súa recente introducción.

Vario(s) nos estudios de filoloxía galega

O carácter erudito de *Vario(s)* non espertou o interese dos estudiosos, malia ser unha forma con moito peso específico por formar parte das redes gramaticais da lingua. Forma parte do que poderiamos chamar "o galego fundamental", a clase de formas que presenta os máis elevados valores de frecuencia de uso e na cal só se atopan aquelas unidades que conforman as estructuras básicas da gramática e do léxico. As dúas expresións de plural aparecen entre as 950 palabras máis usadas no galego, no posto 637 *Varios* e no 736 *Varias* (Bugarín 1999: I, 80,83). Por iso unha ollada ó máis granado dos recentes tratados de gramática e diccionarios da lingua galega anima a considerar esta forma fóra de calquera situación anómala ou de cuestionamento da súa identidade.

Nos tratados de gramática advírtese, ademais, plena coincidencia. Forma parte da clase dos pronomes ou dos adxectivos determinativos e está inmobilizado no plural. En Carballo Calero (1966) figura entre os indefinidos (pp. 131-2). O *Gallego 1* (1971) considérao un indefinido. Nas *Normas* (1982) aparece incluído entre os pronomes indefinidos e identificadores variables en xénero (p. 64)[2]. En Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986) preséntase como indefinido con capacidade de desempeñar función nuclear ou adxacente (p. 249). Costa /

---

[1] Esta variación do vocalismo non é obxecto de atención sistemática no *ALGa* nin noutros estudios dialectais de ámbito pangalego (Fernández Rei 1990), o cal pode parecer sorprendente, pois algúns traballos correspondentes a falas locais e rexionais informan da existencia dun resultado xeral aberto [-'ɛj-] en áreas relativamente compactas como a área ferrolá (Porto Dapena 1977: 26), o Val de Verín (Taboada 1979: 39), Feás (Couceiro 1976: 26) ou O Grove (Enríquez 1976: 139), ó par do xeral [-'ej-] (Veiga Arias 1983: 61-62). En realidade a situación é ben distinta. Como se pode ver no mapa 111 do *ALGa*, II (*figueira*), hai tres zonas que trazan unha franxa que atravesa Galicia do norleste ó suroeste: terras asturianas e luguesas veciñas, terras entre o Ulla e os montes do Careón e terras interiores pontevedresas entre A Lama e Salceda de Caselas. Puiden corroborar isto na base de datos léxicos -aínda inéditos- do *ALGa*, que amablemente puxo ó meu dispor Manuel González. Nela presentan unha distribución moi parecida outras palabras como *canteiro, canteira, gaiteiro* ou *ribeira*.

[2] Na 12ª edición -revisada- (1995) mantense, aínda que entre os cuantificadores (p. 98).

González / Morán / Rábade (1988) inclúeno entre os pronomes cuantificadores indefinidos (pp. 137-8). Esta mesma categorización recibe en Freixeiro (2000: 286-287).

Os diccionarios presentan tamén un alto grao de coincidencia no tratamento categorial e semántico dispensado a esta unidade, mais neles obsérvase unha diferencia que é índice para *Vario(s)* dunha realidade complexa e problemática na súa codificación lexicográfica. O *Diccionario* da Real Academia Galega (1997) representa ben a postura dominante e maioritaria nos nosos diccionarios máis recentes. Nel proponse un lema *Vario, -a* ó que lle corresponden realizacións de distinta natureza categorial (adxectiva e pronominal -indefinido)[3]:

> **vario -a** *adx.* 1. De distinta índole ou especie. *Vanse tratar asuntos varios. Un libro de tem·tica varia.* SIN. ***diverso.*** // *indef. pl.* 2. Máis dun, nun certo número que pode ser máis ou menos numeroso. *Chegaron varios autobuses con turistas. Colleu varias maz·s.*

A outra postura amosa unha posición favorable á consideración de dúas entradas distintas no diccionario, correspondentes cos valores adxectival e pronominal. Está patente en Xove (1995) e conta con antecedentes coma o *Diccionario básico da lingua galega* do I.L.G. (1980) ou o *Pequeno diccionario da lingua galega* da Real Academia Galega (1993), nos que a única entrada é *varios -as*[4].

A coincidencia en *Vario(s)* dos caracteres erudito e central –por formar parte das redes gramaticais– actuou como acicate para motiva-lo noso interese, que se centra na cuestión de por qué o galego botou man dun cultismo para expresar un contido fundamental e a cando remonta a súa introducción nos paradigmas pronominais do galego. A seguir tratarei de dar resposta a estas dúas cuestións. Comezarei pola segunda, para dispoñer de información precisa sobre os primeiros usos deste pronome.

A introducción de *Vario(s)*

A época de introducción de *Vario(s)* é un dos puntos de maior interese no seu estudio. Aínda que se bota en falta un diccionario histórico da lingua galega, esta carencia xa non é unha pexa importante no establecemento de datos deste teor. O certo é que, contrariamente ás miñas expectativas, non topei rexistro ningún escrito del en textos galegos anteriores ó século XIX.

---

[3] Coinciden plenamente Feixó (1999) e Carballeira (2000). Estravís (1995) considera unha categoría única (adxectivo) e dálles un tratamento diferencial pola súa semántica ós usos en plural.

[4] Tamén presenta esta lematización Monteagudo / García (1988).

Nos textos medievais[5] non documentei testemuño de calquera uso –e con calquera valor semántico– desta forma pronominal. Unicamente son dignas de mención algunhas formas emparentadas, como as semieruditas xa mencionadas *desvairo* e *desvayrada* da lírica trobadoresca e as plenamente eruditas aparecidas a partir da segunda metade do século XIV *desauariadas* (CT), *desauariados* (CT), *desuariada* (HT), *desuariadas* (CT, HT, MS, TA, Dev. [Ourense-1385]), *desuariado* (CT), *desuariados* (CT, HT, TA), *desvariadas* (HT, TA), *desvariado* (HT), *desvaryadas* (TA) e *esuariou* (CT). Parece admitir pouca discusión a inexistencia na Idade Media. Que non apareza nin un só rexistro só pode ser debido á ausencia deste pronome, pois o volume de textos conservados é importante e a súa representatividade está fóra de calquera controversia. Por outra banda, tampouco comezara aínda a incorporación erudita da rica familia léxica dos *variable, variante, varianza, variar*[6], *variación, variabilidade, desvarío, invariable*, etc. que acabaría por introducirse séculos máis tarde. Así parece confirmalo a súa historia en Portugal, onde non se rexistra esta familia léxica minimamente desenvolvida ata o século XVI[7].

Os textos da Galicia da Idade Moderna[8] continúan sen amosar usos de *Vario(s)*. A escaseza de textos producidos ou conservados e o carácter popularizante de boa parte deles ben poden se-la causa desta ausencia, se ben se debe ter en conta que non é *Vario(s)* a única forma que falta, senón tódalas da súa familia léxica. Non son usados *variar*, *variación*, etc., nin parecen pervivi-las formas semieruditas como *desvayrar*. Unha segunda comprobación lévame a pensar que non se trata dun acaso textual, senón da acomodación dos textos á lingua. Tomei como marco gramatical o restricto dominio dos pronomes de cuantificación e como marco textual o *Coloquio* de Sarmiento (1746-70). Como obra relativamente extensa representa un bo banco de busca de recursos non léxicos e unha referencia válida na comprobación da existencia deste tipo de recurso no seu período. Compróbase que nel figuran practicamente tódolos cuantificadores[9]. Son excepción unicamente

---

[5] Fixen a busca no corpus de textos galegos medievais do Proxecto "Gramática histórica", que dirixo no Instituto da Lingua Galega. Confórmano o conxunto de obras medievais editadas.

[6] Teño rexistrados os dous primeiros casos de *variar* en dous documentos de inicios do XV (1403, 1405) nas *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*.

[7] Non documenta Cunha (1997, *s.v. Variar*) no XV máis que *Variable*. No XVI sitúa *Variar, Variação, Variado* e *Variedade*. No XIX incorpóranse *Invariabilidade, Invariável, Variabilidade, Variante, Variegado* e *Variegar*.

[8] Sevinme do corpus de textos galegos deste período do Proxecto "Historia do galego escrito", dirixido no Instituto da Lingua Galega.

[9] Tomei como base os vinteún cuantificadores listados nas *Normas* (1982): *Algún, alguén, algo, ningún, ninguén, nada, ren, un, varios, pouco, bastante, abondo, moito, ben, demasiado, máis, menos, tanto, todo, cada* e *ambos*.

Vario(s), Ren e *Demasiado*[10]. Resístome a crer que sexa unha casualidade, pois con cada unha destas tres formas hai razóns de peso para, cando menos, albergar unha dúbida razoable acerca da súa existencia naquela altura. *Vario(s)* e *Demasiado* non se rexistran nin antes nin simultaneamente noutras obras. *Ren* era unha forma ben documentada no período medieval pero sen rexistro ningún nos Séculos Escuros, mesmo nunha obra de pretensa fasquía medieval como a *Historia de Don Servando*. Na miña opinión *Vario(s)* non debía existir aínda na lingua falada nos tempos de Frei Martín Sarmiento, pois doutra maneira debería de aparecer no seu *Coloquio* (1746-70), como *ninguén, pouco, todo* e os outros cuantificadores. Creo que con estas evidencias pódese ir un pouco máis aló do que vai M. Ferreiro (1995:266) cando sitúa a súa aparición nun impreciso período "posmedieval"[11] e afirmar que a adopción do cultismo *Vario(s)* non é anterior ó século XIX.

Data dos inicios da segunda década do XIX o primeiro rexistro escrito do que teño noticia, en *A Casamenteira* de Antonio B. Fandiño, e ten refrendo pasadas dúas décadas na anónima e marcadamente absolutista *Parola de Cacheiras*:

> **(1)** Pois esta boa muller / propuxò hai tempo a meu pai, / que para casarme hai / convenencias a escoller. / Entre **varias** que apuntóu, / dixô que a ama do crego / sería o mellor emprego (*Casamenteira* -1813). **(2)** Formouse ó sabio auntamento é non estrevendose à facela mastrugada só, chamou á **varios** sugetos, entre eles (anque dá misma lán) alguns de valia; tal coma ó Marques de Santesteban, D. Xeromeno Losada, ó escribano Bocas, Montepio, D. Pedro (*Parola de Cacheiras* -1836). **(3)** En todos tempós houve santos varôs que inspirados por Dios fundaron **varios** sistemas de vida santa que sirvise de escala para os que abrazasen chegasen á conseguir ó deseado fin (*Parola de Cacheiras* -1836).

Estas décadas iniciais do século XX, na antesala do Rexurdimento, a penas se diferencian linguisticamente dos séculos inmediatamente anteriores. Por iso non debe sorprender que non apareza rexistrada nos textos conservados ningunha outra palabra da mesma familia léxica. Quizais sexa explicable isto polo ton popularizante que caracteriza a lingua destas obras de sainete ou de propaganda política. O que parece indubidable é que *Vario(s)* debía de ser xa daquela a palabra con máis fortuna da súa familia e por tal motivo non deixa de figurar nalgunhas obras da época.

---

[10] Pero si figura *Demais*. Non considero improbable, como fai Ferreiro (1995: 266, nota), que *Demasiado* chegase a través do castelán. Pode ter valor probatorio non figurar *Demasiado* entre as formas do "galego fundamental" aínda hoxe e si *Demais* (481) (Bugarín 1999: 76).

[11] En realidade Ferreiro non se refire explicitamente a *Varios*, pero é doado inferilo vendo a lista de indefinidos considerada. Nela resulta difícil admitilo para formas como *abondo, moito* ou *tanto*, pero ben fácil para *Varios* e *Demasiado*.

No plano semántico non pasa inadvertido o feito de nos tres casos aparecer en plural e de neles predomina-la semántica cuantificacional. É a que como indefinido plural mantén hoxe e se lle atribúe na actualidade no *Diccionario* da Real Academia Galega (1997) –ver atrás– ou na *Gramática galega* de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 249): "dá expresión a unha pluralidade indeterminada". Non é este o significado que cabería esperar no proceso de adaptación do lt. VARIUM, que facía referencia á noción de diversidade na cualidade –especialmente na cromática– e só implicitamente e como algo derivado do anterior e da flexión de número incluía a noción de pluralidade. O que semella é que neste proceso incorporóuselle a VARIUM a semántica propia de PLURES, COMPLURES ou ALIQUI, que eran as expresións latinas de pluralidade pronominal, ou ben pasou a un primeiro plano a semántica cuantificacional dos usos en plural, nos que o valor de pluralidade indeterminada é sistemático e constante ó se-lo contido distintivo desta variedade do número gramatical. Nos exemplos (1) e (2) presenta inequivocamente valor exclusivamente cuantificacional. En (1) o contido é de pluralidade imprecisa. En (2) o contido é o de pluralidade non escasa, como deixa ve-la inclusión da referencia de *alguns* dentro da de *varios* (***varios*** *sugetos, entre eles (...)* ***alguns*** *de valia*). Só no segundo exemplo da *Parola de Cacheiras* (3) é admisible unha interpretación cualitativa da diversidade, referida ós modelos de vida en santidade. Con todo, non é a única interpretación válida, pois non é descartable a mera indicación da pluralidade cuantificacional. Non hai no contexto nada que impida esta análise. As circunstancias semánticas en que se produce a emerxencia de *Vario(s)* no galego dos inicios da época contemporánea (a antesala do Rexurdimento) aconsellan postular para ela como modelo o do cultismo con asunción de novos significados por metonimia.

A partir dos primeiros escritos prerrexurdimentistas *Vario(s)* converteuse nunha forma de uso xeral e, a simple vista, esteada fundamentalmente no valor cuantificacional. A meirande parte dos case 200 exemplos que analicei correspondentes ó século XIX[12] presentan este valor. Só para uns poucos é defendible o valor de diversidade cualitativa e en todos eles hai unha marca propia, ben o número singular (*¿Pero ti non reparas na praza cadrada unha pedra de vario color* [Pintos-1853]), ben a posposición ó Núcleo do Nominal tanto en singular como en plural (*e adozando todos en concerto vario* [Maxina-1880]; *que deprendestes nos libros tan váreas palabrerías* [Rosalía-1872]; *contandome casos varios* [Curros-1888]; *Adiós, sonos varios, de tenros amores* [Montenegro-1896]).

[12] Os datos achegoumos amablemente Antón Santamarina, director do Instituto da Lingua Galega e coordinador do proxecto de concordancia e lematización de textos literarios, ensaísticos e científicos do galego moderno (de Sarmiento a hoxe) e tamén de textos orais, con vistas á redacción do Gran Diccionario Xeral da Lingua Galega. Quero mostrarlle aquí o agradecemento que merece a súa xenerosidade.

A mesma tendencia obsérvase con nidieza nos usos correspondentes ó século XX, no que, como se recolle nos diccionarios e nas gramáticas, continúa a ser unha unidade basicamente de cuantificación.

As condicións e as causas da introducción

Creo que se debe ir un pouco máis aló da simple datación aproximada da incorporación de *Vario(s)*. Unha incorporación gramatical tan recente non pode deixar de ter unha causa obxectivable. Mesmo se debería aclarar por qué un feito inicialmente só do código escrito, como lle corresponde normalmente á introducción dunha voz erudita, pasou con tanta fortuna ó código oral e, se fose posible, canto tempo pasou ata alcanza-lo grao de xeneralización que presenta na actualidade. É evidente a imposibilidade de dispoñer de información directa da lingua oral ata hai poucas décadas, polo que me limitarei a facer un simple seguimento da recepción que esta forma tivo na historia da filoloxía galega para poder valora-lo seu grao de implantación nos usos orais do galego.

A información gramatical contida nas obras de carácter filolóxico escritas na veciñanza cronolóxica das primeiras documentacións escritas de *Vario(s)* é un dato de inestimable valor que pode deitar luz. Hai que ter en conta, non obstante, que polo seu carácter non propiamente científico moitas destas obras fan inclusión ou exclusión de formas sen que isto responda á aplicación de criterios de racionalidade filolóxica, polo que as conclusións que se tiren nesta perspectiva deben ser debidamente relativizadas e matizadas.

Tocante ás gramáticas hai que dicir que en ningunha das do XIX é mencionado este pronome (Mirás 1864; Cuveiro 1868; Saco 1868; Valladares 1892) e nas do século XX hai que esperar á de Carballo Calero (1966) para topa-la primeira mención[13]. A partir del ningún gramático deixou de incluílo nas súas obras. Nos diccionarios *stricto sensu* do XIX tampouco figura como entrada esta voz, se ben aparece no glosario de Pintos (c. 1865) (*s.v.* VARIO, seguramente como adxectivo). No caso de Rodríguez (1863) e de Cuveiro (1876) pódese deber ó afán de non incluí-las formas coincidentes co castelán, mais no de Valladares (1884) hai que entender que é unha ausencia meditada, pois non faltan pronomes da súa esfera, como *todo, nada, algún, ningún, moito, pouco, cada un*, etc., en concordancia co xa visto na súa *Gramática*. Sería difícil darlle outra explicación, xa que no corpo de exemplificacións deste e dalgún outro diccionario recóllese esta forma,

[13] Tampouco aparece mencionado en obras de carácter diacrónico, como os *Elementos de gramática histórica gallega* de García de Diego (1909) ou a *Filología de la lengua gallega* de Santiago y Gómez (1918).

xeralmente en cita literaria ou do refraneiro, sen que iso motive a súa inclusión como entrada:

> **(4)** Témperas d'arriba auga nin pingas, témperas d'abaijo chúvias ou **vário**", citado en Valladares (1893-1901); **(5)**Algús gladiadores que tiñan a adage de sair vencedores en **varias** loitas, chegaban a adequirir gran sona (Carré Aldao, *Raiolas*,1898, citado en Academia (1913-28); **(6)** A linda barboleta / con alas de colores / que pousa en **varias** flores / corredes a pillar, /e cando a man botades, / vos foge mui ligeira / e vos lle andás â beira / sen podela atrapar (Pintos, *Contos da aldea*, 1858, citado en Academia (1913-28) (Santamarina 2000).

O manto de silencio chega case ós nosos días, pois esténdese ata os diccionarios aparecidos a partir da década dos setenta do século XX[14]. Creo non errar ó dicir que o primeiro diccionario moderno que recolle esta forma é o *Diccionario básico da lingua galega* do I.L.G., publicado no ano 1980, pasados 115 anos desde a elaboración da obra de Pintos. En resumo, na filoloxía galega non se lle deu a benvida a *Vario(s)* ata hai pouco máis de tres décadas e cando isto sucedeu non suscitou ningún tipo de interrogantes en lexicógrafos e gramáticos. Nin sequera é manifestada unha mínima dúbida acerca da súa proveniencia, da posibilidade de que a fonte da que manou non fose propiamente o latín senón o castelán, como teito lingüístico dominador que cando se comeza a rexistra-lo uso de *Vario(s)* en galego xa levaba máis de tres séculos ocupando os espacios da lingua escrita en Galicia e impedindo a permanencia e reaparición do galego no seu territorio propio e histórico. Non deixa de sorprender que polo menos non tivesen eco para o galego as interrogantes que esta forma suscitou para o catalán. Baseándose no serodio da súa introducción na lingua escrita –mediados do XIX– J. Corominas é taxativo na explicación do uso pronominal de *Vàrios* en catalán como algo debido á interferencia do castelán, lingua na que xa se rexistra na obra cervantina:

> En canvi és un mer castellanisme l'ús del pl. *vàrios* amb paper de pronom (igual té que sigui en aquesta forma, o sense *-o, varis*, que sempre serà un castellanisme), com a adjectiu pronominal anteposat al substantiu, amb el qual no es troba en cat. fins a mj. S. XIX («*vàries* porcions», «*vàries* peces»), mentre que ja consta com a castellà en Cervantes (Coromines 1991, *s.v.* VARI).

Tamén as gramáticas catalanas comparten o mesmo criterio e por tal motivo está excluído no capítulo dos pronomes (Badía 1962: 236-237, que presenta *mants* como o correlato catalán do castelán *varios*). A pregunta é inevitable: se galego e catalán tiveron idéntica ou parecida historia social de eclipsamento polo castelán no período posmedieval, ¿por que un mesmo fenómeno acontecido nas mesmas coordenadas cronolóxicas e sociolóxicas é interpretado como un claro

[14] No *Diccionario galego-castelán* de Franco Grande (1972; 1ª edición 1968), que en certo sentido é o último do período precientífico da nosa lexicografía, tampouco aparece *Vario*.

castelanismo para unha lingua e como simple arrequentamento erudito para a outra? Para explica-la recepción non desconfiante nas gramáticas e diccionarios da lingua galega non vexo outra razón que o estado de confianza xerado polo coñecemento da existencia en portugués desta unidade cos mesmos valores semánticos e sintácticos que en galego. Mais, en boa lóxica, isto non é argumento suficiente para desbota-la posibilidade do castelanismo. A lingua seguiu camiños sociais ben distintos ó longo dos séculos ó norte e ó sur do Miño e só se poderá falar de concordancia co portugués –e non interferencia do castelán– se esta unidade estaba xa presente cando aínda compartían o mesmo ámbito sociopolítico as dúas comunidades. En caso contrario cobra peso a opción do castelanismo.

En portugués non hai constancia do uso escrito de *Vario(s)* antes do XVI, un século no que se verificou un importante anovamento lingüístico coa incorporación de numerosas voces latinas. Coa propagación desde Italia das ideas do Renacemento as culturas europeas volveron ás fontes grecolatinas e en latín escribiron algunhas das súas obras autores que na altura contribuían activamente á fixación do romance moderno. Figuras do renacemento portugués como Damião de Gois (1502-74) ou André de Resende (1500-73) ilustran este espírito renacentista. Na literatura portuguesa é Camões o máximo expoñente deste movemento latinizador. Na súa obra, como xa antes no século XV na prosa de D. Pedro e de D. Duarte, abundan as palabras eruditas e alatinadas: *abranger, apropriar, auspicio, obstinaçom*. Tamén a ortografía se volveu latinizante, o que motivou que aparecesen formas como *epse, nocte, cognescer*, etc. (Tessyer 1982: 68-71). Precisamente é de Camões o exemplo co que ilustra Machado (1977, *s.v.*) a súa primeira datación no século XVI, aínda que non faltan casos un chisco anteriores, como o "*varias differenças*" da *Comedia Aulegrafia* (1548-54) ou os "*varios pensamentos*" e "*effeytos varios*" da *Comedia Eufrosina* (1555) de J. Ferreira de Vasconcellos, e os moito máis numerosos da *Crónica do Príncipe D. João* (1567) do xa mencionado Damião de Gois ("*varios pareçeres*" –ata nove casos–, "*varios pensamentos, varios juizos, varios casos, varios conselhos, varias peregrinações*"). En *Os Lusíadas* (1572) multiplícanse as documentacións de *Vário(s)* e conviven usos en anteposición ("*varias nações*", "*varios costumes*", "*varios modos*", "*varios deleites*", "*varia cor*") e en posposición ("*nações varias*", "*eruas varias*", "*vsança varia*") (Cunha 1980: 219). Este é o marco no que foi introducido como un latinismo a forma *Vário(s)* en portugués e a consideración que merece ten que se-la mesma que, por exemplo, *ambição, arquétipo, intelectual* ou *restituição*. No longo período transcorrido do século XVI a hoxe foi arraizando e buscando acomodo no espacio dos cuantificadores e acabou asentando definitivamente na proximidade semántica de *algum*. Pero de entre estes datos, que só representan unha primeira –e aínda insuficiente– aproximación á historia desta palabra en portugués, destacan dous polo seu interese: a datación tardía (non antes de mediados do XVI) e o seu evidente carácter culto. Non figura no portugués culto de autores anteriores, como

Fernão Lopes, Gil Vicente ou Bernardim Ribeiro[15] e debe ser considerado, con toda razón, unha consecuencia da aplicación da nova ideloloxía lingüística do Renacemento.

Creo non incorrer en erro se digo que as influencias do Renacemento non chegaron a Galicia traídas de Portugal, senón de Castela. Os galegos que colaboraron neste movemento cultural fixérono enrolados xa na empresa do castelán. É paradigmático o caso de Juan Rodríguez de Padrón, criado na corte de Juan II (Monteagudo 1999: 199-200). No século XVI Galicia xa se convertera nun reino de retagarda que vehiculaba tódalas súas actividades –incluídas as culturais e lingüísticas– a través da capital do novo reino de España e da súa lingua oficial, o castelán. A cultura escrita que chegou a Galicia fíxoo normalmente en castelán e a pouca que se elaborou en Galicia tamén se fixo nesa mesma lingua. Desde aquela o portugués converteuse para o galego nun simple eco a cada paso máis afastado e sen capacidade para guiar ningunha empresa de reflotación idiomática en Galicia. Dificilmente, pois, podía servir de modelo de introducción de *Vario(s)* o portugués e si podía, en cambio, actuar neste sentido o castelán. No último cuartel do século XIV asístese na literatura en castelán á transición ós novos gustos italianizantes. Aparece a poesía alegórica pola influencia exercida por Dante e Petrarca, e López de Ayala traduce parcialmente as *Caídas de Príncipes* de Boccaccio. Esta corrente vigorízase e a ela incorpóranse figuras relevantes das letras castelás como Micer Francisco Imperial, Enrique de Villena e, máis tarde, o Marqués de Santillana e Juan de Mena (Lapesa 1980: 265-267). Recobrou auxe a literatura grecolatina e algúns dos seus próceres foron traducidos. Precisamente é nestas traduccións onde se documentan –ata onde sei neste momento– os primeiros rexistros de *Vario(s)* en castelán[16]. No *Orosio* de Juan Fernández de Heredia (1376-96) colléitase unha boa presada de exemplos (*"varias et diuersas gentes", "varios concurrimientos", "grandes et varias injurias", "muchas et varias batallas", "muchos et varios consellos"*...), anteriores en 200 anos ós exemplos cervantinos citados como os máis antigos por Corominas / Pascual (1997) no seu diccionario (*s.v.* VARIO). As seguintes documentacións sucédense sen interrupción a partir desta época e son testemuño do éxito inmediato desta forma nas letras castelás. Desde fins do XIV e ata 1550, data aproximada das primeiras documentacións portuguesas, xa figura con evidente grao de implantación na obra de practicamente tódolos escritores en castelán: López de Ayala, Enrique de Villena, o Marqués de Santillana, Juan Rodríguez de Padrón, Juan de Mena, Lope de Barrientos, Pero Díaz de Toledo, Alfonso de Toledo, Alfonso García de Salazar, Hernando del Pulgar, Juan del

[15] Agradézolle a Juan Carrasco a cabal información que me facilitou relativa á *Menina e moça*.

[16] Servinme da información contida no *Corpus Diacrónico del Español (CORDE)*, integrado xuntamente co *CREA (Corpus de Referencia del Español Actual)* no *Banco de datos del Español* da Real Academia Española, accesible a través de páxina web ***www.rae.es***.

Encina, Diego Enríquez del Castillo, Fray Vicente de Burgos, Francisco López de Villalobos, Fernando de Rojas, Torres Naharro, Fray Antonio de Guevara, Garcilaso de la Vega, Juan Boscán, Juan de Valdés, Fray Luis de Granada e un longo etcétera.

Mentres o castelán e o portugués tomaban alturas como linguas de cultura desde os inicios da Idade Moderna, o galego íase encollendo, apartado das instancias de decisión da sociedade galega. Como o doutras moitas palabras eruditas introducidas na mesma altura, o asentamento de *Vario(s)* en portugués foi un proceso propio lento e vagaroso de catro séculos, cun desenvolvemento espontáneo e nunha situación de normalidade e monolingüismo. En Galicia, pola contra, a lingua propia permaneceu á marxe de tales innovacións. O galego nesta altura estaba claramente incurso nunha liña de decadencia de prestixio e de uso que o levou practicamente a desaparecer dos ámbitos formais e cultos e, en consecuencia, tamén da escrita. O afastamento das correntes renovadoras do Renacemento impediu o desenvolvemento asociado a esta primavera lingüística e deixou o galego aferrado ó rexistro coloquial, insensible a calquera cambio derivado do cultivo formal e elevado da lingua. Por ese motivo non vexo outra explicación para a aparición de *Vario(s)* en Galicia que a da transferencia desde o castelán. Nesta lingua instalouse moi paseniñamente a intelectualidade galega desde finais do século XV (Mariño 1998: 201-231) e foi mercé á penetración do castelán como esta forma se foi introducindo. É atinado pensar que o grao de presencia de *Vario(s)* era proporcional ó grao de penetración do castelán e, neste sentido, é fácil imaxinar unha inmensa maioría da sociedade galega aferrada en exclusiva ó galego e unha moi escasa minoría dirixente instalada no castelán. Este grupo debeu de se-lo primeiro en usa-lo pronome *Vario(s)*. Primeiramente debeuno ter reducido ó castelán pero posteriormente propagouno tamén ó seu galego. Moi probablemente as documentacións primeiras do XIX anteriormente mencionadas (*A Casamenteira* e *A Parola de Cacheiras*) están a reflectir ese uso transferido do castelán en persoas que escribían en galego despois dun silencio colectivo secular, pero desde unha praxe persoal fortemente vencellada ó castelán tanto pola educación recibida como polo seu ambiente lingüístico cotián.

Referencias bibliográficas

Alonso, I. (1995): *Diccionario da lingua galega*. Santiago (Sotelo Blanco Edicións).

Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H. (1986): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).

Anónimo (1836): *Parola k'houbo entre Goriño Antelo, Farruco Allende, e Antón Terelo a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de Cacheiras, relatada ó pé da letra por un urbano que à oeu agachado tras d'unha pipa; que viña de*

camiño. Cito pola edición de R. Mariño (1991): *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do Prerrexurdimento galego (1805-1837)*. Microficha (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago).

AT: Tavani, G. (ed.) (1999): *Arte de trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa. Introdução, edição crítica e fac-símile* (Lisboa: Colibri).

Badia, A. (1994): *Gramàtica històrica catalana* (València: Tres i Quatre).

Bugarín, M. X. (1999): *Vocabulario de frecuencias da lingua galega*. Tese de Licenciatura (inédita) presentada na Universidade de Santiago de Compostela.

Carballeira, X. M. (coord.) (2000): *Gran Diccionario Xerais Da Lingua* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).

Carballo, R. (1966): *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).

Carrasco, J. (1991): Saudades o Menina e Moça *de Bernardim Ribeiro. (Composición, estructura y estudio lingüístico)*. Tese de Doutoramento (inédita) presentada na Universidade de Salamanca.

Castro, R. de (1872): *Cantares Gallegos* (Madrid).

Coromines, J. / Pascual, J. A. (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols (Madrid: Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991]).

Costa, X. X. / González, M. dos A. / Morán, C. C. / Rábade X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da língua* (A Coruña: Vía Láctea).

Couceiro, J. L. (1975): *El habla de Feás* (Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade [anexo 5 de *Verba*]).

CSM: Mettmann, W. (ed.) (1981): *Cantigas de Santa Maria*. 2 vols. (Vigo: Ed. Xerais de Galicia).

CT: Lorenzo, R. (ed.) 1985): *Crónica troiana. Introducción e texto* (A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa").

Cunha, A. G. da (1997): *Dicionário etimológico Nova Fronteira da língua* portuguesa (Rio de Janeiro: Nova Fronteira).

Curros, M. (1888): *O Divino Sainete* (A Coruña).

Cuveiro, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Pontevedra: Imprenta Antúnez).

Dev: Ferro Couselo, X. (ed.) (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. (Vigo: Galaxia).

Enríquez, M. C. (1976): "Fonética y fonología del gallego de O Grove", *Verba*, 3: 127-160.

Fandiño, A. B. (1949 [1812]): *Sainete en gallego para cuatro personas, del célebre literato D. Antonio Benito Fandiño. Juguete inédito, hallado entre los papeles de un curioso del autor, y se da a luz para honrar su memoria..* Ourense: Oficina de D. Juan María Pazos. Cito por R. Mariño (1991): *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do Prerrexurdimento galego (1805-1837).* Microficha (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago).

Feixó, X. (dir.): *Diccionario Cumio da lingua galega* (Vigo: Edicións do Cumio).

Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía galega* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).

Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega* (Santiago: Laiovento).

Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía* (Santiago: Laiovento).

Franco, X. L. (1972): *Diccionario galego-castelán* (Vigo: Galaxia).

Freixedo, X. M. / F. Álvarez (1985): *Diccionario de usos castellano-gallego* (Madrid: Akal).

Freixeiro, R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe* (Vigo: Edicións A Nosa Terra).

García de Diego, V. (1909): *Elementos de gramática histórica gallega* (Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez).

HT: Parker, K. M. S. (ed.) (1975): *Historia Troyana.* Edición e introducción de ... (Santiago: Instituto "Padre Sarmiento").

Instituto da Lingua Galega (1971): *Gallego 1* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago).

Justo, M. X. / M. Lucas (eds.) (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Lapesa, R. (1980): *Historia de la lengua española* (Madrid: Gredos).

LP: Brea, Mercedes (coord. ed.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa.* 2 vols. (Santiago de Compostela: Publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro" / Xunta de Galicia).

Lugrís, M. (1922): *Gramática do idioma galego* (A Coruña: Imprenta Zincke Hermanos).

Mariño, R. (1998): *Historia da lingua galega* (Santiago: Sotelo Blanco).

Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática castellana-gallega con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedidos de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado* La creación y redención. *Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor* (Santiago: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás).

Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega* (Vigo: Galaxia).

Monteagudo, H. / García, X. (coords.) (1992): *Diccionario normativo galego-castelán* (Vigo: Galaxia).

Montenegro, A. (1896): *Muxenas* (Vigo).

MS: Pensado, J. L. (ed.) (1958): *Os Miragres de Santiago. Versión gallega del Códice latino del siglo XII atribuido al papa Calisto I* (Madrid: C.S.I.C. Anexo LXVIII da *Revista de Filología Española*).

Pintos, J. M. (1853): *A gaita gallega* (Pontevedra: Impr. de D. Xosé e D. Primitivo Vilas).

Porto, A. (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana* (Santiago: Servicio de Publicacións da Universidade [Anexo 9 de *Verba*]).

Real Academia Española: *Corpus Diacrónico del Español (CORDE)*, integrado xuntamente co *CREA (Corpus de Referencia del Español Actual)* no *Banco de datos del Español* da Real Academia Española, accesible a través de páxina web ***www.rae.es***.

Real Academia Galega (1993): *Pequeno diccionario da lingua galega* (A Coruña: Real Academia Galega).

Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Vigo: Artes Gráficas Galicia) [Presenta variacións a terceira edición –revisada–, de 1995).

Rivas, E. (1978): *Frampas. Contribución al diccionario gallego* (Salamanca: Editorial Ceme).

Saco, J. A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto y Freire).

Santamarina, A. (ed.) (2000): *Diccionario de diccionarios* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

TA: Domínguez Fontenla, J. (ed.) (1938-1939): "Tratado de Albeitaría por Jordan Rubio, de Calabria", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XI (1938), 238: 302-309; 239: 345-352; 240: 395-402; 241: 451-458; 242: 495-502; 243: 543-550; XII (1939), 244: 13-20; 245: 93-100; 246: 109-115, 251: 261-264.

Taboada, M. (1979): *El habla del valle de Verín* (Santiago: Servicio de Publicacións da Universidade [Anexo 15 de *Verba*]).

TC: Lorenzo, R. (ed.): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de ... Tomo I: Introducción, texto anotado e índice onomástico; Tomo II: Glosario (Ourense: I.E.O.P.F.).

Teyssier, P. (1982): *Historia da Língua Portuguesa* (Lisboa: Sá da Costa Editora).

Valladares, M. (1880): *Maxina ou a filla espúrea,* en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, t. II.

Valladares, M. (1970 [1892]): *Elementos de gramática gallega* (Vigo: Galaxia/Penzol).

Veiga Arias, A. (1983): *Algunas calas en los orígenes del gallego* (Vigo: Galaxia).

Xove, X. (coord.) (1995): *Diccionario da lingua galega* (Vigo: Obradoiro / Santillana).

Revista GaLEGa de filoloxía

Interferencia e niveis de uso dalgunhas construcións con pronome posesivo en galego

Xosé Ramón Freixeiro Mato
Universidade da Coruña

0. Introdución

Os posesivos son deícticos persoais que indican con que persoa gramatical está en relación o substantivo que acompañan; isto é, expresan unha relación de natureza referencial e, eventualmente, unha relación de posesión ou pertenza, moitas veces de carácter inalienábel ou inherente (*As súas pernas son longas*) e outras (a verdadeira posesión, aquela que se pode adquirir) de carácter alienábel (*A miña embarcación está avariada*). Os pronomes posesivos son pronomes referenciais precisos ao situaren un determinado substantivo -o núcleo da frase nominal- en relación co emisor (posesivos de primeira persoa), co receptor (posesivos de segunda persoa) ou cunha terceira persoa que pode ser calquer elemento do discurso. Entanto que a relación referencial é constante no posesivo, a relación de posesión non o é na mesma medida; de aí a inadecuación terminolóxica (Varela Barreiro 1982: 269). Os posesivos non sempre expresan relación de posesión, pois a súa significación é moito máis ampla e pode comprender relacións actanciais (*a túa chegada* 'ti chegache'), causativas (*a miña carta* 'escrita por min'), de interese (*a súa finalidade* 'o que el procura'), participativas (*a nosa equipa* 'de que formamos parte'), situacionais (*a súa urbanización* 'onde está situada a casa en que vive'), de procedencia (*a túa aldea* 'de onde es') ou de materia (*a túa biografía* 'que trata sobre ti'), para alén das relacións afectivas (*o meu amigo, o teu Pepe, a nosa terra*).

Como a maior parte dos pronomes, que conforman inventarios fechados de palabras gramaticais con reducido número de unidades, os posesivos en galego teñen unha alta frecuencia de uso tanto na lingua oral como na escrita e aparecen en numerosas construcións con diferentes usos e valores, a se converteren en elementos de grande rendibilidade e expresividade (Freixeiro Mato 2000: 219-234). Mais posibelmente tampouco o funcionamento dentro da lingua deste tipo de

unidades se teña mantido á marxe das interferencias provocadas pola imposición durante séculos do castelán como única lingua oficial en territorio galego. Así mesmo, a falta dun modelo culto de lingua galega nas centurias precedentes tamén teña dado orixe a unha inconveniente mistura de usos populares ou vulgares con usos formalizados ou cultos. A analisarmos estas cuestións dedicaremos as páxinas seguintes.

1. Posíbeis castelanismos

Ben por careceren de tradición histórica, ben por confluíren sincronicamente coa solución da lingua de interferencia, ou por ambos os factores, certas construcións do pronome posesivo resultan hoxe altamente suspeitosas de seren castelanismos máis ou menos disfarzados na lingua galega. Referirémonos en concreto aos casos de adverbio ou locución adverbial seguido da forma feminina do posesivo con valor circunstancial locativo, á ordenación substantivo + posesivo en estruturas atributivas e ao chamado 'posesivo de respeito'.

a) *Diante miña*

O posesivo equivale a *de* + pronome persoal (*a tú casa = a casa de ti*); por iso podemos afirmar que os posesivos son os adxectivos correspondentes aos pronomes persoais, funcionalmente substantivos (Mattoso Câmara 1982: 122). Tal relación entre os posesivos e os pronomes persoais levou, por outra parte, a identificar construcións como *diante de ti* e *diante túa*, *enriba de nós* e *enriba nosa* ou *detrás del* e *detrás súa*, as segundas para uns lexítimas en galego e para outros produto da interferencia castelá. Así, entanto Álvarez / Monteagudo / Regueira (1986: 221) manifestan que cos "adverbios relativos de lugar, o complemento formado pola preposición *de* mais un pronome persoal pode ser sustituído pola forma feminina singular do posesivo", Costa / González / Morán / Rábade (1988: 112) rexeitan estas últimas construcións "por seren decalques puros do español vulgar". Sería este o caso máis claro de afastamento do posesivo do valor semántico de posesión ou pertenza, dado que o seu valor é simplesmente referencial. Porto Dapena (1977: 165) deixa constancia da existencia desta construción na comarca ferrolá, afirmando que aínda que "no es ajena al castellano, es tal vez más frecuente en el gallego de nuestra comarca". Taboada (1979: 121) tamén a rexistra no val de Verín e resalta que o posesivo "siempre se emplea en la forma femenina, frente al castellano que emplea la masculina y la femenina indistintamente, pero con una tendencia mayor hacia la expresión en el masculino: *tiña a trabe encima súa; salíu da misa didiante miña; detrás súa estaba o neno*".

Ora ben, a construción tradicional e propria do galego é a frástica (*de* + pronome persoal), que domina aínda hoxe en todo o territorio, segundo afirma Silva

Domínguez (1995: 16): "Da información proporcionada polos mapas despréndese que a frase preposicional *de + persoal* é posible en calquera punto do noso territorio lingüístico como modificador da frase adverbial. O posesivo, pola súa banda, coñece unha distribución irregular e esporádica nas provincias de A Coruña, Ourense e Lugo, mentres que compite con maior claridade coa alternativa frástica en Pontevedra, especialmente na súa zona sur. Aínda así, en ningún punto dos rexistrados nestes mapas esta unidade chega a substituír totalmente a frase preposicional". A construción con posesivo (*diante súa*) é innovadora no galego actual, non se rexistra regularmente na xeografía galega e aponta, máis unha vez, na dirección de afastamento do portugués e da confluencia co castelán, que neste caso, ademais, a rexeita por vulgar na súa norma culta, apesar da grande extensión do seu uso[1]. Despois de afirmar que "a lingua estándar ou *galego común* non debe ampara-la xeneralización do posesivo fóra do ámbito nominal, e que no rexistro formal da lingua ha de evitarse a introducción deste tipo de secuencias", Silva Domínguez (1995: 17-18) conclúe: "En fin, e dado que se trata dunha posibilidade constructiva ignorada por boa parte do territorio lingüístico galego, descoñecida na lingua literaria decimonónica e rexeitada maioritariamente na contemporánea, podemos considerala unha innovación dialectal, respectable como tal e posiblemente lexítima en galego, pero non aceptable nin promocionable na norma común ou estándar".

Pola nosa parte aínda iríamos algo máis alá, suxerindo o total rexeitamento destas construcións con posesivo en lugar de *de + pronome persoal* no galego formalizado e culto por se tratar dunha interferencia foránea dobremente condenábel: como castelanismo e mais por se tratar dun vulgarismo na propria lingua de orixe. Totalmente rexeitábeis resultan tamén expresións aínda máis vulgares e cada vez máis frecuentes no galego falado como **Paso túa* (por *Paso de ti*) ou **Riuse miña* (por *Riuse de min*), así mesmo de evidente filiación castelá.

Un caso diferente semella ser o de *en contra nosa*, onde a presenza do posesivo se xustifica pola interpretación de *contra* como substantivo (cfr. *na nosa contra*), equiparábel ao caso de *ao lado teu* (cfr. *ao teu lado*), *en favor teu* (cfr. *no teu favor*), etc. Sería este tamén o caso de *ao pé (de), ao redor (de), a / ao carón (de)*, onde o "carácter orixinariamente substantival do seu núcleo permite considerar totalmente lícita e tradicional a presencia do posesivo na estructura xerada por elas.

---

[1] Véxase o que afirma ao respeito Silva Domínguez (1998: 17): "Desde a nosa perspectiva, a presencia do posesivo fóra dos límites da frase nominal pode explicarse en galego a partir de consideracións relativas ó funcionamento do propio sistema, sen que sexa necesario aludir á intervención do castelán para o desenvolvemento de ningún dos factores que posiblemente deron orixe ó fenómeno [...]. Certo é que a presencia do castelán como lingua ambiental no territorio lingüístico galego puido favorece-la expansión da mesma, aínda que a avaliación desta influencia é difícil de efectuar". Por outra parte, Alarcos (1998: 97), sen condenar claramente casos como *alrededor mío, en contra tuya, en torno vuestro, delante suyo* ou mesmo *en su delante*, afirma que aínda que "alguno de estos usos no sea recomendable, es frecuente tanto en Hispanoamérica como en España".

Bo indicio deste feito é a posibilidade de anteposición ou posposición do mesmo, sen ningún tipo de problemas" (Silva Domínguez 1995: 12).

b) *É amigo meu*

Como norma xeral a frase constituída por posesivo + substantivo debe ser en galego articulada, máis unha característica peculiar do sistema lingüístico galego-portugués na actualidade (non exclusiva, pois tamén se dá no catalán, no romeno e no italiano) frente ao castelán e ao francés, que, se ben inicialmente a adoptaron, logo a foron perdendo, ao revés do que aconteceu no romance hispánico occidental (Pino Serrano 1996: 223). A ausencia de artigo cos nomes de parentesco vén xustificándose polo feito de expresaren unha individualidade única, excluíndo outras, e tamén por os substantivos posuíren o trazo sémico [+ respeito]; por isto mesmo tampouco levarían artigo outros substantivos, precedidos de posesivo, que tamén indican seres únicos e mais conteñen o trazo de respeito. Varela Vázquez (1997) rexeita o criterio de individualidade única e defende o de respeito; por outro lado, e sempre con base en dados estatísticos, constata que ao longo do século XIX e principios do XX se produciu un aumento progresivo das estruturas articuladas con nomes de parentesco. Fóra destes casos, o posesivo que non estiver a acompañar un substantivo unicamente poderá aparecer por norma xeral sen artigo cando for atributo (*Este libro é meu / Ese libro é o meu*): a presenza ou ausencia do artigo ten repercusións semánticas e produce unha diferenza de determinación. Igual acontece caso de o atributo ou predicativo estar constituído por posesivo + substantivo (*Son meus viciños / Son os meus viciños*).

Na procura dunha explicación para a dupla posibilidade de uso ou non do artigo con posesivo + substantivo de parentesco, para alén das explicacións máis difundidas e coherentes (a elevada frecuencia destes substantivos na función de vocativo e o paralelismo desta construción cos nomes proprios canto ao estabelecimento da referencia), semella moi útil tomarmos en consideración (previa substitución da denominación de 'substantivos de parentesco' pola de 'substantivos relacionais humanos', para desa forma darmos acollida a substantivos como *amigo* ou *viciño*, por exemplo) a "ambigüidade categorial" substantivo / adxectivo (Silva Domínguez (1996: 8) que estas unidades lexicais apresentan, ben perceptíbel na función sintáctica de atributo (*É meu amigo; É o meu amigo; É moi amigo meu*).

Na análise das estruturas atributivas podemos distinguir entre cláusulas copulativas ecuacionais, caracterizadas por expresaren identidade referencial entre suxeito e atributo, con posibilidade de inversión destes constituíntes (*Xoana é a muller que conduce o autocar / A muller que conduce o autocar é Xoana*), e cláusulas copulativas predicativas, que atribúen unha cualidade ao suxeito e que non oferecen a mesma posibilidade de inversión (*Antía é condutora de autocares*); a

pronominalización do atributo é concertada no primeiro caso (*Xoana éa*) e non concertada no segundo (*Antía éo*). Para alén destas diferenzas, na cláusula ecuacional prodúcese a presenza do artigo, entanto que na cláusula predicativa este está ausente. O mesmo pode ser observado en atributos formados por posesivo + substantivo: *Alberte é o meu amigo* (cláusula ecuacional) / *Alberte é meu amigo* (cláusula predicativa). En consecuencia, todo semella indicar que a presenza da unidade articular no atributo da cláusula pode converterse en marca formal para a indicación de diferenzas semánticas, de maneira que "a forma articulada propicia necesariamente unha interpretación clausal ecuacional para a cláusula en que funciona de atributo, e a non articulada presenta un valor predicativo" (Silva Domínguez (1996: 6)[2]. Desta forma pódense explicar tamén as diferenzas semánticas entre *É meu viciño / É o meu viciño*, e mais entre *É meu pai / É o meu pai.*

No galego de hoxe conviven o modelo articulado (*É o meu amigo*) e o non articulado (*É meu amigo*) cun terceiro modelo, innovador, que pospón o posesivo ao substantivo (*É amigo meu*). Seguindo a análise de Silva Domínguez (1996), nos textos do século XIX predomina o modelo *É meu amigo*, sendo factores de carácter contextual os que propician unha interpretación ecuacional ou predicativa. No século XX diminúe o uso desta estrutura non articulada, se ben se mantén en cantigas e textos literarios máis achegados á lingua tradicional. Ora ben, nos textos orais predominan xa os atributos de interpretación predicativa con posesivo posposto (*É amigo meu*), entanto que a estrutura articulada semella especializarse na expresión de efeitos semánticos derivados do valor do artigo como cuantificador de totalidade (*É o meu amigo / É amigo meu*), solucións que se afastan da tradicional decimonónica e do portugués, que consagra a distinción entre estrutura articulada para as cláusulas ecuacionais e non articulada para as predicativas, sen se producir a posposición do posesivo. Mediante esta fórmula o portugués parece superar a particularidade que supón o comportamento dos chamados nomes de parentesco e igualar o comportamento dos substantivos a respeito da presencia ou ausencia do artigo co posesivo (Meier 1948: 189-190), tendencia innovadora que o galego non consolidou talvez tamén neste caso pola interferencia do español.

Se a presenza de artigo obriga en galego a unha interpretación ecuacional da cláusula (*Henrique é o meu amigo*), a súa ausencia non presupón necesariamente unha leitura predicativa para a secuencia, pois esta vai depender de factores pragmáticos (*Henrique é meu amigo*); neste sentido, o predominio actual da

[2] Coincide nisto Silva Domínguez con Meier (1948: 183-185) ao afirmar este a propósito da alternancia *meu pai / o meu pai*: "quando se trata de indicar a qualidade do parentesco [...], deve aparecer a forma sem artigo. Os nomes de parentesco não têm aqui um tratamento diferente de outro substantivo ('Isto é *ouro*'; 'Não é *ouro* tudo o que brilha'): a falta do artigo salienta em primeiro lugar a qualidade inerente ao substantivo, facto que muitas vezes leva até à sua adjectivação [...]. Com o verbo *ser*, etc., este último tipo [*o meu pai*] tende mais para a função identificadora, para indicar o indivíduo, a categoria exterior da pessoa, e não a qualidade íntima".

estrutura predicativa con posesivo posposto (*Henrique é amigo meu*) podería ser interpretado como un primeiro paso para a diferenciación clara dos dous valores. Porén, "e dado que en portugués o procedemento foi instaurado (presenza/ausencia do artigo) sen que isto implicase un reordenamento lineal da frase, tamén podería tratarse dunha interferencia sintáctica do castelán no galego oral" (Silva Domínguez 1996: 16).

Máis unha vez, achámonos cunha solución non tradicional no galego-portugués que surxe na última época do galego en diverxencia coa solución adoptada polo portugués e que vén a coincidir coa propria do español. Máis un caso, pois, ao noso modo de ver, de interferencia sintáctica.

c) *Mi madriña*

Un dos usos e valores destacados do pronome posesivo é o chamado posesivo de respeito. Trátase da utilización do posesivo de primeira persoa como fórmula xeral de respeito e acatamento seguido do título, dignidade ou cargo que posúe a persoa a quen o falante se dirixe (*Si, meu señor; Non, miña señora; Nosa Señora nos axude*), en especial como fórmula de obediencia no ámbito da disciplina militar (*Si, meu capitán; Ás súas ordes, meu tenente*). Polo xeral o posesivo de respeito non vai precedido de artigo por seren os substantivos capaces de apresentaren un contido sémico de máis respeito os que escollen a estrutura non articulada (*Meu pai rifoume; Noso Señor o garde*); para alén dos substantivos que indican parentesco, outros substantivos como *amo, señor* ou *dono* "permiten maioritariamente o uso restrinxido do artigo porque tamén posúen o sema [+ respecto]" (Varela Vázquez 1997: 366).

Estamos a falar, pois, das formas *meu(s), miña(s), noso(s), nosa(s)* empregadas como fórmulas de respeito. Mais fálase así mesmo dunhas formas átonas fosilizadas de respeito (*mi(s), tu(s), su(s) , noso(s) / -a(s), voso(s) / -a(s)*) a acompañaren os substantivos *padre, madre, tío, señor, amo* e o plural *padres* (Álvarez / Regueira / Monteagudo 1986: 223-224), e que hoxe se rexistran case exclusivamente en moi determinados ámbitos da fala coloquial, con vixencia tamén nalgunhas cantigas populares e na literatura dos dous últimos séculos, principalmente a forma *mi*: *-**Mi** madriña, **mi** madriña, / levaime a donde quixeras [...] / -Non mo preguntés, **mi** madre, / vale máis que nunca o sepas* (Rosalía, *FN* 82); *veredes o que ela dixo, / berrando moito: 'ai, **mi** ama, / ¿e que camisa lle esculco, / a de estopa, ou a sin faldra?'* (Noriega, *OC* I, 247); *¡Ai, Deus, Daniel! ¿Non lembras a Rañolas? / ¡Eu non quería aló quedar, **mi** madre!* (Aquilino, *PGC* 268); *-¡Ai, **mi** madriña, que afogo! [...] -Non calma, **mi** madre, non calma* (G. Barros, *Contiños* 197). Tampouco neste caso aparece nunca o artigo a preceder esta construción de respeito: *-Agora, díxome a min **mi** amo mui serio, pecha con tres voltas de chave a portalada* (Cunqueiro, *MF* 77); ***Mi** amo quedou caviloso coas*

noticias da carta, e mandou chamar a Marcelina (Cunqueiro, *MF* 44)[3]. O ámbito de coloquialidade en que esta forma aparece fai posíbel tamén a apócope afectiva, propria da linguaxe infantil, de *madre* e *padre* en *má* e *pá*: *-Non soñei,* ***mi*** *má, non soño, / anque soñar ben quixera* (Rosalía, *FN* 83); *E eu heillo de decir a* ***mi*** *pá* (G. Barros, *AAQ* 130).

Mais, na realidade, semella estarmos neste caso perante unhas formas procedentes "do español, lingua que socialmente, en relación ao galego, pode cumprir funcións tanto eufemísticas como de respeito, de explicación clara do ponto de vista sociolingüístico" (Ferreiro 1999: 265). Porto Dapena (1977: 159) rexistra estas formas na comarca ferrolá e fai fincapé nesa procedencia castelá, con especial incidencia no mundo rural: "Es curioso observar que en los pueblos donde el gallego ofrece un menor grado de castellanización se emplean, sin embargo, sintagmas como *mi padre, tu madre, su padre*, en lugar de *meu pai, túa nai, seu pai*, etc., que, por el contrario, se utilizan en los pueblos más influenciados por la ciudad y donde, precisamente, aquel uso se siente como rusticismo. Los sintagmas castellanos, frente a los correspondientes gallegos, suponen para quienes los utilizan una idea de mayor respeto hacia los progenitores. No hay que olvidar que las relaciones entre padres e hijos varían de la ciudad al campo, bien es verdad que esas diferencias se van borrando cada vez más: en el medio rural, por ejemplo, no es infrecuente tratar de usted al padre y a la madre, por quienes se siente un respeto casi rayano con el temor, fenómeno bien contrario a lo que está ocurriendo en nuestras ciudades. A esto hay que añadir la circunstancia de que el campesino tiende a utilizar el castellano cuando se dirige a un superior en señal de respeto. A nuestro juicio, pues, los sintagmas *mi padre, mi madre*, etc. son fórmulas respetuosas tomadas del castellano en época temprana".

Porén, Varela Barreiro (1982: 275) afirma que a existencia da forma *mi*, exclusiva en Cunqueiro, "parece indicar que se trata dunha propagación a partir do vocativo, que nos textos medievais presentaba a forma apocopada do posesivo e, cando ese vocativo estaba constituído polos sustantivos 'pai' e 'nai', as formas 'padre' e 'madre', que non teñen por que ser españolas". Mais este estudioso non achega exemplos que demostren o seu uso na época medieval. A presenza de *padre* e *madre* como formas galegas na lingua medieval é clara e inclusive na lingua actual, mais non así as formas *mi, tu, su*, non recollidas nos glosarios nen rexistradas no portugués[4].

---

[3] Para o uso da forma *mi* en Cunqueiro, véxase Varela Barreiro (1982: 275-276), quen explica a secuencia *mi amo* por propagación do tratamento de máximo respeito aos proxenitores (*mi padre, mi madre*) para outros substantivos que designan seres tamén merecentes de respeito sen seren de parentesco. Mesmo asinala a distinción cunqueiriana entre *mi padre*, para o pai morto, e *miña nai*, para a nai viva.

[4] Só achamos referencia a un suspeitoso *mi pai* rexistrado no norte do país por Vasconcellos (1928: 21), que o autor remete para o español: "Numa parlenga que ouvi em Soajo, e na qual se pretende representar por satira a linguagem da Gavieira, diz-se *mi pai* por *meu pai*. Cf. o castelhano".

De todas as formas, difícil parece neste caso non termos en conta o contexto diglósico en que o galego moderno se desenvolveu, así como a influencia castelanizante da escola e da Igrexa, como pon en evidencia o seguinte exemplo: *Soio era permetido o ler os libriños da mensión cantándolle os versos: o 'Santo Dios', o 'Perdón, oh Dios mío!', 'Oh María, madre mía!', o 'Salve Señora!', etc., etc., que o Albertiño non odiaba, pero que, cheirándolle a Coresma, amanceirábanlle o azo sin podelo remediar* (G. Barros, *AAQ* 14). Se, para alén disto, tais supostos posesivos de respeito non teñen presenza na lingua histórica nen no portugués actual e o seu aparecimento no galego moderno se produce en coincidencia co español, máis unha vez, estas formas terán de ser rexeitadas no galego por espurias. Semella, pois, lóxico deducirmos que a lingua galega non ten máis formas que *meu(s), miña(s)* de primeira persoa tamén para a expresión de respeito: *Mire,* ***miñ'ama****: millor / ll'é botar todo revolto* (Leiras, *PGC* 234).

2. Construcións autóctonas

Por outra parte, o posesivo xerou en galego modernamente certas construcións ou usos peculiares que, sen teren presenza na lingua histórica nen non portugués, porén non oferecen dúbida canto á súa autoctonía. A cuestión que aquí se apresenta non é, pois, de lexitimidade ou de autenticidade, senón de rexistros ou niveis de uso. Dado que a súa xestación ten lugar no ámbito da fala espontánea e nun período histórico en que o galego estaba totalmente afastado dos usos cultos ou formalizados, algunhas destas construcións talvez se deban manter nese ámbito, tendo en conta tamén que a súa configuración obedece a fenómenos fonéticos proprios da fala popular ou vulgar (*cadanseu, ña*), se ben outras (*de meu*) non foron xeradas por esta vía e mesmo hoxe son percebidas como cultas ou literarias, razón por que semella conveniente mantelas no modelo de lingua culta que se está a conformar.

a) *Cadanseu, cadansúa*

Combinado co pronome *cada* en función adxacente, o posesivo, con ou sen a presenza do artigo, adquire valor distributivo (*Cada neno colleu (o) seu caramelo; Trouxo cada rapaz (a) súa guitarra*), de que achamos exemplos na lingua decimonónica, popular ou culta: *e* ***cada*** *gran* ***seu*** *diamante / che se volva cada día!* (Rosalía, *CG* 28); ***cada*** *semana* ***seu*** *día, /* ***cada*** *día* ***súa*** *ves* (P. Ballesteros, *CPG* II, 10).

Caso de *cada* ser adxacente do pronome *un* en función nuclear da frase, pode formarse a contracción popular *cadanseu, cadansúa, cadanseus, cadansúas* (*Regaleilles cadanseu reloxio*), segundo afirma Ferreiro (1999: 265): "En galego moderno existen aínda outras formas especiais (que acompañan sempre ao obxecto posuído, nunca ao posuídor), con valor posesivo-distributivo, *cadanseu(s), cadansúa(s)*, orixinadas pola aglutinación de *cada un seu* e *cada un súa*,

respectivamente". En Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 224) especifícase que esta forma é máis frecuente no singular do que no plural e que nunca aparece na frase nominal suxeito. Tamén existen as variantes *cadaseu(s), cadasúa(s).*

Semella claro que estas formas obedecen a fenómenos fonéticos proprios dun rexistro popular e inclusive vulgar, característicos da fala descoidada ou informal, que non deben tirarse do ámbito coloquial da oralidade en que se xeraron, pois entón por esa mesma vía tamén se poderían formalizar outras contraccións populares como **pr'onha* (*<para unha*), **contr'onha* (*<contra unha*) ou **com'on* (*<coma un*), por exemplo, rexeitadas na norma culta apesar de posuíren unha maior tradición literaria do que *cadanseu*, tamén xeralmente ignorada, por infrecuente ou por ser considerada como demasiado vulgar, na nosa tradición gramatical. Así, por exemplo, para alén de non ser citada no século XIX en Mirás (1864) nen en Valladares (1970: 44-45), feito nada estraño dada a pouca extensión e profundidade destas obras, podemos ler en Saco Arce (1868: 172): "El adjetivo *seu, sua* adquiere cierto sentido distributivo en algunas frases en que va sin artículo, traduciéndose en castellano por el numeral *uno*, como: *Cántos reás lles dou? A cada un seu*, ¿cuántos reales les doy? *Uno* á cada uno: *As libras non chegan mais que pra cada un sua*, las libras no alcanzan á mas que para dar *una* á cada uno. -Si á *seu* acompaña el artículo, recobra su significado propio: *Cada un que leve o seu*, que lleve cada uno *el suyo* ó *lo suyo* (según el sentido), esto es, el ó lo que le corresponda. Téngase cuenta con estas delicadezas de construcción".

Xa no século XX, non fai mención a estas formas Lugrís Freire (1931: 90), por exemplo, apesar de se referir a que os "pronomes demostrativos xúntanse algunhas veces ao posesivo" en frases como *Este meu pensar ê triste*; nen Carballo Calero (1979: 305-308), apesar de citar e dar por válida a construción *detrás miña* ou *diante nosa*; tampouco Carré Alvarellos (1967: 65-66). Temos de agardar á gramática publicada por Galaxia en 1986 para acharmos recollida esta aglutinación nunha das nosas gramáticas (Álvarez / Regueira / Monteagudo 1986: 224). Tampouco fan referencia a ela as gramáticas dialectais dos anos setenta (Couceiro Pérez 1976: 106; Porto Dapena 1977: 158-165) nen Taboada (1979: 120-121). Así mesmo, aínda non é recollida polo dicionario de Eladio Rodríguez ou de Franco Grande, por exemplo, ambos publicados na segunda metade do XX, nen nos diferentes traballos de recollida de léxico publicados en *Verba* polos anos setenta ou oitenta. Aparecerá finalmente no último terzo do XX nos dicionarios Xerais e da Real Academia Galega. Por outra parte, non temos constancia da súa presenza no portugués, pois non a achamos rexistrada en nengunha das gramáticas, dicionarios ou estudos dialectais consultados.

Na lingua literaria decimonónica e da primeira parte do XX deben ser raros, se é que os houber, os casos de aglutinación: *-Ide se querés a Ulla, que na estafeta tendes* ***cada un súa*** *carta* (Valladares, *Maxina* 69); *facían* ***cada un o seu*** *pitillo* (G.

Barros, *AAQ* 127); *Ó cabo dun pasillo había dúas portas sin porta de par, que daban* ***cada unha*** *a* ***seu*** *cuarto* (G. Barros, *Contiños* 175); *Os dous mexicáns emprenderon* ***cada un súa*** *louca carreira de porfías* (Otero, *TNS* 13). Mais xa na segunda metade do XX achamos intentos de reprodución desta aglutinación popular, se ben de forma incorrecta, fenómeno aínda hoxe frecuente: *Pegámoslle* ***cada seu*** *un bo grolo e resultou sere un licor doce e apegadizo* (Blanco-Amor, *AE* 108); *e deunos a* ***cada seu*** *un chisme daquiles* (Blanco-Amor, *AE* 110); *que endexamais se tiñan visto bébedos por soparado, ou* ***cada seu*** *en compaña de outros* (Blanco-Amor, *AE* 128). Nos vocabularios e glosarios existentes sobre a obra completa ou parcial dalgúns dos nosos autores máis significados do século XX a que tivemos acceso (Curros, Pondal, Noriega Varela, Celso Emilio, Cunqueiro, Cabanillas, etc.) tampouco aparece recollida esta forma aglutinada.

Podemos concluír, pois, que a forma *cadanseu(s), cadansúa(s)* non ten tradición na lingua escrita antiga ou moderna, producíndose a súa aparición nos textos literarios durante o século XX. Por conseguinte, tamén máis unha vez semella conveniente distinguirmos entre niveis de lingua e non incorporarmos á norma escrita xeral fenómenos vulgares por moi auténticos e lexítimos que sexan, especialmente de non viren avalados pola presenza histórica na mesma familia lingüística e pola tradición escrita moderna.

b) *Ña nai*

Para alén de indicar posesión ou pertenza, o posesivo pode ser índice de aproximación afectiva -amor, afecto, interese, etc. e de relación de familiaridade (*A miña terra, O meu Pepe*); ou de recriminación e conmiseración (*¡Miña xoia!, ¡Meu pobre!*); nestes usos propicia atmosferas comunicativas de intensidade emotiva proprias dunha relación íntima ou familiar. A relación de familiaridade e de afecto, que pode ir unida ou non á de parentesco, exprésaa sempre que o posesivo vai seguido do nome proprio de persoa (*A miña Helena é moi eficaz no seu traballo*).

Tamén posúe valor emotivo e de familiaridade moi marcado a forma reducida e vulgar *ña*, presente na lingua literaria ao esta reproducir en determinados textos e/ou épocas e autores a coloquialidade da lingua popular. Esta forma *ña*, aférese de *miña* (Ferreiro 1999: 265, nota 327), á parte de coloquial e familiar, ten un valor afectivo intensificado polos contextos en que aparece (*ña nai, ña filla*). Xa a achamos rexistrada na lingua literaria decimonónica e de principios do XX: *-Pois,* ***ña*** *Pepa, toma un trago / de resolio qu'aquí teño, / e durme,* ***ña*** *mulleriña, / mentras os meniños deito* (Rosalía, *FN* 187); *e, de levarte, / cala,* ***ña*** *rosa* (Leiras, *PGC* 238); *-Ña nai, ¡non lle faiga caso!* (Noriega, *OC* I, 518). Tamén se ten utilizado *ña* como posesivo de respeito a acompañar o substantivo *madre*: *Os de fóra chamábanlle a tía Xacoba; o fillo, a filla e a nora '***ña-madre***', e os netos 'madriña'* (G. Barros, *AAQ* 69).

Como forma da linguaxe popular parece ter presenza na lingua desde a época medieval, representada daquela como *enha, inha* ou *nha*, "sevindo o *e-* ou *i-*, que decerto então como hoje quase se não fazia ouvir na pronúncia, como de espécie de apoio à palatal", grafada como *enha* en Gil Vicente e como *inha* en Viterbo segundo Nunes, quen constata o uso da mesma forma aquén e alén Miño: "A forma *nha* existe também em galego, em situação proclítica, como na frase *nha mai*, igual à do nosso povo, *nha mãe* e outras idênticas" (Nunes 1989: 244). García de Diego (1909: 102) afirma que "*ña* se usa sobre todo en las frases *ña nai, ña madre, ña madriña*".

Non hai dúbida, pois, de que a forma posesiva *ña* é común a certos usos coloquiais do galego e do portugués. En consecuencia, o seu ámbito de uso debe restrinxirse a linguaxe oral, reservándose o seu emprego na lingua escrita só para cando esta quixer facerse eco, como trazo estilístico, da informal fala espontánea e afectiva[5].

c) *Teño casa de meu*

Outra construción peculiar do pronome posesivo é *de + meu, teu, seu, noso, voso*, sempre inmobilizado no masculino singular, sen concordar co posuidor nen co obxecto posuído: *señor ten casa de seu*. Foi denominado posesivo de propriedade plena (Varela Barreiro 1993: 62) ou exclusiva (Álvarez / Regueira / Monteagudo 1986: 222); en Costa / González / Morán / Rábade (1988: 111) xa se destaca que estas formas "subliñan enfaticamente o conceito de propriedade". Carballo Calero (1979: 307) fala de que "se emplea un posesivo analítico para un solo poseedor en las formas del masculino singular, bajo la construcción de genitivo posesivo regido por el nombre del objeto mediante la preposición *de*". Pola nosa parte pareceunos máis acaída a denominación de 'posesivo enfático' (Freixeiro Mato 2000: 221).

Recollida esta construción nas últimas gramáticas galegas publicadas, que se veñen de citar, porén non se menciona en toda a nosa tradición gramatical anterior, tanto decimonónica como do XX. Mais si foi incluída en traballos de natureza dialectal, como o de Couceiro Pérez (1976: 106) sobre a fala de Feás ("*de meu* 'de por mi', *de seu* 'de por sí, de suyo'") ou o de Porto Dapena (1977: 165) sobre o galego de Ferrolterra ("también en la comarca ferrolana se usan los sintagmas *de + meu, teu, seu*, para indicar que la pertenencia del objeto es absoluta, no por alquiler, préstamo, etc."); porén, Taboada (1979: 121) afirma que no val de Verín "frente al gallego general", non existen as "construcciones o formas analíticas (*vaca de meu, de seu,* etc.), de un solo poseedor, invariables al género y número".

---

[5] Aínda é máis restrito o ámbito de uso da forma *misia*, citado por García de Diego (1909: 102) e por Nunes (1989: 245) como redución de *mía señoría* dado o seu uso constante no tratamento. Dela posuímos algún testemuño na lingua literaria.

Por outra parte, se ben non alcanzou o grau de uso e prestixio literario que ten hoxe en galego, esta construción non é allea ao portugués, que a recolle nas súas gramáticas (Vázquez Cuesta / Mendes da Luz 1971: 176; ou Cunha / Cintra 1991: 327) e de que hai tamén testemuños na lingua literaria (Silveira 1960: 158-159), algúns datados nos séculos XVII (*Os grandes cortesãos fazem a vivenda do campo aborrecível, que ela* ***de seu*** *não é*, exemplo tirado de Francisco Manuel de Melo), XVIII (*A minha bela Marília / Tem* ***de seu*** *um bom tesouro*, de Tomás António Gonzaga) e XIX (*A mãe, viúva, com alguma cousa* ***de seu****, adorava o filho*, de Machado de Assis); inclusive na gramática seiscentista de Fernão de Oliveira (1536: 82) achamos, nos parágrafos introdutorios, un uso desta construción: *porque ella por sua vontade busca e ten* ***de seu*** *a perfeição da arte que outras nações aquirem com muito trabalho*. Por unha parte a escaseza de textos na nosa lingua durante os séculos do galego medio, e por outra a falta dunha procura sistemática da construción nos escritos decimonónicos, non nos permiten tirar conclusións fiábeis a respeito da súa aparición e frecuencia de uso. Mais pode ser que este uso do posesivo fose algo máis serodio en galego do que en portugués canto á súa manifestación escrita, se ben despois vai adquirir moita maior relevancia na nosa lingua literaria do que na do país viciño.

Talvez inicialmente a construción marcase unha relación de propriedade exclusiva, enfatizándoa (*Ten casa de seu*). Así nolo fan pensar os seguintes exemplos, un de Curros, posibelmente o único que aparece neste autor, e tres de Noriega, tamén os únicos que se rexistran na súa obra, feito que así mesmo pode levar a pensar, dada a fidelidade destes autores á lingua popular, nunha progresiva extensión e ampliación de usos desta construción desde un limitado emprego no século XIX exclusivamente con substantivos que indican propriedades alienábeis, como *casa, gando, terras* ou *vacas*, até unha maior xeneralización no século XX: *que* ***de teu*** *a ter chegache / unha terra regantía, / carro e gando* (Curros, *AMT* 160); *Tod'o que teño* ***de meu*** */ é non cobiza-lo alleio* (Noriega, *OC* I, 312); *Embreñarme procuro, e filiz fora, / si xa* ***de meu*** *tivera unha casiña* (Noriega, *OC* I, 444). Carballo Calero (1979: 307) cita outro exemplo significativo do poeta decimonónico García Mosquera: *e labra os eidos que seu pai labraba / con xugada* ***de seu****, libre de usuras*. Porén, este uso do posesivo non o achamos citado na gramática de Saco Arce (1868: 170-172), que si fala do posesivo 'cuyo' e do posesivo distributivo; nen tampouco máis tarde en Santiago y Gómez (1918: 185-186) ou en Lugrís Freire (1931: 87-91), por exemplo.

No século XIX moi poucos campesiños tiñan acceso á posesión das terras que viñan labrando e mesmo á propriedade do gando con que traballaban, de forma que foron precisas toda unha serie de revoltas labregas na segunda metade do XIX e a principios do XX para conseguiren a redención dos foros, que lles ía permitir posesionárense de direito dunhas terras que por lei pertencían a xente allea. Talvez no afán por resaltar a propriedade se potenciase esta fórmula lingüística de posesión enfática. Os poetas Aquilino Iglesia Alvariño e Crecente Vega, xa

plenamente pertencentes ao século XX, aínda utilizan a construción con substantivos alienábeis como fórmula de enfatizar a propriedade exclusiva de bens materiais: *Non vive, non, quen vive de alugueiro / e sabe que non ten nin un eixido / **de seu**, se o amo o bota, ni unha corte* (Aquilino, *PGC* 202); *Bèn ditoso é o labrègo que se pòda / valer en si, sin traballar no alléu; / que ten pra dar ós fillos unha coda; / un peso pra gastar; gado **de seu*** (Crecente, *C* 17).

Debeu de ser ao longo do século XX cando o uso desta estrutura se foi ampliando a outros casos, de forma que de modificador do núcleo dunha frase nominal de carácter alienábel pasase a funcionar como modificador do núcleo de frases inalienábeis (*Veu de América un tío de meu;*), modificador dun adxectivo, normalmente en función de atributo (*Este rapaz é listo de seu; Eu son optimista de meu*) ou modificador do núcleo do predicado (*O neno caíu de seu*)[6]. En todos estes casos, agás con substantivos de parentesco, apesar de se non expresar propriedade ou pertenza exclusiva, pode ser substituída a construción *de* + posesivo por algo máis ou menos equivalente a 'por si mesmo', igual que en *Ten casa de seu*, indicando que non hai axente estraño no feito, que non hai unha intervención exterior, etc.; isto é, tal construción resalta ou enfatiza a indicación dunha determinada relación (non exclusivamente de posesión ou pertenza, como tamén acontece co posesivo normal) entre unha determinada entidade, cualidade ou acción atribuída a alguén (ou algo) e unha persoa gramatical.

É, pois, un posesivo enfático, que nuns casos expresa propriedade plena ou exclusiva, e portanto entatiza a propriedade (*Temos vacas de noso*), e noutros simplesmente enfatiza unha vinculación dunha cualidade cunha persoa, que especificamente a posúe de forma inherente (*É intelixente de seu*), enfatiza unha relación de parentesco (*É parente de meu*) ao destacar tamén o valor de especificidade[7] ou enfatiza a realización dunha acción por parte dun suxeito sen

---

[6] Varela Barreiro (1982: 304-307), a partir da análise da construción en Cunqueiro, indica que esta aparece en dous contextos: no "sintagma nominal no que esta forma funciona como adxacente" e no "sintagma verbal no que funciona como 'aditamento' ou atributo"; neste último caso distingue tres estruturas: suxeito + verbo + 'de seu' (*e que se compromete a dálas brisas cada día, aínda que non sopren **de seu***), suxeito + verbo + atributo + 'de seu' (*Perrín de Buriz foi mui amigo **de meu***) e suxeito + verbo + obxecto + 'de seu' (*pro tes unha figura **de teu***). Acrecenta que "as formas 'de seu' están especializadas pra figurar no ámbito do verbo. As formas normais serían o índice da relación establecida polo posesivo dentro do ámbito do SN, e as formas 'de seu' seríano no ámbito do predicado. É unha oposición semellante á que se establece entre adxectivo e adverbio".

[7] Varela Barreiro (1993: 67-68) indica que nas "tres cuartas partes das ocorrencias" desta construción en Cunqueiro o substantivo asociado "é dos denominados 'de parentesco' en sentido lato, así como que "nas formas *De meu* con *Un* como Determinante a proporción é de 21 a 2 a favor dos substantivos de parentesco", do que deduce con toda a lóxica que a escolla desta fórmula no autor mindoniense "non obedece á intención de expresión do valor de propiedade plena". Para este estudioso é "o valor de especificidade, tomado en sentido lato, o que debe ser invocado nesta circunstancia, pois é el e a penas ningún outro o que ten operatividade na combinatoria do posesivo ordinario cos substantivos de parentesco e asimilados" (Varela Barreiro 1993: 62-63).

axuda exterior ao mesmo (*A casa derrubouse de seu; A mazá caíu de seu*). Os seguintes exemplos literarios ilustran estes casos: *a choiva rematou* ***de seu*** (M. Antonio, *Poesías* 109); *e ¡zas! abríase* ***de seu*** *como por encanto* (G. Barros, *Contiños* 165); *Disque a Micaela tiña feito testamento en favor do seu sobriño Bieito. O demais vén* ***de seu***... (Fole, *HNC* 182); *O seu rostro, escuro* ***de seu****, estaba cada vez máis escuro* (Celso Emilio, *FI* 103).

Nun autor como Álvaro Cunqueiro achamos maioritariamente estas formas cos substantivos de parentesco, onde non ten cabida a expresión da propriedade plena ou exclusiva, de forma que non é a intencionalidade do escritor de expresar esta a que o move a utilizar *de meu*, senón que talvez "fose o espírito de diferencialismo do galego respecto do castelán, o seu competidor non só na esfera do social senón tamén na da cotidianeidade de Cunqueiro, aínda que de ningún xeito se pode dicir que este cree a estructura. Polos datos gramaticais de carácter xeral de que dispoñemos, dá a impresión de que Cunqueiro actúa propagando a estructura do contexto oracional, pero abandonando o respecto á expresión destes valores" (Varela Barreiro 1993: 68). Acrecenta este estudioso: "Non estamos certos de que esta propagación sexa un acto da exclusiva responsabilidade de Cunqueiro. Cabe a posibilidade de que fose máis alá do que ían os galego-parlantes no proceso de propagación, pero que en calquera caso estaría presente nos dominios da gramaticalidade. O único que sabemos con certeza neste momento é que na área mindoniense está reservado o uso destas formas a substantivos do tipo de *Casa, Terras, Vacas*, designadores de propiedades alienables, e tan só como unha posibilidade -desmentida contemporaneamente- é admitida a combinatoria das formas *De meu* con substantivos de parentesco". Véxanse algúns exemplos: *Un primo* ***de meu****, gran cazador* (Cunqueiro, *CG* 132); *Unha vez, un tío avó* ***de meu****, don Serxio Moirón, contoume que il conocera ó Licho* (Cunqueiro, *EM* 106); *Tíñame por parente* ***de seu*** *iste Manuel Costa, alias Louzao de Mouride* (Cunqueiro, *Xente* 30).

Á vista desta ampliación de usos de tal construción na lingua literaria de autores como Cunqueiro e dado tamén o seu prestixio como trazo 'de noso', podería moi ben estar a acontecer que o seu emprego aumentase na lingua escrita e nos rexistros formais na mesma medida en que vai diminuíndo na oralidade por non existir no castelán. Tampouco neste caso estaríamos perante unha excepción, pois acontece o mesmo, por exemplo, co infinitivo flexionado ou en menor medida co uso do futuro de Subx., por non saírmos do ámbito da morfosintaxe. Non estaría de todas as formas mal que se historicamente foi o pobo galego, maioritariamente iletrado, quen nos conservou e transmitiu o idioma cos seus trazos máis definidores e característicos, poidan ser na actualidade os escritores e a xente culta en xeral quen preserve construcións peculiares e enriquecedoras da expresividade do idioma como esta. Son ilustrativas ao respeito as palabras de Varela Barreiro (1993: 68):

"Por outra parte, parece que asistimos á desaparición desta modalidade do sistema dos posesivos e cabe no posible que a obra de Cunqueiro reflicta o caos que precede normalmente á desaparición de elementos do sistema gramatical. Nós cremos, sen embargo, que Cunqueiro intervén experimentando cos posesivos na procura dunha lingua máis nosa, que non de noso".

Goza, pois, esta construción de toda a lexitimidade como fórmula propria do sistema lingüístico galego-portugués, a que se acrecenta unha especial expresividade como recurso enfático, cada vez máis consagrado na lingua culta actual, tanto oral como escrita.

3. O relativo posesivo *cuxo*

O relativo posesivo *cuxo* é un pronome hoxe cuestionado nalgún caso; véxase, por exemplo, Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 287): "*Cuxo, cuxa, cuxos, cuxas*, antiga forma de relativo posesivo, non existe no galego moderno, aínda que hai tentativas de restaurala por vía culta". Porén, a nosa tradición gramatical sempre o recoñeceu sob diversas formas: así, Valladares (1970: 45) faino como *cujo*, Saco Arce (1868: 171) como *cuyo* e Lugrís Freire (1931: 35) como *cuio*. Carballo Calero (1979: 310) aclara ao respeito: "El relativo *cujo* de la lengua antigua, aparece hoy escrito, si no adoptamos la ortografía etimológica, *cuxo*, como consecuencia de la desonorización de *z* y su conversión en *s*".

Cujo era, pois, a forma do galego-portugués medieval e *cuio* é un castelanismo usado popularmente co valor de *o cal* e tamén na lingua literaria que reflecte esa fala popular: *Os* ***cuios****, entre os que lembro, eran Xavier o Guedellas, o Betoben, que tocaba o sasofón na banda municipal; Duarte, o fillo máis novo da señora Aurora a frorista...* (Blanco-Amor, *XL* 254); *Falaba de que en Cuba había unha herba que usaban os negros pra acerta-la charada, e que lle iba pedir a un irmán seu,* ***cuio*** *tiña un tren de lavado en Holguín* (Cunqueiro, *EM* 82). Sobre este uso incorrecto afirma Carballo Calero (1979: 310): "Derivado del genitivo latino CUIUS, es, como el castellano 'cuyo', siempre genitivo en la lengua culta. Pero este uso etimológico 'del cual', no es corriente en la lengua popular. Ésta conoce el uso del castellanismo *cuio*, pero no como genitivo, sino como nominativo o acusativo. Es un vulgarismo rechazado por el lenguaje de las personas ilustradas". Baséase Carballo en Saco Arce (1868: 171) e nos exemplos por este achegados, quen afirmara: "El pronombre *cuyo, cuya,* es como en castellano *conjuntivo-posesivo*, según se advierte en este ejemplo: *No'hai ningun viciño,* ***cuyos*** *bês estean tan mal traballados, com'os d'iste* [...]. -Pero en tal acepción es poco frecuente en gallego: ordinariamente se emplea en las mismas ocasiones que el relativo castellano *el cual* y á veces *quien*"; e pon Saco como exemplos *N-iste medio chegou o aguacil,* ***cuyo****, vendo aquelo, deulle parte ó alcalde* e *Fun*

ver un amigo, ***cuyo****, así que entrei, topein-o rifando*. Outros escritores teñen feito uso correcto de *cuxo* mais sob a forma castelá *cuio*: *A oposición a Castela salva os ataques que poidéramos dirixirlle a España,* ***cuio*** *nome tivemos que humedecer cunha letra de máis* (Castelao, SEG 330); **cuios** directivos, *dempois de deliberar longamente, acordaron por unanimidá sinalar a Mombó como carneiro espiatorio* (Celso Emilio, *FI* 102); *A xente non sabía que pensar daquel espantallo* ***cuia*** *enorme cabeza sobresaía dúas coartas riba do muro* (G. Barros, *AAQ* 48).

Así pois, o pronome relativo *cuxo* concorda en xénero e número co substantivo que acompaña (*O escritor cuxas ideas tanto admiras non é un exemplo a imitares na súa vida privada*), e indica unha relación de posesión similar aos posesivos; actúa como xenitivo (= *do cal, da cal*) só con función adxectiva.

A forma *cuxo* do galego actual non se rexistra na fala espontánea, como afirma Ferreiro (1999: 267): "Na realidade, como elemento pertencente ao rexistro culto e formal, desapareceu dos usos orais e populares no galego medio ao longo dos Séculos Escuros". Mais tamén *cujo* no portugués e *cuyo* no español son formas pertencentes á lingua culta e fundamentalmente ao ámbito escrito. O galego, en consecuencia, debe usar por esa mesma vía *cuxo* na lingua formal, onde resulta útil e rendíbel. Nada, pois, de circunloquios e de inúteis exercicios de alteración da cláusula (véxase Álvarez / Regueira / Monteagudo 1986: 287), por exemplo, para desa maneira evitarmos a utilización dunha forma totalmente lexítima e inclusive necesaria nalgúns contextos, sobretodo na precisa linguaxe xurídica e burocrática, onde con frecuencia se torna imprescindíbel: *Os contribuíntes cuxo prazo de pagamento da taxa de recollida do lixo finalizar neste mes, deberán pasar urxentemente polas oficinas municipais; Autorízanse os centros de ensino cuxos dados figuran no anexo a esta orde a impartiren aulas de Informática.*

Novamente estamos perante un caso de diferenciación de rexistros lingüísticos: a fala popular espontánea, por moi auténtica e enxebre que ela for, non debe ser trasladada automática ou mecanicamente ao ámbito formalizado da linguaxe técnica e especializada e, en consecuencia, hai formas da lingua coloquial que non se utilizan, nen deben utilizarse, na lingua formalizada, e á inversa, formas empregadas nos rexistros formais que non teñen reflexo na oralidade. Así acontece na xeneralidade das linguas e o galego tamén non debe ser nisto unha excepción. Como *cujo, cuyo, cuio* ou *cuxo* ben recollido en toda a nosa tradición gramatical, desde o século XIX á actualidade. E como *cuxo*, de non restaurarmos a grafía histórica, debe ser utilizado na lingua de hoxe sen máis restricións que as impostas polo bon uso e polo rexistro lingüístico empregado en cada caso.

4. Conclusión

Nas páxinas precedentes deuse un repaso a certas formas ou construcións con pronomes posesivos que son obxecto de discusión canto á súa lexitimidade ou canto á conveniencia de uso no modelo de lingua culta que hoxe se está a conformar. Unha delas, *de meu, de teu*, etc., xa non está realmente submetida a diputa, pois é en xeral admitida como forma plenamente galega e mesma goza de prestixio na lingua culta. Para ela propomos o mantimento do seu status actual. Para a forma *cuxo* defendemos a súa completa incorporación á lingua formalizada, rexistro en que debe ser usada sen reservas. Para as demais mantemos propostas diferentes, mais todas coincidentes en prescindirmos delas no modelo de lingua común. Por unha parte, a fórmula de adverbio + posesivo en feminino (*diante miña*), a ordenación no atributo de substantivo + posesivo (*é amigo meu*) e as formas *mi, tu, su* como posesivos de respeito (*mi madre*) deben ser rexeitadas como castelanismos. Por outra parte, as construcións galegas *cadanseu(s) / cadansúa(s)* e *ña* (por *miña*) deben ser consideradas como formas proprias do rexistro informal ou coloquial e portanto non deben ser contempladas no modela de lingua común formalizada.

Fontes literarias

Aquilino, *PGC* = Alonso Montero, X. (ed.) (1986): Aquilino Iglesia Alvariño, *Poesía galega completa* (Vigo: Xerais).

Blanco-Amor, *AE* = Blanco-Amor, Eduardo (1978 [1959]): *A esmorga* (Vigo: Galaxia).

Blanco-Amor, *XL* = Blanco-Amor, Eduardo (1976 [1972]): *Xente ao lonxe* (Vigo: Galaxia).

Castelao, *SEG* = Castelao (1961 [1944]): *Sempre en Galiza* (Buenos Aires: As Burgas).

Celso Emilio, *FI* = Ferreiro, Celso Emilio (1978 [1972]): *A fronteira infinda* (Vigo: Castrelos).

Crecente, *C* = Crecente Vega, José (1965 [1933]): *Codeseira* (Lugo: Celta).

Cunqueiro, *MF* = Cunqueiro, Álvaro (1988 [1955]): *Merlín e familia i outras historias* (Vigo: Galaxia).

Cunqueiro, *EM* = Cunqueiro, Álvaro (1981 [1960]); *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente* (Vigo: Galaxia).

Cunqueiro, *Xente* = Cunqueiro, Álvaro (1971): *Xente de aquí e de acolá* (Vigo: Galaxia).

Cunqueiro, *CG* = Cunqueiro, Álvaro (1973): *A cociña galega* (Vigo: Galaxia),

Curros, *AMT* = Curros Enríquez, Manuel (1886 [1880]) *Aires d'a miña terra* (Coruña: Latorre y Martínez Editores).

Fole, *HNC* = Fole, Ánxel (1981): *Historias que ninguén cre* (Vigo: Xerais).

G. Barros, *Contiños* = García Barros, Manuel (1952 [1931]); *Contiños da Terra*. Buenos Aires: Talleres Caporaletti Hnos).

G. Barros, *AAQ* = García Barros, Manuel (1990 [1972]): *As aventuras de Alberte Quiñoi*. A Coruña: Vía Láctea).

Leiras, *PGC* = Reimunde, R., (ed.) (1984): Manuel Leiras Pulpeiro, *Poesía galega completa* (Barcelona: Sotelo Blanco).

M. Antonio, *Poesías* = Manoel-Antonio (1972): *Poesías* (Vigo: Galaxia).

Noriega, *OC* = Freixeiro Mato, X.R. (ed.) (1994): *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa* (Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial).

Otero, *TNS* = Martínez Pereiro, C. (ed.) (1988): Otero Pedrayo, Ramón (1988): *Traxicomedia da noite dos santos* (A Coruña: Cadernos da Escola Dramática Galega, 73).

P. Ballesteros, *CPG* = Pérez Ballesteros, José (1979): *Cancionero popular gallego* (Madrid: Akal).

Rosalía, *CG* = Pociña, A. e López Castro, A. (eds.) (1992): Rosalía de: *Cantares gallegos* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Rosalía, *FN* = Castro, Rosalía de (1982) [ed. facs. da ed. de 1880]: *Follas novas*, Real Academia Galega (Sada-A Coruña, Ed. do Castro).

Valladares, *Maxina* = Valladares Núñez, Marcial (1987): *Maxina ou a filla espúrea* (A Coruña, Vía Láctea).

Referencias bibliográficas

Alarcos Llorach, E. (1998): *Gramática de la Lengua Española* (Madrid: Espasa Calpe).

Álvarez Blanco, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H. (1986): *Gramática Galega* (Vigo: Galaxia).

Câmara, Jr., J. Mattoso (1982 [1970]): *Estrutura da Língua Portuguesa* (Petrópolis: Editora Vozes).

Carballo Calero, R. (1979 [1966]): *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).

Carré Alvarellos, L. (1967): *Gramática gallega* (Coruña: Moret).

Costa Casas, X. X. / González Refoxo, M. A. / Morán Fraga, C. / Rábade Castiñeira, X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da língua* (A Coruña: Vía Láctea).

Couceiro Pérez, J. L. (1976): *El habla de Feás*. Anexo 5 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Cunha, C. / Cintra, L. (1991 [1984]): *Nova Gramática do Português Contemporâneo* (Lisboa: Sá da Costa).

Ferreiro, M. (1999 [1995]): *Gramática histórica galega I. Fonética e Morfosintaxe* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).

García de Diego, V. (1984) [reimp. facs. da ed. de 1909]: *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética - Morfología*. Anexo 23 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Lugrís Freire, M. (1931 [1922]): *Gramática do idioma galego* (A Cruña: Imprenta Moret).

Meier, H. (1948): "Meu pai - O meu pai", *Boletim de Filologia*, 9: 175-190.

Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana* (Santiago: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás).

Nunes, J. J. (1989 [1919]): *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa (Fonética e Morfologia)* (Lisboa: Clássica Editora).

Oliveira, Fernão de (1536): *Gramática da Linguagem Portuguesa*. Edição crítica, semidiplomática e anastática por Amadeu Torres e Carlos Assunção (Lisboa: Academia das Ciências, 2000).

Pino Serrano, L. (1996): "Sobre a construcción Artigo + Posesivo + Nome nas Linguas Románicas (Achega para un estudio comparativo)", en Lorenzo, R. / Álvarez, R. (coords.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*: 213-226 (Santiago: Departamento de Filoloxía Galega / Universidade de Santiago de Compostela).

Porto Dapena, J. A. (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba* (Universidade de Santiago de Compostela).

Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).

Santiago y Gómez, J. de (1918): *Filología de la lengua gallega* (Santiago: Tip. de El Eco Franciscano).

Silva Domínguez, C. (1995): "As estructuras adverbiais do tipo *diante miña*", *Cadernos de Lingua*, 11: 5-21.

Silva Domínguez, C. (1996): "É meu amigo / é o meu amigo / é amigo meu", *Cadernos de Lingua*, 14: 5-20.

Silva Domínguez, C. (1998): "A alternancia e coexistencia de artigo e posesivo en frases nominais de carácter 'Inalienable' do galego contemporáneo", en Kremer, D. (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vol. 2: 661-685 (Vigo: Galaxia).

Silveira, Sousa da (1960 [1923]): *Lições de Português* (Rio de Janeiro: Presença).

Taboada, M. (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Valladares, M. (1970): *Elementos de gramática gallega* (Vigo: Galaxia).

Varela Barreiro, X. (1982): "Aproximación sintáctica ó posesivo en Cunqueiro", en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*: 267-307 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Varela Barreiro, X. (1993): "Álvaro Cunqueiro, experimentador nos dominios gramaticais", in *Álvaro Cunqueiro. Actas do Congreso celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 61-70).

Varela Vázquez, B. (1997): "Os posesivos con substantivos de parentesco", en Fernández Salgado, B. (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994)*. Vol. 1: 353-373 (Oxford: Centro de Estudios Galegos).

Vasconcellos, J. Leite de (1928): *Opúsculos*. Vol. II. *Dialectologia (Parte I)* (Coimbra: Imprensa da Universidade).

Vázquez Cuesta, P. / Mendes da Luz, M. A. (1971): *Gramática portuguesa* (Madrid: Gredos).

Pera esto se en romanço tornar. Um documento notarial e poético de Santa Clara de Santarém[1]

José António Souto Cabo
Universidade de Santiago de Compostela

0. Introdução

No fundo documental do mosteiro de Santa Clara de Santarém, custodiado no Arquivo Nacional-Torre do Tombo de Lisboa (ANTT), encontra-se a versão galego-portuguesa de um original latino de 1266. Na metade inferior desse mesmo documento foi incluído um poema de cinco versos relativo ao próprio acto dessa tradução e destinado à pessoa/instituição que fizera tal encomenda. A localização desta breve e singular produção poética ocorreu, por acaso, em Dezembro de 1999, na sequência de um levantamento selectivo de documentos notariais redigidos na nossa língua em finais do século XIII.

O conjunto documental em questão aparece descrito na caderneta nº 444 do ANTT com o número de orde 3984 e a indicação cronológica: "1304 Santarém 1266". Nesse mesmo instrumento de descrição documental consta resumo do documento e alusão às cópias que o acompanham: "Doação d' um campo junto ao Mosteiro de Santa Clara (doc*umen*to em papel) cosido a este estam dois traslados authenticos, um em pergam*inh*o outro em papel". Na margem inferior esquerda aparece a referência da localização no maço nº 9, correspondendo-se com os documentos 533 a 535.

O poema, não reproduzido nas cópias, é ladeado na esquerda por uma ornamentação rudimentar de feição gótica, inserida num rectângulo de comprimento semelhante à das linhas em que se ordenam os versos.

[1] Este trabalho insere-se nos projectos de investigação: "Primeiros textos románicos", subsidiado pela Subdirección de Proyectos de Investigación Científica y Técnica, Ministerio de Educación y Cultura (PB97-0520) e "Prosa historiográfica e documental da Galicia Medieval (sécs. XIV-XV)" (PGIDT00PXI20404PR), subsidiado pela Dirección Xeral de Universidades e Investigación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O texto notarial recolhe, como se declarava na caderneta, a doação, "a rogo do mui noble rei de Portugal", de um "campo" ao convento de Santa Clara feita pelo cónego Joám Isidores, em representação do mosteiro de S. Jorge de Coimbra. O documento original fora lavrado pelo notário Miguel Fernandes em Santarém, na data já citada. Em nenhum ponto se reflecte o facto de estarmos, na verdade, perante a tradução de um texto originariamente latino. No entanto, tal não se pode duvidar à vista do conteúdo do texto poético –onde precisamente se reflecte sobre a tradução feita e a possibilidade de serem introduzidas correcções–, e da sua configuração linguística.

Ignoramos qual foi a data em que se redige o documento e, claro, também não sabemos quem foi o tradutor/poeta. É, portanto, objectivo deste trabalho tentar uma aproximação a esses dois elementos a partir da análise dos documentos em questão. A conclusão, como veremos, necessariamente hipotética, aponta, por um lado, de modo muito impreciso para a metade do séc. XIV e, por outro, para uma provável naturalidade galega do autor.

1. Edição

Reproduzimos a seguir ambos os documentos em duas versões. A *segunda leitura* –cit. *SL*–, próxima de uma edição paleográfica, mantém inalterados a totalidade dos usos gráficos susceptíveis de reprodução mecânica, limitando-nos, quase exclusivamente, a expandir as abreviaturas pelo itálico e a neutralizar as alografias do *s*[2]. Em qualquer caso, esta "segunda" versão só tem interesse complementar como útil paleográfico. Na *primeira leitura* –cit. *PL*– adaptamos a escrita, no possível, às práticas gráficas actuais, sempre que isso não suponha encobrir ou alterar as características linguísticas da(s) obra(s). Assim, na união/separação de palavras e no uso de maiúsculas/minúsculas segue-se a prática moderna. Adoptamos a distribuição actual para *i/je u/v*, utilizando os primeiros com valor vocálico e os últimos quando consoantes. O *y* é transcrito como *i*, uma vez que nunca possui valor de consoante. Sistematiza-se a distribuição *c/ç* de acordo com o critério actual. Simplificam-se *rr-*, *ss-* e *ff-* em posição inicial. O *R* maiúsculo é reproduzido como *rr*. Desdobramos por *-n* o til com valor de consoante nasal implosiva, dado que é assim que ocorre "por extenso" no texto. O til/traço que, por provável tradição gráfica, encima as palavras *ano* e *como* não é reproduzido na *PL*. Transcrevemos por *et* a nota tironiana (*&* na *SL*), já que deste modo é que se regista a conjunção copulativa por extenso. A crase de *a* (prep.) + *a* (art.) é representada como *à*. Não reproduzimos o traço ténue que ocasionalmente encima o *i/j*.

---

[2] O *s* de dupla curva é sistemático e exclusivo em posição final absoluta, sendo o ſ -alto- utilizado no resto.

Na *SL* utilizamos os sinais <.> para marcar as leituras problemáticas; a mutilação do suporte é representada por {.} e as letras ou palavras entrelinhadas figuram entre \./. A integração de elementos ausentes, a que só procedemos na *PL*, é representada por [].

Os vocábulos comentados, sempre a partir da *PL*, são reproduzidos em negrito.

Textos

Primeira leitura

1

En*no* nome de Jh*es*u Chr*ist*o *e* da sua g*r*aça, ame*n*. **Conescida** [cousa seja a qua]ntos esta p*re*sente carta vire*n* q*ue* eu, Joha*n* Isidorez, **coe*n*go** do moesteiro de San **George** de Coinbra, de ma*n*dado *e* **con*s*intime*n*to** do p*r*ior *e* con*ve*n*to* **desse** meesmo moesteiro *e* a rogo do mui noble rei de Po*r*tugal do*n* Afon*so*, dou *e* outorgo **à** abadessa *e* ao *con*vento das **meoressas** do moesteiro de S*an*taren hũu canpo q*ue* os di*c*tos p*r*ior *e* con*ve*n*to* ha*n* en S*an*tare*n* ac*er*ca do moesteiro das **menoresas**, assi como se parte esse **medes** ca*n*po co*n*tra orie*n*te p*er*la calçada q*ue* he co*n*tra Mo*n*te Iraz *e* assi como se parte co*n* ho ca*n*po dessas menoressas, dende adeante como se parte p*er*la carreira publica **vella** q*ue* he co*n*tra a Albergaria de Gaiam, dende adeante como se parte co*n*tra o Aguion p*er*la carreira publica q*ue* he ac*er*ca da viña de don Simo*n*. Dou **einda** *e* outo*r*go aas ditas **meoressas** *e* a todos se*us* sucessores eno dito moesteiro o dito ca*n*po co*n* ent*r*adas *e* **seidas** et forças *e* p*er*teen*ç*as, q*ue* o possan possuir en jur de herdame*n*to p*er*a senp*re* ja mais. Et dou**les** poderio q*ue* assi estas q*ue* ora son como as out*r*as **sucessores** e*n*no dito moesteiro possan faz*er* *e* ordenar p*er*a senp*re* todo aq*ue*lo q*ue* **le** proug*uer* do dito canpo *e* logo **en po*n*to** as **poño** en possesson corporal do sobredito ca*n*po. Et se algũu, assi da p*ar*te do dito moesteiro de San **Jurgo** como de q*u*alq*ue*r out*r*a parte, p*re*sumir de víír ou co*n*tradiz*er* a esto q*ue* eu faço ou *con*tra esta doaç*on* for, no*n* seja valedeiro ne*n* *con*venavel, mais solame*n*te po*r*la p*r*imeira dema*n*da q*ue* co*n*tra esto fez*er* pague *e* ent*re*gue eno doblo às ditas **meoressas** ou a suas sucesso*r*es e*n*no dito moesteiro ta*n*to q*uan*to dema*n*dar *e* demais q*uan*to o dito ca*n*po for **melorado** *e* outro tanto ao **señor** da terra, et sobre todo esto peite mill maravidis en ouro aas ditas **menoressas** ou a q*uen* elas dere*n* sua voz e*n* nome de pena, et a doaç*on* fiq*ue* en sua forteleza *e* valedeira p*er*a senp*re*, et q*ue* esta doaç*on* haja **firmidũu** *e* forteleza *e* q*ue* seja valedeira.

Eu o sobredito Joha*n* Isidorez q*ue* me chamo p*ro*curador, ordenado *e* **stabelecido** p*er*lo dito p*r*ior *e* con*v*ento do dito **moesteiro** de San **George** p*er*a dita doaç*on* faz*er*, esta p*re*sente carta aas ditas menoressas **fige** faz*er* p*er* mão de Migueel Fern*an*d*e*z publico tabali*on* de S*an*tare*n* *e* **fige**a séélar *e* fortelezar dos seeleos dos ditos p*r*ior *e* con*ve*n*to*.

Feita en S*an*tare*n* .iiii°. k*alend*as Julii, Era de mil *e* CCC^OS^ IIII anos. **Testemoias** q*ue* a esto p*re*sentes foro*n*: frei Dura*n* Guardia*n*, frei Domi*n*go Martiz Vilhe*que*z *e* frei Marti*n* Martiz *e* frei Marti*n* Guarcia da orde*n* dos **menores**, Joha*n* Paez, almoxerife, Mee*n* P*e*re*z*, sc*r*iva*n* de el rei, Salvador Diaz, tabalio*n* de S*an*taren. Et eu Mig*ue*l Fern*an*dez, tabalio*n* sobredito, rogado das sobreditas p*ar*tes, a esto todo p*re*sente fui *e* esta carta p*er* mĩa maão sc*r*ivi *e* en ela meu sinal **puge** en **testemoio** das cousas sobreditas.

2

A meu entender,

no*n* se pode aq*u*i mais faz*er*

p*er*a esto se en roma*n*ço tornar,

et se i algũa cousa ouv*er* de correg*er*

poder-mo-edes ma*n*dar.

Segunda leitura

2

Eño Nome de ih*es*u chr*ist*o & da sua g*r*aça amẽ. Conesçida {....}ntos esta p*re*sente carta |[2] virẽ q*ue* eu Joha*n* ysidorez coẽgo do moesteyro de ssan george de Coinbra dema*n*dado & *con*sintil[3]mẽto do p*r*ior *e* *con*uẽto desse meesmo moesteyro. & aRogo do muy noble rey de portugaL |[4] dõ affon*so* dou & outorgo Aabadessa & ao*con*uento das meoressas do moesteyro de s*an*taren. hũu |[5] canpo q*ue* os ditos p*r*ior & *con*uẽto hã en s*an*tarẽ. ac*er*ca do moesteyro das menoresas. assy cõmo |[6] sse parte esse medes cãpo cõtra oriẽte p*er*la calçada q*ue* he co*n*tra Mo*n*te Yraz. & assy cõmo sse |[7] parte cõ ho cãpo dessas menoressas. dende adeante cõmo sse parte p*er*la carreyra publica |[8] uel<l>a q*ue* \he/ cõtra A albergaria de G<aya>m. dende ad<ean>te como sse parte cõtra o Aguion |[9] p*er*la carreyra publica q*ue* he ac*er*ca da uiña de don simõ. Dou einda & outo*r*go Aas |[10] ditas meoressas & a todos se*us* ssucessores eno díto moesteyro. o dito cãpo cõ ent*r*adas & seidas et |[11] forças & p*er*tee*n*ças q*ue* o possan possuir en iur de herdamẽto p*er*a senp*re* ia mays. |[12] Et doules poderio. q*ue* assy estas q*ue* ora sson cõmo as out*r*as ssucessores eño dito moesteyro |[13] possan faz*er* & ordenar p*er*a senp*re* todo aq*ue*lo q*ue* le prougu*er* do dito canpo. & logo en põto as |[14] poño en possesson corporal do sobredito cãpo. Et se algũu assy da p*ar*te do dito moesteyro |[15] de ssan Jurgo cõmo de q*u*alq*ue*r out*r*a parte p*re*sumir de uíj́r ou cõtradiz*er* aesto q*ue* |[16] eu faço ou *con*tra esta doaçõ ffor, nõ seia ualedeyro nẽ *con*uenauel. mays solam*en*te po*r* la |[17] p*r*imeyra demãda q*ue* cõtra esto fe*z*er pague & ent*re*gue eno doblo as ditas meoressas ou assuas |[18] sucesso*r*es e*n*no dito moesteyro. tãto q*uan*to demãdar & demays q*uan*to o dito cãpo for melorado |[19] & outro tanto ao señor da terra. Et sobre todo esto peite mill marauidis en ouro |[20]

aas ditas menoressas. ou a q*uen* elas derẽ suauoz. ẽ nom*e* de pena. Et a doaçõ |[21] fiq*ue* en sua forteleza. & ualedeira p*er*a senp*re* Et q*ue* esta doaç*on* haia firmidũu. & forteleza |[22] *e* q*ue* seja valedeyra. Eu osobredito Johã ysidorez. q*ue* me chamo p*ro*curador ordenado |[23] & stabelecido p*er*lo dito p*r*ior & *con*uento do dito moesteyro de ssan George. p*er*a dita doaçõ |[24] faz*er* esta p*re*sente carta aas ditas menoressas fige faz*er* p*er* mão de migueeL fern*an*d*e*z |[25] publico tabali*on* de s*an*tare*n*. & figea séélar & fortelezar. dos seeleos \dos/ ditos p*r*ior & *con*u*en*to |[26] ffeita en s*an*tare*n* .iiij°. k*alendas* Julij Era de miL & CCC^OS^ .iiij°. Años. Testemoyas q*ue* |[27] aesto p*re*sentes forõ. frey durã guardiã. frey domĩgo martíz. uilheq*uez*. & frey martĩ |[28] martiz. & frey martĩ guarcia. da ordẽ dos menores. Johã paez almoxerife. |[29] mee*n* P*er*ez sc*r*iu*an* de elRei. saluador diaz. tabaliõ de s*an*taren. Et eu Mig*ue*L |[30] Fern*an*dez tabaliõ sobredito rogado das sobreditas p*ar*tes aesto todo p*re*sente fui. |[31] & esta carta p*er* m¨ja maão sc*r*iuj´. & en ela meu sinal puge en testemoyo |[32] das cousas sobreditas.

2

A meu entender

nõ se pode aq*u*i mays faz*er*

p*er*a esto s\e/ en romãço tornar,

& se y algũa cousa ouu*er* de correg*er*

podermoedes mãdar

2. Estudo

A análise que a seguir efectuamos tem como intuito fundamental achegar dados sobre a cronologia e procedência autorial dos textos. Portanto, os traços privilegiados no estudo serão, em essência, aqueles que nos puderem esclarecer sobre esses pormenores.

2.1. Aspectos paleográficos e gráficos

O primeiro elemento para datar o documento de que nos ocupamos é a letra. O tipo empregado, gótica documental *currens*, abrange um espaço de tempo muito amplo que nos leva de finais do séc. XIII até à segunda metade séc. XIV. A partir da consulta com diferentes especialistas[3] e do confronto com outros manuscritos desse período, podemos apontar algum tipo de "semelhança" com escrituras lavradas na Galiza entre 1280 e 1350.

[3] Agradecemos, em particular, as sugestões de Xavier Rei Souto, Susana Tavares Pedro e Mercedes Váquez Bertomeu.

O aspecto gráfico, sem dúvida, mais salientável tem a ver com os grafemas utilizados para representar a lateral e nasal palatais. Para a primera observamos três possibilidades *l*, *ll* e *lh*: *lelles*[4], *melorado*; *vella; Vilhequez*. No segundo caso surgem as grafias *n* e *ñ*: *conescida*[5]; *poño*, *señor*, *viña*. Portanto, só no caso do antropónimo é que detectamos rasto dos dígrafos de origem provençal, *lh* e *nh*, adoptados em Portugal a partir de 1265-1275. Na Galiza estes últimos só penetraram parcialmente mantendo-se os usos gráficos prévios e próprios do reino castelhano-leonês. A sistematização e generalização desta nova prática ao conjunto de Portugal é um processo que não conclui até finais do séc. XIII. Duas hipóteses podem explicar a situação do escrito: (i) uma de ordem cronológica: os textos foram elaborados no período em que as novas grafias não tinham carácter sistemático; (ii) outra de carácter autorial: quem escreve não conta no seu sistema de escrita com esses grafemas, podendo ser explicada a presença no antropónimo pelo seu carácter específico. Tendo em conta as observações que se seguem (cf. infra), podemos postular a segunda possibilidade como chave explicativa.

Outro âmbito da escrita que contou com um importante grau de movência em todo o espaço galego-português liga-se com a representação das fricativas ápico-alveolares. A discriminação entre surdas e sonoras só se consolidaria no fim do período medieval (Maia 1986: 467, Souto Cabo 2001: 165-168), mas esteve sujeita a diversas variáveis entre as quais as de índole paleográfica e ainda "pessoal" tiveram uma importante repercussão. Não existe, neste caso, uma oposição qualitativa entre as práticas galegas e as portuguesas, contudo, é possível que no país vizinho a tendência discriminativa fosse relativamente maior do que na Galiza[6]. Nos documentos aqui editados, e tomando em conta unicamente a posição intervocálica, observamos uma distinção sistemática a que só foge *menoresas*, com *-s-* para o fonema presumivelmente surdo. Pelo que foi dito com anterioridade, a situação descrita não permite extrair de forma taxativa qualquer dado temporal ou geográfico[7].

Referiremo-nos agora à representação da primeira pessoa do adjectivo possessivo feminino. A forma *mĩa* do nosso texto é normal na documentação galega medieval, alternando na metade meridional no séc. XIII e primeiros anos do séc. XIV com a

---

[4] Não podemos descartar que se trate das formas não palatalizadas ainda vivas em diversos pontos do domínio linguístico galego-português.

[5] Notemos que Lorenzo (*CG*, s. v. *conoçer*) apontou a possibilidade de *conocer* ter sido forma galega autóctone: "*conocer*, que se considera erróneamente castellanismo".

[6] Trata-se de mais um exemplo do polimorfismo dominante nos documentos galegos face à "orientação para uma maior estabilidade e para uma relativa «nivelação» da linguagem dos documentos de Portugal" (Maia 1986: 892).

[7] Lembremos, contudo, que é a documentação mais antiga é aquela que tende a apresentar uma maior instabilidade gráfica.

variante reduzida *ma* (cf. Souto Cabo 1996: 37-38; Cunha 1986, s. v. *meu*) e, em muito menor medida, com *mha*. Este último resultado, cuja interpretação fónica levanta alguns problemas, tornou-se praticamente sistemático na produção portuguesa a partir de c. 1280, até ser substituída por *minha* em meados do séc. XV. Em contrapartida, o tipo *mia*, relativamente abundante antes dessa data (convivendo com *ma*) subsiste ocasionalmente até aos primeiros anos do séc. XIV, mas a partir desse momento é muito rara na produção escrita[8]. Por todo o anterior, aceitando que o texto é em qualquer caso posterior às datas em que *mha* era já sistemático em Portugal, podemos contemplar a forma do manuscrito como mais um argumento possível de galeguidade.

2.2. Análise linguística

Fonética

As formas *einda* e *seidas* resultam da assimilação da pretónica à tónica. Tais resultados aparecem ao longo de toda a Idade Média como característicos da documentação produzida na Galiza (Lorenzo *CG*: XXVI-XXXVI, Maia 1986: 338, Ferreiro 1995: 90, n. 89)[9]. Não obstante, esse tipo também esteve ocasionalmente presente em documentos notariais e literários portugueses (Maia 1986: 339).

O substantivo *firmidũu* supõe um resultado *-ũu* para a terminação latina –UDINE . O mais lógico é supor que se trata de uma evolução secundária a partir de *–ũe*, largamente documentada em textos medievais galegos de qualquer período. Os documentos portugueses apresentam normalmente para aquel étimo *–õe*[10], também presente nalguns escritos da Galiza[11] (Maia 1986: 609, Lorenzo *CG*: XXXIII, Ferreiro 1995: 133). Não conhecemos testemunhos idênticos com a terminação do nosso texto, mas em Ribas de Sil no ano 1394 regista-se *firmedun* (Souto Cabo 2000: 959) que, por seu turno, resultaria da crase das vogais gémeas em hiato[12]. Já

---

[8] O anterior baseia-se em dados extraídos de Maia (1986: 675-676), Martins (1994) e de uma pesquisa, de resultados ainda inéditos, que levamos a cabo no ANTT sobre documentos portugueses do séc. XIII.

[9] Não é possível estabelecer uma cronologia para estas formas, presentes ao longo de todo o período medieval, mas, a julgar pelos exemplos de Maia, a sua frequência parece ter sido maior no primeiro quartel do séc. XV.

[10] Notemos a presença de *firmiduuĩ* num documento do A.N.T.T. pertencente ao convento de Chelas (mç 2/31) em Lisboa no ano 1266 (cf. Martins 1994, doc. 111). As características da escrita desse período, com exemplos de *u* para *o* e de *i* para *e*, põem alguns problemas de interpretação.

[11] Esta terminação conhece já no séc. XIII a variante *–õ*, cujo testemunho mais antigo é representado por *firmidõ* que localizamos num documento de S. João B. da Pendorada em 1275 (maço 21, doc. sem número integrado no conjunto dos dez primeiros pergaminhos) (cf. Maia 1986: 609).

[12] Lembremos que precisamente o noroeste ourensano está na região em que registamos os primeiros testemunhos da evolução, estruturalmente similar a *–ũe>-ũu*, que dará origem aos plurais do tipo *coraçons*, etc. (Souto Cabo 1993: 535, 543).

que *–ũe* está presente até ao fim do período medieval em textos de diversa procedência, é logico considerar este último tipo como variante diatópica do resultado mais geral.

No campo dos fenómenos estritamente fonéticos entra ainda um terceiro caso de assimilação representado por *consintimento*, com adaptação do *e* da sílaba pretónica inical à pretónica propriamente dita. É igualmente possível pensar noutro tipo análogo de assimilação em *scrivi*, neste caso da pretónica à tónica. Os dados que possuímos apontam para uma maior frequência desta tendência na variedade galega antiga do que na portuguesa (Maia 1986: 365-366; cf. Cunha, *Vocabulário*, s. v. *consentimento*)[13].

Morfologia

Já no âmbito morfológico, é, em primeiro lugar, relevante a presença exclusiva de particípios da CII com VT -i-: *conescida* e *stabelecido*. A substituição das antigas formas em *–udo* é processo que só se verifica de modo geral no galego-português na primeira metade do séc. XV, mais de que já temos exemplos, embora esporádicos, desde o séc. XIII (cf. Maia 1986: 749-752; Cunha, *Vocabulário*, s. v. *conhecido*). Neste sentido, parece-nos notável o aparecimento das formas inovadoras na lírica trovadoresca, como aponta M. Ferreiro:

> ... *–udo*, que se converteu na desinencia xeral do participio na primeira etapa da lingua (no perio medieval), ainda que xa convive coa terminación *–ido* na lírica trovadoresca galego-portuguesa (ao contrario da prosa, onde predomina a forma *–udo*, absolutamente maioritaria nos ss. XIII e XIV) (Ferreiro 1995: 303).

Com efeito, nesse género poético encontramos formas como: *desvencida*, *cabida*, *fodido*, *fodidos*, *sabido*, respectivamente, em composições de Afonso X, Airas Nunes, Men Rodrigues de Briteiros, Per' Eanes Marinho e Paio Gomes Charinho (cf. *LP* 18.11; 14.15; 100.2; 120.16; 114.2).

Se diversos fenómenos apontam para uma naturalidade galega do autor, o mesmo não acontece, em princípio, com o comparececimento da VR *-e-* que observamos na forma *conescida* citada no parágrafo anterior. De facto, a prática totalidade das documentações medievais desse radical situam-se em Portugal a partir de meados

[13] De estatuto duvidoso, fónico ou gráfico, a crase da preposição *a* com o artigo feminino, que observamos em duas ocasiões: "outorgo à abadessa e ao convento" e "entregue eno doblo às ditas meoressas", resulta, segundo refere Maia (1986: 333 e 336), inusual nos textos portugueses por ela analisados, ao passo que conta com uma frequencia relativamente alta nos galegos. As duas ocorrências do no nosso texto, face à maioritária manutenção das vogais em hiato, não parece argumento suficiente para considerar tal facto como característica do galego-português mais setentrional.

do séc. XIV (Cunha, *Vocabulário*, s. v. *conhecer*). Contudo, como no caso anterior, é de novo salientável a existência do radical actual ao longo do séc. XIII na obra de diversos poetas, algum deles galego. Este é o caso de *conheçedor* presente em Afonso Sanches e Pero Velho de Taveirós e do infinitvo *conhecer* na obra do último dos citados e em Pero Mafaldo (cf. *LP* 9.12, 135.3, 131.7).

As duas ocorrências da P1 do Pt. do verbo *fazer* apresentam o resultado *fige*, isto é, com o radical em pré-palatal normal actualmente na Galiza. Apesar de esse tipo não ter sido exclusivo do nosso país, estando também representado na documentação portuguesa, a frequência relativa é maior a norte do Minho[14], o que talvez possa apontar para um estatuto sócio-linguístico diferente[15]. Pelo contrário, a palatal em *puge*, P1 do Pt. de *põer*, é normal em toda a nossa área linguística durante o período medieval.

Escassa ou mesmo nula pertinência tem para o nosso objectivo a presença de *prouguer*, futuro de subjuntivo de *prazer*. A alternância entre as raízes *proug-* e *prouv-*, com predomínio da primeira, documenta-se, no mínimo, desde finais do séc. XIII (Maia 1986: 805). A segunda raiz, analógica de *haver*, torna-se maioritária na segunda metade do séc. XV em todo o espaço linguístico (Souto Cabo 1999: 998; Souto Cabo 2001: 190).

Léxico

No referente ao léxico, concebido em sentido amplo, apontamos em primeiro lugar para o termo *coengo*. De novo encontramos outro hipotético indício de galeguidade, já que esta forma é própria dos documentos galegos nos quais convive com o típo *coonigo/conego* normal na documentação lusitana (Cunha, *Vocabulário*, s. v. *côñego*).

Quanto à altenância entre *meoresas/menoresas*, pode ser posta em relação com a de *meor/menor*. O segundo foi incorporado a partir do séc. XIV, existindo exemplos desde os inícios desse século (Machado 1977, s. v. *menor*; Lorenzo *CG*, s. v. *meor*; Cunha 1986, s. v. *menos*). Ambos convivem até ao séc. XV.

Os resultados *testemoias* e *testemoio* representam uma evolução semi-erudita com ausência de palatalização e posterior queda do *-n-* intervocálico. Este tratamento convive com outro em que o característico é a palatalização do grupo -NJ-. Durante o séc. XIII e primeira metade do séc. XIV a situação é homogénea em toda a área

[14] A totalidade dos exemplos desse tipo registados por Maia (1986: 793) ocorrem em documentos galegos.

[15] É assim que se poderia interpretar a sua presença como marca popularizante em personagens vicentinas (Teyssier 1959: 112-113).

linguística, com claro predomínio do primeiro resultado, nomeadamente na época mais antiga. Este estado de coisas será normal na Galiza ao longo de todo o período[16]; pelo contrário, em Portugal o tipo *testemunha* progride notavelmente ao longo do primeiro terço do séc. XIV, acabando por se tornar geral na segunda metade do mesmo[17]. Como vemos, neste caso, o possível estatuto de galeguidade depende da situação cronológica da obra que analisamos.

É também de interesse a ocorrência do pronome indefinido *medes* pelo infrequente da sua presença em textos notariais. Apesar de não termos dados ao respeito, é possível que nos encontremos perante um termo mais próprio da linguagem literária atribuível ao "pendor" artístico do tradutor[18]. Também resulta inusual a locução adverbial *en ponto*.

Antropónimos

Finalmente conseguimos extrair algum dado do uso de determinados antropónimos, em particular das formas *Domingo* e *Jurgo*. O primeiro aparece de modo muito frequente nas escrituras com origem na Galiza; pelo contrário *Domingos* (não registado no texto aqui editado) resulta quase sistemático nas portuguesas (Diéguez González 2000: 229[19]). Algo menos elucidativa resulta a presença de *Jurgo* (1 oc.), aliás a conviver com o maioritário *George* (2 oc.). Neste caso não podemos falar de uma distribuição taxativa, já que a forma em *–o* foi conhecida em textos portugueses, tendo sido registada ainda no séc. XIV[20]. No entanto, é claro o predomínio das forma em *–e* na documentação do país vizinho, ao passo que na Galiza houve clara preferência por *Jurjo* (cf. Diéguez González 2000: 253, n. 366).

---

[16] As formas tradicionais são progresivamente substituídas pelos castelhanismos correspondentes especialmente a partir da segunda metade do XV.

[17] O anterior baseia-se em dados extraídos de Lorenzo (*CG*, s. v. *testemoya* e *testemoyo*), Maia (1986: 623-625), Cunha (1986, s. v. *testemunho*), Martins (1994) e de uma pesquisa, de resultados ainda inéditos, que levamos a cabo no ANTT sobre documentos portugueses do séc. XIII.

[18] Contudo, notemos, a título de exemplo, o uso deste termo na documentação da *Chancelaria de Pedro I* (pp. 114, 262, 306, 333).

[19] Diéguez (2000: 229, n. 321) nota a presença de *Domingos* na "diocese de Tui e a norte dela uma parte da actual província de Ponte-Vedra" e postula que: "teria havido uma hierarquização das formas no plano sócio-linguístico, ficando relegada *"Domingos"* ao uso mais popular e impondo-se *"Domingo"* nas situações de comunicação formal".

[20] Um indíviduo com o nome de *Jurgo Giraldez* comparece na *Chancelaria de Pedro I* (p. 459).

2.3. O texto poético

O texto poético aparece correctamente dividido em cinco versos. Eis a leitura que propomos e a sequência métrica que dela resulta:

A meu entender,
no*n* se pode_aqui mais fazer
pera esto se_en romanço tornar,
e, se i algũa cousa houver de correger, [gũ-a]
poder-mo-edes mandar.

a	a	b	a	b
5	8	10	14	7

Este esquema aparece registado numa única ocasião nas *Cantigas de Santa Maria*, na composição nº 250, nesta última com refrão. Nas cantigas profanas esta fórmula rimática é bastante frequente, por vezes com refrão (normalmente nos vv. 3/5, alguma vez só no 5), e outras em cantigas de mestria. Tendo em conta algumas correcções à lista que apresenta G. Tavani (1967: 79-81, tipo 33)[21], temos vinte e cinco cantigas profanas com a fórmula em questão.

Como dissemos, este micro-poema é acompanhado, à direita, por uma miniatura gótica de largura similar ao das linhas do poema. A presença desse elemento pode ser posta em relação, na qualidade de complemento imprescindível, com as representações pictóricas que normalmente acompanhavam os códices manucritos elaborados na altura.

3. Motivos e argumentos

A curiosa composição poética que acompanha a escritura notarial constitui, como apontámos, uma reflexão sobre a conformidade de tal obra e é dirigida à instituição/pessoa que a encomendara.

É difícil, por não dizer impossível, desvendar quais foram as causas concretas que motivaram a tradução, na sequência das quais está a própria existência do texto poético. Podemos, não obstante, apontar alguns aspectos interpretativos. Em

[21] De acordo com as indicações de Montero Santalha, temos de tirar a primeira cantiga (33:1), de Diego Pecelho, que na realidade não possui este esquema, também é preciso reduzir a uma entrada as 33:21 e 33:22 por serem a mesma cantiga com diferenças que não afectam o equema métrico-rimático. Pelo contrário, devem ser incluídas outras três cantigas a que Tavani atribui outras fórmulas rimáticas: 35:1, 187:1 e 187:2.

primeiro lugar, temos de referir o carácter inusual da tradução. Com efeito, embora o nosso texto não seja um exemplo excepcional, tal prática conta com uma baixa frequência. O uso prático dos documentos redigidos em latim na época em que já fora adoptado de forma plena o romanço aparece, a falta de argumentos em contrário, como algo normal durante todo o período. A obra que analisamos pôde de responder a uma "decisão" individual, mais do que a uma necessidade objectiva. Aliás, a presença do próprio poema denuncia, provavelmente, o carácter extraordinário dessa versão. Embora estreitamente ligado ao anterior, temos de determinar qual foi exactamente o sentido dessa reprodução. A integração do texto poético no próprio fólio permite-nos duvidar que, tal como se conserva, este fosse pensado para um uso "público"; portanto, parece destinado ao desejo de possuir uma constância do conteúdo para uso interno. Nada impede imaginar que fosse utilizado posteriormente –assim aconteceu de facto– como base para um documento definitivo acompanhando ou substituindo o original latino. A deterioração deste último, sugerida nas dificuldades da tradução "non se pode aqui **mais** fazer", poderia também estar na origem desta transladação. Em qualquer caso, a conservação das cópias acima resenhadas, para além da aqui comentada, induz obviamente a pensar que a posse do terreno cedido pelos frades de S. Jorge de Coimbra foi objecto de algum interesse/disputa de jurisdição ao longo do tempo.

Por outro lado, a nível linguístico, possuem interesse os termos em que se declara a tradução : "em **romanço** tornar". Tal explicação implica a consciência de afastamento a respeito do latim que já encontramos noutros textos da época. O "romanço" aparece assim como denominação da modalidade falada e da sua plasmação na escrita. Não nos parece necessário estimar, adoptando uma perspectiva actual, que por trás dessa etiqueta exista consciência de "falares romances", como supõe Mariño Paz[22].

4. Conclusões

No estabelecimento de uma cronologia, vários são os aspectos que temos de avaliar. Em primeiro lugar, o tipo de letra, essencialmente conservador, poderia apontar para a primeira metade do séc. XIV. Esta ligação parece contradizer alguns fenómenos linguísticos de índole claramente inovadora (*firmidũu*, participios em *–ido*, *conescida*) que nos levariam claramente para finais do mesmo século. À vista destes dados, e tendo em conta igualmente o testemunho *in absentia* doutros fenómenos especialmente conservadores ou inovadores, optamos por propor, com

[22] "Se cadra entendíase que, por riba da súa diversidade, tódolos romances, ou cando menos os romances dun territorio máis ou menos homoxéneo como podería se-la Iberorromania central e occidental, eran aínda reconducibles á unidade baixo a etiqueta xenérica de *romanço*" (Mariño Paz 1998: 142-143).

carácter aproximado e provisório, o segundo terço do séc. XIV como espaço cronológico possível.

Muito mais sólida resulta a possibilidade de o autor ter sido originário da Galiza. Apesar de a prática totalidade dos fenómenos tipicamente "galegos" ter sido conhecidos em maior ou menor grau no país vizinho, o realmente significativo é a conjunção deles, quer no nível gráfico, quer no linguístico. Também não podemos esquecer que, nalguns casos, o estatuto de "galeguidade" é dependente da cronologia que atribuirmos ao manuscrito. Esta é a situação do referente à representação da lateral e nasal palatais e dos fenomenos que se reflectem nas formas: *fige*, *mĩa*, *testemoial/testemoio*. Traços amplamente representados nos textos portugueses mais antigos. O mesmo não acontece com outros factos/termos específicos, ou quase, da Galiza em qualquer período: *coengo*, *eindal/seidas*, *firmedũu* e *Domingo*. Mais difícil se afigura a interpretação, no sentido apontado, de *à*, *consintimento* ou *Jurgo*. Pelo contrário, a única objecção surge da VR de *conescida*, mas nada impede considerar que fosse termo, aliás "formular", assimilado pelo autor nas terras meridionais.

Por outro lado, não é possível apontar uma procedência concreta para o tradutor, já que não se registam fenómenos de variação dialectal que sugiram uma área concreta. Só um traço poderia ser interpretado nesse sentido: trata-se da terminação *–ũu*, para o que normalmente é *–ũe*. No entanto, os dados que possuímos são realmente exíguos: limitam-se a um testemunho isolado de *firmedun* localizado no NW ourensano (cf. infra). A confirmar-se, com novos exemplos, essa terminação como própria desse espaço poder-se-ia supor que o autor foi originário dessa zona.

A existência de particularidades idiomáticas específicas para cada um dos dois espaços em que fraccionou a comunidade linguística galego-portuguesa é um fenómeno totalmente normal, já que a variação é inerente à estrutura de qualquer língua. É, portanto, uma falácia a suposição que subjaz ao discurso anti-reintegracionista ao conceber que unidade linguística precisa de uniformidade linguística. Por outro lado, a pertença a duas estruturas políticas, Portugal e Galiza-Castela, possibilitou que essa variação se chegasse a plasmar na escrita e, por outro lado, que a situação em cada uma delas fosse diversa. Em Portugal, a expansão na escrita do padrão, gerado nos centros de poder, fez com que a variação existente dentro desse espaço ficasse progressivamente reduzida aos âmbitos da oralidade. A situação na Galiza é totalmente oposta: a ausência de uma estruturação política autónoma impossibiltou, logicamente, a configuração de um modelo de referência interno. Isto permitiu que qualquer fenómeno fosse susceptível de representação escrita, pois não existe uma "norma" de referência[23]. A função niveladora/modeladora veio dada, no nosso caso,

[23] É a partir da segunda metade do séc. XIV que começamos a detectar esses fenómenos de variação na documentação galega, cf. Souto Cabo (1993: 538).

pelo castelhano a vários níveis. Alguns estudiosos parecem esquecer que, muito antes que na Galiza se utilizasse o idioma próprio na escrita, o nosso país já estava indissoluvelmente ligado a Castela; e que foi o exemplo deste reino o que levou ao uso do romanço na documentação. Não nos pode, portanto, surpreender que não se gerasse historicamente, como se fez em Portugal, um sistema gráfico com características individualizadas. Isto explica, ao mesmo tempo, a presença de castelhanismos desde muito cedo e a nivelação a favor do modelo castelhano operada em vários pontos da morfologia.

Para concluir, temos necessariamente de salientar o valor que tem a própria existência do nosso texto, com todas as peculiaridades escriptológicas e idiomáticas galegas. A sua própria possibilidade demonstra a manutenção de uma consciência de comunidade linguística nas duas instâncias, autor e destinatário, que o fizeram possível.

Referências bibliográficas

Cintra, L. F. Lindley (1963): "Observations sur l'ortographe et la langue de quelques textes non littéraires galiciens-portugais de la seconde moitié du XIIIe siècle", em *Les anciens textes romans non littéraires. Leur rapport à la connaissance de la langue au moyen âge. Colloque international organisé par le Centre de Philologie e de Littératures Romanes (Université de Strasbourg, 1961)*: 188-206 (Paris: Klincksieck).

Chancelaria de Pedro I (1984): (Lisboa: INIC).

Cunha, *Vocabulário* = Cunha, A. Geraldo da: *Índice do vocabulário do português medieval*, vol. I: *A* (1986); vol. II: *B-C* (1988); vol. III: D (1994) (Rio de Janeiro: Fundação Casa de Rui Barbosa).

Cunha, A. Geraldo da (1986): *Dicionário etimológico Nova Fronteira da língua portuguesa* (Rio de Janeiro: Nova Fronteira).

Diéguez González, J. (2000): *O patronímico na onomástica pessoal dos documentos notariais galegos e portugueses da Baixa Idade Média (1250-1500)*. Tese de doutoramento (inédita) (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega* (Santiago de Compostela: Edicións Laiovento).

Lapa, M. Rodrigues (1970): *Cantigas d' escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses* (Vigo: Editorial Galaxia).

Lorenzo *CG* = Lorenzo, R.: *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla,* vol. I, *Introducción, texto anotado e índice onomástico*

(1975); vol. II, *Glosario* (1977) (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo").

LP = *Lírica profana galego-portuguesa* (1996): (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

Machado, J. P. (1977): *Dicionário etimológico da língua portuguesa* (Lisboa: Horizonte).

Maia, C. de A. (1986): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)* (Coimbra: INIC).

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Martins, A. Mª (1994): *Clíticos na História do Português. Apêndice documental: documentos notariais dos séculos XIII a XVI do Arquivo Nacional da Torre do Tombo*. Tese de doutoramento (Lisboa: Universidade de Lisboa).

Souto Cabo, J. A. (1993): "Caracterizaçom dialectal da Galiza na Idade Média", em Hilty, G. (org.): *Actes du XXe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Zürich, 1992)*, vol. II: 531-546 (Tübingen: Max Niemeyer).

Souto Cabo, J. A. (1996): "Glossário do *Testamento de Estevo Peres*", *Agália*, 45: 27-44.

Souto Cabo, J. A. (1999): "Perfis biográficos no Testamento de Rui Vasques. Ediçom do texto, análise e nota lingüística", em Álvarez, R. / Vilavedra, D. (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Prof. Xesús Alonso Montero*, vol. I: 989-999 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Souto Cabo, J. A. (2000): "Sobre (falsos) testemunhos galegos de *dezir* e *recebir*: Dous documentos de Ribas de Sil", em Rodríguez, J. L. (ed.): *Estudos dedicados ao Prof. Ricardo Carvalho Calero*, vol. I: 937-962 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela).

Souto Cabo, J. A. (2001): *Rui Vasques. Crónica de Santa Maria de Íria. Edizón e estudo*, Santiago de Compostela / Cabido da S.A.M.I. Catedral-Ediciós do Castro).

Tavani, G. (1967): *Repertorio Metrico della lirica galego-portoghese* (Roma: Edizioni dell' Ateneo).

Teyssier, P. (1959): *La langue de Gil Vicente* (Paris: Librairie Klincksieck).



A.N.T.T., Santa Clara de Santarém, maço 9/533.

Achegamento ao galego literario de Curros Enríquez

Elisardo López Varela
Universidade da Coruña

Preliminares

Deixábamos claro nun anterior traballo (López Varela 2000: 199-208) a respeito das ideas de Curros perante a lingua que este autor sempre se proclamou firme defensor da mesma, reivindicándoa alí onde tiña ocasión. Mais é de xustiza salientar que esta postura batía con grandes dificuldades sociais e lingüísticas pola situación en que se encontraba o idioma naquela época. Aínda así, Curros publicou a súa obra naquel galego que reflectía a fala da sociedade a que pertencía. A nosa intención é analisala pormenorizadamente nas páxinas que seguen, de tal maneira que, na medida do posíbel, poidamos comprobar o seu estado neses momentos e o grau de coñecimento que o autor posuía da mesma.

Grafías e fonética

O primeiro que chama a atención a un leitor de Manuel Curros Enríquez nas súas edicións orixinais[1] é o formato gráfico, multiforme e relativamente anárquico, en que se presenta a súa poesía. Mais ao analisarmos calquer obra literaria do século XIX ou de principios do XX descubrimos esta mesma situación, pois a ausencia dunha norma común e a intención de reflectir o máis exactamente posíbel a fala popular leva a que case todos os autores recorran ao emprego de moi diversos signos gráficos. Curros non foi alleo a esta situación, embora mantivese sempre unha certa fidelidade –con mínimas modificacións– a un mesmo sistema gráfico desde o seu primeiro poema, "Cántiga" (1869), até o derradeiro, "A Alborada de Veiga" (1907).

[1] Ao longo deste traballo, os números que seguen a continuación das siglas (A, B, C=*Aires da miña terra*, 1ª, 2ª e 3ª ed.; DS = *O divino sainete;* PS = Poemas soltos) fan referencia á número de poema (ou Canto en *O divino sainete*) seguido do(s) número(s) de verso(s), tomando sempre como referencia a edición da poesía de Curros de López Varela (1998). A sigla HG refírese á edición de *El Heraldo Gallego* (nº 10, 11 e 12 de 5, 10 e 20 de Marzo de 1877 respectivamente) en que apareceron publicados por primeira vez os tres poemas premiados no Certame poético de Ourense ("A Virxe do Cristal", "Unha voda en Einibó" e "O gueiteiro").

Así, por exemplo, a utilización dos signos de admiración e interrogación non era uniforme, pois, sen nengún criterio aparente estabelecido, unhas veces aparecían ao principio e ao final da frase: *¿Quen se ri?*, C 2.1071; *¡Valente choromiqueira!*, DS III.82; e outras, só ao final: *Ouh Nazareno!*, C 1.72; *cántas bestas levóu?*, C 16.9. Do mesmo xeito, a diérese, á parte de ser utilizada polo autor sobre os grupos <güe> e <güi>, aparece tamén sobre calquer outra vogal, xeralmente por razóns métricas para marcar o hiato, co fin de indicar a contaxe de dúas sílabas: *e röido d'a cubiza*, C 33.58; *non quixen oïr máis nada*, DS III.106.

Agora ben, se os exemplos anteriores mostran a existencia de anarquía gráfica, esta acrecéntase ao nos debruzarmos sobre a acentuación, que escapa, en liñas xerais, a toda norma fixa. Aínda que funcionaba un criterio xeral, tirado do español, achamos que as excepcións aparecen espalladas por toda a súa obra. Son frecuentes os casos de presenza ou ausencia do til nunha mesma palabra ou en palabras semellantes desde o ponto de vista acentual en contextos diferentes, feito que xera, ás veces, unha certa confusión e algunhas contradicións. E se o estudo o fixermos partindo das publicacións de poemas en revistas e xornais, a anarquía resultará máis ostensíbel.

Os tiles que Curros emprega son na súa grande maioría agudos, mais, ao seu lado, encontramos tamén dunha maneira esporádica os circunflexos (*sôfre pena fonda...*, C 2.46; *dôno* DS I.139; *hante de pôr*, PS 2.54) e, nalgún caso, nos poemas soltos –debido posibelmente ao editor– os graves: *lévenno ò inferno*, PS 2.46; *cántigas quèr de galans*, PS 5.4.

A respeito das palabras monosilábicas, non conseguimos achar unha norma fixa no noso autor para a acentuación de *a*, segundo se tratar dun artigo, unha preposición ou unha contracción *–a/á–*, e sobre todo a de *o(s),* segundo for artigo ou contracción *–o/ó–*. Do mesmo xeito, outros monosílabos levan til sen motivo aparente: *fírem' a sén*, C 2.39; *gráus e fariñas*, C 2.144; *y-a Roma vás*, C 31.151.

Outras veces, encontramos acentos estraños por mor da aparición de crases fonéticas inusuais ou para distinguirmos formas verbais doutras voces homógrafas: *que trás contigo* C 2.356; *tu rósnos como os vermes a fror do laranxeiro*, C 2.357; *que olladas lle botan él*, C 3.152; *que cousas me hoxe sán*, C 16.40.

As oxítonas polisílabas acabadas en *-ón*, *-án* non levan en moitos casos til, feito frecuente na época (o mesmo fixo Rosalía e da mesma maneira aparecen exemplos na *Gramática* de Saco Arce): *que de soliman che sirvan*, C 2.152; *outon*, C 21.16. Non obstante: *o vento que d'o roncón*, C 4.92; *d'a gallega emigración*, C 4.95. A confusión é tan grande que a mesma palabra pode aparecer con ou sen til nun poema a escasa distancia unha da outra: *unha procesion*, DS I.54 vs. *d'a procesión*, DS I.58. O mesmo sucede cos acabados en *-en, -in, -un: outro non hay segun*

contas, C 2.84; *y-os cunvidados tamen*, C 3.144; *ninguén*, C 28.13; *repitin*, C 29.32; *latín*, C 31.92. Por outra parte, é frecuente no autor –como noutros escritores contemporáneos seus–, a acentuación das palabras oxítonas rematadas en ditongo decrecente: *espallóu*, C 5.12; *cinguíu*, C 17.2; *morréu*, C 32.1.

Nas paroxítonas a confusión tamén é a nota dominante. Existen palabras con distribución anárquica de tiles que non seguen nengunha norma: *nóivos*, C 2.182; *o meu cólo*, C 7.52; *ántes de ter*, C 21.138; *saludáina*, C 26.4; o mesmo acontece cos demostrativos (*dése libro*, C 33.44; *ése lobo que t'arrasa*, C 33.76 vs. *eses nomes*, C 33.115) e cos pronomes persoais (*éles y-élas*, C 3.179 vs. *un chau que n'é d'eles*, C 15.118). Ademais, rexístranse acentos que marcan a contracción da preposición *a* coa vogal inicial dos demostrativos *este* e *ese* e mais co pronome *el* e o indefinido *outro: volvendo áutro lado*, C 15.67; *preso ónha argola*, C 15.87; *¿qu'é sinon responder ésas perguntas...?*, C 1.19; *e salva ésta probe nai*, C 21.147; *¿qué lle ofrecedes na nativa terra / ése que a cruzar vai mares de fel?*, C 25.42.

Nas proparoxítonas a acentuación resulta moito máis regular, pois a utilización do til é xeral: *árcades*, C, 1.2; *últemo amor d'o páledo Macías*, C 1.63. Porén, nalgunhas ocasións, aparecen palabras que non o levan (*comaros e corgas*, C 26.2; *lengoa*, C 27.21), chegando inclusive á alternancia no mesmo poema: *patrea*, C 31.6 vs. *pátrea*, C 31.137.

O apóstrofo, indicador da supresión da vogal final dunha palabra anterior a outra que comeza tamén por vogal, úsao Curros, como practicamente todos os seus escritores contemporáneos, dunha maneira constante e frecuente. Saco Arce (1868: 143-144) recollía xa os seus principais usos. Segundo o gramático ourensán, os pronomes enclíticos, os adverbios, as preposicións e as conxuncións eran as partes da oración que máis comunmente sofrían a perda da vogal, en canto que o verbo non soía experimentar esta elisión, salvo nos casos en que ía seguido dun pronome persoal. E acrecenta:

> Con el nombre es todavía menos comun el apóstrofo, no verificándose apenas, sino con la *e*, ó cuando las dos vocales encontradas son una misma repetida [...]. El apóstrofo aunque frecuentísimo, no es sin embargo forzoso, excepto con la preposición *de* y con los afijos *me, che, lle,* seguidos del pronombre-artículo *o, a*.

Todos estes usos aparecen en Curros. O poeta celanovés utiliza este signo gráfico sistemática e regularmente cando quer marcar a contracción das preposicións *de* e *en* co artigo, co demostrativo, cos indefinidos *un, algún, outro* e cos pronomes persoais *el, ela: n'unha lengua conecida*, C 1.17; *d'a côr d'a sangue*, C 1.51; *un bico tras d'unha cea*, DS 0.57; *n'as boquëadas d'a morte*, DS 0.60; *d'os patrios eidos*, PS 17.40. Porén, existen casos en que non aparece (*cal coiro no lume*, C 27.9; *nesa fontiña*, HG 1.1; *no longo das tuas pestanas*, HG 1.8) ou aparece desprazado:

de cada nota de'la, C 28.9. Ás veces vémolo en posicións inxustificábeis: *que d'eica q'os namorados*, C 2.187; *cibdá que por'sobr'os mares*, C 13.5.

Mais o o poeta modificou os seus usos ao longo da súa vida. Por exemplo, na edición de "A Virxe do Cristal" aparecida en *El Heraldo Gallego,* as contraccións realizadas coa preposición *en* aparecen con hifen, e non con apóstrofo, para cambiar de criterio nas edicións seguintes: *vermes envoltos n-o monton aceso*, HG 2.7; *pódia ser, ben n-a vila, ben n-aldea*, HG 2.55. O mesmo sucedeu con *todal'as*, HG 2.187 e *todal-as*, C 2.187. Como exemplo de redución de apóstrofos nas edicións de *Aires* a respeito da edición de *El Heraldo Gallego* podemos citar os versos 192 e 300 da citada composición: *déndesd'a vil'hastr'aldea*, HG 2.192 e *déndesd'a vila hastr'a aldea*, C 2.192; *d'end'huxe n'hay nada*, HG 2.300; *dend'hoxe n'hay nada*, C 2.300.

Na realidade, a utilización do hifen tamén se converte nunha constante. O seu uso chega á separación do verbo do pronome persoal átono enclítico: *Rosiña tomába-o á risa*, C 2.172; *moito q'agora vale máis calál-o*, C, 2.458; *pasándo-o*, C 29.12; *sínto-o*, C 32.6; *fíxo-o falar* DS III.62. Por outra banda, é sistemática a súa utilización coa conxunción copulativa *y* seguida de palabra que comeza por vogal e cando aparece formando ditongo coa vogal seguinte: *y-escribir*, C 0.17; *y-o voso morto fede*, C 32.40; *y-é que n'este tempo*, DS 0.61. Mais: *y en tanto n'aldea*, C 15.131.

Aparece tamén o trazo para marcar certos casos de alveolaridade de *n*, basicamente co adverbio de negación *non* seguido do pronome persoal átono: *non-o nego*, C 21.140; *non-a crebés*, C 23.41; *non-o axo*, C 25.9. Así mesmo, utilízao para indicar o alomorfo *-lo* do artigo: *todal-as noites*, C 3.9; *por vel-o mar*, C 21.42; *entrambol-os remos*, C 29.65; *pol-o camiño*, DS I.78. Inclusive en casos non habituais: *outrol-o seu negocio*, C 2.447; *doentel-os deixo*, C 29.35; *érmol-os seus saídos*, C 35.1. Mais *¿seralo demo?*, C 2.574.

Por outra parte, en liña co galego decimonónico, cómpre salientar a utilización de <y> en concorrencia con <i> en certas posicións. Mais a vacilación é constante ao longo da obra currosiana. Nunha carta ao seu editor Martínez Salazar, con motivo da publicación de *O divino sainete*, recoméndalle que substitúa <y> por <i> ao final dalgúns vocábulos[2]. Así sucedeu, por exemplo, no verso 21 do canto VI: no

[2] Hai cartas do poeta onde se espraia sobre ortografía do galego: acerta na súa clasificación (hoxe matizada) en dous grandes dialectos; sostén a falsa idea dunha colonización grega da Galiza e defende a convivencia entre <i> e <y>, aínda que para *O divino sainete* (1888), que tamén publicou (fóra da "Biblioteca Gallega") Martínez Salazar, advirte ao editor: "Si ve Vd. las primeras pruebas, cuide de sustituir la y griega en el final de algunos vocablos (yo taché algunas pero no todas) poniendo en su lugar la i latina", o que contrasta con aquela anterior defensa: "Yo difiero de Saco únicamente en que no acepto como él en absoluto el empleo de la i latina, sino que la circunscribo á aquellos casos en que suena como vocal. Al final de vocablo, su empleo me parece herético" (véxase Martínez-Morás Soria 1987: 22-24).

manuscrito autógrafo figura *escramey saudando os osos* e na 1ª edición (1888) aparece *escraméi saudando os osos*. Porén, en *Aires da miña terra* e nos poemas soltos aparece <y> case sistematicamente en posición final absoluta (palabras acabadas en ditongo decrecente): *dispoñey, dispoñeivos pr'a seitura*, C 20.25; *ceibay novas ideas*, C 20.29 vs. *vai bôa*, C 3.246; como conxunción copulativa seguida dunha vogal: *y-o voso morto fede*, 32.40; *y-a través d'unha vidreira*; DS, III.4; como vogal epentética ou antihiática: *lev'á un lado d'o chapeyo*, C 3.95; *cayéu n'a praya*, DS III.154; en posición intervocálica: *e trayo*, C 9.7; *co'as sayas*, HG 1.6.

Canto a outras grafías, débese, en primeiro lugar, asinalar as contradicións do poeta verbo da presenza e/ou ausencia de <h>, seguindo, en xeral, un criterio etimolóxico, por ser un bon coñecedor da lingua latina. Mais, de todos os xeitos, rexistramos casos antietimolóxicos, tanto por ausencia (*ortas*, C 2.160 vs. *hortas*, C 33.33; *oxe*, C 6.11; *órreos sin grau*, DS VIII.38; *óspedes*, PS 10.67; *armunía*, C 3.207, *armonías*, C 30.23), como por presenza, neste caso por máis que probábel influencia do español: *hórfos*, C 2.173; *henchen*, 15.182; *hombros*, C 20.24, *hermida*, DS VIII.50; *os hósos son d'ela*, PS 7.13; *hirmanciños*, PS 3.184.

Para alén de certas vacilacións na representación da fricativa interdental xorda (*perguizeiro*, C 2.443; *berze*, C 8.14, frente a *berce*, C 8.10), *moziños*, C 10.19, e *mociños*, C 26.3; *cazique*, C 31.82; *de bruzes*, DS VII.119), a distribución de <b> e <v> segue, en xeral, un criterio etimolóxico, aínda que aparecen algúns casos estraños: *travallache*, C 33.62; *crabado*, C 2.1064; *unha cobiña*, DS VIII.207. Ademais, *pobo* figura maioritariamente como *povo*.

Finalmente, outras grafías ocasionais parecen suxerir a idea de que Curros, como algúns autores contemporáneos, incorporou esporadicamente grafías medievais –ou portuguesas na altura– para a fricativa palatal xorda: *viajeiros*, PS 10.71; *d'as almas virges*, PS 3.162.

Se no apartado gráfico as solucións son –como xa vimos– moi variadas e diversas, a análise de certos aspectos que fan referencia ao ámbito fonético confirma esa mesma tónica de variabilidade e diversidade acordes co momento histórico de recuperación da lingua nun contexto diglósico e conflitivo.

Deste xeito, o vocalismo tónico mostra unha maior estabilidade do que o átono, resultando menos vulnerábel ás alteracións de timbre, xa que só esporadicamente agroman algúns casos de mudanza vocálica especialmente chamativos, sobre todo as formas imperativas *respunde*, que aparece nas catro edicións en vida do autor (C 2.232) e *irgue* (PS 2.17) e mais o adverbio *uxe* (*moito madrugas uxe*, C 2.439)[3],

[3] Neste caso *huxe* aparece en rima con *forruxe*. Por outro lado, este cambio do timbre afectou as tres edicións do libro de *Aires* (A, B, C), pois a edición de *El Heraldo Gallego* tiña primitivamente a forma *hoxe*. Curros fixo despois a modificación, sen dúbida, por observar este defecto na rima.

ambas de base dialectal (Ferreiro 1999: 36 e 43). Noutras ocasións a vacilación está presente na conxugación de formas verbais con falsa alternancia vocálica: *nada Martiño destengue*, C 2.1144; *n'o teu cólo dorma*, C 9.59.

Ademais, tamén en liña co galego literario do século XIX, a poesía de Curros mostra numerosas vacilacións no vocalismo átono, tanto en posición pretónica como postónica, afectando fundamentalmente as vogais palatais *e/i* e as velares *o/u*. Como dado significativo, debemos destacar a existencia dun grande número de palabras que apresentan fechazón vocálica nos poemas publicados por *El Heraldo Gallego* premiados en 1877 ("A Virxe do Cristal", "Unha voda en Einibó" e "O gueiteiro"), e que despois foron modificados polo proprio autor repondo o timbre xeral. A modo de exemplo citamos os seguintes: *anamorado*, C 2.1116; *sacreta*, C 4.87; *Portogal*, C 16.54; *páteos*, C 35.8; *cólara*, DS IV.3.

Tanto no vocalismo como no consonantismo son frecuentes os casos de asimilación e disimilación de fonemas segundo podemos comprobar en casos como *San Benito quirido*, C 29.22; *condenara o condanado*, C 33.83.

Variación preséntaa tamén a preposición *entre*, cuxa tonicidade secundaria leva a que a primeira vogal vacile no timbre, facendo que topemos casos de *antre*: *entr'edras*, C 2.78 vs. *por antr'aquel xentío*, PS 3.83.

Ademais, neste mesmo ámbito do vocalismo átono, podemos asinalar a presenza de síncopes (*podroso*, C 36.42), de próteses (*asuspiróu*, C 2.1168), de epénteses (*chapeyo*, C 3.95) e de parágoxes (*nunca outra tal se ha de vere*, DS 0.43), fenómenos proprios da lingua popular, que, máis unha vez, eran recollidos habitualmente no galego literario decimonónico.

Nesta mesma liña aparecen outros fenómenos que afectan o consonantismo, como a metátese de <r>, que aparece en múltiplas ocasións na obra do poeta de Celanova, tanto con mudanza de posición, quer na mesma sílaba (*oférceno*, C 29.6; *pirmores*, C 31.41; *persentóuse*, DS II.75), quer en diferente sílaba (*os probes*, C 2.145; *esquirbir*, DS VII.53; *pedricando*, DS VIII.170), como tamén con intercambio no grupo <rl> (*bulrona*, C 2.1066).

Dentro do consonantismo adquire especial relevancia o estudo do seseo. O feito de Curros ser natural de Celanova, na provincia de Ourense, onde as isoglosas do seseo, tanto implosivo como explosivo, non alcanzan esta vila (Fernández Rei 1991: 54-56), fan supor un Curros non seseante, mais con dous factores que poden incidir nesta adscrición dialectal do poeta: seu pai procedía de Santiso (Melide), localidade en que o seseo implosivo estaba arraigado, e, por outra banda, Curros coñecía perfeitamente a obra doutros escritores seseantes como Rosalía. Como acontece noutros casos, máis unha vez o poeta móstrase vacilante na

representación gráfica deste fenómeno. Aparece con frecuencia en monosílabos (*a nosa vos* C 1.5; *arredor d'unha lus* C 2.0.4; *s'algunha ves o faguía*, C 2.136; *fixeron á crus n'os pratos*, C 3.145; *tal ves*, C 25.30), mais tamén o achamos en palabras polisílabas: *Xan de Ventraces y-o infelís Martiño*, C 2.523; *ollo sin párpado, atrós*, C 2.656; *infelís amador*, C 11.17; *iste cális esmaltado*, DS VIII.46. Ao lado de todas estas formas, existen outras en que non se manifesta: o monosílabo *paz* mantén a grafía <z> en todas as ocasións: *é de xente de paz*, C 2.18; *querías paz*, DS II.24; mais non é o único: *y-a luz*, C 26.16; *de dez Perlados*, C 35.22; *y-a voz tornóu*; DS I.43; *pois diz que foi levantado*, C 2.85. Os casos de seseo que no noso autor se rexistran son todos implosivos, excepción feita de dous, *lisencia*, C 3.56, PS 3.89, e *cubisa*, DS II.79, o primeiro producido por unha disimilación consonántica e o segundo por cuestións rimáticas, pois *cubisa* rima con *misa*.

Morfosintaxe

Desde unha perspectiva morfosintáctica, son numerosas as cuestións lingüísticas dignas de comentario. En primeiro lugar, débese salientar o comportamento do poeta con relación ao tratamento dado ao artigo canto á distribución dos seus alomorfos. A forma asimilada *-lo* aparece sistematicamente coa preposición *por*, case sempre con hifen; *pol-a tarde*, C 13.15. Con *tras* e con *máis* tamén aparece o mesmo alomorfo: *que tral'último queixido*, C 2.29; *a touza e máil-a silveira*, DS V.9. E o mesmo acontece con *todos*: *todol-os rios*, C 1.25; *de todal-as razas*, DS VIII.108[4].

Mais, por outra parte, a constante alternancia no uso das dúas posibilidades gráficas do artigo con formas verbais acabadas en *-s* ou *-r* impede estabelecer unha norma de uso válida: *veu ver a labranza*, C 2.270; *curas as feridas*, C 9.10; *fomos ver as galarías*, DS VIII.5; *que baixes os ollos*, HG 1.5; *deixar as patrias ribeiras*, PS 14.135; *non queren collel-a chaira*, C 2.860; *érguel-a cabeza*, C 13.6; *comenzámol-a xornada*, DS I.163. A forma asimilada do artigo está presente, así mesmo, en contextos que, sendo frecuentes na lingua oral, son rexeitados habitualmente na representación escrita; isto é, a asimilación do artigo cando vai precedido de participios, substantivos ou algúns pronomes: *que batan millol-a sola*, C 2.116; *outrol-o seu negocio*, C 2.447; *Dio-lo queira*, C 3.79; *murchol-os dous*, DS V.1; *tres vecel-a afiéy*, PS 6.1; *tendidal-as velas*, PS 10.37; *arregañádol-os dentes*, PS 11.81.

[4] O que si tamén aparecen, por causas métricas, son as reducións silábicas en *tod'os trebexos*, C 2.773, ou *envexa de tod'as mozas*, C 3.31, formas tamén documentadas noutros autores decimonónicos, como Pondal. Tamén é digno de mención un caso inhabitual de asimilación de *todo*, en singular, co artigo, seguramente por analoxía co plural: *todiñol-o perden*, C 15.126.

Canto ao xénero, Curros Enríquez non foi alleo á situación de conflito lingüístico xeneralizado, e na súa obra mostra numerosas vacilacións no tratamento xenérico de diversos substantivos. Así, o substantivo *cárcere*, documentado unha única vez na súa forma galega sen marca de xénero (*en cárcere de súa Nai*, C 2.684), convive co castelanismo *cárcel*, feminino: *n'a cárcel d'o Vaticano*, DS VIII.135. A voz *costume* aparece en tres casos co xénero marcado; en dous deles mantén o patrimonial (*d'os nosos costumes*, PS 10.81; *os sans e bos costumes*, PS 18.13), frente a *e por gallega costume*, C 2.401. No substantivo *cume* predomina o seu uso en masculino[5] (*ten n'o cume un penedo*, C 29.2; *d'os altos cumes*, DS V.10; *N'o cume d'o Medulio*, PS 19.21), mais ao seu lado descubrimos dous casos en que utiliza o feminino (*n'as lívidas cumes*, C 14.38; *os ríos y-as cumes*, PS 10.83), o mesmo que con *dote*, *mel* e *sinal: Fay falla / tér dote: o señor Abade / d'aprontarma deu palabra*, C 2.1039-1040; *¿Dote? Ti non a precisas*, C 2.1041; *de purrela com'a mel*, C 3.142; *sin xiquera unha sinal*, C 2.652. E coa voz *sangue* as vacilacións son claras, pois encontramos os mesmos casos de masculino que de feminino: *coa sangue lixado*, C 12.27; *d'a satúrnea sangue*, C 28.11. No entanto, outras veces mantén o xénero patrimonial: *o sangue d'as venas*, C 15.115; *o teu sangue vertido*, DS IV.125.

Dun modo semellante se comporta Curros con certos nomes con xénero feminino patrimonial. Así, a voz propria *árbore* non a topamos na obra do autor, mais *álbores*, sempre en masculino e, nunha ocasión, *árbol: os álbores espidos*, C 5.25; *n'os álbores brúa*, C 14.39; *árbol será de paz*, C 7.45. Tamén aparece o castelanismo morfolóxico en *arte* (*ó arte*, C 31.154; *a cencia e o arte*, DS IV.141; *si o arte perseguirdes*, PS 3.195), mentres que *calor* ofrece vacilación no xénero; en dous casos aparece en masculino: *ó calor d'amortecida lume*, C 16.17; *o calor meciñal do teu bafo*, C 29.58; e só nunha ocasión mantén o feminino: *que a calor derretería*, C 2.666. A mesma alternancia vémola co vocábulo *lume* (*o lume sin cardes*, C 25.18; *cal coiro n'o lume* C 27.9 vs. *ó calor d'amortecida lume*, C 16.17; *a lume morta*, C 16.47), así como nos substantivos *cor, dor e orixe: de côr máis louro*, C 2.674; *a cor*, DS IV.89; *cánto delor*, C 2.748; *pr'os meus doores*, C 9.16; *eses doores*, C 33.86; *eterna dôr*, DS V.24; *do seu dolor*, PS 11.28; *de orixe divino*, C 2.925.

Finalmente, os nomes rematados no sufixo *-axe* apresentan tal vacilación xenérica que resulta difícil emitir unha regra xeral. Hainos que manteñen o xénero patrimonial (*a romaxe, a camaradaxe*), mais outros, por influencia do español, aparecen como masculinos (*o lenguaxe, un viaxe, o paisaxe*): *como me amostra o*

[5] A palabra *cima* mantén o xénero feminino, mais resulta estraño en Curros a presenza dun caso en masculino (*n'o cima d'a torre*, C 35.15), que pode deberse a unha gralla.

traxe, C 2.804; *do prácido follaxe*, C 5.30; *n'aquil paisaxe invernizo*, DS V.18; *tanto por todo o viaxe*, DS VII.44; *seguindo á pós d'a romaxe*, DS VII.85; *y-en boa camaradaxe*, DS VII.87; *e un ultraxe en cada boca*, DS VIII.126.

Algo semellante ao que acontece co xénero podemos velo na formación do plural, en que, de novo como outros autores coetáneos, aparecen solucións diverxentes. En primeiro lugar, nas palabras que acaban en vogal, o acrecentamento de /s/ é norma xeral: *mapolas y-alelís*, C 2.344; *y-as eixadas*, C 30.22. Isto sucede inclusive en vocábulos como *rei* e *lei*, con formas plurais hipercaracterizadas na fala popular: *de reis é tiranos*, C 29.44; *as leis municipales*, C 32.37. Mais: *qu'envidian os reises*, C 15.46. Á parte destes casos, a presenza da solución española maniféstase algunhas veces: *os calados ayes*, C 7.31; *d'albos tisúes*, DS VII.128.

En segundo lugar, nos vocábulos acabados en consoante *-n* Curros foi, en xeral, bastante fiel á norma do seu territorio lingüístico, correspondente á solución do bloque central, ao desaparecer a nasalidade medieval produto da caída de -N- intervocálico latino e tomar o alomorfo /s/: *os bailarís*, C 3.232; *os desdés*, C 11.4; *fillos ningús*, C 21.87; *en montós xigantes*, DS VIII.13; *dous lacós*, PS 19.32. Mais outras veces, aínda que en menor medida, o autor recorre á solución propria do bloque occidental: *cáns*, C 14.20; *rans*, DS III.54; *bens*, DS VIII.61; *querubins*, PS 3.161; *galans*, PS 5.4. Estas vacilacións poden ser debidas á proximidade da isoglosa da área lingüística occidental, ou, máis probábel, á influencia doutros escritores.

En terceiro lugar, a solución máis estendida das palabras acabadas en *-l* é a adxunción do alomorfo *-es*, mais tamén con presenza doutras solucións. Así, os monosílabos forman o plural acrecentando este alomorfo *-es: peles*, C 15.48; *tales contos*, C 21.46; *vales*, C 26.2; *soles*, DS 1.71; mais ocasionalmente vemos casos como *os sete vis escudos*, C 23.15. Algo semellante acontece coas voces paroxítonas: *furar tuneles*, C 15.90; *por xustos os débles*, C 15.156; *ánxeles*, C 36.20; mais achamos o caso seguinte: *y-os ollos baixos e inmovis*, DS IV.79.

Por outra parte, as polisílabas oxítonas acabadas en *-al* acrecentan tamén o alomorfo *-es*: *piñeirales*, C 2.65; *catedrales*, C 31.33; *as leis municipales*, C 32.37; *libres areales*, C 36.1; *imortales*, C 36.3; *os seus ideales*, DS III.59. Mais tamén o hiato resultante da perda de *-l-* intervocálico latino se resolve cunha asimilación das dúas vogais a favor da primeira, que posteriormente acabaría contraendo nunha única (solución típica do bloque central): *os maternás doores*, C 7.28; *os arsenás*, DS VIII.119; *inmortás*, PS 3.196, solución que non era allea, por exemplo, á propria Rosalía, que apresentaba este tipo de resultados (*mortás*). Nunha ocasión o hiato resultante da perda do *-l-* converteuse nun ditongo, solución propria do

galego oriental: *ladrais*, PS10.58[6]. As palabras acabadas en *-el* engaden o alomorfo *-es: caraveles*, C 2.73; *os verxeles*, C 15.12; *lebreles*, C 15.124; *y-os cinceles*, PS 11.45. Outras veces a solución é a do bloque central: *con catro mantés*[7] *cuberta*, C 3.129; *rosas é cravés*, C 25.54; *en papés de duas coores*, PS 14.55[8]. Finalmente, os substantivos acabados en *-ol* e en *-il* apresentan a solución *-es* (*rousinoles*, DS III.104), en canto que nos terminados en *-il* conviven a solución castelanizada e a autóctona: *seis perniles*, C 29.30; *volvoretas xentís*, C 2.3; *os cadrís*, C 3.220; *fusís*, DS IV.71; *ninfas xentis*, PS 10.62.

Para finalizarmos este apartado dedicado ao nome[9], coidamos de interese a análise da solución currosiana para os sufixos latinos -ANU/-A, en que a solución maioritaria do poeta é a propria da zona en que naceu, a do galego do bloque

---

[6] Carballo Calero (1972: 26) detense a observar este tipo de plurais afirmando: "En Curros los plurales de tipo genuino *cuartés, arsenás, cardenás,* son proporcionalmente más frecuentes, al menos a partir de *O divino sainete* (1888). Pero, por otra parte, Curros desconoce los plurales más arcaicos *mortáis, matináis*. Es decir, que la lengua de Rosalía refleja en este aspecto las huellas de una situación más arcaica que la lengua de Curros; pero presenta al mismo tiempo una más rápida y completa castellanización. El gallego suroccidental resulta más arcaico que el central en sus formas autóctonas; pero ha sufrido más, por otra parte, la erosión de la lengua oficial: el proceso de castellanización ha avanzado más en este punto".

[7] Respeito ao caso de *mantés*, debemos manifestar que se encontra a forma singular *manté* (*con catro mantés cuberta / por que non chega un manté*, C 3.129-130). Noutros autores achamos esa forma plural como singular, que, como indica Freixeiro Mato (1993: 90), só se pode explicar a partir do plural centro-occidental *mantés*, que xerou posteriormente a forma *manteses*, derivando dela un singular analóxico *mantés*.

[8] Hai un caso dubidoso: trátase da solución que Curros dá ao plural do substantivo *nivel* que aparece no verso 34 do poema "Na apertura do Centro Gallego". A leitura podémola facer de dúas maneiras: *nivéis* ou *nivéls*. Nas edicións de *El Regional* (Lugo, 1.4.1893) e *El Eco de Galicia* (Habana, 22.4.1893), rexístrase *nivéls*, en canto que na edición de *El Globo* (Madrid, 28.3.1893) a distinción é máis complexa. A solución *nivéis*, propria do bloque oriental, repítea Curros nunha soa ocasión que apontamos arriba (*ladrais*); a solución *nivéls* (pola que nós optamos), dáse noutros autores da época, como Rosalía, que en *Cantares Gallegos* utiliza en varias ocasións este tipo de plurais: *frols, mals, mortals, nabals, sutils.*

[9] Centrándomonos estritamente no adxectivo, son merecentes de comentario a alternancia *bon/bo,* en que o poeta opta por alternar ambas as solucións, cunha maior utilización da primeira, de que contabilizamos 16 casos por 4 da segunda. Este feito contrasta en boa maneira coa distribución xeográfica de ambas as formas, pois o autor pertence a unha área en que prevalece a solución *bo: bon samaritano*, C 26.29; *meu bon amigo*, C 31.169; *bon labrego*, C 33.1; *¡Bon peixe!*, DS III.153; *un bon gaiteiro*, PS 3.30; etc. Polo contrario, aparece *bo* en: *bó castigo me deches*, C 2.1005; *a noite á bó andar caía*, DS V.4; *bo consello*, PS 14.177.

Neste mesmo ámbito adxectival cómpre salientar a utilización da forma comparativa *millor* (*qu'é o meu médeco millor*, C 21.63; *non agarde millor sorte*, PS 11.115; *y-o millor Dios o diñeiro*, PS 14.32), a preferencia pola forma *peor* frente a *pior* (*piores q'a rabia*, HG 2.298 / *peores q'a rabia*, A, B, C 2.298; *do peorciño* DS II.143), así como a alternancia *maor/mor*, sendo inexistente a forma *maior: cando n'as festas maores*, C 4.41; *os ósos d'os teus maores*, DS IV.116; *collían roxo inda mór*, C 3.74; *que no mundo a mor riqueza*, C 33.106.

central, *-au/-á*: *n'a miña mau*, C 2.787; *como de vrau regalada*, C 2.834; *hirmauciños*, C 2.875; *nin gráu pr'a semente*, C 15.130; *y-as maus*, C 23.21; *o chau*, DS VIII.124; *meus hirmaus*, PS 10.1. Mais non sempre sucede así, pois apresenta casos, non habituais do galego central, en *-an*, aínda que todos os recollidos pertencen aos poemas soltos que son –como dixemos– menos fiábeis: *d'o céltico chan*, PS 10.45; *hirmans*, PS 14.232; *man*, PS 17.58. No feminino, o resultado xeral de -ANA latino é *-á*, mais a isoglosa de separación con *-án* pasa tan próxima a Celanova que a solución do noso autor apresenta alternancia. A isto debemos sumar a solución culta *-ana* e algún castelanismo: *unha muradana*, C 2.405; *xentes cortesanas*, C 2.918; *baix'a ventana*, C 2.968; *d'a mañan*, C 5.20; *a alta campana*, C 12.17; *certa clás de mazá*, C 21.28; *vai por lan á Roma*, DS I.149; *á esas rans d'a democracia*, DS III.54.

No apartado referente aos pronomes deterémonos naqueles aspectos máis salientábeis, especialmente no pronome persoal, en que debemos facer constar a alternancia de *ti/tu* como forma de suxeito, con preferencia para a primeira das formas: *ti quéresme moito*, C 2.261; *tí apareciche enton*, C 34.9; *tí, meu coitado San Bode*; DS I.112. Mais como corresponde a unha zona xeográfica en que o uso común na fala é o de *tu*, tamén vemos casos en que aparece a forma etimolóxica: *tú rósnos* C 2.357; *rabearas tú*, C 2.772. Na edición de "A Virxe do Cristal" en *El Heraldo Gallego*, ao lado de *ti* achamos *tu* con moita frecuencia: *tu quéresme moito*, HG 2.261; *tu seique tes gana*, HG 2.288. Esta alternancia solucionaríaa na 1ª edición de *Aires* a favor da forma *ti*, o que demostra unha escolla lingüística consciente na dirección do estándar moderno da lingua.

Por outra parte, no que di respeito á forma do pronome de terceira persoa *el/il*, a situación é semellante á anterior, xa que predomina a forma común, aínda que tamén existe a solución *il* por ser a típica desta zona ourensá: *il corre*, C 1.191; *pensaba n'íl*, C 2.736. En HG tamén aparece o dialectal *il* (*il era un mozo arrogante*, HG 1.167), correxido en *Aires d'a miña terra*. Ademais, achamos a forma invariábel *el*, substituto do antigo pronome *elo* (*¿Él é certo?*, DS II.1), que, situado no inicio da curva de entoación, está tomado como reforzo interrogativo á maneira de *acaso, entón, logo*[10].

Canto á distinción das formas de dativo de 3ª persoa (*lle/lles*), tamén en Curros se percebe a neutralización, dentro dunha tónica de diferenciación entre singular e plural: *fálalle ós emigrados*, PS 8.17; *os homes non lle fan caso*, PS 11.29; *a todos lles gusta,* C 2.963; *tando d'esto se lles dá*, C 3.40.

Outras cuestións de interese fan referencia á alta percentaxe de utilizacións das formas do pronome de solidariedade (*¡pois estouche servido!*, C 2.474; *que che se*

[10] Sobre o particular, véxase Álvarez / Regueira / Monteaguado (1986: 169).

rin de ti, C 2.564; *eu ch'o topey, eu ch'o tiven*, C 2.1021; *nadia ch'é rico*, C 16.13; *pois non ch'hay can que ch'a roa*, C 21.11; *sonche os verdadeiros santos*, DS II.123; *que mala loba che me non xante*, PS 2.11; *y-eu non vos toco nada*, PS 3.19; *evos a lengoa gallega*, PS 5.1), así como todo aquilo que fai referencia á colocación das formas átonas do pronome persoal. As veces que modificou a posición canónica dun clítico foi, na maioría dos casos, por razóns enfáticas ou métricas: *x'estóuvos' ascoitar*, C 2.808; *"¡Qué tempos!" me dice*, C 12.56; *Vostedes me sean testigos*, C 21.114; *se ás boas non veste*, PS 2.60; *a cencia o pregoa y-a cencia non mente*, PS 10.21; *Penélope o diga*, PS 10.51; *pr'a cando él trunfe eu lla gardo*, PS 17.110. Do mesmo xeito, manexa extraordinariamente ben a interpolación, recurso tradicional e enriquecedor do idioma, especialmente frecuente co adverbio de negación *non: pra que se lle non coneza*, C 2.316; *dende que te non vexo*, C 2.999; *non hay quen lle non deba consolos e favor*, C 2.1187; *pátria que os non mantén*, C 25.48; *¿quén te non maltratóu?*, C 31.126; *que mala loba che me non xante*, PS 2.11. Outras veces, a interpolación dáse cando o suxeito se sitúa inmediatamente antes do verbo, desprazando deste xeito o pronome átono para unha posición anterior: *Si probas m'él pidira e darllas eu pudese*, C 2.371; *antes de se o sol deitar*, PS 14.168.

As formas dos demostrativos corresponden en xeral ao sistema maioritario con ['e] tónico, a pesar de que a zona xeográfica de procedencia de Curros responde máis a un paradigma con hipercaracterización nas formas masculinas con vogal tónica ['i], que é característico da maior parte da provincia de Ourense (Fernández Rei 1991: 69-73). Eis algúns casos: *este libro*, C 1.29; *ese idioma*, C 1.41; *por aquel bosque*, DS V.152; *n'esta noite*, DS I.11; *estas páxinas*, C 1.32; *esa fala pulida*, C 1.37; *aquela virtú*, C 2.374; *d'a xente aquela*, DS III.133; *y-esto dito*, DS I.127; *pra vivir bástache eso*, C 31.142 vs. *d'iste ano*, PS 2.9; *ises compatriotas nosos*, DS II.118; *irgue isas pontes, cega ises baches*, PS 2.17; *n'aquil celaxe promizo*, DS V.16; *mirando aquiles horrores*, DIVI III.163.

Por outra parte, e como acontece, por exemplo, na obra pondaliana, en Curros pode aparecer o pronome posesivo sen o artigo, normalmente por razóns métricas: *morreu voso realismo*, C 32.32; *teu millor libro*, C 33.94; *seus rezos*, DS IV.73; *onde vosas obrigas*, PS 3.3; *miña alma toda*, PS 3.91; *seus sacretos*, PS 3.132; *noso chau paterno*, PS 3.140; *tray meus versos*, PS 14.80.

Canto ao indefinido, convén asinalar un fenómeno de carácter fonético que afecta **o** encontro dunha vogal final *-a* (ou da realización [j] da conxunción copulativa) en contacto coas formas de *un:* a vogal velar aberta de *on, onha* provén da contracción de /a/ e /u/, fenómeno típico da fala popular. Significativamente, Curros vai mudando o seu modelo lingüístico, sendo máis frecuente en *Aires da miña terra*, é apenas perceptíbel en *O divino sainete* (só dous casos, un deles no manuscrito autógrafo, despois correxido na 1ª edición). Os casos documentados aparecen

sempre despois das preposicións *a, contra* e *pra,* e das conxuncións *coma* e *i* (neste caso por disimilación entre fechadas): *escribir nada mais pr'onha provincia*, C 1.42; *y-on carro...¿y-a de vosté?*, C 3.172; *roxa com'on caravel...*, C 3.173. O único caso dubidoso (*decía onha vella*, C 3.173) é explicábel por fonética sintáctica, pola presenza do *-a* final de *decía*. Por outra parte, aínda se debe indicar a presenza, en diferente proporción, de formas vulgarizadas procedentes do castelán *nadie* acarón da forma correcta *ninguén: nadia, naide* e *nadie. Nadia* está presente en trece ocasións, *ninguén* en doce, e *nadie* en catro: *que naide s'entende alí*, C 3.234; *naide as endrómenas ten*, C 21.9; *naide baila*, C 21.24; *como naide se vexa*, C 27.4. A forma *nadie* só se rexistra unha única vez: *de nadie recordos malos*, PS 17.142.

No necesariamente complexo capítulo referido ao verbo destacaremos só aqueles aspectos que consideramos máis significativos pola súa importancia. As segundas persoas do plural das tres conxugacións apresentan tanto a conservación do *-d-* da terminación como a desaparición da consoante e mais a posterior asimilación e crase vocálica, sendo este un trazo típico da área fisterrá usado frecuentemente por Rosalía de Castro; talvez Curros se vise influído pola poeta padronesa, pois esta desinencia é allea á zona lingüística de Celanova: *que chamás progreso*, C 2.8; *de que lei / querés*, C 25.40; *cando chegués á cima*, C 28.35; *cantos amés*, C 36.3; *as soidades sentís d'os patrios eidos*, PS 3.2; *cando cruzás*, PS 18.91; mais ao seu lado aparece: *os que, cal eu, subides*, C 28.33; *q'inda pensades*, C 32.33; *cumprides*, PS 3.125. Polo contrario, nas formas de imperativo Curros vacila entre a solución galega xeral (*paráde*, C 2.9; *correde o velo*, C 25.45; *rachade*, DS 0.95; *Ladrade, mordede, ride*, DS 0.97; *remendade*, PS 12.3) e a forma dialectal de procedencia, neste caso sen a crase fisterrá, excepto, loxicamente, na terceira conxugación: *facéy montería*, C 10.23; *Romeiros, acudí!...*, C 17.9; *templáina*, C 23.42; *preguntáylle*, C 25.17; *dáille traballo*, C 25.46; *deixáino*, C 25.57; *mirayno*, C 35.44; *penduray*, PS 14.190.

Por outra banda, a respeito das P4 e P5 do copretérito, antepretérito e pospretérito, debemos ter en conta o desprazamento acentual da vogal do sufixo modo-temporal á vogal temática nas P4 e P5: *dábamos comenzo*, DS III.2; *tíñamos*, DS III.5; *marchábamos*, DS VI.142; *non debérades tornar*, PS 15.20. Ao seu carón topamos casos de mantimento do acento etimolóxico, inclusive, algúns deles, marcados con til polo proprio autor: *rezabámos*, C 9.46; *viviámos*, PS 10.88. Esta alternancia pode explicarse pola existencia dun territorio sen desprazamento acentual, próximo a Celanova, onde tamén existe unha pequena illa con formas analóxicas.

No apartado referido ao pretérito, centrarémonos, en primeiro lugar, nas solucións de P2, en que se produce vacilación entre os resultados etimolóxico (*-che*) e analóxico (*-ches*). Temos rexistrada 38 veces a primeira forma (*chegache*, DS I.103; *xurache*, DS I.105; *recolliche*, DS IV.124; *levantache*, DS IV.129; etc.),

frente a 30 casos da segunda: *se pagaches*, DS VI.63; *mandaches*, PS 17.57. Ademais, en consonancia coa área xeográfica do autor, a vogal temática etimolóxica da P2 dos pretéritos fracos da 2ª conxugación é sempre /i/: *naciches ti*, C 24.8; *mereciches*, C 31.104; *ti apareciche entón*, C 34.9; *metiche*, DS V.163.

Polo que respeita ao sufixo número-persoal de P5 do pretérito, continúa a mesma vacilación, neste caso entre a forma hipercaracterizada *-stedes* (*dixéstedes*, C 32.21; *nombrástedes*, PS 3.7; *puxéstedeslle*, PS 3.11; *soñástedes*, PS 3.159) e a etimolóxica *-stes: que á morte condenastes*, C 25.39; *recordastes*, DS V.14; *pensastes*, PS 3.164.

Outra cuestión importante, con consecuencias sintácticas, é a presenza de usos de antepretérito no canto de pretérito de subxuntivo, en consonancia con usos populares: *e pódia que certo fora*, C 2.90; *s'en sorte me tocara*, C 2.608; *cal si tiveran rebor*, C 3.66; *por mal que che fose*, C 31.114.

Débese salientar, así mesmo, o magnífico dominio da lingua por parte de Curros no referente ao uso xeral e constante do futuro de subxuntivo. Os exemplos son abundantes: *que quen quixere*, C 2.99; *conta non deres*, C 2.516; *vos fordes de paseo*, C 2.1178; *si pudér*, C 25.40; *si chegar á morrer*, C 25.28; *mais se non che bastar*, C 31.143; *cóntame o que vires*, C 36.24; *canto for meu*, DS VIII.205; *quen quixer*, PS 3.176; *a quen non nacer gallego*, PS 14.244.

Finalmente, para alén do alto grau de uso do infinitivo flexionado (*pra n'outono casárense*, C 2.193; *ó saberes tal notiza*, C 33.55; *seres dono*, C 33.57; *pra c'o libro te fagueres*, C 33.61)[11], na obra de Manuel Curros Enríquez aparece frecuentemente o xerundio reforzado coa preposición *en* ou *ende* para indicar que a acción expresada por aquel é anterior á do verbo principal: *a festa en chegando*, C 29.8; *que un ben topache en morrendo*, DS II.23; *persentóuse n'o recinto / un home, en berrando: "Nego o meu sufraxo á ese herexe...*, DS II.76; *ende lle dando ós pés*. Aliás, en liña coa enxebreza manifestada na súa produción literaria, o poeta apresenta un alto uso das formas reducidas de certos participios acarón das formas regulares: *nacidas*, C 2.1; *esta lámpara acendida*, C 19.15; *de pernas tortas*, C 2.485; *c'os ollos acesos*, C 10.17; *nádo n'os montes*, C 14.29; *están enxoitos*, C 32.30; *comesta d'os lobos / comesta morreu*, PS 7.11-12.

Para rematar co capítulo referido ao verbo, ímonos deter en certas particularidades referentes á conxugación de verbos concretos, nomeadamente dalgúns semirregulares e irregulares. En primeiro lugar, débese indicar a presenza de formas analóxicas na conxugación do presente de indicativo de verbos con

[11] Como corresponde á unha zona da provincia de Ourense en que se usan todas as formas do paradigma (García Gondar 1978: 22). É claro que, ás veces, a métrica impede a súa aparición: *nóivos ó sair d'a misa*, C 2.182; *pr'estar com'o moucho / viñeche da sacha?*, C 2.217.

alternancia vocálica (*que a Xusticia encubre*, C 25.45; *cando se cuspe*, PS 14.145), mais sempre minoritarias en relación ás formas históricas: *o peito sente*, C 2.36; *que acod'a cita?*, C 2.809; *s'o conto non mente*, C 15.34; *e feren*, C 15.38; *sempre loce ben*, C 31.164; *soben ó pau as virtudes*, PS 14.127; *que cobre os osos*, PS 14.266.

Así mesmo, no presente de indicativo dos verbos acabados en *-aer, -oer*, aparece frecuentemente a vogal temática fechada /i/ para a 3ª persoa singular: *cay o Papado*, C 17.11; *dóise aquel d'un Sylock*, C 29.68; *trai*, DS V.101; *alí onde cai*, DS VII.36; *roi*, PS 13.5; *doy*, PS 14.7; *tray meus versos*, PS 14.80.

Canto á conxugación de verbos irregulares, faremos unha esquemática revisión dalgúns especialmente significativos:

1. *Dar*. Este verbo mantén a solución *deu* na 3ª persoa do pretérito en todos os casos que rexistramos (*deull'á noiva*, C 3.108; *¡nay que me deu!*, C 27.4; *que nunca deu craridade*, DS I.21; *deulla*, DS VII.61; *deume un fillo*, PS 3.27), cunha única excepción inducida pola rima, que provoca a aparición da forma analóxica *dou* no poema "A espiña", ao lado mesmo da forma histórica: *deulle él sete á quen m'o dou*, PS 14.84.

2. *Dicir/decir*. Curros, sendo fiel ao seu estilo, alterna constantemente tanto as formas *decir* e *dicir* (*decirche esperaba*, C 2.302; *com'antes che decía*, C 2.465; *decindo*, C 2.707; *dicíndolle*, C 15.91; *decindo entre dentes*, C 15.202; *decía miña nay*, C 25.3; *volveu dicirme Gabriel*, C 36.49), como as diversas solucións para a P2, P3 e P6 do Presente de Indicativo: *tí dícelo*, C 2.264; *din a nay y-a madriña*, C 29.11.

3. *Facer/Faguer*. O poeta, natural da parte occidental de Ourense, segue en moitos casos o uso dialectal típico desta zona. No tema de presente a distribución do radical *facer* é maioritario nas falas galegas, rexistrándose a presenza de *faguer* na metade occidental da provincia ourensá. No tema de pretérito *fix-* é o radical maioritario, mais nesta zona ourensá aparece *figu-*. Como podemos observar nos exemplos que seguen, o noso autor utilizou máis frecuentemente as formas proprias do seu territorio lingüístico do que as outras: *él pra faguer as vendimas*, C 2.58; *s'algunha ves o faguía*, C 2.136; *eu nada che figuen*, C 2.253; *d'o que figo*, C 2.428; *pra tal faguer*, C 2.763; *pra facer n'éla morada*, C 2.880; *Martiño fígos'o zorro*, C 2.1113; *mandey faguer testamento*, C 21.55; *pra faguer niño*, C 22.16; *fígome a figa*, C 27.7; *faguedes*, C 31.21; *en que figo ó machado mil pirmores*, C 31.41; *pra c'o libro te fagueres*, C 33.61.

4. *Ouvir/Oír*. En principio, as solucións no radical que o verbo *ouvir* pode apresentar nas formas arrizotónicas do tema de presente (excepto o subxuntivo) e de pretérito son *ouv[-ir], ou[-ir], ougu[-ir]*, ademais de *o[-ir]*. Nas obras do

noso poeta todas e cada unha destas posibilidades son documentadas[12]: *cando teñades esta vos ouido*, C 2.25; *non sey cómo t'oyo*, C 2.229 e 231; *ouía gromas e cántigas*, C 2.986; *ouíunos o confesor*, C 3.108; *qu'era o qu'había qu'ouir*, C 3.208; *o son d'a gaita ouindo*, C 4.53; *vay oir*, C 7.4; *sin ouir seus amargos lamentos*, C 11.23; *y-on sapo q'o oía*, C 14.11; *s'ouíras os sermós*, C 21.141; *ninguén ouíu*, C 28.13; *o dia que m'as oyan*, C 28.16; *oyo á chamarme*, C 31.76; *y-ouvide a miña vos*, C 36.4. Tamén podemos ver o substantivo deverbal: *Non teño ouido xordo*, C 2.822; *chegóull'ó ouido*, C 2.1066.

5. *Pór/poñer*. O verbo *pór* (e os seus compostos) é característico da provincia de Ourense, como testemuña Fernández Rei (1991: 98-99 e 134) ao estudar a súa distribución xeográfica: "No tema de presente teñen diferente distribución as formas *pór, pomos, pondes (podes), puña, porei, poría...* características de Zamora, case todo Ourense, a metade sur de Pontevedra e puntos esporádicos da Coruña e Lugo; *poer, poemos, poeis, poía, poerei, poería...* de falas asturianas; e *poñer, poñemos, poñedes, poñía, poñerei, poñería...* do resto do galego". En Curros as dúas formas alternan o seu uso: *repoñéndose*, C 2.625; *quíxose pôr*, C 2.701; *en compoñerse*, C 3.81; *compuñan unha armunía*, C 3.207; *vay póndos'o sol*, C 14.2; *poñeino ante esta lámpara acendida*, C 19.15; *non me fagas porche preito*, C 21.150; *poñendo os meus fillos*, C 29.51; *aquí vos ven: disponde*, PS 3.121.

6. *Querer*. A conxugación deste verbo segue no noso autor a norma xeral, a excepción dalgunhas formas moi concretas da 2ª e 3ª persoas do presente de indicativo, en que alternan, respectivamente, *queres/ques* e *quer/quere*, á parte de *queredes/querés* (véxase *supra*), con aparición de formas típicas do occidente coruñés; afirma Fernández Rei (1991: 99): "No presente de indicativo deste verbo é relevante a distribución de *quères*, forma maioritaria [...] e *què*s, forma contracta característica do occidente da Coruña, ás veces en concorrencia con *quères*. Igualmente o é a distribución de *quère*, que é o xeral, frente á forma apocopada *què*r, cunha área compacta no occidente da Coruña e outra no galego de Asturias e do Bierzo". Vexamos algunha exemplificación: *falarme quere*, C 2.806; *que quer que lle levanten*, C 2.815; *que quer*, C 2.816; *si Dios quere*, C 2.947; *o mesmo quer o concello*, C 2.949; *e cand'a que tanto quere*, C 2.1114; *com'o qu'a cousa non quer*, C 3.168; *tanto te quer*, C 21.59; *que quere creer*, DS I.114; *cántigas què*r *de galans*, PS 5.4; *d'aquelo que quer gozar*, PS 5.16; *quer que vos diga*, PS 14.69; *non quere o río*, PS 15.21.

7. *Saír/Salir*. O estudo da lingua currosiana mostra a convivencia da forma *saír*, maioritaria, con algún caso de *salir: saleu de apaseo*, C 15.13; *non sallo*, PS 14.70 e 122. Outros exemplos son: *dispois de saír*, C 2.68; *e d'aquí sán pr'os*

[12] Ademais dunha forma analóxica *ouce: xa s'ouce o pío alegre*, C 5.17.

teares, C 2.119; *saían*, C 2.142; *unha d'a boca lle say*, C 2.323; *saíu tranquilo xá*, C 2.636; *e Bras ó turreiro say*, C 3.18; *pol-a troneira say*, C 16.20; *¡Qué cousas m'oxe sán*, C 16.40; *e pol-a posta que say*, C 21.3; *pra c'oa teima me sair*, C 21.116; *hastra que d'ela sayan*, C 23.43; *say d'ese altar*, C 31.130 e 132; *sayámos xa*, C 31.170; *d'a Grecia say Roma*, PS 10.96; *saín*, PS 14.186.

8. *Traer/Traguer*. Neste verbo é significativa a presenza de formas que mostran unha conxugación dependente da minoritaria forma *traguer*, convivendo con resultados de *traer: que trás contigo o frío*, C 2.356; *tráiche consolo e favor*, C 2.414; *trayo*, C 9.7; *que tray a boa nova*, C 28.20; *meus fillos vos trayo*, C 29.34; *vés traguer*, C 29.46; *meus nenos che trayo*, C 29.54; *¿Trouguen as ágoas á Cruña?*, PS 17.13.

9. *Ter*. Canto a este verbo, merecen comentario algúns aspectos referidos á súa conxugación. En primeiro lugar convén destacar o comportamento que o poeta celanovés lle dá á 3ª persoa plural do presente de indicativo. Máis unha vez, Fernández Rei (1991: 101) infórmanos de que na P6 se rexistra *tein* na parte oriental da Galiza e *tèn* no oeste da Coruña, sul de Pontevedra e Ourense, constatando, ademais, que a forma *tèn* soe aparecer frecuentemente en concorrencia coa analóxica, e maioritaria, *tèñen*. A variedade das solucións na obra do autor pódese apreciar nos exemplos que seguen: *pr'a min tên frores*, C 9.32; *eses nomes tén virtude*, C 33.115; *que ten a pasión por guía*, DS VI.57; *tén as mesmas rodas*, PS 10.58; *que os teen tan gañados*, PS 17.34; *nin cult'os héroes tên*, PS 19.40. Mais tamén se rexistra *teñen: no teñen albergue*, C 15.148; *teñen a pátrea*, C 31.137; *teñen*, PS 14.192.

Por outra banda, nos tempos de pretérito documéntase a alternancia das raíces *tiv-/tuv-*, mostrando a interferencia do castelán na segunda forma: *tiven un fillo d'achego*, C 21.139; *tivo tratos c'o demo*, C 24.7; *que xa tiven*, C 29.24; *tuvo*, PS 11.53.

No ámbito da morfoloxía, fican aínda algunhas observacións sobre diversos adverbios, preposicións e conxuncións. A respeito do adverbio, salientamos a presenza das diversas series dos adverbios de lugar absolutos, aparecendo maioritariamente os da serie en *-í:* uns 35 casos de *aquí* (á parte da variante *eiquí*), 17 de *aí* e 23 de *alí*. Segue a serie en *-á* con un caso de *acá* (*pr'acá d'o Pirene*, PS 10.23) e 24 de *alá*. Na serie en *-ó* non documentamos *acó*, frente a dous rexistros de *aló: aló n'o fondo*, C 31.75 e *aló n'o abril primeiro*, 31.109. Finalmente, *acolá* recollémolo tamén dúas veces: *acolá enriba*, C 2.1161 e *d'aquí pr'acolá*, PS 10.12. Nos da serie en *-í*, Curros alterou as grafías na edición de *Aires* a respeito da 1ª de "A Virxe do Cristal" en *El Heraldo Gallego*, pois neste aparecían as formas palatalizadas que o poeta modificou en 1880: *elí*, HG 2.67 e 2.73; *eiqui*, HG 1.123 (*alí* e *aquí* nas tres edicións de *Aires*); *alí*, C 2.67 e 73 (frente a *elí* en HG nos mesmos versos); *aquí*, C 2.118, 119, 121 e 124 (frente a *eiquí* en HG); etc.

Tamén no ámbito adverbial se debe sinalar a presenza esporádica dunha asimilación consonántica no encontro do adverbio de negación *non* seguido do pronome persoal *me* (*eu no me acordo*, C 2.821), así como a crase deste mesmo adverbio con forma verbal iniciada por vogal, fenómeno popular tamén minoritario na obra de Curros, aproveitado con fins métricos, o mesmo que outros poetas contemporáneos: *n'hay zapateiros*, C 2.115; *noxado n'estabas*, C 2.220; *un chau que n'é d'éles*, C 15.118; *n'hay quen non venda monte e devesa*, PS 2.35; *tal acasión n'aproveita*, DS 0.87; *¿n'é verdade?*, DS II.4.

Canto ás preposicións, existen diversas formas e usos na obra do poeta ourensán que merecen comentario. Así, é posíbel documentar en Curros certa vacilación verbo do uso da preposición *a* con C.D., aínda que a interpretacións dalgunhas grafías resulta dubidosa: *o servicio d'o rey chama ós mociños*, PS 3.79 vs. *y-os gallegos doma*, PS 10.99.

A forma do adverbio de lugar *diante* é empregada con valor prepositivo equivalente á locución *diante de* en varias ocasións: *diante eles*, PS 10.31; *diante nos*, PS 10.93; *diante o trono e diante o altar*, PS 11.25.

Por outra parte, dependendo por veces de factores métricos, a preposición *para* pode apresentar a forma reducida *pra*, que resulta maioritaria: *para engordar*, C 27.24; *para n'éla vender*, C 35.48; *para a coba*, DS II.41; *para atallar a corrente*, DS V.40; *para facerme calar*, PS 14.16 vs. *pr'a que quen s'astreva*, C 2.94; *quedaban pra si dicindo*, C 2.151; *nacido pra azoute*, C 29.43; *pra dirixir*, PS 3.17.

Tamén existe vacilación na elección entre *desde* e *dende,* con predominio desta última, xa que só localizamos unha vez a primeira forma: *desde enton ¡qué tristeza en vos hay*, C 11.28. Mais esta preposición convive coa locución *déndes de* ou *déndesde*[13]: *déndesd'a vila hastr'a aldea*, C 2.192; *déndesd'o ceo*, C 2.419; *mirada déndes de lonxe*, C 2.653; *Déndesd'o Lerez lixeiro*, C 4.1; *déndesd'esa aventura*, DS II.100.

No relativo á conxunción condicional *se* predomina –sobre todo en *Aires*– a forma castelanizada *si*, combinada coa forma reducida por crase, aínda que en *O divino sainete* e nos poemas soltos a vacilación é maior, aparecendo comunmente *se*; o mesmo sucedía nos poemas "A Virxe do Cristal", "Unha voda en Einibó" e "O gueiteiro" publicados en *El Heraldo Gallego*, en que se manifestaba máis abertamente a presenza da forma *se*: *e se canto ése morto... perdonaime*, HG 2.48. Porén, *si* está presente no orixinal autógrafo de *O divino sainete*, mais na 1ª edición (1888) aparece *se*.

[13] Para un máis amplo estudo desta forma, véxase Ferreiro (1999: 214 e 361) e García de Diego (1984: 152-153).

Con relación ás partículas comparativas *ca/que* e *coma/como*, débese sinalar que, en certas ocasións, na poesía de Curros aparece o pronome na súa forma recta precedido da forma *como* (*de toparte como eu*, C 31.88; *todos como eu apenados*, DS I.77). Dun modo semellante, pode aparecer *que* perante a forma *ti* como segundo termo da comparación: *outros van máis emporcados / que tí*, DS V 55-56.

Léxico

Por último, na análise da lingua de Curros debemos ter presente que o noso poeta é un dos autores do Rexurdimento que mostra un léxico máis rico e variado, sen dúbida pola amplitude da súa cultura e formación, reflectida en artigos de prensa como comentador literario, e mais pola grande cantidade de leituras que tiña feito. Desta forma, elabora literariamente un idioma que parte dunha linguaxe con marcado acento popular, matizando o seu léxico con abundantes cultismos froito do profundo coñecimento do mundo clásico. Mais, como todo escritor desta época, foi tamén escravo da situación lingüística que neses momentos se vivía, pagando o tributo de numerosas interferencias e/ou deformacións fonético-lexicais que en nengún momento restan interese e calidade á súa produción.

Neste sentido, Curros tampouco foi alleo á avasaladora influencia da lingua oficial, rexistrándose castelanismos sistemáticos na súa obra, como o substantivo *Dios*, introducido xa había ben tempo no idioma, e o adxectivo *hermoso* e os seus derivados; neste caso convén destacar que a súa presenza se dá maioritariamente en "A Virxe do Cristal", decaíndo o seu emprego ao irmos avanzando cronoloxicamente na edición da súa poesía (*hermosa vida*, C 2.361; *unha rapaza hermosa*, C 2.546; *d'unha non vista hermosura*, DS 0.90). Así mesmo, o xentilicio *gallego* é forma única, pois haberá que esperar ás Irmandades da Fala para que se faga efectiva a recuperación da forma lexítima. Hai, aínda, outra serie de palabras españolas que aparecen en contadas ocasións. Así, por exemplo, *reina* figura unha única vez (*Reina d'hermosura*, C 2.78); *castellana* (C 33.42); *griego* (*d'os grandes tráxicos griegos*, DS I.102; *o vello sudario griego*, DS IV.140); *pulpo* (PS 3.62); etc.

Outras veces aparecen pseudogaleguismos, constituídos por formas híbridas entre o galego e o español: *ánxele*, C 2.637; *anx'liños*, C 4.75; *os Evanxelios*, DS 0.20; *lexos*, PS 3.66; *almexas*, PS 4.5; *Miguel Anxele*, DS IV.150. Resulta, neste sentido, sorprendente a modificación da forma correcta galega *gargallada* que aparece no manuscrito autógrafo polo híbrido *carcaxada* en DS I.165, castelanismo facilmente evitábel.

Finalmente, existen palabras que alternan as súas formas entre a voz galega e a española. Por exemplo: *y-a limosna*, C 2.104, frente a *a esmola*, PS 3.176.

Por outra banda, ao contrario do que acontece con, por exemplo, Pondal ou, despois, Noriega Varela, documéntanse na obra de Curros numerosos hipergaleguismos, arrastrado, sen dúbida, polo seu desexo de afastamento do castelán, que o leva a nivelar analoxicamente elementos de procedencia culta, a vocalizar grupos consonánticos en latinismos recentes, etc.: *cencia*, C 2.2; *primaveira*, C 5.6; *estranas*, C 13.33; *mediciña*, C 13.38; *brilar*, C 14.38, *extranos*, C 27.17; *mediciña*, C 29.27; *montana*, C 30.2; *hourizonte*, DS I.73; *brilante*, DS V.126; etc. Algunhas destas formas son exclusivas, en canto que outras apresentan tamén a forma correcta (*brillou*, C 2.613, frente á anterior *brilar*).

Finalmente, canto á formación de palabras, cabe pór en relevo na obra de Manuel Curros Enríquez dous procedimentos utilizados con alta frecuencia, cal a derivación sufixal e a composición. No ámbito da primeira salientaremos unicamente a utilización dos sufixos diminutivos, en especial o sufixo *-iño*. Os valores que apresentan as palabras con el formadas son variados, indo desde o indicador de tamaño ao intensificador de afectividade, pasando por todos os demais. Unha boa proporción deles acumúlase nos poemas apresentados ao Certame de Ourense, cheos dun significativo contido tradicional e costumista e moi próximos á fala popular. En C rexistramos máis dunha centena de exemplos: *tan piquiniña*, 2.819; *ovelliñas* 2.830; *o coitadiño*, 2.985; *un ramiño*, 2.994; *caraveliño*, 3.29; *rapaciños*, 6.9; *meu queridiño*, 7.47; *branca pombiña*, 9.26; *filliña*, 16.6; *papeliños*, 21.62; *estreliñas*, 22.24; *santiño*, 29.13; *saniños*, 29.61. En DS contabilizamos 12 casos: *o tempiño foxe*, 0.34; *certos poetiñas*, IV.54; *xentiña*, IV.82; e nos poemas soltos vimos 22: *fontiña*, HG 1.1; *q'esas pestanas longuiñas*, HG 1.9; *pouquiño á pouco*, PS 3.171. Algunhas veces, a palabra aparece reforzada pola acumulación nela de dous ou máis sufixos (*Paráde un pouquichiñ'o fatigoso / paso*, C 2.9; *tan piquirriquichiño*, C 2.792.

O resto dos diminutivos non chega a ter a presenza deste, e algúns deles apresentan outras connotacións, como o valor despectivo ou, mesmo, conforman palabras xa totalmente lexicalizadas: *-ello* (*cortello*, C 2.832); *-ete/-a* (*foguetes* C 4.45, *palleta*, C 4.89); *-ote* (*capote*, DS I.7); etc.

Canto á tipoloxía compositiva que se rexistra na poesía currosiana, salientamos non tanto a súa abundancia como a criatividade dalgúns compostos, con elementos de variada condición: *gardas fronteiros*, C 16.53; *católica-romana*, C 31.27; *crítica-Veuillot*, C 34.5; *garda-fronteiro*, DS VII.60; *somellóume un peso-duro*, DS VII.132; *a virtude-vaca*, PS 3.95; *boi-deseo*, PS 3.96; *himno-titán*, PS 3.201; *mestre-canto*, PS 17.120[14]. Non é un tipo de substantivos que abunden demasiado na súa obra, mais, dos que existen, as combinacións estruturais son variadas.

[14] Resulta curiosa a presenza de *carros matos* en PS 2.19, en que a flexión de número afecta os dous membros.

A modo de conclusións

En Curros dáse un feito evidente que non ten parangón con nengún outro escritor da época: o seu alto dominio da lingua e a súa riqueza e variedade vocabular, unidos á intención de superar en todo o momento a fase inicial do idioma, fuxindo na medida do posíbel de vulgarismos innecesarios e de dialectalismos proprios da súa zona, tratando de lle dar a este unha unidade que naquel momento non posuía. Para iso, aínda que baseado na fala popular, seguiu aspectos da *Gramática* de Saco Arce sen deixar de sentir a influencia doutros autores coetáneos, especialmente de Rosalía. Percébese unha marcada evolución desde os poemas premiados no Certame de Ourense e publicados en *El Heraldo Gallego* até os seguintes da primeira edición de *Aires da miña terra*. En *O divino sainete* a ansia de perfección levouno, mesmo, a pedir algunha rectificación ao editor Martínez Salazar, como vimos.

No tocante á grafía, mantivo decote un mesmo sistema con moi poucas diferenzas. A excepción vémola nos tres poemas do Certame de Ourense, que apresentaban unha serie de marcas gráficas, que despois o autor iría eliminando, como a excesiva presenza de apóstrofos por elisión de vogais.

Do ponto de vista fonético, reproduce a fala habitual daquel momento, cos correspondentes casos de alteracións de timbre vocálico, as metáteses consonánticas, a redución e vocalización de grupos cultos, as asimilacións e disimilacións e outros fenómenos típicos da lingua oral, sen que se poda rexistrar en nengún caso a gheada, xeral no seu territorio nativo.

No ámbito morfosintáctico, o galego literario de Curros caracterízase polo polimorfismo, xeral na súa época. Así acontece, por exemplo, na solución de -ANU/-A, na formación do plural, con solucións características doutras áreas lingüísticas, ou na adscrición xenérica de diversos substantivos. É salientábel, ademais, a alta frecuencia de futuros de subxuntivo e de infinitivos flexionados, típicos do idioma.

No nivel léxico-semántico a riqueza e variedade do seu vocabulario é a característica máis salientábel. O dominio é tan absoluto que conviven con total naturalidade palabras de procedencia culta ao lado das expresións máis típicas e populares. Os hiperenxebrismos, castelanismos e vulgarismos marcan tanto os seus versos que hoxe posuímos un perfeito retrato do estado do idioma naquel período finisecular. Neste ámbito, de novo, hai unha grande diferenza entre os tres poemas premiados en Ourense e aqueles que representan o verdadeiro Curros reivindicativo e denunciante das inxustizas sociais. O primeiro é un léxico máis popular, máis enxebre; o segundo está adaptado aos temas que trata: é un léxico máis culto, con presenza dun elevado número de nomes proprios que fan referencia a personaxes históricas, literarias, políticas, relixiosas, etc.

Curros, que cría na súa lingua, tratou sempre de a dignificar e elevala á categoría das outras que a rodeaban. A súa posición canto ao idioma tiña de ser a posición dun verdadeiro fillo da Galiza amante do país. Loitou pola dignificación e o progreso da nosa terra e iso levou aparellada a loita pola dignificación do idioma. As súas ideas de home formado e maduro reflectíronse no seu desexo de fundar unha Academia para sistematizar e unificar a lingua, pois decatábase claramente dos perigos de desaparición e de dialectalización que esta corría. O seu desexo, irreal, era convertela na lingua universal de todos os humanos, como puxo de manifesto no primeiro poema do libro *Aires da miña terra*. Hoxe as letras galegas aínda se laian da desaparición prematura deste home que tratou de marcar un máis alá para a Galiza, lonxe de todo populismo folclórico e perto da realidade lingüística, social, económica e política que a caracterizaban.

Referencias bibliográficas

A: *Aires d'a miña terra*, Ourense, Tipografía de A. Otero Editor, 1880 [Primeira edición].

Álvarez, R. / Regueira, X.L. / Monteagudo, H. (1986): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).

B: *Aires d'a miña terra*, Madrid, La Ilustración Gallega y Asturiana, 1881 [Segunda edición].

C: *Aires d'a miña terra*, A Coruña, Latorre y Martínez Editores, 1886 [Terceira edición].

Carballo Calero, R. (1972): *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

DS: *O divino sainete*, A Coruña, Imprenta La Comercial, 1888.

Fernández Rei, F. (1991): *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).

Ferreiro, M. (1999 [1995]): *Gramática histórica galega* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Freixeiro Mato, X. R. (1993): *Da montaña o corazón* (Lugo: Fundación Caixa Galicia).

García de Diego, V. (1984): *Elementos de Gramática Histórica Gallega. (Fonética-Morfología) 1909* [Edición facsimilar] (*Verba*, Anexo 23: Universidade de Santiago de Compostela).

G[arcía] Gondar, F. (1978): *O infinitivo conxugado en galego.* Anejo 13 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

López Varela, E. (1998): *A poesía galega de M. Curros Enríquez.* Tomo 1 (A Coruña: Deputación Provincial da Coruña).

López Varela, E. (2000): "O posicionamento de Curros perante a lingua", *Revista Galega de Filoloxía*, 1: 199-208.

Martínez-Morás Soria, A. (1987): "Testemuño dunha amizade. Curros Enríquez e Martínez Salazar", *A Nosa Terra.* Extra nº 9: 22-24.

Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática Gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).

Sobre *Enfermidades da língua* (1759) de Manuel José de Paiva*

Telmo Verdelho
Universidade de Aveiro

1. Nos anos de 1759 e 1760 viveram-se em Portugal momentos de grande violência e até de crueldade no exercício do poder, de grandes rupturas, e, certamente, de uma grande dramatização da vida pública. É uma data histórica também para a língua portuguesa porque, com a expulsão dos Jesuítas, se aniquila a parte mais importante do suporte institucional do ensino, especialmente do ensino pré-universitário. Proibiram-se os manuais escolares que apoiavam a formação linguística, extinguiram-se os colégios e os postos de ensino mantidos pelos jesuítas, expulsaram-se e reprimiram-se muitos mestres e agentes culturais que se desempenhavam honestamente, e fechou-se a Universidade de Évora.

Não será possível avaliar as consequências nefastas e os danos que eventualmente este rompimento poderá ter causado na cultura portuguesa. Como diz o poeta, a história do que poderia ter sido ninguém a pode contar. Em todo o caso, mesmo aceitando que nas contas finais houve algum prejuízo, esta conjuntura suscitou grandes transformações e algumas decisivas e definitivas mudanças na política da língua, da sua escolarização e, finalmente, do seu percurso histórico.

Uma das consequências mais importantes ressente-se sobretudo na dimensão do actual espaço lusófono e na unidade linguística do Brasil, que não pode deixar de se relacionar com a política planificadora do Marquês de Pombal.

O estudo da língua portuguesa foi também objecto da reforma pombalina, decretou-se a escolarização da gramática e criou-se uma rede embrionária e centralizada de ensino público[1].

---

* No Mestrado de Estudos Portugueses leccionado em 1999/2000, no Departamento de Línguas da Universidade de Aveiro, propus ao então Mestrando Mário Martins Pereira a elaboração de uma tese sobre este tema, e comecei a escrever este texto, como uma breve nota, para lhe servir de orientação. Entretanto o Mestre Mário Martins Pereira apresentou, ainda no ano 2000, o seu trabalho que foi muito positivamente apreciado, com o título *Infermidades da língua*, de Manuel José de Paiva: estudo e edição. Escorço bio-bibliográfico do autor, análise de alguns aspectos da obra, edição actualizada e facsímile da 1ª edição.

Agradeço ao Mestre Mário Pereira alguns dados da sua diligente investigação que foram úteis para este trabalho.

[1] Cf. Verdelho (1982: 347-380).

Na sequência destas transformações, embora não seja necessário estabelecer uma relação de causalidade, verifica-se um significativo incremento da reflexão metalinguística sobre o português, discute-se a norma linguística, institui-se a Academia das Ciências (1779) e alarga-se a produção linguisticográfica.

O livrinho *Infermidades da Lingua e arte que a ensina a emmudecer para melhorar*, publicado por Manuel José de Paiva (de que se conhecem exemplares com datas diferentes, de 1759 ou de 1760, correspondentes, todavia, a uma única edição), integra-se com uma certa originalidade neste discurso metalinguístico. É uma obra rara, quase única, entre o espólio bibliográfico português, pelo menos no que respeita a obras publicadas. É possível que tenham sido escritos outros textos do mesmo teor, mas não passaram a barreira do prelo e terão sido vítimas das injúrias do tempo ou da ignorância dos homens, ou, quem sabe, poderão conservar-se ainda dormentes na inocência mal amparada dos nossos arquivos. Como quer que seja, a língua portuguesa tem neste campo uma tradição modesta, quando comparada com as outras grandes línguas europeias, que produziram abundante literatura metalinguística. Modesta tem continuado a ser também a nossa capacidade para integrar essas obras na memória activa e na reflexão dinâmica sobre a língua. Por esta razão me parece oportuno relembrá-la e propor a sua releitura.

A obra de Manuel José de Paiva oferece-se à leitura, antes de mais nada, como um texto literário, elaborado com grande investimento de arte, de recursos linguísticos e de presunção literária. É uma obra caracterizadamente barroca em que se intertextualiza a abundância retórica da oratória sacra, com especial destaque para a memória do P. António Vieira.

Por outro lado, correspondendo à indicação do próprio título, o texto *Infermidades da Lingua* propõe uma reflexão sobre a norma linguística e sobre a moralidade da língua, ou, melhor dito, sobre a língua como um comportamento susceptível de aferição moral. Estas duas vertentes, embora o autor as não tenha explicitado no plano do discurso, distinguem-se, de maneira muito óbvia, na estruturação do texto.

A obra apresenta uma elaborada alegoria em que a língua assume a configuração de uma dolorida enferma que recebe um médico dedicado, sábio e bom entendedor que, numa série de oito visitas, a observa e lhe prescreve um adequado receituário. O texto divide-se assim, em oito sub-unidades, como se foram capítulos, correspondentes a cada uma das visitas. A doutrinação moral e a transgressão (a mentira, a verborreia, a murmuração, a detracção, a crítica injusta, etc.) ocupam a maior parte das visitas e correspondem a uma espécie de moralidade da língua. Diferente desta é o pronunciamento normativo que se encontra na visita sétima: nela o autor recolhe e ordena, pelas letras do alfabeto, um longo "corpus" lexical constituído por palavras e frases "impróprias", "indecentes" ou "indiscretas",

acrescentando a recomendação de que o seu uso deve ser evitado. O discurso moralista parece ser predominante sobre o discurso normativo, mas o trabalho lexicográfico, consubstanciado no elenco recolhido de formas e frases a evitar, é tão quantioso que bem se pode equiparar às numerosas páginas da reflexão moral.

2. Manuel José de Paiva nasceu em Lisboa, em 1706, formou-se em Direito, em Coimbra, e exerceu durante algum tempo a magistratura nas vilas de Odemira e de Avis, e depois a advocacia em Lisboa.

Segundo a informação bibliográfica fornecida por Inocêncio (t. VI, 30 e t. XVI, 244), escreveu, além das *Infermidades*, vários textos teatrais, comédias joco-sérias, obras moralistas, entre elas uma com o título: *Governo do mundo em secco, palavras embrulhadas em papeis ou escritorio da razaõ, exposto no progresso de hum dialogo, em que são interlocutores hum letrado, o seu escrevente e as mais pessoas que se propuzerem*[2]; publicou ainda, no domínio linguístico, um *Antidoto Grammatical, Balsamo Prservativo da corrupção da lingua latina, ou Curioso descobrimento dos principaes erros, barbaridades e incoherencias do novo Methodo para aprender a dita Lingua, Offerecido a seu mesmo Autor por Silverio Silvestre Silveira da Silva, Mestre de Ler, Escrever, Arithmetica, e Grammatica no Lugar de Carnexide, etc.*. En Valencia, en la imprenta de Antonio Balle Anno 1750. Con las licencias necessarias. Trata-se de um texto que deve ser incluído entre as agrestes polémicas suscitadas ao longo do século XVIII, sobre as gramáticas latinas. Manuel José de Paiva critica com aspereza o *Novo Methodo para se aprender Grammatica Latina, ordenado para uso das escolas da Congregação do Oratorio na casa de N. S. das Necessidades,* começado a publicar em 1746 pelo Pe. Manuel Monteiro, um prolífico oratoriano que precedeu o P. António Pereira de Figueiredo (este retoma quase o mesmo título em 1752) na renovação da Gramática de Manuel Álvares.

Do conjunto da sua obra parece poder delinear-se, a respeito de Manuel José de Paiva, um perfil de homem de letras moralista, amigo da tradição, com ideias generosas como a contestação da pena de morte, justamente quando ela era executada com requintes de escarmento público. As suas reflexões repercutem, de modo geral, o discurso do desengano e a literatura do apelo moral[3]. Manifesta-se

---

[2] Não pudemos ver ainda esta obra datada de 1748 e 1751, mas, pela transcrição da portada do tomo II que se lê no *Dicionário bibliográfico* ficamos a saber que ela foi oferecida ao ilustríssimo e excelentíssimo Senhor D. José Mascarenhas e Lencastre, então Marquês de Gouveia e Conde de Santa Cruz, e depois Duque de Aveiro, cruelmente executado em 1759, como principal responsável no processo da conjura contra o Rei D. José I. A escolha de Manuel José de Paiva revelou-se pouco acertada, quanto à recomendação política do seu protector.

[3] As formas "engano" e "enganar", "desengano" e "desenganar" ocorrem com elevada frequência ao longo do texto e são mesmo objecto de artifícios retóricos.

como um cavaleiro sozinho, sem nem sequer um Sancho Pança que o acompanhe e o distinga como herói e lhe conceda o estatuto de mestre. Ligado à ordem antiga, era já velho quando surgiu Pombal, não teria ânimo para assumir a renovação do pensamento e da arte literária que então se operava.

Adopta um criptónimo singular –Silvério Silvestre Silveira da Silva–, que poderá ser entendido como uma alusão caricatural e crítica aos nomes poéticos dos árcades, os eruditos pastores do Monte Ménalo. Pela sua parte prefere a "imitação dos antigos poetas". Na contemplação dos tempos, observa: "por certo que agora tem escola a poesia", mas vai prevenindo que: "O certo he, que, quando estava fexada esta escola da Poesia, floreceraõ os melhores Poetas do mundo" (p. 87). Critica a doutrina poética da Arcádia porque se aplica demasiado "a evitar o que he superfluo" (p. 84), como decorre do lema "Inutilia truncat". Defende a "graça", a "subtileza", e as "figuras" que "exornão a composição": "Deixem guarnecer os pratos que não perdem por guarnecidos, antes a variedade excita mais o apetite de se comerem" (p. 83).

As *Infermidades*, sob o ponto de vista literário, são um exemplo excelente da literatura barroca, da literatura que termina o seu percurso durante o governo do Marquês de Pombal e que é substituída pelo Neo-classicismo, pela Arcádia (agremiação a que Manuel José de Paiva não pertenceu por incompatibilidade do seu credo poético e talvez, por falta de afinidade política). Em todo o caso trata-se de um texto dotado de uma certa legibilidade, quer no respeitante à textura lexical, quer ainda na engenharia retórica em que predomina a acumulação, a enumeração e a simetria, tudo numa construção linear, com sóbrios encadeamentos, que se vão distanciando dos hipérbatos e dos artifícios da sintaxe latina.

Oferece momentos de leitura agradável, com uma intertextualidade em que se repercute toda a enciclopédia da época, e muitos símiles de sabor antigo como o da comparação da língua com a espada:

> Procedem os homens com a lingua, como os loucos com a espada, só porque lhes entrou no animo a presumção de valentes; em qualquer pendencia que vejão a desembainhão, e por mais que levem na cabeça, a cada passo, não se lhes tira [98] da cabeça a parvoice[4].

Mas é sobretudo a riqueza do vocabulário e um especioso investimento retórico que fazem das *Infermidades* um texto merecedor de ser revisitado. Apresenta séries

[4] A comparação da língua com a espada é provérbio geral nas línguas europeias "Más hiere mala palabra que espada afilada"; "Ne uccide più la lingua che la spada". Tinha no latim medieval formulações várias "Multo quam ferrum lingua atrocior ferit", "Língua dolis instructa mucrone nocentior ipsa", "Multo cum ense calamus parentatur".

abundantes de sequências sinonímicas ou parassinonímicas e antonímicas, como se pode observar por este exemplo:

> O peccado foi cauza da desigoaldade dos que nasceraõ para irmaõs, e se procreáraõ servos, e senhores, grandes e pequenos, pobres e ricos, humildes e soberbos; de sorte que os humildes, os pobres os pequenos, e os servos ainda ficaraõ conservando o intuito da creaçaõ em sua efficacia; porque trabalhaõ, porque vigiaõ; e porque da natureza de seus ministerios, merecem o premio de seus serviços; mas o soberbo, o rico, o grande, e o senhor saõ os que sahem fóra deste sistema devino (p. 53).

Na mesma sequência textual surgem outras antíteses e séries de adjectivos:

> – os humildes, os pobres, os pequenos, os servos
>
> – o soberbo, o rico, o grande, o senhor" (p. 53);
>
> – rico .. gentil .. claro .. benigno .. sábio .. valente .. justiceiro .. engenhoso .. soberano e respeitado .. austero .. altivo .. verdadeiro (pp. 54-55).

A moralidade social é explorada de modo grandiloquente em largos discursos antitéticos:

> [...] os sugeitos se levantam contra os poderozos; os soberbos opprimem aos humildes; os ricos não favoressem aos pobres; os tiranos atormentão aos innocentes; os disolutos atropelão aos timoratos; os injustos favoressem aos dilinquentes, e os ambiciosos vendem aos benemeritos (p. 37).

Cultiva a acumulação e as enumerações, num evidente reminiscência da oratória do P. António Vieira:

> Tão rico he, que nada se lhe póde mostrar que elle não tenha:
>
> Tão gentil, [55] que ás mais formozas damas faz cara, e dá de rosto:
>
> tão claro, que a mesma luz do Sol quando com elle se encontra retrocede:
>
> tão benigno que a ninguem já mais soube negar o que se lhe chegou a pedir:
>
> tão sabio que a todas as materias que se lhe propoem responde conformemente:
>
> tão valente que nunca soube voltar as costas, e contra hum exercito ha de peleijar, cara a cara:
>
> tão justiceiro que ninguem o offendeo que se não ferisse:
>
> tão engenhozo, que, por ser dádo á pintura, nenhum insigne, nos retratos, o soube imitar até agora:
>
> tão soberano e respeitado que, no mais alto lugar da melhor fala, se coloca; aonde pelos mais limpos palacianos se venera, e se communica, recebendo todos delle as ordens mais opportunas á apetecida reforma que com toda a deligencia, por sua direcção, se cumpre:

taõ ãustero que reprehende aos Monarcas de seus deffeitos; e, com energia tanta que he instantanea a emenda:

tão altivo que, até argue as pessoas da vida mais apurada, para que se purifiquem de algumas manchas que lhe descobre, e nenhum lhe replica; porque he

tão verdadeiro que não há no mundo quem falle mais verdade (pp. 54-55).

Reúne copiosamente epítetos canónicos que poderiam ter sido muito úteis para a composição do dicionário poético de Cândido Lusitano (Francisco José Freire -1765), mas, pelo que pudemos confrontar, o árcade não deve ter aproveitado essa fonte. Apresentam-se alguns exemplos:

"innocentes preseguidos", "soberbos temerarios", "ladroens infestadores", "tiranos crueis", "poderozos disolutos", "humildes assolados" (p. 37);

ignorância temerária", "cobiça enganadora", "achaque/s: terrível-, mortal, inveterado-, contagioso, pestífero", "conceitos altos, sentenças judiciosas, argumentos fortes, silogismos eficazes"; "aquellas idéas nobres, discriçoens relevantes, aquelles lances prespicazes, aquelles conceitos subtis, aquelas subtilezas graciosas, aquellas exposisoens scientificas, aquellas sentenças uteis, aquellas relaçoens discretas, e aquellas elegancias proseguidas" (p. 82).

Ainda no âmbito do vocabulário, devem notar-se os abundantes latinismos que ocorrem neste texto. Alguns latinismos ainda hoje não estão dicionarizados em português, como "conflado" (p. 91), ou o verbo "opitular" (p. 64), do latim OPITULOR ('socorrer' 'ajudar'). Alguns destes latinismos correspondem a uma recuperação do valor semântico etimológico e, por vezes, soam-nos como se foram formas arcaicas; é o caso das formas "perceber", "perplexo", "extravagante", "distrair": "Tanto zelava a língua para que nunca distraísse as palavras do que eram louvores" (p. 11).

Encontram-se também muitas formas que dão testemunho de uma forte evolução semântica como "administrar", "civilidade", "examinar", "político" e "política", "rebuçado", "sujeito".

O autor teve a intenção de estudar o vocabulário do português e de fazer recolhas lexicais, como se pode observar pelo elenco de palavras e frases da Visita Sétima, e por isso todo o estilo do texto é marcado por esta competência estudiosamente valorizada.

A Visita Sexta, dedicada à "Crítica" contém a parte mais interessante da reflexão literária e metaliterária de toda a obra e bem pode ser lembrada pelos estudiosos da história da Literatura.

3. A componente metalinguística das *Infermidades da Lingua e arte que a ensina a emmudecer para melhorar* é certamente mais motivadora e informativa do que a perspectiva literária.

Oferece-nos, em primeiro lugar uma esquematização da moralidade linguística. Toma como artifício expositivo uma prolongada alegoria da doença e da medicina em que se reflectem as enfermidades da língua. A partir deste apólogo, procede à tipificação dos vários comportamentos susceptíveis de censura.

Na *Primeira visita*, o médico observa "esfalfamento", "o muito falar", o falar sem sentido e sem utilidade. É bom lembrar que em boa moral, o uso da palavra só se justifica para louvar a Deus e para fazer o bem, ou para louvar a Deus fazendo e falando bem. "Tão perigoso he o fallar nos homens, quando huns com os outro fallaõ" (p. 9). O falar ocioso é uma doença. Manuel José de Paiva não usa o termo clássico "vanilóquio" nem o moderno "psitacismo", mas estes correspondem bem à enfermidade que se descreve e se procura remediar nesta primeira consulta médica, em que, evidentemente, o único remédio possível é o silêncio.

Na *Segunda visita*, a doença são as palavras soberbas, soltas ou dissolutas. O médico analisa a soberba, a presunção, a incapacidade de diálogo, e integra nesta visita uma referência à Torre de Babel, símil da incomunicabilidade, e expressão do desprezo pela ordem natural e pela racionalidade. "Como he possivel que no intendimento humano dos que fabricáraõ a torre de Babilonia entrasse o possivel effeito desta fabrica sem a certeza de ser impraticavel?". A soberba é uma doença mais do ânimo do que da língua ou das palavras.

A sequência argumentativa desenvolve-se a partir de um dito prudencial com sabor poético:

> Como he possivel que no intendimento humano dos que fabricáraõ a torre de Babilonia entrasse o possivel effeito desta fabrica sem a certeza de ser impraticavel? Attribue-se a loucura, e naõ a peccado a diligencia que hum homem faz por furtar huma estrella, assim como hum Monarca se naõ offende de que hum pastor lhe pessa, para mulher, huma filha. Assim parece que Deos se naõ offenderia da soberba; porque tantas mostras dá de proceder das faltas do juizo, se naõ consistira a sua malicia na temeraria aprehençaõ. Mas por isso he maior peccado; porque nos outros, o intendimento procede cego, e fraco, neste entra resoluto só por presumido: nos outros guiasse pelo bem apparente que póde obterse; neste governa-se pelo bem imaginado que naõ póde conseguir nos outros peccados, he precizo ver hum homem o que faz para que seja peccado, se for mal feito; no da soberba basta que diga que vê, ainda que esteja cego [25] para que o que assim fizer seja peccado.. No capitulo nono de S.João diz Christo aos farizeos estas palavras: Si caeci essetis non haberetis paecatum; nunc vero dicitis. Quia videmus Paecatum vestrum manet. Cegos

> erão os farizeos, porque, vendo hum cego, a nativitate, então curado por Christo, aos seus milagres; e crendo que só, quem de Deos procedia, os podia fazer; os farizeos que se prezávão de Ter a vista aguda, tropessavão tantas vezes no mesmo objecto que se lhes propunha aos olhos. Nem Christo duvidou de que elles fossem cegos; antes, por muitas vezes, lhes deu este nome, só disse que, porque disserão que vião, peccarão. Hum cego que vai sem guia cahe, e não pecca, porque a sua cegueira o desculpa; e destes são os que materialmente peccão. Outro que vai com quem o encaminha, e que, por algum tempo, se affasta, pecca porque, vendo o perigo, cahio nelle, e se apartou de quem o guiava; e destes são os que formalmente peccão. Porém se hum cego diz que não necessita de que o encaminhem, que o deixem ir só porque bem vê, de sorte que despreza, e nunca quer admittir a quem o quer guiar; então o seu peccado que nem he de cego, nem de cegueira, mas de presumpção, he o maior de todos os peccados; e tanto maior que o mesmo Christo assim o explica quando ponderou o de Pilatos, e o dos farizeos: Qui me tibi tradidit maius paecatum habet: Naquela soberba palavra dos farizeos está decifrado o peccado da soberba, tal vez menos conhecido no mundo do que praticado. A soberba he huma cegueira que se tem por vista, hum delirio [26] que se pratica por discrição; hum engano que se abraça, por conhecimento; huma mentira que tiraniza a verdade; huma violencia que quebra a uniaõ; e huma força que se atreve a debelar a natureza. Assim como se pratica hum acto de humildade, com as palavras, contra os estimulos do discurso; assim com as palavras, se pratica outro de soberba contra as inspiraçoens da razaõ. O juizo dicta que hum homem he o mais sabio; e elle, por ser humilde, se publica pelo mais ignorante: o juizo inspira que outro he ignorante; mas elle quer que o respeitem por mais sabio; porque he soberbo: ambos conhecem a verdade, ambos a desdizem; mas este com desprezo, aquelle com agrado; hum dizendo-lhe, com ira, que mente; e outro, com docilidade, que se engana. Em fim: outros peccados derigem-se immediatamente ao amor do mundo, e este ao desprezo de Deos; porque nos outros, prezide a ambiçaõ de ter muito, como muitos tem; porque Deos deu a huns mais que a outros: no da soberba, prezide a presumpção de ser mais do que na realidade he, quando Deos fez a todos similhantes (24-26).

Na *Terceira Visita* diagnostica-se a mentira, a falsidade e o engano. Chama-se à colação a retórica e a sofística da verdade e da mentira.

Na *Quarta Visita* é a doença da maledicência que se observa na ponta da língua aguda e penetrante. Manifesta-se ainda nos insultos, nas injúrias e na inveja.

Na *Quinta Visita* o que ofende a língua é a murmuração, a detracção e todo o cortejo de agravos da inocência, resultantes da ignorância, da cegueira e da ambição.

Na *Sexta Visita* a atenção do médico é dedicada à moléstia da crítica:

> He esta materia muito merecedora da reflexão prezente; porque ainda que, de sua natureza, não se encaminhe a gravamen das consciencias dos homens; ás vezes peccarão os animos contra a caridade; e póde degenerar em satira o que comessa em critica. Com tudo; porque considero o prejuizo publico que se tem originado desta hipocrita emulação com que os discursos dizem que reformão a republica literaria; e no effeito, mais a confundem; rezolvome, antes que aplique o remedio, a expôr o juizo que faço deste achaque. He a critica uma especie de maledicencia honrada que se destingue da murmuração, pelo objecto a que se encaminha; pois de sua natureza se aplica a emendar [67] os abuzos em que se não deteriora a principal honra de quem os praticta; e de quem deve evitalos, pela profissão de sabio, e não pela de catolico, ou ainda de politico; no que só a murmuração he detestavel por infamar com os seus motejos o mais estimavel credito dos homens, que todos se offendem na infamia de alguns, pela univoca denominação, e generico epitecto que lhes dá a Religião, e a civilidade. Como a critica se não dirije a dizer o mal que hum fez, e que todos devem evitar; não se escandalizão em comum, e só offende o réo que se castiga; ainda que dizem não póde ter por offença a dor que lhe cauza a cura que lhe administram pirolas que revolvem os humores por mais que se dourem, e por mais que se revistão de asucar, sempre saõ conceitos de enforcado. Em fim; a critica dirige-se contra as obras que infama; a murmuração contra as pessoas que injuría; e com este protesto a que chamão palavras tabaliôas, para descomporem os criticos aos homens brancos, tirão-lhe primeiro com manha a espada da sinta (66-67).

Na *Sétima Visita* corrigem-se as palavras e frases impróprias, "prolixas, e incoherentes", (96) os "termos", e as "palavras" "alheyas da recta deducçaõ da lingua" (96).

É a parte mais especificamente linguística da obra. Apresenta uma lista com 3.800 entradas de palavras e frases que poderão ser merecedoras de uma observação normativa. Trata-se de formas "inconsideradamente" proferidas "por descuido, ou por imperícia", nas "conversações ordinárias", nas "comunicações políticas", nas "practicas authorizadas", nas "questões que se ventilam", nas "conferências que se fazem", nos "recados que se dão" (p. 95):

> *Entre as innumeraveis palavras, que a ignorancia tem introduzido, e em que a lingua tem degenerado, escreverey as que agora me lembrão, e as indignas frazes de que o vulgo usa, infamando-as por indiscretas, por loucas, e por temerarias; ja porque não tem recta deducção da linguage; ja porque as instituhio a ignorancia; ja porque não são atendidas pela prudencia; ja porque as* [103] *não recebeo a descripção; ja porque só se usão nos periodos descompostos; e ja porque só dellas se trata nas praticas deshonestas* (102-103).
>
> *Se outras se queixarem, porque assim [104] se embaraça a utilidade puplica, impedindo-se os humildes termos que practicão nos exercicios humildes; mostro-*

> *me injustamente castigado, porque não me oponho ás muitas frazes, e aos muitos vocabulos pertencentes aos empregos em seus particulares exercicios. Cada fabrica tem diversos modos, com que dos seus ingredientes se falla, e alli a necessidade engendrou os adverbios, os verbos, os nomes, e os adjectivos. Até deixo em seu vigor as ridiculas expressoens do campo, como desculpadas com a ocupação da cultura das terras em faltarem á cultura da lingua: nem culpo as que andão particularmente usurpadas nas Provincias, nas povoaçoens, nos bairros, e nos destrictos, porque não he o mal dellas tão geral, e tão escandaloso como o das que servem de injuria á linguage, e de infamia á politica. em fim, a lingua ja não he minha escrava. Fará nisto o que quizer: mas por meu voto, se quizer não ter corbulhas, evite as palavras seguintes* (103-104).

Na *Oitava Visita* trata-se da volubilidade da língua, dos juízos temerários, do falar sem advertência. O autor desenvolve um esboço de enciclopédia que promete publicar por ordem alfabética, para fundamentar e dar segurança e erudição ao uso da palavra. Seria um "remédio" destinado a melhorar a eficácia da língua,

> *hum compendio de todos os termos que o estylo, e necessidade introduzio por propria linguagem da filosofia, derigidos em ordem alfabetica, para que com facilidade se achem quando a ocurrencia da questão pedir, ou que se introduza, ou que se perceba a sua energia; explicando-se, ou deffinindo-se em as mais claras palavras a sua natureza, e não se desperdiçando o tempo em se questionar a oportunidade destas diffiniçoens, como os que estão armando a hum cavalleiro para a guerra, que, supposto se apliquem ao primor das vestiduras, ao contexto dos arnezes, ao pulido das amras; tudo isto là se despreza, e só o braço da espada, com o animo, tem serventia, assim como na milicia togada só a espada da razaõ, e o valor do entendimento, sem os enfeites da dialiectica, póde triunfar em muitas batalhas, em as quaes tantas vezes temos visto ficar aos logicos prizioneiros dos que nunca tal arte virão, e naturalmente exercitão as poucas regras que para os argumentos saõ necessarias* (194).

4. O uso da palavra constitui uma dos mais importantes actividades humanas que integram o seu comportamento relacional e onde particularmente se exercita a liberdade individual. Falar envolve constantes riscos de conflito e manifestações do desencontro das vontades. Por isso, o comportamento linguístico suscitou desde sempre uma inevitavel formulação ou codificação moral que pode ser testemunhada pelos rituais da palavra e pela lição da memória escrita em geral. Nesta tradição se devem entender desde a remota Grécia, as virtudes do "aticismo" por um lado, e da "spartana" ou "laconica breuitas" por outro.

A Idade Média, que tem sido ultimamente tão apreciada como a civilização da oralidade, ou melhor, da cultura oral, elaborou um especioso cânone da liberdade e da inibição da palavra, com todo um enunciado moral definido nas listas dos

pecados. O capítulo septuagésimo do *Leal Conselheiro* de D. Duarte é expressamente dedicado aos "pecados da boca" e enumera trinta e sete transgressões do exercício da palavra, moralmente censuráveis. Os pecados da língua na Idade Média foram, há poucos anos, objecto de um importante trabalho académico que analisa a reflexão moral dos principais tratadistas e teólogos medievais e apresenta uma tentativa de estruturação semântica da moralidade do comportamento linguístico, na Idade Média[5].

As *Infermidades da lingua* constituem uma espécie de ponto culminante no longo e documentado percurso da moralidade do silêncio. Curiosamente, esta manifestação ocorre nos anos mais críticos do consulado do Marquês de Pombal. Altura em que começa justamente a desenvolver-se o discurso público em Portugal, ao mesmo tempo que se intensificam as estratégias do discurso vigiado.

Não conheço na história da língua portuguesa nenhuma reflexão sobre o que poderemos designar de discurso público. As comunidades mantêm uma intercomunicação global, um diálogo implícito que vai instituindo a consciência colectiva, onde se entretecem, antes de mais, os actos do poder, mas também as manifestações culturais, a informação emergente do quotidiano e as vicissitudes da existência. O aparecimento da tipografia deu ao texto escrito uma capacidade grandemente polarizadora desse diálogo implícito, e depois, o desenvolvimento da imprensa periódica acabaria praticamente por monopolizar essa intercomunicação colectiva, gerando o que começou a chamar-se opinião pública.

A reflexão e a discussão metalinguística tomaram parte importante neste discurso público português, logo desde o início do séc. XVI. Relembro a polémica entre os gramáticos Pedro Rombo e Estevão Cavaleiro; alguns aspectos da epistolografia dos Humanistas; a publicação de várias gramáticas latinas, todas referenciadas, umas em relação às outras; as duas gramáticas portuguesas; os dicionários de Jerónimo Cardoso; as ortografias e os diálogos sobre a defesa e ilustração da língua. Nos séculos XVII e XVIII, os despiques polémicos mais notórios que nos ficaram, com repercussão em texto publicado, situam-se também no âmbito do discurso metalinguístico. A reflexão linguística é um tema público pouco vigiado pelo poder e por isso ele pôde avultar, ao longo de séculos, até à liberdade de imprensa, e constituir uma das manifestações mais interessantes de palavra livre no discurso público português.

Em todo o caso, o Marquês de Pombal foi o primeiro governante que tornou explícita uma política da língua e que procurou vigiá-la e de algum modo estatizá-la. Sem dúvida, as *Infermidades* foram produzidas num circuíto de discurso público fortemente vigiado. Daí terá resultado a insistência na moralidade do silêncio e a

[5] Cf. Casagrande / Vecchio (1991).

diligente prevenção contra o abuso da palavra, especialmente das formas discursivas mais propícias à conflitualidade.

6. Concluindo, a obra de Manuel José de Paiva situa-se numa antiquíssima tradição em que coalescem a moralidade da língua, a exaltação do siêncio e ainda a teorização gramatical latina e pós-latina sobre a corrupção e a degradação dos idiomas, aproximando-se de algum modo das concepções naturalistas da segunda metade do século passado, protagonizadas, entre outros por Augusto Schleicher (1821-1868) que explicava e descrevia a língua como um organismo natural, com uma existência dramática de ascenção e queda, e sujeito às mesmas vicissitudes e patologias de um organismo vivo que obedece às leis da biologia e ao qual se pode aplicar a teoria evolucionista de Darwin.

Por outro lado, as *Infermidades* antecipam, de algum modo, o olhar da moderna sociolinguística e fornecem mesmo interessantes elementos para uma recuperação histórica dessa perspectiva da língua portuguesa.

Referências Bibliográficas

Casagrande, C. / Vecchio, S. (1991): *Les Péchés de la Langue. Discipline et éthique de la parole dans la culture médiévale* (Paris: Ed. du Cerf).

Verdelho, T. (1982): "Historiografia linguística e reforma do ensino. A propósito de três centenários: Manuel Álvares, Bento Pereira e Marquês de Pombal", *Brigantia*, II, 4: 347-380.

A lingua do noso audiovisual*

Raúl Veiga
Guionista e director de cinema

A calquera que se propoña unha reflexión sobre a lingua e o audiovisual ábrenselle de inmediato varios camiños:

1. Unha primeira vía tería que comezar situando o proceso a través do cal o galego vai gañando ámbitos de uso e rexistros expresivos ao longo da época contemporánea. Este proceso libra agora unha batalla de certo decisiva: a da consolidación do audiovisual como un ámbito cultural propio, no que a lingua aparece unha vez máis como instrumento formador e signo distintivo da nosa cultura.

2. Outra liña inevitable é a reflexión sobre a relación entre a lingua e o verosímil propio do audiovisual. Quere dicirse: por unha parte, abordando os problemas da construción da lingua do audiovisual (con atención ao problema da dobraxe); e, por outra, examinando as posibles resistencias á presentación nos filmes dun universo lingüisticamente normalizado, onde falan galego mesmo aqueles personaxes que na Galicia real non o farían de cote ou non o farían sempre.

3. Unha terceira perspectiva lévanos ao terreo da relación entre normalización e normativización lingüística, isto é, o estudio da forma en que os creadores e as producións audiovisuais deben entender e aplicar os usos estándares ("correctos") da lingua no seu ámbito específico.

Nin que dicir ten que nestas páxinas vou abordar estas cuestións desde a miña experiencia de guionista e director de cinema. Non son nin poden ser as reflexións dun sociólogo da comunicación.

---

* O presente texto naceu dentro dos traballos realizados para un informe destinado ás seccións de Arquitectura e Artes Plásticas do Consello da Cultura Galega.

O galego no audiovisual

Que, gracias á Televisión de Galicia, o galego ten hoxe unha presencia extraordinaria no audiovisual non admite dúbida. O país (e mesmo a Galicia da diáspora, vía satélite) recibe ao cabo do ano miles de horas de emisión na propia lingua, con resultados moi positivos para a cultura e a comunidade no seu conxunto. Non estou pensando só nos cambios que este proceso introduciu na percepción que a colectividade ten de si mesma. Estou pensando no espectacular desenvolvemento do sector, capaz de producir contidos moi diversos (tódolos que demandan as necesidades de programación), creando día a día múltiples postos de traballo e obtendo resultados que causan admiración no resto do Estado, se se considera o peso demográfico e económico de Galicia na Península.

Xa que logo, a posición da lingua no medio televisivo está, con tódolos matices que queiran introducirse, consolidada. Non é ese, en cambio, o panorama do medio cinematográfico. Cómpre examinar entón as dificultades reais do cinema galego, suxeito, en maior medida aínda cá literatura, a aquilo que fai posible a existencia da cultura dentro da sociedade contemporánea: ese Baal sen rostro que chamamos mercado cultural.

Por outras palabras: o cine depende directa e inmediatamente dun público que faga posible a súa existencia social e mercantil, aínda que os poderes políticos poidan exercer (no mellor dos casos) unha acción correctora que responda aos intereses desa mesma sociedade.

Comecemos facendo unha pregunta inxenua: ¿por que non hai posibilidade de ver de modo habitual cinema en galego? Calquera podería dar a resposta: porque as salas cinematográficas non programan películas dobradas ao galego. Ora, temos un exemplo de contraste, a TV, que si as programa. Dada a aceptación actual da dobraxe en televisión, ¿habería dificultades intrínsecas para a súa extensión ás salas de cinema? Ningunha. A posibilidade de que haxa un cinema comercial dobrado ao galego é só cuestión de incentivos, de estímulo aos sectores implicados. Dígase o que se diga, os custos non son insalvables, especialmente nas películas de máis «tirón» na billeteira, e eses custos aínda se reducirán cos cambios tecnolóxicos que nos anos vindeiros van afectar a exhibición cinematográfica.

Pero non falemos só de dobraxe, falemos de cinema na propia voz no sentido máis forte, formulando outra pregunta: ¿por que non callou na Galicia da Restauración Democrática unha tradición de creación cinematográfica en galego? A resposta devólvenos á singularidade do cinema neste punto, i.e., o forte investimento que require, ben superior ao do teatro, onde esa tradición si quedou establecida sen dúbida ningunha.

Se xa non é doado amortizar os custos dunha montaxe teatral en Galicia (de aí a necesidade dun apoio desde a administración autonómica), o cinema galego tense que concibir como cinema para nós e para o exterior asemade, pois o orzamento preciso para producir unha longametraxe galega de baixo custo anda polos cento cincuenta millóns de pesetas e, en canto se pretende ofrecer valores de produción competitivos, os orzamentos comezan a contar en douscentos cincuenta millóns con clara tendencia á suba, pois os axentes que operan no mercado tenden a preferir producións de orzamento medio–alto.

Mais facer un filme, con ser moito, é só unha parte do proceso. Logo hai que facelo chegar ao seu público: promoción, "marketing", con que as multinacionais nos abafan e que lles garanten a súa posición de privilexio no mercado. De aí que os problemas de produción xa descritos se acompañen e se redondeen cos de distribución/exhibición de calquera cinema que non sexa o das multinacionais e as súas subsidiarias no ancho mundo. Repárese nunha circunstancia tristemente habitual: producións con enorme potencial na billeteira non son defendidas nin apoiadas e, mesmo, películas rendibles son retiradas para deixar as salas ás producións co selo de Hollywood.

Non vale de nada ter un bo produto accesible para amplos sectores do público se non hai posibilidade de garantir unha promoción e unha exhibición adecuadas. A situación na práctica é de oligopolio: os exhibidores (cada vez menos independentes) subordínanse de grao ao ritmo que marcan os lanzamentos das multinacionais. Moitas películas españolas e portuguesas nin chegan a estrearse e, en tales circunstancias, un cinema de expresión propia coma o noso non pode competir cos produtos da gran industria e as súas subsidiarias.

É por iso polo que os mencionados custos de produción deben ampliarse xenerosamente para contemplar unha decisiva partida destinada á promoción dos produtos se se quere ter a posibilidade de colocalos no mercado e facerllos chegar aos espectadores. Como é obvio, canto máis se incrementa a magnitude dos custos, máis diminúe a capacidade de decisión autónoma dos produtores galegos.

Fronte a estas necesidades de produción e comercialización, a política hexemónica dentro do audiovisual galego vén sendo o resignarse a rodar a versión orixinal en castelán, procurando valores de produción que aseguren a viabilidade do proxecto, e realizar logo unha versión galega para a emisión televisiva e, nalgúns casos, a exhibición en salas dentro do país. Mesmo a existencia desa versión galega débese, en xeral, ao abeiro da Televisión de Galicia mediante a compra de dereitos de antena e o apoio publicitario á exhibición.

Perante os feitos e a súa teimuda consistencia, de nada valería realizar agora unha proclama sobre a necesidade de falarlle a todo o mundo sen deixar de ser nós, sen

deixar de o facer en galego, é dicir que ese será sempre o desafío aberto ao que a cinematografía galega ten que responder para non se diluír.

Se queremos poder realizar algún día esa meta irrenunciable, o lóxico arestora parece arbitrar un modelo máis complexo e máis flexible. De acordo con el, trataríase de andar asemade dous camiños. Haberá proxectos que, por razón do seu custo, deban recorrer ao modelo de rodaxe en castelán ou inglés e versión galega e outros (películas para televisión ou filmes de orzamento baixo) que permitan ir andando o camiño dun cinema galego no sentido máis forte do termo (con versión dobrada ao castelán, como é obvio, para poder recuperar os investimentos). Os dous camiños, se se percorren asemade, poden apoiarse un no outro e apuntar ao común obxectivo dunha cinematografía galega propiamente dita.

Mais cando miramos para o presente só vemos dificultades para producir, dificultades para chegar ao público... Un panorama que pon medo. Para non caer no desalento desmobilizador, cómpre facer unha translación «cinematográfica» ao século XIX, aos primeiros tempos do noso Rexurdimento, e confrontar a situación coetánea da literatura galega coa situación actual. *Cantares gallegos* (1863) era unha obra mestra e, así e todo, discutiuse daquela, e durante moitos anos, a viabilidade dunha literatura galega. Por iso non estraña que as primeiras longametraxes galegas levanten tamén a reo a discusión sobre a viabilidade do noso cinema e, máis aínda, se se roda en galego (casos contados: *Sempre Xonxa*, *Urxa*, *A metade da vida*). Por iso terán que pasar anos para que a maturación industrial do sector permita a consolidación dun cinema na propia voz. E sen esa maturación industrial non poderá falarse dun cinema na propia voz.

É o máis xeral problema do cinema dos pequenos países, para o que a resposta da Comunidade Europea cunha política audiovisual axeitada é débil. Mesmo no cadro europeo falta unha decidida aposta por manter esa expresión plural das comunidades, ese cinema na propia voz. De onde, a responsabilidade das televisións autonómicas (no noso caso, a Televisión de Galicia) servindo a ese propósito e, desde outro punto de vista, os soportes videográficos como alternativa de baixo custo no camiño dunha imaxe propia, un cinema que se sitúe, significativamente, dentro do proceso de normalización cultural que vén desde o século XIX e tal vez culmine, se culmina, no XXI.

Estamos na fase de xestación do noso desenvolvemento audiovisual. Agora —podo dar largo testemuño diso— é moi difícil para a maior parte das produtoras poñer en marcha unha longametraxe. Cada vez será menos difícil, sempre que haxa unha vontade política de que teñamos cinema galego. Pois, coma sempre, o cinema nunca vai só: tampouco o galego poderá sobrevivir como lingua maioritaria se non hai unha vontade política de o conseguir. Desenganémonos: non hai ningunha posibilidade de producir sen apoio público durante unha fase que pode durar

bastantes anos. Os mercados do mundo non nos necesitan. Non podemos confiar na lóxica espontánea do sistema. Hai que apoiar agora o noso cinema para que poida ser rendible nos mercados futuros. Un longo prazo difícil de casar coas miras dos políticos e a súa foto rápida, o seu resultado vendible xa.

A isto hai que engadir, aínda que sexa un tema colateral nesta reflexión, o carácter obsoleto do modelo de asignación de axudas públicas vixente entre nós: cando en tódalas partes a distribución discrecional dos recursos (previa audiencia dunha comisión nomeada ao efecto) pertence xa ao pasado, aquí segue en funcionamento. Imponse levar o espírito da Lei do Audiovisual á práctica e arbitrar mecanismos obxectivos, automáticos, de apoio, que non dependan de decisións persoais dos responsables políticos ou do maior ou menor acerto dos membros dunha comisión.

Isto é tanto máis importante se se considera outra circunstancia. Mentres que, noutras latitudes, o apoio oficial podería concentrarse en proxectos que a brutal lóxica do mercado non fai posibles, a nosa situación é máis precaria: hai que tirar á vez de tódolos carros. Cando un se informa de cómo producen, distribúen e venden noutras latitudes, comprende perfectamente que só estamos comezando, que aínda non ultrapasamos o noso neolítico audiovisual. Os nosos produtores, directores, actores, guionistas, as nosas películas aínda están nacendo. Somos pioneiros. E a poesía dos pioneiros só poden escribila e facela fermosa os que chegan despois. Os que aínda están por vir.

Suposto todo o anterior, e sen afastármonos da relación entre audiovisual, lingua e cultura, ¿como podemos facer un cinema competitivo, i.e., un cinema comercial de calidade que teña un sostido poder de sedución para o espectador? Acéptese unha resposta de Pero Grullo: con tempo, desenvolvendo as propias forzas, dando espacio para que os nosos produtores, os nosos escritores, directores, actores e técnicos vaian facéndose coas claves dun medio tan complexo como o cinema e o audiovisual son. Só afondando na propia capacidade de expresión (a produción tamén é expresión), no dominio da linguaxe, nas bases culturais propias, podemos chegar a esa espléndida obxectividade dos clásicos que, contando as súas historias (historias culturalmente moi específicas), fanas accesibles a todo o mundo. Ou o que é o mesmo: a única vía que pode levarnos a ser comerciais é a vía da calidade. Farémolo máis atractivo e máis ameno porque o faremos mellor.

Carecemos de posibilidades reais para gañarmos unha posición no mercado se pretendemos calcar en pobre o modelo do cinema americano. É a vía da uniformidade, do mimetismo, perigo esencial. Sempre o faremos peor porque estaremos cantando desafinado e cutre. A única posibilidade de entrar noutros mercados é ofrecer algo diferente, non precisamente ir "contra o mercado" senón enriquecer a paleta de opcións de que dispón o público para podermos achar un oco (un "nicho", dise na xiria do medio). Nesa perspectiva só nos cabe unha vía: a

exhaustiva explotación das nosas auténticas armas, o que só nós podemos achegar, as nosas materias primas culturais. Por poñer un exemplo: a accesibilidade e universalidade dun Cunqueiro é resultado directo da súa espesura cultural. De onde, limpa conclusión: a comercialidade sostida do cinema galego será función directa da súa singularidade cultural. Sobre o papel da lingua nesa singularidade non cómpre volver insistir.

O galego do audiovisual

A segunda liña de reflexión que situamos ao inicio lévanos a outro terreo. Cando comezou a práctica de dobraxe de producións audiovisuais, o público manifestaba resistencias irreflexivas a que falasen en galego os personaxes de telefilmes situados en países distantes (por exemplo, o J.R. de "Dallas"), mentres seguía aceptando acriticamente que puidesen falar en castelán. Un caso máis da longa serie de resistencias á recuperación da lingua. Mirando outra vez para a nosa historia cultural estariamos no modelo da novela *Maxina ou a filla espúrea* (1880), de Marcial Valladares, onde os personaxes falaban na novela de acordo coa súa condición sociocultural (xente do pobo en galego e burguesía de Compostela en castelán).

Por iso, un dos logros da existencia da Televisión de Galicia foi a institución dunha convención de «dobraxe», vencendo a poder de horas de emisión de ficcións as resistencias diglósicas. Era necesario introducir léxico para realidades non existentes con anterioridade, era necesario construír modos de falar para esas películas e as súas situacións que non tiñan un referente real na Galicia contemporánea.

Aí convén notar o poder anticipador dese uso do galego na TVG, pedagóxico no mellor sentido da palabra, facendo labor para a instalación e a aceptación deses rexistros na Galicia actual, ata o punto de que moitas palabras que, hai uns anos, podían "estrañar" ao galego–oínte espontáneo cando se introducían na vida cotiá, hoxe xa non estrañan, pasan sen ser notadas, disólvense no fluxo comunicativo de forma transparente.

Cuestión distinta (aínda que relacionada e que vén directamente ao rego) é a da lingua utilizada na dobraxe e da súa eficacia comunicativa e estética. Os problemas desa lingua da dobraxe son outro bo camiño para explorar os problemas da lingua do audiovisual. Se os rexistros da dobraxe podían resultar algunhas veces non aceptables o problema non estaba (non podía estar) no galego. Estaba no obvio carácter de traducións que tiñan os textos (cando o procedente é unha reescrita), nos castelanismos fonéticos, nos manierismos herdados da dobraxe castelá, en rexistros lingüísticos incoherentes, escasamente diferenciados, ou que non se daban emancipado do modelo da lingua escrita para ofreceren unha lingua oral viva e verosímil.

Como é sabido, nun filme ou nunha obra de teatro a lingua non debe «oírse» por si, non debe estar distraendo indebidamente a atención do espectador, a menos que o filme faga da lingua tema específico e adopte unha construción autorreflexiva. Esa presencia discreta e funcional é o lugar da lingua dentro do mecanismo de construción do verosímil, do proceso a través do cal se fai aceptable, «crible», o que se conta e se pode cativar a atención do espectador, mecanismo clave de tódalas narrativas.

A un espectador de Madrid non pode estrañarlle e non lle estraña que personaxes de tódalas orixes xeográficas e de tódalas clases sociais falen castelán nunha película, como aceptan, cando len, que todo estea «traducido» á lingua en que está escrita a novela (castelán, francés, inglés, portugués...), aínda que os personaxes sexan habitantes dos antípodas ou mesmo extraterrestres.

Pero, unha vez máis, a mesma polémica xa tivo lugar na nosa tradición literaria e teatral. Velaí o exemplo de *Alén* (1921), de Xaime Quintanilla, ambientada en Nova York e con ausencia total de personaxes galegos. Como advertiu Carballo Calero, foi escrita para demostrar que en galego se poden tratar temas non particularmente galegos, algo que hoxe nos semella obvio, pero que non o era daquela.

Ora, esta convención de «tradución» e a posibilidade de construír un universo fílmico lingüisticamente normalizado ten un efecto moi positivo sobre a realidade, pois contribúe a facer aceptable a extensión constante dos ámbitos de uso da lingua. Así, a arte, o audiovisual anticipan outra Galicia, outro mundo. E é porque a lóxica interna da ficción esixe que tódolos personaxes falen galego, mesmo aqueles que na Galicia real non o farían habitualmente ou non o farían sempre. Por aí, o significado e o valor da dobraxe de filmes foráneos ou mesmo propios (se rodados en castelán).

Un «realismo» pleno, malinterpretando o modelo de representación dominante no cinema, levaría a facermos películas bilingües que consagraría o sistema de valores que está na base da diglosia e o privilexio do castelán, o modelo de *Maxina ou a filla espúrea* (xa anacrónico en 1880, o ano de *Follas Novas* ou de *Aires da miña terra*, na introdución do cal Curros resolve brillantemente a oposición entre lingua local e lingua universal). Perpetuaríase o reparto desigual dos ámbitos de uso, no canto de cumprirmos a nosa misión de gañar eses ámbitos de uso para a lingua no audiovisual e na vida, e desde o audiovisual para a vida.

¿Que galego no audiovisual?

A terceira liña de reflexión situada ao inicio toca directamente á relación entre normativización e uso da lingua no audiovisual, desde que avanzar no camiño da normalización da lingua implica resolver problemas de normativización puramente lingüística no noso audiovisual de arestora.

Unha primeira consideración podería parecer obvia se non tivese que ver cos primeiros principios, i.e., coa relación entre lingua e comunicación cinematográfica. Como dixemos, non parece discutible que a lingua debe subsumirse e disolverse no filme e que só así pode ter algún sentido o seu emprego. Por outras palabras: só se a lingua está ao servicio do filme pode o filme facer algo pola normalización da lingua e a plenitude do seu uso social.

Deixamos agora á parte a cuestión da validez do modelo normativo oficial, tan histórico e tan datado coma outro calquera. Referirémonos a el como espacio da reflexión, aínda que o que diremos sería igualmente aplicable ao modelo reintegracionista se estivese vixente.

A "lingua estándar" é a grande construción dunha política de normativización pero o estándar no cinema (como na literatura e en calquera práctica cultural que traballe a lingua) vive en estado crítico, facéndose e desfacéndose, en estado de límite. Fagamos un paralelo elocuente: cando se di que o poeta é *super–grammaticus,* ninguén pensa que os autores deban ignorar olimpicamente os estándares. Pola contra: sobre a base dun profundo coñecemento do estándar, a relación con el ten que ser creadora e recreadora (non limitante nin paralizadora), como acontece en calquera outra lingua da nosa veciñanza cultural.

Tratemos de ser o máis claros posible pois estamos perante un tema delicadísimo: se, por unha parte, calquera laxismo no traballo da lingua está excluído, unha presencia obsesiva da normativización levaría a interpretar os diálogos (e a lingua do audiovisual) como locución pedagóxica ou como exercicio de lingua cando, obviamente, este non é o seu sentido.

Estariamos entón perante unha consideración do idioma autonomizada, desligada do carácter de comunicación estética e da súa inclusión nunha obra audiovisual, e o que fariamos sería someter a lingua do audiovisual a unha esculca completamente allea á da comunicación coloquial que é a que, en último termo, recrean a convención cinematográfica ou televisiva.

Ocorre ademais que o estándar é sempre un estándar incompleto e en evolución, ás veces rápida, ás veces lenta. Entre nós, o estándar ten como expresión (mesmo consagrada por Lei e publicada no D.O.G.) as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega. Ora, como o seu mesmo título indica, as indicacións contidas no texto legal son basicamente ortográficas e morfolóxicas e só de raro en raro entran no terreo da fonética e a fonoloxía. Non temos aínda unha fonoloxía normativa e tardaremos en tela, como consecuencia da lentitude de todo proceso de fixación dun idioma en proceso de normalización.

Entre tanto, a única autoridade vixente nese terreo é a que nace do diálogo entre os especialistas que van mostrando puntos de vista coincidentes nas publicacións de referencia. Mais, como ben se deita, e de retruque, ese establecemento de solucións fonolóxico–fonéticas de referencia carece de base legal suficiente para obrigar a ninguén.

Pola forza dos feitos e da necesidade, correspondeu na nosa historia recente ao departamento lingüístico da TVG o duro labor de ter que ir dando solucións sobre a marcha ás amplas áreas non lexisladas e aplicar unha fonética normativa, exercendo así unha autoridade parcial (non se estendía, nin moito menos, a tódalas emisións da canle autonómica) e para a que só estaba facultada polo poder económico da TVG como pagadora das dobraxes que encargaba. Isto desatou consecuencias e reaccións ben coñecidas que forman parte da historia negra do audiovisual de Galicia.

Mais non é só que, máis alá do obvio (hai vocais que só poden ser abertas ou cerradas, consoantes que só admiten unha articulación en certas posicións), falte unha fonética normativa. É que parece racional non impor unha única solución fonética cando a fala rexistra diversas posibilidades, sexa por razóns dialectais (das que o *Atlas Lingüístico Galego* ofrece boa mostra) ou de mera oportunidade interpretativa, como as que afectan á entoación.

Poñamos algúns exemplos de diferente tipo para evitarmos calquera entendemento equívoco da nosa reflexión. O correcto entendemento da relación entre lingua e audiovisual non pode aceptar de ningunha maneira o réxime do pronome átono que se observa en moitos presentadores, locutores e mesmo series televisivas, contrario ao xenio da lingua e produto da influencia do castelán.

Máis aínda: tampouco queremos lexitimar a variante da gheada que ultimamente vén gozando de aceptación en series emitidas pola Televisión de Galicia (puro "j" castelán) que, segundo os especialistas, de ningunha maneira pode ser considerado autóctono —a gheada que aceptan é a que, *grosso modo,* coincide coa aspiración xermánica.

Pois esa introdución da gheada nas series a que nos referimos non supón, nin moito menos, a rigorosa procura dunha cor local para a lingua de resultados verosimilizadores e, por tanto, fidedignos en termos audiovisuais. O que se produce é a adición dun "j" castelán a unha lingua de base e intención estándar (en xeral non moi coidada) degradando a imaxe da lingua ao plano do "patois". Como cando na historia das artes da representación se procuraba caracterizar a algúns personaxes "graciosos" ou "característicos" facéndoos falar con incorreccións (o exemplo máis basto poden ser os indios do "western" pero podemos remontarnos a creacións coma o "sayagués" de Juan del Encina que tanto riso provocaba nos

seus auditorios, ou mesmo evocar a figura tipo do galego na historia do teatro español).

Exemplificando en positivo, parece en cambio moi aceptable que os actores, pola súa orixe dialectal ou polas características do personaxe, tendan a realizacións plenamente galegas pero minoritarias ou non consagradas como estándar na práctica normativa da TVG (por poñer só un exemplo: a articulación da conxunción copulativa como e cerrado, ben documentada no A.L.G., no canto do esixido e aberto).

Esa diversidade debe ser respectada, igual que cando navegamos terreos tan sometido a azares subxectivos como é o dos encontros entre palabras, onde a intención do falante impón os ritmos máis variados e variables. A natural recreación desa espontaneidade polos actores, de acordo coa situación dramática, non pode caer baixo o punteiro que recusa calquera desviación con respecto á solución considerada canónica.

Polas mesmas razóns, é descabido excluír da lingua do audiovisual as irregularidades, vacilacións ou relaxacións propias da fala, pretendendo que a lingua dos filmes teña un carácter modelar, exemplar, e que a variabilidade incesante das realizacións dun fonema, ou dun encontro entre fonemas, se fixe en solucións fonéticas prefixadas para cada caso.

Descoñeceríase así a articulación entre fonoloxía e fonética, confundiríase a dimensión vocal da interpretación cunha ortoepia —parte da gramática que ensina as regras da pronuncia correcta— e todo o que se afastase da imaxe fónica reputada normativa aparecería como "falta" ou "descoido". Como se o audiovisual tivese que constituírse nunha especie de curso de galego en vez de recrear a realidade do diálogo vivo, fluínte, natural, de acordo co tan repetido "keep your accent" da tradición anglosaxona.

Trátase, en suma, de realizar un exercicio de comunicación audiovisual e de que este encarne sen autocontemplación os padróns normativos e nunca de subtraer o filme ao seu ámbito propio para sometelo a unha audición que, para oír a articulación, deixa de oír o que se articula. Mais, no fondo, unha actitude viciada deste tipo aparece tamén noutras áreas da cultura galega actual: referímonos ao nefasto costume de publicar os clásicos en edicións corrixidas (e por veces mal) para adaptalas á normativa vixente por considerar "ilegais" múltiples termos do uso literario histórico. Otero Pedrayo é unha das víctimas máis reiteradas de tan inicuo proceder e a gravidade do feito próbano a desaparición progresiva dos textos orixinais (substituídos polo que inicialmente é introducido con tópica modestia como adaptación didascálica) e o estendido costume de modificar os textos das reedicións sen sequera facelo constar.

Estas prácticas presentan tódolos síntomas dunha enfermidade cultural. A variabilidade e a falta de "redondez" das realizacións no caso dun filme (coma a exploración das múltiples posibilidades do sistema lingüístico no caso das obras literarias, mesmo indo máis alá do sistema) non só é tolerable senón digna de respecto como testemuño dun uso vivo da lingua. Outra vía lévanos á lúgubre cultura dos preceptores onde a lingua corre risco de morrer de mala maneira, finalmente idéntica a si mesma, perdendo o que as producións estéticas aportan e levan aportando desde o inicio dos tempos aos sistemas lingüísticos dos que parten. A necesidade de defender o galego nunha situación de conflito lingüístico é indiscutible. Mais iso non pode levarnos a unha posición na que os marcos de referencia que construímos se convertan en murallas e tollan a vida expresiva da lingua. Nos antípodas do "todo vale" áchase un rigor máis esixente, máis largo e profundo —máis fiel ao concepto de comunicación audiovisual galega no sentido propio do termo.

Mais estes problemas teñen outro aspecto usualmente non advertido: a necesaria integración entre as voces e o restos de fluxos que compoñen o son do audiovisual. De nada vale un exquisito coidado da lingua se esas voces non se integran co mundo do filme. Este aspecto ten moita importancia desde que as ficcións chegan aos nosos espectadores moi maioritariamente a través da dobraxe. E aquí batemos con traducións pouco elaboradas (non reescritas desde o galego) e con algunhas prácticas costumeiras nos filmes dobrados en Galicia que logo emite a TVG, herdadas das dobraxes ao castelán realizadas desde a instauración obrigatoria desta convención polo franquismo.

Oímos con desgraciada frecuencia unhas mesturas de son nas que a rotura da integración entre voces e ambientes é total. Soan en primeiro termo aquelas (con reverberacións a miúdo inapropiadas) e os ambientes adelgázanse ata se converteren en meros signos simbólicos das cousas que pasan. A construción da relación entre as voces dos personaxes e o seu mundo nin sequera se aborda e cárgase na conta da convención da dobraxe o que é puro descoido, co pretexto de que o diálogo debe resultar audible nos contaminados espacios sonoros da audiencia televisiva.

Naturalmente, esa presencia abusiva da voz introduce unha fonda distorsión, minimizando o papel do son non vocal no audiovisual e, aínda que permite apreciar moi ben as características fonéticas, resulta inaceptable desde as esixencias estéticas e técnicas de calquera ficción rigorosamente construída.

A isto súmase un segundo risco habitual nas dobraxes dos nosos estudios: a sobrecarga de graves no rexistro das voces, provocada pola proximidade dos micrófonos ao aparato fonador e, secundariamente, polas características das salas de gravación. É outro dos factores que marcan as distancias coa transparencia do

son directo e que contribúen a acentuar negativamente a convención e a retirarlle forza ao mundo da ficción, amerando moito a potencia audiovisual (e o valor para a recuperación da lingua) desas dobraxes.

Hai que intentar construír outro modelo de dobraxe que coide as traducións, teña en conta a integración dos personaxes (as voces dos personaxes) co seu mundo e que se esforce en recrear a plasticidade e relaxación inherentes ao uso interpretativo da lingua.

Nesa perspectiva, deberíanse evitar os vicios tradicionais da dobraxe (acartonamento, afectación, paleta expresiva curta e previsible, esporádicas ornamentacións compensatorias, escasa variedade entoativa, hipercaracterización fonética artificial ou, no extremo oposto, castelanismos fonéticos) para obter unha interpretación vocal orgánica, un "menos" que é "moito máis" e que leva de seu unha prosodia que nos afastase das prácticas nas que a miúdo se moven dobradores, técnicos e estudios en Galicia e fóra de Galicia.

Cómpre que os personaxes soen cribles, cunha verosimilitude ensanchada. Só así as dobraxes terán a máxima calidade posible e contribuirán a deseñar rexistros lingüísticos válidos para o galego do audiovisual. O contraexemplo témolo en moitas dobraxes que, infelizmente, non soan galegas nin soan a galego vivo, proclaman a convención cun resultado completamente distanciador, xa non para o propio filme, senón para a aceptación da lingua por parte do espectador.

Non se pense que ignoramos a dimensión de artificio que o deseño dun rexistro lingüístico aceptable para a dobraxe implica —todo estándar lingüístico ten algo de artificio, de esforzada construción. Pero o que domina en boa parte da dobraxe non é satisfactorio e quizá fose interesante considerar a esta luz o grao de aceptación social dos filmes estranxeiros emitidos pola Televisión de Galicia.

Ben se comprende que as tradicións e as prácticas habituais teñan o innegable poder de autorreproducirse constantemente. Por estarmos instalados no hábito, deixamos de percibir o seu carácter de logro transitorio e chegamos mesmo a proclamar como virtude o que non deixa de ser costume e, por veces, preguiza.

Neste traballo teñen tamén influencia decisiva actuacións que se sitúan fóra da ficción. Trátase de mellorar a calidade, xa non dos filmes dobrados, senón do galego empregado polos locutores e presentadores da TVG. Largo labor no que o aplicado esforzo dos lingüistas e a adopción dunha perspectiva pedagóxica ben se xustifica. O noso audiovisual e, o que é máis importante, o público de Galicia, veríanse así moi beneficiados.

Envío

Pola forza do poder máis forte, os que falaban e mantiveron viva a lingua na nosa época contemporánea falábana sen consciencia, portándoa case coma un estigma fronte á presión da lingua da dominación. Entre tanto, os grupos que falaban o galego con consciencia da súa dignidade non conseguían establecer un diálogo fecundo con esa colectividade de tan débil consciencia, eses espectadores privados de si.

É a posición da literatura galega que xa describiu Rosalía no seu prólogo a *Cantares Gallegos.* Feita desde este país, para este país e por este país, a autora padronesa proxectaba a súa obra cara a un lector futuro e, certamente, durante moitos anos a nosa literatura foi escasamente lida e non ultrapasou a condición de obxecto curioso, conservado case por desidia.

En múltiples textos dos últimos dous séculos detectamos esa figura: a de estarmos en Galicia sen lugar. Estarmos en Galicia e non conectarmos con Galicia, non nos encontrar co país que encarnamos. Fomos moitos anos unha cultura encerrada, vivindo un exilio interior, sen posibilidade de chegar ao seu suxeito e destinatario.

Morrendo ou transformándose profundamente o que foron os signos máis característicos da galeguidade, vinculados a un mundo tradicional e rural–mariñeiro, o noso audiovisual ten que dirixirse agora a unha sociedade en proceso de urbanización inevitable e quere situarse como achega significativa ao proceso a través do cal o país vai dando conta de si neste novo século, ofrecéndolle novas imaxes de Galicia e novos modelos de identificación.

Cando a forma cultural que maior influencia pode ter e ten de cote é, sen dúbida, a audiovisual, non podemos esquecer o decisivo papel deste sector na supervivencia da lingua. Comunicando, faremos comunidade. Non podemos acabar sendo cómicos exhaustos na representación dunha cerimonia sen esperanza, resignados a que a lingua ocupe un rol só ritual nas producións. As nosas imaxes e as nosas palabras buscan, coa maturación industrial do sector, un público, un corpo social, unha xente onde encarnarse, expresión á busca esperanzada (por veces desesperada) da súa comunidade.

E se, unha vez máis, o problema do audiovisual non é diferente do da cultura no seu conxunto, podemos afirmar que ao audiovisual tócalle hoxe un papel de primeira liña no cumprimento das tarefas que o século pon fronte á cultura galega, onde a nosa identidade colectiva aparece vinculada de pleno á supervivencia normalizada da lingua dos máis, das voces do país de Galicia. Responder ao noso compromiso coa lingua é o único modo de sermos fieis ao destinatario, a comunidade escura, por veces invisible, que constitúe a xustificación última do noso traballo.

Para uma análise linguística do conto "Sobre da morte de Bieito" de Rafael Dieste: referenciação, enunciação e modalidade

Benjamim Moreira
Universidade de Santiago de Compostela

1. Introdução

Perante um texto literário somos levados, enquanto leitores, a imaginar que basta olhar para esse objecto que aí está, diante de nós, que é suficiente lê-lo para que de imediato o objecto se recorte sozinho. Poderemos até confiar no crítico literário que Sainte Beuve define como aquele que sabe ler e que ensina os outros [isto é, aqueles que não são capazes de ler o texto literário] a ler.

Porém, uma análise literária, como qualquer prática, enquanto não atinge um nível de conceptualização coerente, pode facilmente incorrer na ilusão empírica de exterioridade do objecto; nesse caso, a experiência do contacto com o texto ilude o distanciamento necessário que o texto enquanto objecto de conhecimento exige.

A linguística pode, a minha opinião, ajudar um crítico literário a proteger-se dessa ilusão empírica: a da exterioridade do objecto de análise.

Não pretendo com isto afirmar que a análise linguística (de entre outras disciplinas) esgote a análise literária. A linguística não pode substituir-se à análise literária, mas pode obrigá-la a colocar-se problemas metodológicos e teóricos fundamentais.

Sabemos, por outro lado, que o texto literário tem sido utilizado pela linguística como ilustração ou confirmação de teorias, ou melhor, pequenos excertos textuais têm servido de forma mais ou menos arbitrária para a descrição linguística. No entanto, e sobretudo a partir dos trabalhos de Benveniste e dos contributos teóricos de Culioli, nos últimos anos as teorias enunciativas têm reivindicado para a

linguística o estudo da especificidade do enunciado, do texto ficcional[1], mesmo sabendo-se que

> un texte dit aussi en ne disant pas quelque chose, et qu'il faut en outre démasquer (parce que le langage est aussi masque) ce qu'il donne l'impréssion de dire, alors qu'en fait il ne le dit pas (Culioli 1971: 71).

Partindo do texto e observando a materialidade verbal, o linguista procura captar os diferentes valores que os marcadores manifestam, sobretudo aqueles que lhe permitem teorizar construindo uma problemática. Nessa perspectiva ele interessar-se-á preferencialmente pela variação, pelas modulações do que é dito mais do que aquilo que é propriamente dito, captando a especificidade de uma determinada forma e em consequência revelando "novas dimensões de interpretação" (Campos no prelo).

2. Construção do objecto

Não é meu objectivo explicar o conto *Sobre da morte de Bieito*[2] de Rafael Dieste mas, centrando-me em alguns aspectos linguísticos, procurar mostrar um modo de utilizá-los com interesse na argumentação literária. O campo de análise é forçosamente limitado e de modo algum visa reflectir toda a riqueza do texto diestiano. As observações mais ou menos avulsas incidindo sobre o funcionamento de algumas categorias gramaticais também não serão exaustivas, pretendem apenas levantar algumas questões de materialidade textual susceptíveis de constituir alguma relevância na percepção do texto enquanto agenciamento de marcadores de operações não directamente perceptíveis na superfície do texto (cfr. Culioli 1990).

As observações que efectuaremos prendem-se a alguns aspectos que podem constituir campos de estudo mais ou menos interessantes relativas a três planos de análise: o da referenciação, da enunciação e da modalidade.

3. Os três planos de análise

Por um lado a organização temporal da narrativa é construída partindo do localizador temporal *quando* (logo na primeira linha mas também ao longo do

---

[1] Vejam-se, por exemplo, os trabalhos de Benveniste (1966) e os contributos teóricos de Culioli (1971,1990) e Danon-Boileau (1995), Fonseca (1994), Carreira (no prelo), Campos (no prelo).

[2] Para este trabalho utilizamos a versão incluída em *Dos Arquivos do Trasno,* 7ª ed., Colección Literaria, Editorial Galaxia, 1999, pp. 9-14. As diferenças encontradas nas diversas edições que pude consultar, nomeadamente as de 1962 e 1973 além da de 1999, exigiriam um outro tipo de estudo que não cabe aqui realizar. O próprio título mereceria por si só uma investigação que descrevesse, explicando, o percurso de *Sobre a morte de Bieito* (1962) a *Sobre da morte de Bieito* (1999) passando por *Encol da morte de Bieito* (1973) entre outras edições.

conto) reforçando desse modo o efeito proléptico pois, como assinala Danon-Boileau (1995: 19), as proposições que estão a seguir a um localizador temporal determinam um momento essencial na narração. No conto de Dieste, "cando eu sentín boligar dentro da caixa ó pobre Bieito" é assim o momento fundador da narrativa. O conto será então o corolário das consequências das sensações auditivas ou mentais do narrador.

Mas, nessa dimensão temporal, o plano enunciativo central é o tempo da enunciação (T_2)[3]. Este localizador é posterior em relação ao plano narrativo em que se inserem os acontecimentos relatados (T_3) e apresentados logo na abertura pelos localizadores espaciais, temporais e pelo valor perfectivo do pretérito perfeito simples e que correspondem aos factos relativos ao funeral (plano referencial). É também nessa situação enunciativa (Sit_2) que o Enunciador constrói um tempo (T_4) fictivo em que estão localizadas as alternativas ao estado de coisas descritas (plano modal). É também aí -Sit_2 (T_2)- que se situa o diálogo do narrador com o narratário e em que se manifesta a tentativa de explicação/justificação das atitudes do próprio enunciador. T_4 é apresentado como posterior a T_2 e a T_3 mas trata-se na realidade apenas de um efeito de sentido provocado pela avaliação que o enunciador faz dos acontecimentos e na sua estratégia argumentativa/justificativa. T_4 é assim temporalmente anterior a T_2 mas, ao afastar-se da verdade dos conteúdos proposicionais dos enunciados assertivos relativos a Sit_3, o enunciador modaliza-os em T_2, ou melhor, remodaliza-os. Temos assim uma oposição entre o nível temporal e o nível modal. Estamos perante uma reconstrução fictiva: ao sobrepor o plano modalizado ao plano assertivo, o enunciador cria expectativas que constituem, no plano literário, o fermento da leitura, para usar uma metáfora abusiva. Para esse efeito contribuem os mecanismos linguísticos, suportes epistémicos das dúvidas do narrador, que se projectam sabiamente no narratário quando afinal não passam de construções fictícias já que não alteram em nada o estado de coisas, a descrição do mundo que lhe está subjacente e que pertence ao universo do perfectivo.

Também a conjunção *pero* no início do segundo parágrafo é o marcador de um regresso do enunciador ao discurso pondo argumentativamente em evidência a existência de dois pólos/dois caminhos/duas forças opostas: dizer/não dizer que Bieito estava vivo. Como uma força -a do dizer- não é sentida como, pelo menos eticamente, a mais forte, o enunciador precisa de reforçar a força argumentativa com apelos directos à compreeensão do interlocutor (verbos no imperativo: *comprendede, escoitade*). A modalização conclui esse esforço de persuasão do narratário, como acto de justificação de uma escolha/decisão, eticamente pelo

[3] Reservamos Sit_0 (T_0) para a Situação (Tempo) de Enunciação origem e Sit_1 (T_1) para a Situação de locução.

menos, inaceitável. Notemos que em primeiro lugar esta modalização pode e deve ser entendida como uma tentativa de auto-justificação da decisão que se tem dificuldade em aceitar, tentativa que não parece completamente coroada de êxito porque novas marcas dessa pouca certeza da correcção da atitude vão surgir posteriormente no texto (mesmo com as tentativas de antevisão de atitudes e de comportamentos de terceiros se o narrador tivesse decidido falar[4]). O enunciado interrogativo disjuntivo *Sentino ou foi aprensión miña?* coloca do lado do coenunciador a responsabilidade da validação de uma ou de outra relação predicativa dado que o enunciador não quer ou não pode assumir o seu valor de verdade.

4. Breve análise de duas manifestações da modalidade

Apesar de a modalidade constituir uma categoria que está presente em todo e qualquer enunciado (Bally 1944: 35) e o modo, a expressão da atitude de quem fala relativamente àquilo que diz (Lopes 1971: 245), vamos considerar apenas duas manifestações explícitas de modalidade: no início do conto (*non podía, non debía dicir nada*, no segundo parágrafo) e no final (*Ía dicir*, no penúltimo parágrafo).

No entanto, ao longo do texto vão-se acumulando marcas modais de dúvida do enunciador face à verdade das proposições, gerando (ou justificando) o sentimento geral de insegurança (a) *sentino ou foi aprensión miña;* (b) *non tiña seguranza;* (c) a exclamação *¡Foi um rebulir tan maino...!;* (d) *Ah! ¿E se entonces, ó ser*

[4] Lembro aqui que o problema base deste conto é: falar/não falar, dizer/não dizer: Nos tribunais a fórmula exemplar será: quem tiver alguma coisa a dizer que o diga, se não cale-se para sempre. Ora, este conto é exactamente o desenvolvimento do que é falar depois do assunto encerrado. Ou seja, o dizer já não vai alterar o estado de coisas, a ordem do mundo, e por isso o narrador não devia falar exactamente porque calou no momento em que teria de falar. O não assumir o acto de não falar (e não o pode assumir porque continua arrependido ou pelo menos perturbado) conduz o narrador a procurar justificar os seus actos como se houvesse uma justificação. Esse estado de espírito muito pouco sossegado leva-o, inclusivamente, a dirigir-se ao narratário, quase implorando a sua compreensão, ou, diríamos melhor, o seu perdão. Como ele próprio não se consegue perdoar a si mesmo procura no exterior a compreensão e logo o perdão. A linguagem tem também essa função. O que é interessante é que o texto parece representar uma cena no psicanalista ou no confessionário. A necessidade de argumentação leva o locutor a colocar-se como ser individual, desprotegido, indefeso por oposição a todos (veja-se a reiteração do quantificador). É que é precisamente o facto de ser único que o leva a essa insegurança, ou seja, o Eu vs. os Outros. Também é o facto de ser o único a ouvir a voz do defunto que lhe gera hesitação mas não parece ser esse o problema fundamental.

Uma análise mais desenvolvida teria de explicar a relação eu/outros (veja-se o número de ocorrências de 'todos') e a construção de um mundo alternativo através do convite ao narratário 'imaginade' e o uso do condicional.

aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? (e) *mais entonces acudiu novamente ó meu maxin a case seguranza do arrepiante ridículo, da rabia da familia defraudada, se o Bieito se topaba morto e ben morto.* (f) *No seo da terra unhas unllas desesperadas rabuñaban nas táboas. Rabuñaban? Non sei, non sei;* as conclusivas (a) *polo tanto non podía, non debía dicir nada;* (b) *Por iso non dixen nada;* as interrogações retóricas *como xustificar o non ter dito? Ía dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?*; a construção de hipóteses que representem o mundo alternativo resultante de o enunciador ter falado (o estado de coisas não verificado) introduzidas pelo quantificador *todo, todas, todos, o ser colectivo* ***-os outros****, por oposição ao ser individual -o* ***eu***; a preocupação em captar a simpatia e a sintonia do leitor para melhor o persuadir dos seus argumentos (não ter falado): (a) *meus amigos*; (b) *comprendede, escoitade*; (c) *Imaxinade*; (d) *Comprendedes*?

4.1 No segundo parágrafo: *Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto - conprendede, escoitade - polo tanto* ***non podía, non debía dicir nada****.*

As marcas de modalidade *non podía, non debía* fazem sentido num contexto de resposta a uma objecção pelo menos implícita por parte do coenunciador. Nesse sentido de justificação interagem também o marcador conclusivo "polo tanto", o vocativo, o tempo e a forma imperativa dos verbos "comprendede, escoitade". Uma operação de sobremodalização procura desfazer qualquer réstea de objecção que o enunciador atribui aos "meus amigos" (leitores). Assim, a precaução é maior quando a uma modalização com *poder (non podía)* -também ela susceptível de uma objecção dado que "poder sempre se pode"- se acrescenta uma modalidade deôntica marcada com *dever (non debía).* Esta última forma é a marca do conflito entre aquilo que o sujeito pensa e aquilo que o sujeito pensa que o outro pensa. A uma sobremodalização do *poder* segue-se uma remodalização com o *dever.* Digamos que estão em causa duas atitudes opostas face a um mesmo facto: dever ou não dever falar/ dever ou não dever dizer. Estamos portanto num conflito de representações inscritas numa relação intersubjectiva.

Uma característica do modal *dever*, comum à diversidade dos valores que este verbo pode assumir, é o seu comportamento quando em coocorrência com a negação marcada pela partícula *não: não dever p* é, do ponto de vista estritamente semântico, equivalente a *dever não-p.* A partícula *não* incide semanticamente sobre a relação predicativa <p>: <eu, dizer nada>, e não sobre *debía* (Campos 1998: 119). Quando a modalização marcada por *dever* é negada, não é o valor modal que é semanticamente negado mas sim a relação predicativa. Dá-se o fenómeno sintáctico habitualmente designado por 'subida da negação' (Campos 1998: 125).

Uma representação bifurcada dos caminhos que os modais *poder e dever* constroem pode ajudar a ver as diferenças fundamentais que o valor deôntico tem nesses dois casos pondo em destaque a força modal associada a *não poder*[5]:

não pode p "tem de ~p" (a)

não deve p "deve ~ p" (b)

(a) o valor de **não pode p** está representado pela construção do caminho para **~p**, ao mesmo tempo que se bloqueia o caminho para **p**; equivalente a "tem de não-p";

(b) o valor de **não deve p**: é construído o caminho para **~p**, mas não é bloqueado o caminho para **p**; equivale a "deve não-p";

(c) O valor de **não pode p** é mais forte que o de **não deve p**; **não poder p** é uma forma argumentativamente mais forte do que **não dever p;**

(d) Estamos portanto perante uma interpretação mais forte em *non podía,* equivalente a uma asserção estrita, que em *non debía.* Trata-se de uma remodalização –enfraquecimento do valor assertivo- e não de uma negação metalinguística.

(e) Esta representação gráfica permite também compreender a escolha do locutor: com *non debía* recupera-se a bifurcação, ainda que um dos ramos seja distinguido. A asserção *non podía dicir nada* é localizada em relação à relação predicativa *eu non tiña seguranza,* localizador na relação interproposicional construída.

4.2 Antes de analisarmos o segundo caso, vejamos de passagem na linha 47 o enunciado:

mais o crego acabou e a caixa deceu á cova sen que eu puidese dicir nada. O valor assertivo de *sen que eu puidese dicir nada* é claro, mas também o é o valor perfectivo. Se dividirmos o conto em duas partes, sendo a primeira correspondente

[5] Diagrama adaptado de Campos (1998: 127) e do exemplário distribuído na conferência "Sobre a modalidade em português" que Campos proferiu na Faculdade de Filologia da Universidade de Santiago de Compostela no dia 8 de Maio de 2000 (não publicado).

a uma explicação/justificação do 'não dizer' e a segunda à justificação do 'não ter dito', estamos, agora com o conjuntivo, a passar para a segunda, hipótese confirmada pelo narrador logo de seguida *como xustificar non o ter dito antes?*[6]. Do indicativo –imperfeito- transita-se agora para o conjuntivo que marca valores que não lhe são normalmente atribuídos: a construção da relação predicativa é anterior à situação de enunciação (pré-construção).

4.3 Observando o enunciado *Ía dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?* verificamos o entroncamento dos três planos de que falámos atrás. O plano referencial perfectivo relativo a três dados associados: primeiro, não disse (que sabia que Bieito estava vivo), segundo, deixou-o enterrar (vivo); terceiro, Bieito estava vivo (quando foi enterrado). O plano enunciativo é construído a partir da Situação de Enunciação presente e projecta-se temporal-aspectualmente no passado. A construção *Ía dicir que* é localizada em relação à relação predicativa *sabendo que estaba vivo,* localizador na relação interproposicional construída, donde surge o valor modal da interrogação retórica. *Ía dicir que* corresponde então ao valor forte de *non podia dicir* analisado em 4.1.

O conto termina assim como começou: a impossibilidade de dizer/de falar. No entanto, é caso para associarmos o dito comum "quando uma mão aponta para a lua o parvo olha para o dedo". Afinal, só no final do conto os cães uivam, para a lua ou para o pobre Bieito que acaba, então, de morrer.

5. Engastamento dos três planos

Interessando-nos fundamentalmente verificar a inter-relação dos três planos deixamos de lado o estudo dos sub-níveis que eles comportam e que poderão também eles confluir noutros relacionamentos.

5.1 Articulação dos três níveis

Os três níveis maiores detectados dizem respeito ao plano histórico (I), ao plano enunciativo (II) e ao plano modal (III). Outras designações podem ser utilizadas respectivamente: plano referencial (I), do discurso (II) e avaliativo (III). Têm de comum estes três níveis o facto de o Enunciador os construir sempre a partir do momento da Enunciação (T2).

O nível I é construído através de uma translação marcada no texto pela presença do pretérito imperfeito do indicativo projectando-se no pretérito perfeito simples

[6] Note-se que já anteriormente o locutor afirmara, no pretérito perfeito, *Por isso non dixen nada.*

desde logo iniciado com a primeira forma introdutória "Foi" seguido da localização espacial da narrativa que se pretende objectiva. O localizador enunciativo é o presente da enunciação. Neste plano se situa o funeral de Bieito. Localizador temporal: estado para que remete o pretérito imperfeito (*dos catro levadores do cadaleito eu era un*; *entonces*; *tódalas testas dos velliños que portaban cirios*)[7].

O nível II não tem marcas directas apesar de constituir o termo[8] localizador de todas as operações de referenciação. Ele pode ser reconstruído a partir da alteridade de que o pretérito perfeito simples é marcador (do mesmo modo que através do mecanismo de alteridade também o nível II é construído a partir do mundo fictivo representado no nível III. O diálogo narrador-narratário é assim o ponto de fuga para trás mas também para a frente, para o nível I, e para o nível III. É no nível II que se situa o drama do narrador face ao narratário, constituíndo o que Casas (1995: 63) designa "a tensión do instante en que se dá a coñecer ese suceso aos oíntes-lectores". O marcador temporal "entonces" (*Entonces non podería aseguralo*) é construído a partir do tempo da enunciação e por oposição a ele.

O nível III é construído no nível II, isto é, no presente da enunciação, mas como posterior em relação a I exactamente porque alternativo ao estado de coisas representado no nível I. Trata-se portanto de uma hipótese não verificada -a interpretação de que Bieito fora enterrado vivo é uma certeza-: *non podía, non debía dicir nada; Comprendedes? Por iso non dixen nada; sen que eu puidese dicir nada.*

5.2 Os dois subsistemas modais e sua articulação com os três níveis

São duas as perspectivas construídas na Situação de Enunciação e que podem ser representadas num diagrama triangular. O ponto em que se situa o enunciador e o caminho para duas pontas sendo cada uma delas ocupada pelos dois subsistemas modais: o dever e o poder (neste caso também *Ía dicir que* anteriormente analisado). Digamos que a um corresponde a remodalização e a outro a sobremodalização de que as passagens seguintes dão conta:

(a) Sentino (nível I - passado - referencial) *ou foi aprensión miña?* (nível II - presente);

(b) Entonces non podería aseguralo (então - nível I vs. agora - nível II)

---

[7] Os dois planos, o referencial e o plano fictício encontram-se engastados. Na realidade, a perspectiva enunciativa tem como localizador origem T0, o Tempo da Enunciação origem.

[8] Usamos 'termo' enquanto conceito abstracto capaz de suportar uma variedade de manifestações linguísticas ou metalinguísticas.

(c) *non tiña seguranza* (tinha vs. tenho; passado vs. presente), *e polo tanto non podía, non debía dicir nada*

(d) *Mais o crego acabou e a caixa deceu á cova sem que eu puidese dicir nada*

(e) *Ademais o dicilo tan tarde acrecía o absurdo desorbitadamente. Como xustificar non o ter dito antes?*

(f) *No seo da terra unhas unllas desesperadas rabuñaban nas táboas.* (Nível referencial). *Rabuñaban?* (Modalidade epistémica interrogativa) *Non sei, non sei.* (epistémica; reiteração)

(g) *cando fiquei suspenso*

(h) *Entonces si que sería absurda, tola, a miña presencia alí...*

(i) *Ía dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?*

Os dois níveis modais prendem-se portanto aos paradigmas da certeza, segurança vs. incerteza, dúvida, insegurança. Nesse sentido, todo o texto é um agenciamento de marcadores do conflito de representações opostas: falar/não falar, dizer/não dizer, falar/calar. A coerência do texto surge precisamente do acto da construção de um espaço de alteridade, intersubjectivo, em que o enunciador coloca o outro, atribuindo-lhe a modalidade do falar/dizer. O texto é assim, marcadamente explicativo/ justificativo da modalidade escolhida pelo enunciador: não falar/não dizer. Claro que a posição que o enunciador atribui ao outro pode mais não ser que o resultado de um monólogo interior capaz de pôr em cena o dialogismo imanente ao próprio enunciador. Essa necessidade de explicação/justificação aparece já no título que sendo catafórico é também anafórico porque não parece pretender refazer nada em relação à morte mas justificar uma atitude.

5.3 O título

Refazendo a composição do título do conto *Sobre da morte de Bieito* teremos também os três planos que delineámos antes e que se encontram sobrepostos (cf. o valor primitivo deas preposições *de/sobre):*

(a) ***a morte de Bieito:*** ([d]**a morte**) **a** determinado, a existência da morte é um pré-construído na situação de enunciação.

(b) ***da morte de Bieito***: na Situação de Enunciação o Enunciador tem dados para acrescentar à versão conhecida da morte de Bieito.

(c) ***sobre da morte de Bieito:*** ou da impossibilidade de em momentos diferenciados poder dizer da não morte de Bieito; ou da obrigatoriedade de não dizer nada acerca de (b).

A conjunção destes planos, arrastando e enebriando o leitor perplexo até ao final, mais não é do que *o remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas na mesma luz,* como declara Dieste no Limiar *Dos* (seus) *Arquivos de Trasno.*

Referências bibliográficas

Bally, C. (1944): *Linguistique générale, linguistique française* (Berne: A. Francke S.A).

Benveniste, É. (1966): *Problèmes de linguistique générale*, 1 (Paris: Gallimard).

Campos, M. H. Costa (1998): *Dever e Poder: um subsistema modal do português* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / JNICT).

Campos, M. H. Costa (no prelo): "Valores aspectuais no conto *Jesus* de Miguel Torga: uma análise linguística", *Biblos*, Volume de homenagem ao Professor Doutor José Gonçalo Herculano de Carvalho.

Carreira, M. H. Araújo (no prelo): "La création lexicale dans la fiction portugaise. De la morphologie lexicale à la combinatoire discursive", *Actes du Colloque « La Néologie Ibérique »* (Paris: Publications de la Sorbonne).

Casas, A. (1995): "Elementos para unha teoría literaria", en Casas, A (coord.), *Tentativas sobre Dieste* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Culioli, A. (1971): "Un linguistique devant la critique littéraire", *Cahiers de la Faculté des Letttres de Clermond-Ferrand* (Paris: Ophrys).

Culioli, A. (1990): *Pour une linguistique de l'énonciation* (Paris: Ophrys).

Danon-Boileau, L. (1995): *Du texte littéraire à l'acte de fiction : lectures linguistiques et réflexions psychanalytiques* (Paris: Ophrys).

Dieste, R. (1999) [1962]: *Dos Arquivos do Trasno* (Vigo: Galaxia).

Fonseca, F. I. (1994): *Gramática e Pragmática* (Porto: Porto Editora).

Lopes, Ó. (1971): *Gramática Simbólica do Português* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).

Aproximación histórica ao galego nas escolas (1900-1936): un saber ausente e unha voz silenciada

Sabela Rivas Barrós
Universidade da Coruña

Introdución

"De pé... e despois chamábanos un por un e dicía que señalaramos co punzón, porque claro, nós cantabamos todo o que sabiamos onde estaba, e no mapa, e esto... liamos, non sabes? E cando liamos e cando diciámo-las cousas, pois diciámolas en castellano, como estaba alí escrito... nós liamos como estaba escrito, que nós en galego non". Estas son as palabras de que se vale Carme, de 67 anos, para describir unha xornada da súa infancia nunha escola de Ribeira, e que nos van servir de mostra para nos mergullarmos no tema do noso traballo.

Quizais nos resulte coñecido o tacto dun punteiro de madeira nas mans que percorre o mapa de España sinalando as provincias, os ríos e os seus afluentes, as cordilleiras e as capitais acompañado dun ton musical que favorecía a aprendizaxe memorística que o mestre ou a mestra pretendía. Con todo, no fondo deste "lirismo" acochábase unha realidade moito máis triste que Carme intenta suavizar cando fala con naturalidade das dificultades, explícitas ou implícitas, de empregar o galego, a lingua habitual da maior parte da poboación, nas actividades pedagóxicas.

As vivencias de Carme e de moitas outras persoas[1] que nos relataron a súa historia da vida escolar servíronnos de alicerce para levar a cabo un estudio sobre a práctica lingüística nas escolas galegas a partir do ano 1900 ata a chegada da II República.

Nas páxinas que seguen faremos mención, en primeiro lugar, á evolución da política e lexislación educativa en que aparecen reflectidas unha serie de

[1] Agradecemos a colaboración na realización das entrevistas ao alumnado da materia "Historia da Educación Infantil" da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña e mais a todas aquelas persoas que compartiron connosco o recordo da súa infancia.

disposicións, decretos e leis que recollen as medidas que regulan o uso do galego e do castelán nas escolas. En segundo lugar, analízase a práctica lingüística nos centros educativos, que, en moitas ocasións, non responden á lexislación vixente nese momento. Por último, farase unha análise das accións de carácter diferencialista que van incidir na galeguización do ensino.

1. Evolución lexislativa

Aínda que cómpre ter en conta que a política de uniformismo lingüístico se emprendeu xa desde o final da época medieval, será no século XIX cando se asiste á definitiva nacionalización dos estados. Estes pasan a ser a expresión política das nacións, polo que se intenta incrementar a súa influencia na vida da cidadanía a través das institucións mediadoras que posibilitarán a construción ou reconstrución das identidades nacionais a partir das tradicións culturais preexistentes, outorgándolle un papel predominante na súa difusión ao sistema educativo. Deste xeito, e dado que un dos elementos centrais de toda a cultura nacional é o constituído pola lingua, emprenderase un proceso de uniformismo lingüístico dirixido á estandarización das linguas e á conseguinte imposición dos idiomas estato-nacionais, que, no caso de Galiza, significará un intento de asimilación do galego por parte do castelán, considerado polo Estado o idioma nacional.

En definitiva, como precisaron diversas autoridades sobre o tema[2], o proceso de construción e afianzamento do estado liberal español desencadeará a homoxeinización política, cultural e lingüística da poboación, ignorando a pluralidade cultural e o diferencialismo lingüístico dos pobos englobados no Estado; neste sentido, podemos afirmar que ao longo de todo o século XIX, á medida que o Estado se dota de novas institucións e amplía o seu poder, acrecéntanse as disposicións impositivas do castelán e prohibitivas co uso de calquera outra lingua: disposicións relativas a medidas pedagóxicas para a erradicación da lingua nativa do alumnado, escrituras notariais e usos litúrxicos, entre outras.

A primeira lei de educación, a Lei Moyano de 1857[3], decreta o ensino primario como obrigatorio e regula o estudio do castelán propondo como texto único a Gramática e Ortografía da Real Academia Española. O cambio de século coñecerá, dentro do fracaso da Restauración e cunha inxección centralista reforzada despois do "desastre do noventa e oito", un reforzo das leis prohibitivas no que se refire ao emprego doutras linguas distintas do castelán. Neste sentido resulta ilustrativo o

[2] Véxanse os completos traballos de Garcia Negro (1991), Mariño Paz (1998) e Monteagudo (1999).

[3] Véxase o estudio de Puelles Benítez (1986).

aviso de Eduardo Dato, ministro de Gobernación en 1900, ao considerar que o seu goberno debe intensificar a acción uniformadora emprendida por gobernos anteriores, posto que non se podía dar por definitiva a desaparición das linguas non hexemónicas. Reproducimos a súas palabras:

> Es sensible que no todos los españoles conozcan el idioma nacional; pero es un hecho innegable respecto al cual no cabe más que una constante propaganda encaminada a extender el conocimiento de la lengua oficial, evitando que en las escuelas del Estado se enseñe otro idioma que el español, no permitiendo textos escritos en ningún dialecto, como libros de enseñanza, y adaptándose por las autoridades las medidas que se han adoptado al efecto, y que aplicará este Gobierno como las han aplicado todos los anteriores gobiernos de España (Ferrer 1986: 85).

Seis meses despois da subida ao trono de Alfonso XIII, no mes de novembro de 1902, promúlgase un Real Decreto en que de maneira taxativa se impón a obrigatoriedade de usar o castelán para explicar a Relixión ou calquera outra materia, xa que foron moitas a denuncias formuladas por inspectores provinciais de ensino primario que evidencian o emprego do galego nalgunhas escolas.

Por iso, o artigo do Real Decreto establece medidas punitivas concretas:

> Los Maestros y Maestras de instrucción primaria que enseñasen á sus discípulos la doctrina cristiana ó el dialecto que no sea la lengua castellana, serán castigados por primera vez con amonestación por parte del Inspector provincial de primera enseñanza quien dará cuenta del hecho al ministro del ramo; y si reincidiesen, después de haber sufrido una amonestación, serán separados del magisterio oficial, perdiendo cuentos derechos le reconoce la ley (Costa Rico 1989: 68).

A Ditadura de Primo de Rivera continúa con esta mesma política: o profesorado deberá falar aos nenos e ás nenas sempre en castelán, as materias comprendidas no plano oficial deberán ser impartidas en castelán, aínda que as complementarias poderán darse en "idiomas rexionais". Propóñense sancións efectivas para o profesorado que non cumpra con este mandato, unha delas o desterro a "otras provincias en que no existan formas idiomáticas distintas del lenguaje oficial", ou a apertura de expediente a aqueles que "proscriban, abandonen o entorpezcan la enseñanza en su escuela del idioma oficial en aquellas regiones en que se conserva otra lengua nativa".

Finalmente, o período 1931-1936 vai supor unha etapa favorable na recuperación das institucións galegas e un avance fundamental na extensión do idioma e da cultura galega. Así, a partir de 1932 o goberno da República publica dous Decretos en que se declaraba a legalidade do bilingüismo en Cataluña, ao tempo que se recoñecía a existencia dentro do Estado español doutras linguas ademais do catalán: o galego e o vasco. Porén, a tardanza do plebiscito do Estatuto de

Autonomía en que se recoñecía a cooficialidade do galego e do castelán impediu a posibilidade da súa aplicación, pois poucos días despois comezou a Guerra Civil, que significou o principio dun longo período de "ilexitimade" doutras linguas que non fosen o castelán.

2. A práctica lingüística nas escolas

Nun estudio que estamos a realizar, en que se empregan fundamentalmente fontes orais, unha das cuestións a que se fai referencia é ao uso que se facía do galego nas escolas. Aínda que excede os límites de espazo deste artigo a referencia a todos os aspectos analizados, sinalamos algunhas conclusións. En primeiro lugar, indicamos que nas escolas galegas se daban principalmente tres tipos de situacións con respecto ao uso da lingua galega: entre os nenos e nenas falábase case exclusivamente o galego e castelán co profesorado; o alumnado falaba entre si en galego e tamén co profesorado; e, por último, o profesorado utilizaba o galego como instrumento didáctico para favorecer a aprendizaxe dalgún termo castelán.

A situación sinalada en primeiro lugar era a que provocaba un maior conflito, posto que os nenos e nenas tiñan un escaso, cando non nulo, coñecemento do castelán. Así o recoñece Lourdes, de 62 anos: "...bueno, ao principio non, pero despois si, entendiámolo e cuidabamos de non fala-lo galego na escola, sobre todo que non nos escoitara a mestra".

Nestes casos era, como indican a maioría dos nosos informantes, cando se recorría en moitas ocasións aos castigos para evitar o emprego do galego nas aulas. En palabras de Ramiro, de 84 anos: "Naquel tempo, loxicamente era o galego, na casa, na aldea, en tódolos sitios, pero na escola era o castellano, e se falabamos o galego na escola castigábannos". Outra informante, Josefa, de 77 anos, fai unha precisión respecto a este tema: " Si, deixaban falar o galego entre nós. Antes si, pero despois había que falar o castelán nos colexios porque Franco non quería que falásemos galego, tíñamos que falar castelán". Tamén María, de 66 anos, indica a existencia de castigos nas escolas por falar o galego, pero tamén engade comentarios que nos indican o pouco prestixio social que tiña esta lingua en oposición ao castelán e que se reflectía tamén no ámbito familiar. Estas son as súas palabras: "Pois na escola o castelán, falábase todo, porque non nos deixaban falar en galego porque estaba prohibido, era... era xa de anos. E na casa normalmente falabamos en galego, pero...cando por exemplo falabas en galego fóra da casa, cos teus pais diante, miña nai dicíame: 'non fales en galego, fala en castellano que é de aldeán falar en galego'".

Con todo, segundo indica Narciso de Gabriel (1990: 160-172), o uso exclusivo do

castelán nas escolas decimonónicas batía con importantes obstáculos, xa que a maior parte dos mestres e mestras tiñan o galego como lingua de instalación e algúns posuían só un coñecemento rudimentario do castelán, que se acentuaba entre os mestres incompletos que dispuñan dunha formación pedagóxica e cultural moi precaria.

As dificultades dos mestres e mestras para se expresaren en castelán acrecentábanse no caso dos nenos e nenas que tiñan como lingua habitual o galego e que descoñecían practicamente o castelán. Ante este feito podemos tirar en conclusión que tamén dentro do recinto escolar se empregaba decote o idioma galego, aínda que ás veces respondesen ás preguntas do profesorado en castelán.

Nas escolas do primeiro tercio do século XX reprodúcese a mesma situación que nas escolas decimonónicas: aínda que, como sinalamos en páxinas anteriores, a lexislación impedía a utilización do galego, en moitos casos tanto o alumnado como o profesorado tiña serias dificultades para se expresar en castelán. Así nolo confirma Carme, de 65 anos: "Falabamos o castellano conforme se sabía, que non se sabía moi ben tampouco. Os mestres tamén conforme sabían, porque ao fin era galego, e eles tamén eran galegos"; e tamén Francisco, de 84 anos: "Namais entrar da porta da escola pra dentro todo en castelán, había personas que era un *descojono* oílas pero non había máis remedio".

Esa inseguridade lingüística que tan ben nos describe Francisco era froito da interiorización dunha aprendizaxe non sempre explícita: falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben e, posto que a escola non lograra implantar o coñecemento e uso do castelán, en moitos casos a mellor alternativa para o alumnado era o silencio como o demostran numerosos informes da Inspección e comentarios do profesorado en que se destaca o silencio dos nenos e das nenas ante as preguntas dos inspectores e do propio profesorado. Eis un testemuños:

> Los niños oriundos de lengua y raza celta, temen hablar el castellano, ante el profesor que interroga, y prefieren pasar por irreverentes y anormales, antes que su lengua se abra para dar el nombre al signo, no por la ignorancia e incomprensión del objeto nombrado, sino por ese temor a hablarlo (Fernández 1928: 3).

E se de signos falamos temos de abordar un aspecto fonético que foi obxecto de burlas e de castigos nas escolas galegas. Trátase da "gheada" e "gueada", xa que unha das grandes teimas dos mestres e mestras así como dos inspectores consistía en acabaren coa gheada ao ser considerada como un signo de "rusticidade" e "incultura", desprezado e atacado tamén por gramáticos, lexicógrafos e outros estudiosos, como é o caso de Valladares no ano 1884 no prólogo do seu *Diccionario Gallego-Castellano*, onde se indica: "Las geadas

son un defecto de la gente idiota: consisten en hacer fuerte la *g* suave, como gaita, guerra, guinda, gozo, gusto..." (citado en Fernández Rei 1991: 177); na mesma liña fala Cotarelo Valledor: "tan grosero hábito sólo se usa entre el vulgo, pero a veces induce a confusión a personas algo ilustradas" (citado en Fernández Rei 1991: 178).

Non obstante, aínda que escasos, esta pronuncia tamén tiña defensores, como é o caso dun dos grandes partidarios do emprego do galego no ensino, Aurelio Ribalta, de quen reproducimos parte dun texto escrito en 1910:

> Eu sigo a prenunzia das mais das xentes de Galicia, non tan forte koma de j frikativa, simple, trinada, nin tanpouco ko a sonoridá do g glótico, o g duro do francés..
>
> Boume koo feito filolóxiko, pouko estudiado aínda, e ben mais merezente destudio ke dos kalifikatib "defecto de gente idiota", "abuso de simple pronunciación" e outros polo estilo (citado en Fernández Rei 1991: 180).

Mais o profesorado coincidía máis coa opinión de Valladares e Cotarelo que coa de Ribalta, como demostra De Sergude nas páxinas de *A Nosa Terra* no ano 1916 :

> E tanto traballa o mestre ensinándolles o ja, jo, ju, ge, gi, co sentido castelán, que xa, no diante, non hai para os probes neniños nin regatos, nin fragas e demais verbas que teñen algún g, inda que este sino endexamais tuvo na nosa fala a pronuncia áspre que se lle dá ao j no idioma de Castela (Sergude 1916).

Aínda case vinte anos despois, en 1935, parece que a tarefa do mestre non rematara, pois desde o xornal *La Voz de Galicia* continuábase a insistir no mesmo tema:

> La labor del maestro al frente desta escuela ha de empezar, incluso en los niños de 14 años, por enseñarles a hablar. Hay que luchar denodadamente para conseguir que digan "Galicia" en vez de "Jalicia" (Sueiro 1935).

En conclusión, canto á práctica lingüística nas escolas rurais galegas, na etapa que nos ocupa, podemos indicar que a utilización do galego ou do castelán polo profesorado non era uniforme nen singular, senón que, dependendo da titularidade das escolas, do lugar de emprazamento, da actitude dos pais e nais e das presións exercidas pola inspección, o emprego dun ou doutro idioma nas relacións propiamente educativas era variable. En consecuencia, aínda que o ensino primario non posibilitaba máis que un dominio rudimentario do castelán, os nenos e nenas realizaban unha aprendizaxe moi significativa ao seu paso pola escola: falar castelán era falar ben e falar galego era falar mal. Polo tanto, e ante caso de dúbida, o mellor era o silencio.

3. As reivindicacións galeguizadoras

Como xa indicamos noutro lugar deste traballo, o sistema educativo vai ser un dos medios máis importantes na difusión das identidades nacionais e, máis concretamente, das culturas nacionais. De aí que unha das accións de carácter diferencialista a que se vai dedicar un maior esforzo sexa a galeguización do ensino e, no tema que nos ocupa, a reivindicación do estudio e utilización do galego nos distintos niveis educativos.

Así o fixo Frei Martín Sarmiento no século XVIII ao iniciar o discurso pedagóxico a favor da utilización do galego nas escolas. No seu pensamento pedagóxico, Sarmiento decídese por unha educación realista e empirista, concedéndolle o máximo protagonismo educativo ao alumnado; de aí que se preocupe por unha aprendizaxe gradual partindo dos coñecementos máis próximos aos escolares. Postula a posta en práctica de diversos recursos didácticos e metodolóxicos, rexeitando os métodos tradicionais autoritarios e memorísticos. Preocúpase tamén pola educación familiar infantil, tratando nos seus escritos temas como a crianza con leite materno, a situación das amas de cría, os xogos e a educación moral na familia, entre outros.

Seguindo as ideas ilustradas, reclama o desenvolvemento científico, social e económico da sociedade ampliando as súas arelas ao estudio das ciencias naturais, aos avances científico e técnico, ás matemáticas e ao estudio do medio xeográfico.

Por outra parte, as súas reflexións convertéronno no precursor das reivindicacións da galeguización do ensino a través do demandado uso e estudio da lingua galega nas escolas, da proposta de edición de textos en galego e a creación de cátedras de lingua galega, á parte da defensa do uso do galego na liturxia. A decidida defensa da escolarización en galego faina deste xeito:

> Es una desalmada necedad poner a los niños gallegos a la xerga de la Gramática, antes de saber, con mucha extensión, la lengua gallega; y todas las voces de la Historia natural, a lo menos de las visibles de su país. Hazte cargo que al portugués se le enseña el latín en portugués. Al francés en francés. Al italiano en italiano. Al inglés en inglés. Al sueco en sueco. Al castellano, solo en castellano. Pues, ¿Qué fatuidad es que al niño gallego se le enseñe una lengua innota en lengua castellana que no entiende? Avía de quemar todo libro de Gramática, que pasase por Galicia, y que no estuviese explicado en lengua gallega [...] (Pensado 1984: 147-151).

Xa no século XIX, iníciase desde posicións Rexionalistas unha campaña en defensa da inclusión do galego como materia de estudio nas escolas. Era esta unha campaña de carácter conservacionista, xa que se defendía o emprego do galego nos espazos ata ese momento reservados para el (folclore, poesía), mais sen entorpecer

os dominios do castelán, que gozaba de espazos máis estendidos (cultos relixiosos, administración, xustiza investigacións científicas, etc.).

Nesta etapa podemos destacar a edición no ano 1859 do libro de lectura escrito por Manuel Murguía *La primera luz*. Trátase dun libro concibido como cartilla escolar que consta de 64 páxinas en que se introducen diferentes tipos, estilos e tamaño de letras. Escrito en castelán, segue a nota dominante da época se nos atemos aos datos aportados por Costa Rico (1997) que establece nun 4% os materiais didácticos escritos en galego dun total de 350 documentos impresos sobre temática educativa en Galiza no período de 1766 a 1936. Este dato pode resultar cando menos curioso se temos en conta que nesta época predominaba o uso oral do galego en máis do 90% da población, o que demostra o afastamento entre o mundo escolar e a realidade social e cultural que a rodea.

O profesor Peña Saavedra indica que *La Primera Luz* se trata dun libro de lectura para as escolas polo que estaría baixo o control da lexislación, que, como xa indicamos, era totalmente contraria á utilización da lingua galega nas escolas (Peña Saavedra 2000).

A primeira lección desta cartilla escolar diríxese ao alumnado co fin de evitar a burla de aqueles nenos e nenas que falan o galego:

> Hijos mios ¿cúal es la falta de ese inocente para que os burleis de él? No sabe castellano, y habla en el dulce lenguaje de su tierra nativa, en el lenguaje en que hablaron sus abuelos! Sabed niños que el dialecto gallego, cuyas armoniosas palabras excitan vuestra risa, como si fuerais extraños, es la fuente de donde salió el idioma español (Peña Saavedra 2000: 12).

Outro momento destacable na defensa do uso do galego nas escolas corresponde co discurso lido polo mestre José Soto Campos no Congreso Pedagóxico celebrado en Barcelona no mes de agosto de 1888 como contribución á sección que levaba por título "En las provincias del Norte y del Este de España, donde no es nativa la lengua castellana, ¿qué procedimientos deben emplearse para enseñarla a los niños?". Aínda que por imperativo legal non se explicitase no título da reunión, en realidade o obxectivo que se perseguía era a reivindicación da incorporación dos idiomas catalán, vasco e galego ás escolas.

Así o fai Soto Campos (1889) cando defende que nas nosas escolas se ensinase simultaneamente o galego e o castelán, argumentando que cando os mestres permitían o emprego do galego, o alumnado aprendía mellor o castelán que naquelas en que se prohibía. Para este mestre, a convivencia das linguas sería posible cando se recoñecesen as unidades naturais e a variedade dentro destas unidades naturais, en clara oposición ás unidades ficticias que van en contra da natureza das cousas, posto que, en opinión do relator, a unidade dunha patria non

se soluciona por medio dun decreto, senón permitindo o uso da lingua propia de cada pobo.

En definitiva, Soto Campos foi un dos primeiros mestres que defendeu publicamente a incorporación da lingua galega á escola a pesar das críticas que recibiu de boa parte do maxisterio, que era maiormente contrario ao estudio e emprego do galego como lingua vehicular no ensino.

Un ano despois, Alfredo Brañas (1884) publicará a súa obra *El Regionalismo* en que se reflicten as súas ideas sobre o tema educativo, sinalando o ensino como un dos elementos diferenciadores (xunto coa lingua os costumes e a literatura, entre outros) da Rexión. Así, dentro da súa organización propón a creación de seis Secretarías das cales unha delas correspondería á Instrución e contaría coas seguintes seccións: De ensino superior: Universidade, Escolas Especiais e Academias, de Segundo Ensino ou Institutos, Colexios preparatorios e de Primeiro Ensino.

En cada Rexión podería haber unha Universidade oficial pagada con fondos da mesma Rexión. Cada unha contaría con oito Facultades. A instrución primaria debería ser obrigatoria e gratuíta, dividíndose as escolas en Elementais e Superiores. En todas elas defende Brañas o estudio da lingua galega:

> lo que más caracteriza y personifica a un territorio determinado, son las tradiciones, las costumbres, la historia y el lenguaje. Por esto en primer término, ha de cuidar la Dieta regional de que se estudie en las escuelas de instrucción primaria el idioma primitivo, que en la vida doméstica y familiar alterna con el idioma común o nacional (Brañas 1889: 112).

A partir de 1916, o galeguismo comeza e estender tanto cuantitativa como cualitativamente as reivindicacións sobre o idioma galego. Neste momento, empréndese unha liña de normalización que se vai traducir no uso, exhibición, dignificación e ampliación do volume e presenza pública do galego. Esta liña de normalización vai superar con clareza as anteriores reivindicacións que demandaban a introdución do galego como materia de estudio. Agora vaise pedir, principalmente a partir de 1932, o uso do galego como vehículo de comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

Sen dúbida, estas reivindicacións non eran só un problema de linguaxe; estaba en xogo a toma de consciencia da realidade nacional de Galiza, con todas as súas posibilidades, simbolizadas na cuestión lingüística, xa que a aceptación do feito de que o uso do galego e do castelán non é só unha asunción individual, senón que está determinado social e politicamente, leva os galeguistas a criticaren duramente a unificación lingüística que se está levando a cabo a través dunha política centralista, pois para eles a lingua é o elemento distintivo máis importante dun pobo.

Así pois, a morte ou agonía dunha lingua vai facer que o pobo que a fala desapareza como tal, pois renunciar a unha lingua significa renunciar á existencia como nacionalidade. E, precisamente, ao que non está disposto o galeguismo é a renunciar ao seu obxectivo principal que era, como xa sinalamos, conseguir o recoñecemento de Galiza como nación; deste xeito van intentar por todos os medios acabar coa política asimilista que está utilizando a escola como elemento desgaleguizador, prohibindo que nela se fale e estudie o galego.

Esta prohibición era moi preocupante, pero aínda preocupa moito máis a mensaxe, non sempre subliminal, que se transmitía nas escolas: o galego é unha lingua "rústica" e "inculta" moi inferior ao castelán. Esta mesma mensaxe tránsmitíase non só nas escolas senón tamén na vida cotiá dos falantes galegos, como o reflicte o noso informante Antonio de, 78 anos: "Eu falei sempre o galego, muller, mal falado, porque non nolo ensinaron doutra maneira. Con todos. Eu falaba o galego con todos. E iba a "La Coruña" e ríanse de min pero eu falaba o gallego o mismo".

Castelao foi un dos intelectuais galeguistas que impulsou o debate sociolingüístico na primeira metade do século XX. Neste sentido, fai unha análise profunda do problema cando indica:

> o neno galego que vai â escola fala unha lingua diferente, pero semellante â do mestre: unha língoa que non é dos libros nin das cartas que se reciben na súa casa. O neno esforzase en falar na língoa do mestre, que considera superior â que falan os seus pais. O neno deprende a decir moitas cousas sen saber ben o que dí e sen comprender ben o significado das verbas que pronuncia. A interferencia das duas língoas rebaixa o desenrolo espritual do neno, porque non sabe falar a lingoa do mestre e ten vergonza de falar na língoa que mamou (Castelao 1976: 339).

Con estas reflexións Castelao está a describir a disfuncionalidade existente entre as dúas linguas. O emprego dunha ou doutra non vai ser indiferente socialmente. Da consciencia de falar peor do que os demais grupos (ou falar mal) nace a inseguridade lingüística. Esa extorsión non é espontánea porque os valores superiores atribuídos a unha fala nacen do grupo de máis poder da comunidade lingüística.

A análise desta situación diglósica en que vivía o galego convenceu os galeguistas de que para conseguiren o seu obxectivo de incorporalo como lingua vehicular no proceso de ensino-aprendizaxe debían intentar modificar a súa consideración social e, dado que o prestixio do galego se debía á presenza doutro idioma que detentaba o poder e a que se concedían todas as virtudes que a aquel se lle negaban, a tarefa principal consistía en proporcionar argumentos que contribuísen ao seu aprecio e que o colocasen na práctica á par do castelán. Estes argumentos podémolos resumir en factores de identificación, de utilidade e de prestixio (Hermida 1992: 90-142).

Os factores de identificación inclúen todas as argumentacións que buscaban o cambio de actitude dos falantes con respecto ao seu idioma, revelándolles o

significado que tiña para o pobo como colectivo identificado polo uso dunha lingua diferenciada. Xohán Vicente Viqueira foi un dos primeiros pedagogos do primeiro tercio do século XX que defendeu o emprego do galego nas escolas aducindo argumentos de identificación. Declaraba ao respecto:

> A língua é un anaco da nosa alma coleitiva do que ninguna lei humana poderá obrigar a desprendernos [...] a división lingüística trai consigo unha división cultural perigosa para Galicia. Cinco sestas partes d'os galegos falan galego e sô unha sesta parte castelao, ou millor, unha cousa que máis das veces sômente con aproximación pode chamarse castelao. Entre as dúas clas de poboación lingüística esiste unha división fondísima, cuase un abismo, que é preciso desfacer. E isto non pode abranguerse prácticamente mais que falando o galego, a sesta parte da poboación queé a que representa a cultura superior ou, ao menos, pretende e pode representala (Viqueira 1974: 148).

Os factores de utilidade abranguen todos os argumentos que demostran o beneficioso e útil que era para o ensino a introdución do galego como código de comunicación aducindo as seguintes razóns: en primeiro lugar, coa obrigatoriedade do uso do castelán nas escolas non se consegue que o alumnado aprenda este idioma, xa que os mestres e mestras, principalmente os incompletos, non teñen o desexable dominio desta lingua nen a suficiencia pedagóxica que lles permita levaren a bo fin o seu ensino, razón pola cal os nenos e nenas saen das escolas sen saberen falar, ler ou escribir o castelán nen o galego. Victoriano Taibo descríbenos este feito:

> nas nosas escolas onde os escolantes se empeñan n-enseñaren o castelao pol-o castelao mesmo, os probes cativiños san d'ilas fartos de labazadas e valdeiros de letras (Taibo 1917).

En segundo lugar, dado que a principal misión do profesorado é a de se comunicar co alumnado, achegarse ás súas inquedanzas, coñecer os seus problemas, transmitirlle e recibir coñecementos, cómprelles aos docentes evitar todo o tipo de interferencias, entre elas a de non empregar o mesmo código verbal.

Por último, nos factores de prestixio temos de indicar que na busca de apoios científicos que defendan o emprego do galego nas escolas recórrese en moitas ocasións a autores da Escola Nova, como por exemplo a Decroly ou Pestalozzi, coñecidos polos seus estudios sobre o emprego do ensino da lingua materna. Así o fai Antón Villar Ponte cando escribe:

> Pestalozzi dijera que hay una sola escuela buena: aquella que imita a su madre. Y una escuela donde el maestro no sólo trata de enseñarles a los párvulos en idioma diferente del que ellos usan sinó que les reprende incluso cada vez que exteriorizan alguna palabra del propio, ¿cómo ha de atraerlos en ningún caso? (Villar Ponte 1935).

Por outra parte, tamén Vicente Risco no seu "Plan pr'a Galeguización d'as Escolas" vai adicar un apartado especial ao tema da lingua, recollendo todos os argumentos para defender a entrada do galego na vida escolar e expondo esquematicamente a metodoloxía didáctica para empregar no seu estudio, sempre facendo fincapé na alternancia do galego co castelán.

Con todo, non falta quen, desde o galeguismo, defenda posturas monolingües canto ao emprego do galego no ensino. Tal é o caso de Rogelio Pérez "Roxerius" que, aínda admitindo que o bilingüísmo é quizais a demanda máis realista, pensa que a solución ao conflito pasaría pola obrigatoriedade de o empregar en todos os niveis do ensino:

> nos, referíndonos o galego, que é un idioma e non un dialeuto, chegaríamos cicais a decir para todo o ensino. Pro quedémos n'o bilingüísmo, indo a él dendes d'o galego (Roxerius 1934).

Por último, cabe mencionar a crítica que desde o galeguismo se facía ao profesorado foráneo por estar a impartir nas escolas rurais de Galiza sen coñecer a lingua nen a cultura galega. Para estes mestres e mestras propúñase a asistencia obrigatoria a cursos especiais sobre cultura galega en que deberían, ao rematar os mesmos, conseguir un certificado de aptitude.

Para o profesorado galego iniciouse un labor de conscienciación insistindo constantemente na necesidade da utilización do galego nas escolas. Para conseguir este obxectivo, vaise realizar unha campaña a favor da creación de cátedras de Galego nas Escolas Normais, así como a inclusións nos seus planos de estudio de materias relacionadas coa cultura galega.

En resumo, podemos concluír que na práctica escolar das escolas decimonómicas e do primeiro tercio do século XX se evidencia que o emprego do galego ultrapasaba en moitas ocasións os límites que establecía a lexislación vixente, aínda que, en moitas outras, os castigos por non falar o castelán eran frecuentes. Este feito leva ao galeguismo a emprender unha serie de accións encamiñadas á recuperación normalizadora do idioma galego, entre as que se incluíu un importante labor de conscienciación política entre o profesorado.

Referencias bibliográficas

Brañas, A. (1889): *El Regionalismo* (Barcelona: Jaime Molinas Editor).

Costa Rico, A. (1989): *Escolas e mestres. A Educación en Galicia da Restauración á Segunda República* (Santiago: Xunta de Galicia).

Costa Rico, A. (1997): "El libro escolar en gallego", en Escolano Benito, A. (dir.): *Historia ilustrada del libro escolar en España. Del Antiguo Régimen a la Segunda República* (Madrid: Fundación Sánchez Ruipérez).

De Gabriel Fernández, N. (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y Sociedad en Galicia (1875-1900)* (Sada: Ediciós do Castro).

Fernández, L. (1928): "La Pedagogía moderna y la escuela de aldea", *Vida escolar* (6-10-1928).

Fernández Rei, F. (1991)[1990]: *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).

Ferrer i Girones F. (1986): *La persecució política de la llengua catalana* (Barcelona: Edicions 62).

Garcia Negro, P. (1991): *O Galego e as Leis. Aproximación sociolingüística* (Vilaboa / Pontevedra: Ed. Do Cumio) .

Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)* (Vigo: Xerais).

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega* (Santiago: Sotelo Blanco).

Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo* (Vigo: Galaxia).

Murguía, M. (1996) [reimpr. facs.da de 1859]: *La Primera Luz*. Estudio Introductorio de Peña Saavedra, V. / Fernández González, M. (Santiago: Xunta de Galicia).

Pensado, J. L. (1984): *La educación de la juventud de Fray Martín Sarmiento. Edición y estudio crítico* (Santiago: Xunta de Galicia).

Puelles Benítez, M. (1986): *Educación e ideología en la España contemporánea* (Barcelona: Labor).

Rodríguez Castelao, A. D (1976) [1944]: *Sempre en Galiza* (Madrid: Akal).

Roxerius [Rogelio Pérez] (1934): "A Pedagoxía y-o bilingüísmo", *El Pueblo Gallego* (25-7-1934).

Sergude, L. de (1916): "Pol-as Escolas Galegas", *A Nosa Terra* (25-12-1916).

Soto Campos, J. (1898): "En las provincias del Norte y del Este de España, donde no es nativa la lengua castellana, ¿qué procedientos deben emplearse para enseñarla a los niños" [discurso lido no Congreso Nacional Pedagógico] (Barcelona: Tipografía de la Casa de la Caridad).

Sueiro, J. (1935): "Realidad de la Escuela rural", *La Voz de Galicia* (16-2-1935).

Taibo, V. (1917): "A fala no enseño", *A Nosa Terra* (5-1-1917).

Villar Ponte, A. (1935): "El serio problema del bilingüismo en la escuela", *La Voz de Galicia* (23-1-1935).

Viqueira, X. V. (1974): *Ensayos e poesías* (Vigo: Galaxia).

Luis Casteleiro Oliveros, *La revolución en Lingüística (Ferdinand de Saussure)*, II Premio 'Dámaso Alonso' de Investigación Filolóxica, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2000, 212 pp.

É de sobra coñecida a decisiva contribución da obra de Ferdinand de Saussure no desenvolvemento da lingüística moderna. Os postulados saussureanos suscitaron a atención de lingüistas dende a súa aparición e actualmente seguen sendo de interese. Mostra disto son as recentes publicacións en que se continúa a profundar na súa obra, como é o caso de Harris (1988), Bouquet (1997) ou a obra xa clásica de Koerner (1982). O *Cours de linguistique générale*, obra póstuma do autor, proporciona unha conceptualización nova da lingüística, que se manifesta na construcción dunha terminoloxía propia que vai estar presente nas diferentes escolas lingüísticas xurdidas ó longo do século XX. Dada a relevancia de Saussure en materia lingüística, Luis Casteleiro Oliveros pretende unha aproximación á figura do mestre xenebrino en que se revisan criticamente as achegas deste autor. Casteleiro cuestiona a orixinalidade saussureana en tanto creador de novos conceptos e ideas, e considera que a innovación de Saussure se centra máis ben en "su capacidad para encontrar formulaciones precisas y engarzar en un sistema coherente ideas que ya habían sido evocadas con anterioridad, aunque fuera de contexto" (p. 199).

La revolución en Lingüística (Ferdinand de Saussure) comprende seis capítulos precedidos dunha introducción. Tamén inclúe un apartado dedicado á bibliografía e un índice onomástico. Na introducción o autor presenta o obxectivo do estudio: conectar a figura de Saussure coas ideas lingüísticas precedentes e valorar as súas consecuencias e repercusións nas diferentes escolas lingüísticas do século XX. O primeiro capítulo, "Biografía y significado de Saussure", comeza cunha breve referencia á vida do mestre xenebrino en que se repasa a súa traxectoria científica resaltando o carácter revolucionario da súa obra. Móstrase cómo o traballo de Saussure rompe coa liña historicista que predominaba na lingüística da súa época: así, aínda que os seus primeiros traballos se enmarcan dentro da lingüística comparativa, presentan importantes innovacións. Sen embargo, son as ideas publicadas no *Cours de linguistique générale* as que supoñen unha verdadeira revolución en lingüística e ás que debe o seu recoñecemento como pai da lingüística moderna a título póstumo, xa que este carácter innovador non foi de todo comprendido polos seus contemporáneos. Isto parece, segundo os seus bibliógrafos, que o conduciu a un paulatino desinterese pola investigación lingüística. Con todo, Saussure non foi unha figura ideoloxicamente illada como se ten sostido en moitas ocasións pois, como afirma Casteleiro Oliveros, a súa liña de

traballo conecta nalgúns puntos con algúns dos seus coetáneos, como é o caso de Courtenay ou Kruszewski.

As ideas que revolucionaron a lingüística moderna difundíronse no *Cours de linguistique générale*, obra na que Charles Bally e Albert Sechehaye presentan a teoría de Saussure a partir de apuntamentos tomados nas súas conferencias. A reconstrucción do pensamento saussureano comporta certa problemática que é tratada no capítulo II, titulado "Problemas de fidelidad". O carácter indirecto das fontes manexadas por estes primeiros editores trae certas dúbidas sobre a fidelidade do *Cours de linguistique générale* con respecto ó pensamento saussureano: o costume de Saussure de destruír as súas notas despois de impartir as lecciónns dificulta as tarefas destes dous editores. En moitas ocasións, Bally e Sechehaye completan e corrixen algunhas partes, feito que ocasionou diferentes críticas en que se cuestiona a validez da reconstrucción do pensamento saussureano tal como se presenta no *Cours de linguistique générale*. Pronto apareceron novos manuscritos e análises comparativas onde se pretendía presentar dun modo máis fiel os postulados de Saussure, como é o caso dos traballos de Godel (1957) e a edición crítica do *Cours de linguistique générale* en 1968, entre outros.

O seguinte capítulo, "Antecedentes de Saussure", estudia as contribucións de diferentes lingüistas na súa obra. Obsérvase como ideas que tradicionalmente se lle atribúen pertencen a lingüistas contemporáneos ou anteriores a el. Principalmente, analízanse as influencias de William Dwigth Whitney, Jan I. Baudouin de Courtenay, Nikolái Viacheslávovich Kruszewski, Georg von der Gabelentz, Wilhelm von Humboldt e Hermann Paul.

O capítulo IV, "Análisis de Saussure", céntrase naqueles aspectos da súa obra que ocupan un lugar importante na lingüística moderna: a definición e arbitrariedade dos signos, a relación que entre estes se establece, o seu valor lingüístico ou as dicotomías. O capítulo distribúese en sete apartados. O primeiro apartado dedícase ó lugar que ocupa a lingüística na ciencia e o seu obxecto de estudio. Saussure propón a lingüística como parte dunha ciencia xeral que el denomina semioloxía e que, tal como aparece no *Cours de linguistique générale*, debe estudiar os signos no seo da vida social. Ademais, considera que é necesaria a delimitación precisa do obxecto de estudio da lingüística, utilizando para iso as técnicas de contraste. Céntrase no segundo apartado nun dos temas máis controvertidos e punto de partida da teoría saussureana: a dicotomía *langue/parole*, que se pode resumir nun conxunto de oposicións; isto é, a lingua caracterízase como un código e sublíñase o seu carácter potencial, social, fixo, lentamente movible e psicolóxico. Pola súa parte, a fala como codificación dunha mensaxe preséntase coma unha actualización da lingua, individual, libre, efémera e psicofísica. No terceiro apartado refírese ó signo lingüístico e as súas propiedades: arbitrariedade, linealidade, inmutabilidade/mutabilidade e carácter discreto. A continuación, trata outra das

dicotomías básicas da teoría de Saussure: a oposición sincronía / diacronía en que, segundo Oliveros, vese clara a influencia do lingüista Gabelentz. Nos últimos apartados trata nocións básicas da lingüística estructuralista como o concepto de sistema (e as relacións que nel se establecen, isto é, as relacións sintagmáticas e paradigmáticas), a estructuración da lingua en forma e substancia e, finalmente, a noción de fonema.

O capítulo V, "Presencia del *Curso de Lingüística General* en España", trata as repercusións das ideas saussureanas no mundo académico hispánico. O principal descubridor da figura de Saussure foi Amado Alonso, quen demostra o seu coñecemento da teoría estructuralista nalgúns dos seus traballos publicados nos anos trinta, e en 1945 encárgase da traducción e do prólogo do *Cours de linguistique générale*. Outro introductor dos postulados do mestre xenebrino foi Dámaso Alonso, que difunde as teses de Saussure nunha serie de conferencias que pronuncia na Universidade Internacional de Verán en Santander en 1934. De todas as maneiras, hai constancia de que o *Cours de linguistique générale* era coñecido no mundo hispánico con anterioridade, como o demostran unha referencia á obra do xenebrino na *Revista de Filología Española* en 1917 e, máis tarde, que Ricard Aragó i Turón introduza cincuenta e unha citas literais do *Cours* na súa pouca coñecida obra *La Paraula*.

Finalmente, o último capítulo dedícase ás conclusións: nel subliña o papel innovador da teoría de Saussure non tanto no plano conceptual, pois a maior parte das ideas que se lle atribúen son tomadas da tradición, senón na "concatenación formal" (p. 199) destas. Ademais, resáltase a súa importancia, dada a influencia do seu traballo nas tendencias lingüísticas actuais.

En definitiva, o traballo de Luis Casteleiro Oliveros é unha excelente revisión crítica das achegas de Saussure na lingüística moderna.

Bibliografía

Bouquet, S. (1997): *Introduction à la lecture de Saussure* (Paris: Éditions Payot & Rivages).

Harris, R. (1988): *Saussure and his interpreters* (Edinburgh: Edinburgh University Press).

Koerner, K. (1982): *Ferdinand de Saussure. Génesis y evolución de su pensamiento en el marco de la lingüística occidental. Contribución a la historia y a la teoría de la lingüística* (Madrid: Gredos).

Gabriela Prego Vázquez

Gramática da Língua Portuguesa [Livraria Almedina, Coimbra, 2001], de Mário Vilela e Ingedore Villaça Koch.

Acaba de saír do prelo unha nova edición da gramática portuguesa do profesor Mário Vilela, á que agora se lle acrecenta a colaboración da profesora brasileira Ingedore Villaça Koch, da Universidade de Campinas. A *Gramática da Língua Portuguesa: Gramática da Palavra, Gramática da Frase e Gramática de Texto* do Catedrático de Lingüística da Universidade do Porto vira a súa primeira edición no ano 1995 sob o mesmo selo editorial da Livraria Almedina de Coimbra e na súa "Apresentação" o citado profesor xustificaba a inserción da 'Gramática de Texto' como resposta á importancia que ese dominio da Lingüística estaba a merecer na altura, acrecentando que "os nossos colegas do Brasil têm acompanhado esse movimento e aplicado à descrição do Português muitos dos seus princípios". Talvez nestas palabras se puidese entrever xa a vontade do profesor Vilela por procurar a colaboración brasileira neste campo da gramática, colaboración que, como se di nas "Palavras prévias" da obra que estamos a comentar, se decidiu neste caso entre os dous profesores na privamera de 2000 após o seu primeiro encontro tres anos antes, pois finalmente "não é difícil a colaboração Portugal-Brasil, sobretudo numa zona que nos é comum: a língua".

Mais tamén nós os galegos compartillamos con portugueses e brasileiros ese ámbito de encontro que é a lingua común que nos une e que historicamente xurdiu como romance galego falado na Gallaecia, onde se incluía a Galiza actual e o norte de Portugal. Non podemos, pois, os galegos sermos alleos ao discorrer desa lingua que nós fomos quen de criarmos e que hoxe se ten convertido, principalmente mercé a Portugal e ao Brasil, nunha das linguas máis faladas no mundo. É por iso que a aparición desta gramática non debe pasar desapercibida para nós, senón que a debemos ver como un contributo importante para o coñecimento e estudo das características estruturais que definen o noso proprio sistema lingüístico, en que conviven a norma galega, a portuguesa e a brasileira. Porque tamén convén indicarmos que esta gramática é unha edición destinada ao público brasileiro e, portanto, adaptada graficamente a esa norma, feito que por suposto non debe diminuír o interese ou a importancia que para nós sempre ten de posuír calquer traballo dirixido ao estudo do noso sistema lingüístico, aínda que tamén debamos lamentar que non sempre exista a reciprocidade necesaria. Mais na vía dunha maior interrelación e intercambio frutífero debemos aprofundar todos e todos temos responsabilidades no descoñecimento do que nun lado e noutro en materia de lingua se vén facendo.

Neste sentido sabemos ben do afecto e do interese con que o profesor Mário Vilela está a seguir o desenvolvimento dos traballos de lingüística galega. E resulta tamén clara a influencia que neles tiveron e están a ter os proprios traballos deste profesor, de que pode ser un exemplo a difusión que no ámbito universitario galego atinxiu a súa obra *Estruturas Léxicas do Português*, entre outras, para alén da gramática de 1995 a que antes nos referimos e que tivo unha segunda edición, acrecentada, en 1999. Nela integrouse outra obra importante deste autor, a *Gramática de Valências. Teoria e Aplicação*, publicada en 1992.

A obra de que a seguir debemos falar vén sendo, pois, como unha nova edición para o Brasil daquela, agora co título completo de *Gramática da Língua Portuguesa: Gramática da Palavra. Gramática da Frase. Gramática do Texto/Discurso*, e co acréscimo da participación relevante da antecitada profesora brasileira. Conforma esta obra un consistente volume de 565 pp. en que se recollen as tres partes anunciadas no título, para alén dun amplo capítulo inicial en que se fundamenta a noción de 'gramática': a primeira parte -gramática da palabra- trata das palabras tanto do ponto de vista formal como do contido, así como da súa clasificación; a segunda parte -gramática da frase- trata das estruturas frásicas e proposicionais como construcións abstractas e modelos de aplicación en instancias enunciativas; e, por último, a terceira parte -gramática do texto/discurso- ocúpase das manifestacións lingüísticas producidas polos falantes en situacións concretas, isto é, da concretización da lingua en actos comunicativos determinados.

Canto ao capítulo introdutorio relativo á noción de gramática, comézase por asinalar os dous planos que compoñen o signo lingüístico -contido ou plano semántico e forma ou plano fonolóxico- para a seguir nos situar nos diferentes planos da lingua: morfemático, lexical, sintáctico, textual e discursivo. Para a análise destes planos acoden os autores á noción de 'construción' utilizada pola Escola de Praga, que postula que as unidades do plano inferior teñen por función 'construír' as unidades do plano superior, compostas á súa vez por unidades daquel. No plano sintáctico é de resaltar o duplo carácter da frase como elemento do sistema da lingua e como elemento do discurso, a destacar tamén que as "unidades do léxico fornecem configurações frásicas precisas por força da sua *valência*" (p. 27). No plano textual incídese en que, se ben o texto se compón de frases, tamén se compón de macroestruturas e superestruturas, tirándose en conclusión que "os vários elementos do sistema da língua não podem ser considerados isoladamente, mas de modo integrado" (p. 32).

Non podemos deixar de subliñar, a respeito da relación coseriana entre sistema, norma e uso, algunha suxestiva observación, especialmente oportuna no ámbito da lingüística galega, que se fai canto á existencia de varias subnormas dentro da norma, como por exemplo a norma literaria, "onde o desvio pode ser normal", e canto á relativización do valor da norma, pois moitas veces "a a-gramaticalidade

ou in-aceitabilidade de enunciados resultam do fato de não encontrarmos situações adequadas para os 'gramaticalizar' ou 'tornar aceitáveis'" (pp. 32-33).

Aínda dentro deste capítulo inicial, analísase a relación entre léxico e gramática, temática que xa deu título a un libro de Mário Vilela (*Léxico e Gramática*, 1995), na procura do modo como os feitos gramaticais e lexicais se integran nunha construción sintáctica: estúdanse as relacións semántico-lexicais e semántico-gramaticais, así como o significado e valencia dos autosemánticos (substantivos, adxectivos e verbos), entendendo por *valencia* a capacidade de as palabras estabeleceren determinadas relacións con outras palabras a partir do seu significado léxico. Caracterízanse os campos semántico-funcionais, os campos lexicais e gramático-lexicais, así como os procesos lingüísticos de identificación e análise (permutación, substitución, eliminación, acréscimo e transformación pasiva). Todas elas, como se ve, cuestións relevantes para unha sólida fundamentación da noción de gramática como a que aquí se realiza.

Mantense, pois, nesta obra un conceito amplo de gramática, que sen obviar a morfoloxía e a sintaxe como "núcleo duro" da mesma de acordo coa perspectiva tradicional, amplía considerabelmente os seus horizontes aos ámbitos semántico ou textual/discursivo, principalmente. Canto á gramática da palabra, esta insérese basicamente dentro da morfoloxía, que ten como obxecto "o estudo das categorias gramaticais, a sua divisão e respectivas propriedades gramaticais e o estudo das categorias gramaticais como paradigmas (estudo do sistema de formas das categorias flexionais)" (p. 55). A partir da importancia e da complexidade da palabra como unha das unidades básicas da lingua, así como da dificuldade de distinción entre criterios semánticos, morfolóxicos e sintácticos á hora de fixar os criterios de clasificación das categorías gramaticais, dando por "lingüística e cientificamente correto" o uso deses diferentes criterios, estabelécense e estúdanse as categorías de verbo, substantivo e artigo, pronomes, adxectivos, numerais, adverbios, preposicións, conxuncións, partículas e partículas modais, marcadores de coherencia/cohesión discursiva, interxeicións e outros marcadores da expresividade. En cada un dos apartados aténdese tanto á caracterización xeral da categoría como a criterios clasificatorios e á fixación de paradigmas, acollendo todos aqueles aspectos máis relevantes do ponto de vista teórico e de praxe idiomática.

Se a gramática da palabra centraba fundamentalmente a súa atención no plano morfolóxico, aínda que non só, a gramática da frase atende basicamente o plano sintáctico, sen incluír a morfoloxía dentro da sintaxe e sen considerar tampouco a frase como "obxeto exclusivo e único" da mesma. Para os autores desta gramática a sintaxe ocúpase "da construção do discurso linearizado como ele surge no processo de comunicação, compreendendo a frase -a unidade básica do processo-, o grupo de palavras e os respectivos meios formais que servem para construir a

frase e o grupo de palavras" (pp. 286-7), entendendo por frase o que na tradición gramatical galega vimos preferentemente denominando cláusula. Para alén do estabelecimento do obxecto da sintaxe, trátase das relacións sintácticas e dos meios de expresión desas relacións, da caracterización, contido e tipoloxización da frase, dos grupos de palabras e dos elementos frásicos, con atención por extenso á tipoloxía dos actantes, das frases compostas e frases conxuntamente referentes - coordenación e subordinación- e, por último, da colocación das palabras e dos elementos frásicos.

Se por norma xeral unha gramática tradicional poría o seu ponto final ao dar por finalizado o tratamento das cláusulas ou oracións (das frases na terminoloxía dos autores), esta obra aínda vai dedicar un amplo capítulo final -arredor das 150 pp.- á gramática do texto/discurso, que cada vez está a gañar máis relevancia dentro dos estudos lingüísticos, pois é no texto ou discurso onde as diferentes unidades sintáctico-gramaticais alcanzan a súa plena realización. Se tanto a lingüística estrutural como a xenerativa se teñen dedicado ao estudo da lingua en abstracto, sen teren en conta o contexto de uso, cada vez máis lingüistas europeus teñen posta a súa atención na linguaxe como actividade, na relación entre lingua e usuarios, isto é, nos usos pragmáticos da lingua. Surxe así a lingüística do texto/discurso, "uma lingüística que se ocupa das manifestações lingüísticas produzidas pelos falantes de uma língua em situações concretas, sob determinadas condições de produção" (p. 412). Teñen cabida, pois, nestas páxinas a teoría da enunciación, a teoría dos actos de fala, a teoría da actividade verbal e a pragmática conversacional de Grice, así como as teorías do texto/discurso e a lingüística textual. Son tratados por extenso o conceito de texto (texto/discurso, texto escrito e texto falado, texto e contexto, o contexto socio-cognitivo), os procesos de construción textual, os xéneros e secuencias textuais, e a coherencia textual.

Dentro dos procesos de construción textual trátase do conceito e mecanismos de cohesión textual con base no importante contributo de Halliday / Hasan (*Cohesion in English*, 1976) e dáselle a relevancia que merece á estruturación da información (estrutura informacional dado/novo, estrutura temática tema/rema e estrutura do texto falado). Debido a que non hai textos puros, resulta tarefa complexa o estabelecimento de criterios para a clasificación da súa tipoloxía; os autores examinan os nove criterios de Helbig (monolóxico/dialóxico, espontáneo/non espontáneo, presenza/ausencia de partner, número dos partners, publicitación do enunciado lingüístico, especificidade do partner, escrito/oral, modalidade do tratamento do tema e grau de contención ou esforzo teórico da comunicación); de acordo con este autor e apesar de nun mesmo texto poderen estar presentes a argumentación, a descrición, a explicación ou a narración, asinálanse e explícanse "alguns modelos de seqüências textuais" (p. 544): o texto argumentativo, o texto explicativo, o texto descritivo e o texto narrativo. Finaliza a obra coa análise da

coherencia textual e os seus tipos (coherencia semántica, sintáctica, temática, superestrutural e temporal), a facer fincapé nas estruturas ou modelos textuais globais (coherencia superestrutural) con base nas *superestruturas* e *macorestruturas* tratadas por Van Dijk, referencia imprescindíbel nos estudos de pragmática do discurso.

En síntese, estamos, pois, perante unha obra extensa e profunda que, desde o manexo dunha bibliografía actualizada, dá un importante pulo aos estudos gramaticais no ámbito portugués e brasileiro, coa debida atención a aqueles aspectos máis descoidados pola gramática funcional e pola gramática xenerativa, como son os relativos á análise do texto/discurso, sen nos esquecermos por iso doutros traballos destacados neste ámbito, como os do profesor portugués Joaquim Fonseca, por exemplo. E, voltándomos ao inicio destas breves páxinas, se a presente obra é unha achega fundamental dentro da lingüística portuguesa e brasileira, serao tamén necesariamente para a lingüística galega, que sen dúbida a ha ter moi en conta, como xa de feito tivo outras obras da mesma autoría.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Fernando Ramallo, Gabriel Rei Doval e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Manual de Ciencias da Linguaxe*. Vigo, Xerais, 802 pp.

A saída ó mercado editorial dunha publicación en galego das características do *Manual de ciencias da linguaxe* é sempre unha boa nova que cómpre recibir con parabéns para tódolos implicados na súa elaboración. O *Manual* representa de entrada un meritorio esforzo por poñer á disposición dos alumnos e profesores das universidades galegas un texto sobre lingüística escrito, en palabras dos propios editores, "en galego e desde o galego". Desde o mesmo título, os editores asumen o compromiso de ofrecer unha visión actualizada, comprehensiva e interdisciplinaria sobre a linguaxe que ó mesmo tempo responda ás esixencias de claridade, accesibilidade e sentido práctico esperables nun texto destinado ó uso regular nas aulas.

O *Manual* é unha obra extensa cunha estructura que trata de maximizar a súa manexabilidade. Consta dunha breve presentación por parte dos editores (en que xa se inclúe unha primeira selección bibliográfica de títulos fundamentais no ámbito da lingüística), quince capítulos, cada un dos cales inclúe seccións fixas de exercicios, bibliografía comentada e bibliografía complementaria, un pequeno glosario final de termos básicos e tres índices: analítico —moi exhaustivo—, de nomes propios e de linguas.

Cada un dos quince capítulos que compoñen o núcleo da obra céntrase sobre unha área disciplinar concreta e está redactado por un —nalgúns casos dous— especialista na materia. O capítulo primeiro, a cargo de Teresa Moure, versa sobre os criterios que permiten distinguir as ciencias fronte a outros tipos de saber por un lado e fronte ás tecnoloxías por outro, e reflexiona sobre a aplicación destes criterios a distintos ámbitos de estudio no seo da lingüística. O segundo, elaborado por Juan Alberto Alonso, é unha revisión amena e actualizada das contribucións ás hipóteses sobre a orixe da linguaxe humana desde campos de estudio como a paleoantropoloxía, as patoloxías da linguaxe, o desenvolvemento das linguas pidgin, o proceso de adquisición lingüística, etc. Carles Riba presenta a comunicación animal como un fenómeno susceptible de análise sistemática no capítulo 3, e Carmen Cabeza fai o propio no capítulo 4 coas linguas de signos e os xestos empregados na comunicación humana. O capítulo 5, a cargo de José Mª García Miguel, trata sobre a busca de tendencias universais na organización das linguas e sobre os criterios empregados para a súa clasificación, en particular o criterio tipolóxico. No capítulo 6, Xavier Gómez Guinovart presenta os froitos da

colaboración interdisciplinaria entre lingüística e informática, concretados no desenvolvemento de modelos computacionais do funcionamento da linguaxe, a creación de corpus informatizados e a aplicación da informática en lingüística histórica, así como nas tecnoloxías da fala, a traducción automática, o tratamento de textos, etc. Alessandro Duranti explora no capítulo 7 a interrelación entre lingua, pensamento e cultura, e describe os métodos empregados para o seu estudio no seo da antropoloxía lingüística. No capítulo 8, Ángel López analiza as contribucións dos distintos métodos psicolóxicos —conductismo, asociacionismo e psicoloxía da Gestalt— á teoría lingüística e, en particular, a súa aplicación no estudio da adquisición lingüística e na aprendizaxe dunha segunda lingua. O extenso capítulo 9, elaborado por Anxo M. Lorenzo, pasa revista a unha ampla serie de conceptos desenvolvidos no seo da sociolingüística nunha concepción ampla desta disciplina que abarca non só a análise da variación e o cambio lingüístico, senón tamén a sociolingüística interaccional, a socioloxía da linguaxe, o estudio dos pidgins e os crioulos, etc. O capítulo 10, a cargo de Xabier Falcón, contén unha presentación panorámica do ámbito da planificación lingüística a través dos seus conceptos fundamentais e as súas figuras máis sobranceiras. No capítulo 11, Fernando Ramallo pasa revista ós conceptos básicos empregados no ámbito da pragmática, en canto estudio do significado en relación co contexto de uso, e fai unha breve incursión na análise da conversa e do discurso. Finalmente, os catro últimos capítulos están dedicados ás tradicionais divisións da lingüística. No capítulo 12, correspondente á semántica, Esperanza Morales diserta en torno á noción de significado en lingüística. No 13, José Mª García Miguel e Carmen Cabeza describen as unidades e os procedementos de análise sintáctica. Miguel González Pereira e Francisco Albertuz encárganse de presentar no capítulo 14 os conceptos e os modelos fundamentais da análise morfolóxica. Por último, no derradeiro e máis longo dos capítulos da obra, Tiago Vidal presenta desde unha perspectiva xenerativa os trazos distintivos, as unidades primarias con que traballa a fonoloxía, ademais dos elementos prosódicos e os principios fonéticos e fonolóxicos.

Nesta distribución de contidos resulta inevitable botar en falta certas áreas que, ó meu parecer, merecerían capítulo propio e que, sen embargo, están practicamente ausentes ou son tratadas de xeito bastante disperso. É o caso da lingüística histórica e comparada, da lingüística aplicada, da análise do discurso e da conversa, e de campos de estudio centrados sobre temas como o bilingüismo e o contacto de linguas ou as linguas pidgin e os crioulos. Malia a súa presencia no título do capítulo 15, habería que incluír tamén a fonética nesta relación de áreas a penas tratadas, sobre todo na súa rama instrumental. Por outra banda, a perspectiva ampla adoptada sobre a sociolingüística dá lugar a un capítulo 9 moi sobrecargado de contidos, o que dificulta o tratamento dos temas incluídos coa suficiente

profundidade. Así, por exemplo, non se fala dun aspecto crucial no estudio da variación lingüística como é o da metodoloxía, e conceptos básicos como o de *estratificación* e os seus tipos ou o de *hipercorrección*, que mesmo requiririan unha ilustración gráfica, son só mencionados e non aparecen tampouco definidos no glosario final.

A "natureza poliédrica" da linguaxe, na que se insiste de xeito constante ó longo de todo o libro, fai difícil establecer límites nidios entre áreas disciplinares que comparten intereses comúns e motiva pequenos solapamentos entre algúns capítulos. Aínda que, por suposto, isto non constitúe un problema, hai algún caso puntual en que a repetición de contidos resulta superflua e causa a impresión de certa falta de coordinación. A inclusión en capítulos sucesivos (páxinas 386 e 428) de dúas versións distintas da *escala de ruptura interxeracional* de Fishman é un exemplo. Nalgún outro caso é a utilización de traduccións lixeiramente distintas dun mesmo termo a que pode dar lugar a confusión. Por exemplo, o termo inglés *speech event*, empregado por Dell Hymes, figura traducido como *feito de fala* e como *evento de fala* en sucesivas ocasións na páxina 367, e como *acontecemento de fala* —a forma máis habitual— na páxina 282 e no glosario. Trátase, en todo caso, de exemplos illados que simplemente reclaman unha revisión para posteriores edicións e, se cadra, tamén unha mellor explotación das referencias cruzadas entre capítulos.

Entre os aspectos positivos máis salientables do *Manual*, cabe destacar que ofrece información moi actualizada, ó mesmo tempo que se dá unha visión histórica bastante clara do desenvolvemento dos distintos campos de estudio. No tratamento dos temas ponse moi ben de relevo o dominio das aproximacións interdisciplinarias na lingüística das últimas décadas. En xeral, mantense un estilo didáctico e accesible, sen perder de vista o carácter introductorio do texto. Dentro desta liña, a diversidade de enfoques adoptados polos distintos autores resulta enriquecedora e engade interese ó conxunto. Se cadra, a única excepción neste senso é a decisión do autor do capítulo 15 de explicar a fonoloxía a partir dun modelo xenerativo: paréceme que esta elección comporta limitacións innecesarias e que, sobre todo, é moi discutible desde o punto de vista pedagóxico. As seccións de bibliografía comentada e de exercicios que acompañan cada capítulo son un excelente recurso didáctico e unha invitación a profundar nos temas e, sobre todo, a reflexionar sobre as particularidades da realidade lingüística galega. É nestas seccións onde a óptica galega que os editores se poñen como obxectivo na introducción está máis presente, aínda que en capítulos como o 10 ("planificación lingüística") en que esta perspectiva tería particular relevancia, está, en cambio, bastante desaproveitada.

Globalmente, o *Manual* cumpre, na miña opinión, condicións dabondo para resultar unha obra de moita utilidade para o ensino da lingüística no nivel universitario, e penso que responde á demanda de textos deste tipo nas nosas universidades. Ós seus potenciais usuarios corresponde agora valorar as súas prestacións na práctica e, se cadra, tamén sinalar os aspectos mellorables, con vistas a futuras reedicións.

Mario Cal Varela